



VALEDOR DO CIDADÁN

INFORME AO PLENO DO CONCELLO

2008

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

ACTUACIÓNS DE OFICIO

Edita: Valedor do Cidadán

Fotografía de portada: Diego Durán

Maquetación: Diego Durán

Imprime: Roel Artes Gráficas

Depósito Legal: VG 346-2007

ÍNDICE

Presentación	9
Introducción	11
PARTE I	
Actuación a instancia de parte do ano 2002 con incidencias no ano 2008	15
Introdución	15
Expedientes	15
Capítulo I: Urbanismo	15
Resumo Estatístico	31
Requirimentos tramitados no ano 2008	31
PARTE II	
Actuación a instancia de parte do ano 2003 con incidencias no ano 2008	33
Introdución	33
Expedientes	33
Capítulo I: Medio Ambiente	33
Capítulo II: Mobilidade e Seguridade	37
Capítulo III: Urbanismo	38
Resumo Estatístico	48
Requirimentos tramitados no ano 2008	49
PARTE III	
Actuación a instancia de parte do ano 2004 con incidencias no ano 2008	51
Introdución	51
Expedientes	51
Capítulo I: Mobilidade e Seguridade	51
Capítulo II: Urbanismo	59
Resumo Estatístico	74
Requirimentos tramitados no ano 2008	75
PARTE IV	
Actuación a instancia de parte do ano 2005 con incidencias no ano 2008	77
Introdución	77
Expedientes	77
Capítulo I: Medio Ambiente	77

Capítulo II: Participación Cidadá	87
Capítulo III: Urbanismo	88
Resumo Estatístico.....	110
Requirimentos tramitados no ano 2008	111

PARTE V

Actuacións a instancia de parte do ano 2006 con incidencias no ano 2008	113
Introdución	113
Expedientes	113
Capítulo I: Medio Ambiente	113
Capítulo II: Mobilidade e Seguridade	129
Capítulo III: Servicios Xerais	145
Capítulo IV: Urbanismo	147
Capítulo V: Xestión Municipal	164
Resumo Estatístico.....	167
Requirimentos tramitados no ano 2008	168

PARTE VI

Actuacións a instancia de parte do ano 2007 con incidencias no ano 2008	175
Introdución	175
Expedientes	175
Capítulo I: Medio Ambiente	175
Capítulo II: Mobilidade e Seguridade	190
Capítulo III: Participación Cidadá	215
Capítulo IV: Servizos Xerais	218
Capítulo V: Urbanismo	222
Capítulo VI: Xestión Municipal	239
Resumo Estatístico.....	242
Requirimentos tramitados no ano 2008	243

PARTE VII

Actuacións a instancia de parte no ano 2008	253
Introdución	253
Expedientes	254
Capitulo I: Gabinete de Alcaldía.....	254
Capitulo II: Benestar Social	255
Capitulo III: Cultura, Animación Socio-Cultural	257
Capitulo IV: Educación	258
Capitulo V: Medio Ambiente.....	259
Capitulo VI: Mobilidade e Seguridade	267
Capitulo VII: Normalización Lingüística	343

Capitulo VIII: Participación Cidadá	344
Capitulo IX: Servizos Xerais	351
Capitulo X: Urbanismo	358
Capitulo XI: Xestión Municipal	376
Capitulo XII: Outros	385
Requirimentos tramitados no ano 2008	387

PARTE VIII

A) Actuacións a instancia de parte. Resumo estatístico	397
Expedientes analizados no ano 2008 que se corresponden con actuacións iniciadas en anos anteriores.	397
Expedientes que pasan a trámite no ano 2009.....	397
Ano 2008.....	398
Entrevistas	398
Consultas por correo electrónico	399
Expedientes	400
B) Actuacións de oficio	403
Total de actuacións	411

PRESENTACIÓN

A figura do Ombudsman, creada polo dereito escandinavo en 1809, cumpre douscentos anos de existencia, e reúne unha serie de características propias que foron incorporadas ao sistema xurídico español mediante a denominación, a nivel estatal, de Defensor del Pueblo, así como tamén pola figura semellante establecida nalgunhas comunidades autónomas e administracións locais.

A nivel local a figura do Valedor é unha institución nova, inexistente hai uns anos, que se caracteriza pola defensa das garantías persoais da cidadanía e a súa salvagarda fronte a actuacións municipais.

Os valedores locais non son xuíces, pois non teñen o seu ámbito delimitado polas leis e a interpretación destas, como os tribunais, senón que, como garante dos dereitos e intereses lexítimos poden exercer a facultade de suxerir á administración local a modificación daquelas normas, cando o seu cumprimento poda provocar situacións inxustas ou prexudiciais aos administrados, limitando o seu ámbito de actuación ao da cidadanía que habita nun determinado municipio.

O Informe Anual, redactado con absoluta independencia e autonomía con respecto ao seu propio municipio e que, neste caso, o Valedor do Cidadán de Vigo ha de presentar perante o órgano do que depende, o Pleno Municipal, constitúe o principal dos mecanismos que dispón para persuadir ás autoridades administrativas e conseguir así a efectividade necesaria.

Desde o punto de vista metodolóxico, diferéncianse as actuacións realizadas a instancia de parte no ano 2008 das consultas e entrevistas levadas a cabo así como das actuacións de oficio. En todas elas o problema consiste en saber por que hai cousas que funcionan mal, meditando e fundamentando sobre o por que dos acontecementos, mais aínda, se é posíbel, sobre o como e, ao mesmo tempo, ter o valor de defender as nosas propias opinións xunto cunha firme permanencia das nosas obrigas.

Luis Espada Recarey

INTRODUCCIÓN

Vense falando, amiúdo, da reforma administrativa.

As administracións públicas, nun grao ou noutro, manifestaron, ás veces con pomposidade, os seus obxectivos e vieiros a seguir co ánimo de acadar unha modernización administrativa.

A nivel legislativo promulgouse a Lei 57/2003, de 16 de decembro (medidas para modernización do goberno local); entendendo o lexislador que o modelo tradicional xa está superado; a vida local viuse desbordada polas esixencias dunha vida local dinámica e rica, profundamente, influida polas transformacións sociais, económicas e culturais dos últimos decenios. O modelo orgánico-funcional, lastrado por unha visión corporativista da política local, e o ríxido uniformismo da maioría dos municipios fai preciso unha seria reforma do sistema.

Coa reforma preténdese alcanzar dous obxectivos:

- 1) Atender a necesidade dun liderado claro e diáfano ante a sociedade, o que precisa executivos con grande capacidade de xestión para actuar rápida e eficazmente.

Non se esqueza que o artigo 103 da Constitución española esixe ás administracións públicas unha actuación de acordo, entre outros, co principio de eficacia.

Medida que se repite no artigo 3 da Lei 30/1992, que ademais, utiliza o termo de eficiencia.

- 2) Responder á esixencia dun debate político aberto e creativo sobre as principais políticas da cidade, así como aprofundar no control da acción dun executivo reforzado, o que implica que o Pleno desenvolva as súas potencialidades deliberantes e fiscalizadoras.

O lexislador continúa, e refórzase, no criterio dun excesivo uniformismo, do que se teñen resentido as mais grandes cidades españolas o que fai necesario abordar reformas administrativas que sirvan para dar a resposta as necesidades experimentadas polo municipalismo estatal.

A todas luces ten resultado insuficiente o tratamento que se ven dando a participación cidadá, hoxe a tendencia é reforzar as posibilidades de participación e de inci-

dencia dos cidadáns no ámbito do goberno local, evitando ou corrixindo o afastamento dos cidadáns da vida pública. Neste ámbito de participación cidadá é preciso instrumentalizar uns axeitados regulamentos orgánicos que determinen e regulamenten os procedementos e mecanismos efectivos para que tal participación sexa efectiva, e será efectiva se esta é real.

É preciso a aplicación das novas tecnoloxías da información e a comunicación interactiva que facilitará a xestión dos trámites administrativos; incorporando por outro lado, unhas novas formas de xestión dos servizos públicos locais.

É preciso e improrrogábel instaurar un proceso dinámico de medidas plurais orientadas a producir un reaxuste estrutural e funcional dos aparellos burocráticos sobre os que se alicerza a acción permanente das administracións públicas (Alvarellos Galve).

Continúa o autor citado subliñando:

A reforma debe ser global. Non son válidos os aspectos parciais da mesma.

O conxunto de medidas a integrar nos planos de reforma deben ser de tipo estrutural e as medidas a empregar serán de medio prazo.

Hoxe, coa creación do mercado único europeo, xurdiu o devir do crecemento da dimensión das organizacións públicas, daí que as administracións públicas teñan que revisar as funcións, e os procedementos.

Estase tratando de “reinventar” o sector público, o que non deixa, por outra parte, de ser preocupante, a evolución polo tanto ten que ser permanente. Non se esqueza que hoxe existe un novo termo no ámbito das lexitimidades, que non é outro que a lexitimidade por rendimento.

O cidadán, cada vez máis, participa na toma de decisións políticas, a ampliación do abano dos dereitos dos cidadáns (civís, políticos, económicos, sociais, culturais) son os que (Amartya Sen) facilitan á poboación a oportunidade de chamar fortemente as atencións obre as súas necesidades e unha acción pública axeitada.

Non se esqueza que o cidadán dispón, no seu haber, de tres facetas (Novel):

- beneficiario
- contribuínte
- elector

Tradicionalmente ven sendo tratado como cliente simplemente.

A nova orientación das administracións públicas ven sendo inducida, desde finais dos 70, nos países máis avanzados polas tendencias políticas, económicas, de estrutura social e tecnolóxica o que implicou diversas actitudes nos responsábeis dos servizos públicos.

As vías escollidas e máis relevantes que se adoptaron para “a nova maneira de facer” (De Val Pardo) foron os contratos e a mellora continua. A adopción de técnicas tradicionalmente propias do sector privado non é a panacea nen a vía de solución.

A dirección do sistema debe pasar dunha mentalidade reguladora a outra orientada cara os resultados e os usuarios ou clientes, baseándose nuns obxectivos ambiciosos pero moderados.

A cuestión radica en que se ten que proceder con coñecemento, dominio e senso común.

Dentro da consecución duns obxectivos que favorezan a consecución da eficiencia, entendendo por tal a acción con que se consegue lograr este efecto, efectividade, rendimento, concrépanse os seguintes:

- mellora continúa dos rendimentos.
- mellora dos mecanismos de distribución, clarificación das responsabilidades e o control.
- eliminar actividades que non sexan necesarias, minorar os presupostos e incrementar as utilidades por unha maior eficiencia.

As administracións públicas precisan ficar sometidas a un permanente proceso de actualización e adaptación as innovacións tecnolóxicas, o que reporta a ventaxe engadida para a xestión administrativa de poder obter un elevado grao de eficacia e, ao mesmo tempo, unha maior celeridade e flexibilidade na actuación dos órganos administrativos (Alvarellos Galve).

Somente deste xeito darase o debido cumprimento aos dereitos recoñecidos nas Leis , en relación cos cidadáns.

PARTE I

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN:

Nesta Institución rexistráronse un total de catro expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2002 con incidencias durante o 2008 e que corresponden a Área de Urbanismo.

EXPEDIENTES

CAPITULO I: URBANISMO

EXPEDIENTE 7/2002

Queixa relacionada co incumprimento das ordes de derruba dun muro de contención. A petición vense interesando desde o ano 1996.

Con data 13/05/2004, máis de seis meses despois do actuado pola Concellería de Urbanismo, recíbese notificación do promotor da queixa na que nos indica que seguen sen executarse as ordes de derruba, sen imporse, cando menos, as multas coercitivas procedentes e sen actuación subsidiaria, tal como prescribe a lei.

Solicítase información actualizada o 14/05/2004, que ten que ser reiterada o 2/06/2004 e de novo o 21/06/2004. Recíbese a información o 19/07/2004, da que se deu traslado o 20/07/2004. No precitado informe dise: “...o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de 7 de xullo de 2004 impuxo a ... multa coercitiva en contía de 1.200 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión Municipal de Goberno co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”.

Transcorrido un prazo prudencial, o 1/09/2004 solicítase información actualizada, que se reitera o 5/10/2004. En data 8/11/2004 recíbese o preceptivo informe, no que di o seguinte:

“En resposta ó seu escrito de 5 de outubro de 2004, (ref. Expte: 7/02), en relación coa queixa de ..., infórmolle que por parte de ... procedeuse a rebaixar a altura do muro de contención e a retirar terras do recheo.

Segundo informa o arquitecto municipal o 22 de outubro de 2004 non se ten recuperado a rasante natural do terreo nos puntos de referencia P-1 e P-2 do levantamento topográfico realizado pola oficina de Cartografía municipal. Nos puntos P-3 e P-4 recuperouse a rasante natural do terreo.

O denunciado en data 28 de outubro personouse na oficina de Inspección Técnica de Obras manifestando a súa vontade de acatar o ordenado, pero presenta o problema de que as terras, ó haber un forte desnivel, van caer sobre o camiño e non quere ter problemas cos veciños.”

A doutrina é coñecida nos temas en que a Administración municipal tería que pór máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia, é dicir, calidade do que é eficiente, que é eficaz, que dá o resultado esperado, que é resolutivo no seu traballo, competente, eficaz.

Para tal efecto, é preciso citar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (outubro de 2003) que expresa a súa repulsa ao Concello de Vigo pola pasividade perante unha orde de derruba que significa unha medida de restauración da legalidade urbanística. Advertindo que o Concello tratou de xustificar a dilación “polo elevado número de asuntos que se abordan”, o Tribunal, coherentemente, considera que esta non é xustificación suficiente, condenando ao Concello ao pagamento das custas. Non é preciso subliñar a quen se lle detraeron realmente as custas: aos cidadáns.

Por outra banda, en maio de 2004 tense noticia da execución dunha orde de derruba de data de setembro de 1998. Sobre este particular o Xulgado do Contencioso Administrativo, en xullo de 2001, recrimina ao Concello, é dicir, crítico con dureza e rigor, por non ter levado a cabo a derruba no tempo transcorrido, rexeitando a validez do argumento de que se tiñan imposto multas coercitivas ao titular da obra.

O xuíz non considera válida a imposición de dúas sancións, unha en febreiro de 1999 e outra en marzo de 2000, estimando que as multas son unha mera cantidade simbólica aceptada polo administrado a modo de taxa ou contribución periódica.

ca, e que “non cumpren o previsto na lei”, declarando que o Concello debe derrubar subsidiariamente.

Volvendo ao cualificativo principal, cal é a eficacia, é de subliñar que a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, nas súas motivacións declara que o termo resulta un principio activo non só desexábel, senón indispensábel no seu funcionamento. A propia Constitución española, no seu artigo 103, establece a eficacia como un dos seus alicerces.

Non hai que esquecer que hoxe a entidade local é máis permeábel ao contorno que as outras Administracións públicas.

Retomando de novo a Constitución, tense que precisar que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións públicas presten con eficacia todos os servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, até a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, citándose a continuación unha serie destes servizos, entre os que figura o urbanismo. Segue o texto legal a dicir que ao cidadán interésalle o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez. Isto supón tamén un achegamento na procura de credibilidade.

Xa en xaneiro de 2003 a prensa local facíase eco da opinión do Valedor do Pobo sobre este caso, sinalando a ineficacia da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Con data 9/11/2004 dáse cumprida información ao interesado do informe recibido o 8/11/2004.

Con data 4/04/2005 reábrese o expediente por mor dun escrito da mesma data, no que o interesado nos comunica que *“fai un mes e como sempre sen contestar”* solicitou na Xerencia Municipal de Urbanismo información sobre a situación na que se atopa o expediente 9670/423, xa que non se fixo a retirada total das terras de recheo, e que a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no seu citado informe, dá por rematado o expediente, preguntándose cómo pode ser isto se a situación segue a ser a mesma.

Pola nosa parte, indícase que as obras relativas ao expediente 9670/421 foron declaradas incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, no mesmo informe, sublíñanse como obras realizadas sen licenza e incompatíbeis coa normativa vixente as executadas no Camiño (expedientes 12162-12362/423), o que resulta incom-

prensíbel. Estase a falar dun feito ilegal denunciado no ano 1996, o que reflicte que a medición da calidade da atención ao cidadán implica un nivel de satisfacción non desexábel por ninguén.

Solicítase información actualizada o 5/04/2005 e, de novo, o 5/05/2005. Con data 15/06/2005 recíbese informe do Sr. Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que subliña que, con respecto ao expediente 9670/421, as obras adaptación ás condicións requiridas e, con respecto ao expediente 12335/423, procédese á incoación dun novo expediente de protección da legalidade urbanística pola caducidade do anterior. Tendo en conta os prazos que se subliñan, insistiremos a finais de xullo de 2005.

Con data 5/08/2005 solicítase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo informe actualizado en relación coas actuacións previstas na resolución de 18 de maio de 2005, que se ten que reiterar nas seguintes datas: 21/09/2005, 20/10/2005, 16/11/2005 e 19/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 7/01/2006, 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006 e 11/08/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 8/09/2006 recíbese escrito do interesado instando unha solución definitiva ao expediente.

Con datas 11/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006 reitéranse os pedimentos anteriores.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 16-01-2007, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo o 12-02-2007, 02-04-2007, 02-05-2007, 12-06-2007, 05-07-2007, 01-08-2007.

Con data 27-08-2007 notificouse a interesado o acordo do Concello de Xerencia, Municipal de Urbanismo e que presentou recurso de reposición, atopase pendente de resolver.

Resulta sorprendente que o recurso esté pendente de resolver vinteseite meses da súa presentación. Que pasa cos prazos legais?. Do que se de cumprida información ao titular da queixa, así como a Concellería de Urbanismo, facendo precisión da

falta de axilidade e de eficacia. Así se fai saber a Concellería de Urbanismo ao 19/09/2007, e tamén o interesado.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/08, remítese a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expediente relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados

Con data 13/05/2008, recíbese escrito da presidencia da Comisión no que se informa do seguinte:

“Con data de hoxe déuselle traslado a D. ... do informe recibido da Concellería de Urbanismo e Vivenda sobre “EXECUCIÓN FORZOSA, expedientes 14551/423, 7001/423 e 8194/323).

Dado que desde o VALEDOR DO CIADADÁN se está a tramitar expediente 7/2002, procedemos tamén a informarlle de xeito literal do contido do devandito informe:

“O expediente 7001/423: estase seguindo a execución forzosa para lograr o cumprimento do acordo da Comisión Municipal de Goberno de 31/05/1996 que ordena derrubar as obras consistentes en cimentación con muros de contención de formigón armado cunha altura de 1,80 m. a 2 m. nunha superficie duns 102 m² e dous semisotos de 54 m² e 55 m², realizados na rúa Pouleira.

O presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante resolucións de datas 19/01/2001 e 02/5/2002, impuxo a D.... multas coercitivas en contía respectivamente de 50.000 pesetas en 301€.

Mediante resolucións de datas 14/10/2003, 07/072004 e 11/05/2005 o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu impoñer unha nova multa coercitiva por importe de 3.000 €.

O expediente 12335/423 foi resolto por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 07/07/05 no que se require a (...) para que derrube as obras executadas en camiño Poulo, Teis, consistentes na construción de vivenda unifamiliar.

Contra dito acordo a interesada interpuxo recurso de reposición, o cal foi inadmitido mediante acordo do 15/11/2007.

Por esta mesma infracción procedeuse a apertura do expediente 14551/4263 de execución forzosa e ao Expediente 14328/423, sancionador, no que por resolución de 31/10/2007 incoouse expediente a D^a Debe seguirse o procedemento legalmente establecido ata a súa resolución”.

Comunicámoslle que esta Concellería ó remitirille a resposta ó interesado procederá ó arquivo do expediente.-“

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/05/2008.

EXPEDIENTE 17/2002

Queixa relacionada cunha instalación de talleres sen licenza urbanística.

Con data 28/04/2003 incoouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsábel da actividade a que se precintase o local. Con data 15/12/2003 esta Institución solicitou informe actualizado, que se reitera o 9/02/2004, e que se recibe o 24/02/2004, no que se explicita que: “ *al parecer dicho taller ejerce actividad a puerta cerrada, las vigilancias se realizarán por agentes de paisano”.*

Con data 24/03/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado, que se reitera o 27/04/2004, o 2/06/2004 e, posteriormente, o 17/06/2004. Recíbese o 29/06/2004 e comunícasenos que, con data 3/05/2004, o denunciado “*presenta escrito de alegacións contra a resolución de 7 de abril de 2004 que a data de hoxe (17/06/2004) se atopa pendente de resolver. No mesmo manifesta que non realiza ningunha actividade, pero si pode realizar tarefas para o mantemento da súa vivenda”.*

Con data 15/07/2004, é dicir, dous meses despois do escrito de alegacións, interésase informe actualizado sobre a situación exposta, que se reitera o 18/08/2004, o 15/09/2004 e, por último, o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Atopámonos ante outro suposto no que se fai patente, por un lado, a falta de colaboración e polo tanto o entorpecemento das actuacións desta Institución, xa que tras catro requirimentos sobre a resolución das alegacións feitas en relación cun expediente iniciado en 2002, en novembro de 2004 aínda non se tiña recibido res-

posta; e por outro, é de resaltar a falta de dilixencia, que non é outra cousa que a eficacia e a responsabilidade na execución dalgunha cousa.

Deste xeito, resulta claro que o cidadán afectado non pode ter unha valoración positiva con respecto á actuación do seu Concello.

Todo procedemento administrativo ordénase con vistas á conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produce o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. Coa lei nada é imposible, só hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar. Os procedementos son situacións que obrigan á administración a actuacións presididas polas normas de economía, celeridade e eficacia. Tense que actuar con axilidade na resolución dos expedientes e trámites até que se adopten as medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, hai que superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a administración, a eficacia da norma xurídica require da coactividade.

En ningún outro ámbito se sente máis involucrado o cidadán que no ámbito municipal.

Con data 23/11/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se di:

“Con data 3 de novembro de 2004 desestimouse o recurso de reposición interposto por... contra a resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de abril de 2004 por canto nos informes da Policía local resulta probado que desobedeceu a orde de suspensión da actividade ditada polo presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 2 de outubro de 2002.

Toda vez que no informe do inspector municipal de data 1 de outubro de 2004 indica que no establecemento denunciado non consta o exercicio de actividade de taller de chapa e pintura, procede o arquivo de expediente”.

Con data 25/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo indicando que, segundo manifesta o interesado, a actividade denunciada segue a desenvolverse a porta pechada e en horarios non habituais de apertura ao público, incluso de noite, polo que se insta nova visita de inspección procurando que a mesma se efectúe en horarios non habituais.

Non é preciso estenderse máis en canto á axilización dos procedementos e á eficacia e axilidade da actividade pública do organismo en cuestión:

1º) Expediente iniciado en setembro de 2002, pero o interesado xa tiña presentado escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo en febreiro de 2001.

2º) O atestado por desobediencia incóase en abril de 2003 e remata en novembro de 2004.

Nun dos últimos traballos sobre a actividade municipal, feito polo profesor Álvarez Corbacho (*Veinticinco años después*), fálanos dos factores que explican a crise municipal e, entre outros, subliña:

Debilidad de organización.

Reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión.

Con data 8/02/2005 a Concellería de Urbanismo comunica ao interesado que en contestación á súa solicitude de entrevista presentada no Rexistro Xeral da xerencia o 15/11/2004, remíteselle copia da información enviada pola oficina de Infraccións sobre a tramitación do expediente. Nesta información recóllense unha serie de informes da Policía local, dos que reflectimos os catro últimos:

17/07/2004 *“observaron desde la terraza de su casa como en el taller de al lado se estaban llevando a cabo trabajos de chapa y pintura”.*

8/11/2004 *“se realizó nuevamente atestado por desobediencia de la suspensión de actividad que se remitió al Juzgado”.*

16/11/2004 *“los agentes se personaron nuevamente en el taller, permitiéndoles la entrada el propietario al mismo, pudiendo comprobar que no existían indicios de ejercer actividad, si bien en el interior del mismo se encontraba un vehículo, y todo tipo de herramientas y aparatos de taller de chapa y pintura”.*

14/12/2004 *“una vez más y a requerimiento de D. ..., se personaron en el taller los agentes de esta Policía Local, pudiendo observar que en el interior del local había luz y se escuchaba el ruido de un motor o compresor, no contestando nadie a las llamadas del timbre”.*

Con data 3/03/2005, esta Institución comunícalle á Concellería de Urbanismo que o 2/03/2005 recíbese visita do interesado, quen nos fai entrega dos informes antes citados e manifesta que algún dos atestados xa foi ditaminado pola autoridade xudicial, descoñecendo o contido desta resolución, sen que pola Concellería de Urbanismo se lle teña dado coñecemento ou resposta e pregando información ao respecto.

Con data 4/04/2005 reitérase o pedimento anterior, que de novo se solicita o 5/05/2005 e o 2/06/2005. Con data 8/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se informa da imposición dunha multa coercitiva de 500 euros, susceptible de ser reiterada se no prazo de un mes non se suspende a actividade. Esta Institución prevé, unha vez transcorrido o mes de xuño de 2005, instar de novo información actualizada, é dicir, vinte e sete meses despois de iniciado o atestado por desobediencia. Non obstante, con data 14/06/2005 solicítase información sobre a situación dos atestados, xa solicitada o 3/03/2005, e que se reitera o 4/07/2005, o 2/08/2005, o 22/09/2005, o 20/10/2005, o 16/11/2005 e o 19/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose información da vicepresidencia da X.M.U. o 2/02/2006 na que se comunica que en data 18/01/2006 se recibe copia da sentenza 250/05, da que se achega copia, así como dos partes da Policía local de 6 de xullo e de 10 de novembro de 2005. No fallo da sentenza contéplase a absolución do denunciado no delito de desobediencia por falta de probas e a condena como autor responsable dunha falta contra a orde pública.

En canto aos partes da Policía local, faise constar que non se permitiu a inspección do local por non ter orde xudicial ao respecto.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 6/02/2006.

Con data 21/02/06 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. subliñando o seguinte:

“Do parte de servizo da Policía local resáltase que o propietario se nega á inspección do local, agás que se inste mediante orde xudicial (10/11/2005).

Ó cidadán promotor da queixa e a esta institución, xórdelle a seguinte dúbida:

Se á autoridade local se lle nega a realización dunha actividade que lle é propia, é incuestionable a conveniencia de que exista un procedemento xeral que non mingue a plena aplicabilidade do principio de legalidade, en canto á atribución de tal potestade á Administración Pública correspondente, neste suposto á Administración Local, e á tipificación de infraccións e sancións, establecéndose o procedemento nas propias leis sancionadoras ou no seu desenvolvemento regulamentario.

Isto resulta relevante e particularmente transcendental en relación coas entidades que integran a Administración local. Os distintos niveis administrativos teñen com-

petencia para establecer os seus propios regulamentos e procedementos para o exercicio da potestade sancionadora.

Todo o anterior, de cordo o disposto no Real Decreto 1298/1993, de 4 de agosto.

É obvio que o tempo subliña os efectos positivos ou negativos de calquera xestión. A interesada presenta unha denuncia por primeira vez en febreiro de 2001; posteriormente, o 30/08/2002, e debido á falta de resolución da súa petición, diríxese a esta institución, e, cinco anos despois, a súa administración máis próxima e competente non foi quen de responder con eficacia, xa que non con axilidade e economía; á súa pretensión. É difícil soportar tanta responsabilidade.

O Concello ten que, dunha vez por todas, ser exemplar e acudir ás vías e ó presupostos legais que sexan precisos; só deste xeito é posible recuperar a estabilidade e a credibilidade xa perdida.

Por todo, prégase unha acción decisiva en tempo e forma, así como que se informe a esta institución puntualmente da mesma”

A petición do citado informe reitérase o 20/03/2006. Con data 27/03/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que nos informa facendo un relatorio das accións levadas a cabo até o 10 de novembro de 2005 (xa coñecidas) e rematando do seguinte teor: *“O local está situado no baixo da vivenda. Neste local o interesado pode realizar traballos de mantemento da súa vivenda e outros, sempre que non constituán unha actividade comercial ou mercantil e, para o que si necesitaría unha licenza”*

Desta información dáse traslado ao interesado o 27/03/2006, quen, con data 17/04/2006, infórmanos de que as actividades, xa denunciadas ao inicio do expediente, séguense a realizar, polo que as graves molestias ocasionadas no seu día non cesaron, o que lle segue causando estragos na súa saúde e supón, máis unha vez, unha burla por parte do denunciado en relación coas sucesivas ordes de cese da actividade. Por todo, solicita o respecto á legalidade urbanística e aos máis elementais dereitos que lle asisten como cidadán. Dáse traslado do anterior á vicepresidencia da X.M.U. o 19/04/2006 incidindo, pola nosa parte, na necesidade dunhas accións eficaces e decisións que acaben con situacións como a que nos ocupa, xa que a administración non pode deixar de adoptar todas as medidas que a lei pon na súa man coa finalidade de repor a orde vulnerada.

Con datas 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006, 11/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006 e 9/11/2006 solicítase información actualizada en relación coa situación exposta.

Con data 21/11/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que con data 16/11/2006 dáse a orde de precinto do local á Policía local, o que se comunica ao interesado o 22/11/2006.

Con data 11/12/2006 solicítase información actualizada con respecto á actuación da Policía local.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2007, reiteramos os pedimentos anteriores, e de novo o 12/02/2007, 08/03/2007, 02/04/2007, 02/05/2007, 12/06/2007, 05/07/2007, 01/08/2007. Con data 01/10/2007 recíbese informe de Urbanismo no que se indica que se concedeu autorización para realizar obras de acondicionamento, pero non licenza de apertura de actividade, encomendándose a inspección técnica a comprobación de se existe ou non actividade, o que se comunica á interesada o 01/10/2007.

Con data 31/10/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que rematan indicando que o recurso presentado o 29/09/2005, non foi considerado por presentarse fora de prazo, e que o 30/10/2007, está pendente de incoarse o expediente sancionador, como medio de protección da legalidade urbanística. E dicir, dous anos despois de presentado un recurso declarado improcedente. Con data 05/11/2007, infórmase ao interesado e instarase a Concellería á adopción, dunha vez por todas, de medidas conducentes á protección axeitada de legalidade urbanística, e facendo mención especial dos artigos 103 da Constitución Española e do artigo 3 da lei 30/1992.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008 remítese a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004, e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

A interesada fainos chegar, o 16/05/2008, escrito de Participación Cidadá no que se lle participa que unha queixa nova da mesma foi admitida a trámite, e que propiciou que desde esta Institución se inste de novo ante Urbanismo información actualizada do expediente o 19/05/2008.

Con data 04/06/2008, recíbese informe da Concellería de Urbanismo, no que se indica que se declara restaurada a legalidade urbanística, do que se da cumprida

información á interesada, dándose o expediente por pechado. Posteriormente, o 26/06/08, recíbese o expediente ante a declaración da interesada que manifesta non estar de acordo co exposto anteriormente xa que, con posterioridade, recibe escrito da oficina de licenza de obras, de data 05/05/2008, no que se indica que non consta, solicitude de licenza nin de primeira opción o que se pon en coñecemento da Concellería de Urbanismo e Vivenda o 26/06/2008, e de novo 26/08/2008, 30/09/2008, 28/10/2008 e 29/11/2008.

EXPEDIENTE 25/2002

Queixa presentada en relación coa construción dun tellado sobre un patio. Iniciado o expediente de protección da legalidade urbanística, acordouse e ordenouse a derruba das obras.

Das actuacións realizadas polo Concello, dáse este por satisfeito atendendo ao principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultaría moi gravosa para a institución municipal.

Esta afirmación resulta contraria aos principios emanados de sentenzas xudiciais de supostos similares. A obriga do Concello pasa pola execución subsidiaria da derruba, asemade, a solución dada polo Concello dá a entender que non é necesario o cumprimento da normativa. Non se esqueza que *“lex est quod notamus”*. Enténdese que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e, polo tanto, o Concello terá que repor a legalidade infrinxida. Existe un decaemento da falta de rendemento.

Esta Institución, desde o 9/03/2004 até o 5/10/2004, presentou sete requirimentos de información sobre a situación real de derruba, non obstante as multas coercitivas, sobre as que existe suficiente doutrina xurisprudencial, sen ter resposta ningunha.

Renúnciase pola nosa parte a seguir na pescuda deste expediente.

Tralo exposto, non sen certo asombro, o 18 de maio de 2005 recíbese escrito do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo polo cal se obriga á reapertura do expediente e no que se nos informa que *“con data 19/11/2004 se resolveu impoñer a unha nova multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercebimento da posibilidade de imposición dunha multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes non se tivese realizado”*.

Do contido desta información dáse traslado ao interesado o 18/05/2005 e con data 23/05/2005 dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo puntualizando o seguinte:

Na Memoria do ano 2004 informouse que, tras sete requirimentos, por ser incoado o expediente o 9 de marzo de 2004, renunciouse a seguir a pescuda do mesmo.

Obviamente, ante a recepción do seu subliñado escrito, procédese á reapertura do mesmo e, sen esquecer os comentarios feitos na Memoria do ano 2004 (páxina 28), faise preciso manifestar o seguinte:

Atopámonos ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non responden aos criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é máis cun principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúe con rapidez e eficacia; é o feito que realiza o ser humano como efecto da súa vontade, que dá lugar a unha acción puntual e, no ámbito público, cando se realiza no exercicio das súas funcións ou polo traballo que se lle ten asignado.

Este principio de actividade non só é desexábel, senón indispensábel no seu funcionamento. Só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

No seu informe de 6 de maio de 2005, reflíctese: *“en data 19/11/2004 resolveu impoñer a D. ... unha multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercibimento da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado”*.

Conclusións:

- 1ª. Con data 18/06/98 ordénase a demolición.
- 2ª. Como esta non se leva a cabo, o 11/11/2004, seis anos e medio despois, acórdase impor unha multa coercitiva.
- 3ª. A multa imponse en novembro de 2004 e infórmase ao Valedor do Cidadán seis meses despois.
- 4ª. No acordo de imposición da multa coercitiva faise especial mención a que se no prazo de un mes non se leva adiante a derruba, imporase unha nova multa.
- 5ª. Cando se asina o seu escrito (6/05/2005) xa transcorreran case seis meses desde a imposición da multa, o que indica que ninguén se ocupou de comprobar se a orde de derruba se levou a cabo e senón, por que aínda non se impuxo a seguinte.

6ª. Coñecida é por esa vicepresidencia a doutrina xurisprudencial con respecto ás derrubas non levadas cabo, carecendo de argumentación a decisión de impor multas coercitivas, xa que está probado que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren coa finalidade da lei.

Por todo, prérgase información puntual e actualizada da situación do expediente de referencia.

Esta información non é recibida, polo que con datas 22/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 21/11/2005 e 19/12/2005 reitérase a petición.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 7/01/2006, 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006, 11/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006, 25/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2007, reiterase o pedimento anterior e de novo o 12/02/2007, 08/03/2007. Con data 27/03/2007 recíbese escrito da X. M. Urbanismo no que se informa que se ten producido un cambio de propiedade do inmóbel, o que se comunica o interesado da queixa o 29/03/2007. A vista do tempo transcorrido solicítase informe actualizado sobre as incidencias do expediente o 19/04/2007, reitérándose o 12/06/2007, o 18/07/2007, e o 01/08/2007.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008 remítese a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004, 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados. Con data 05/09/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística na que informa que foron retiradas, o que se comunica ao interesado o 08/09/2008. O interesado o 29/09/2008 informa que as chapas retiradas foron colocadas de novo, do que se informa a Urbanismo o 29/09/08 instando informe que se reitera o 28/10/08, o 29/11/08.

EXPEDIENTE 51/2002

Na memoria do ano 2004 consta o resumo do expediente de referencia, que literalmente di:

“Queixa relacionada coa legalidade dun muro en propiedade lindeira á do interesado, segundo denuncia presentada o 16/12/2002. Con data 2/01/2003 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 7/02/2003, e que se recibe o 12/03/2003, indicando que se procedeu á apertura de expediente de protección de legalidade urbanística, pendente do informe técnico para incoación, se procede.

Posteriormente, xa en xaneiro de 2004, o interesado fainos chegar copia dunha resolución do Sr. Alcalde (data 1/07/2003) pola que se ordena a incoación do expediente de protección de legalidade urbanística, polo que se solicita informe actualizado con data 9/01/2004, informe recibido o 23/03/2004, no que se indica que se solicita a Vías e Obras o axuste das obras ás determinacións do PXOU.

O 27/04/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co citado axuste, que se reitera o 2/06/2004, o 24/06/2004, o 21/07/2004, o 18/08/2004, o 15/09/2004, e o 25/10/2004; sen recibirse á data do peche deste informe.”

No ano 2005, dado o exposto anteriormente, non se fixo un seguimento do expediente, ben por considerar que o mesmo estaba solucionado, ben polo desistimento do interesado ante a falta de colaboracións desa concellería.

Con data 18 de xaneiro do ano que andamos, a interesada, D^a ..., entrega nesta oficina copia da solicitude entregada no Concello coa mesma data, número de documento 60005498, dirixida ó Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. Na mesma subliña que no expediente 12.153/423 se declararon sen licenza e ilegalizables as obras realizadas ás que fai referencia o citado expediente, ordenando a derruba das mesmas.

Indica na solicitude que ata o de agora non se procedeu nin a derruba nin a legalización das obras, polo que interesa se proceda á derruba das mesmas á maior brevidade posible.

Por todo, prégame unha acción efectiva e decidida na defensa da legalidade urbanística, así como a información urxente da situación actualizada do expediente que nos ocupa”

Posteriormente reitérase o pedimento de informe nas seguintes datas: 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 12/06/2006, 12/07/2006, 11/07/2006, 10/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2007 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 12/02/2007, 08/03/2007, 02/04/2007, 02/05/2007, 12/06/2007, 05/07/2007 o 01/08/2007. Con data 27/08/2007, recíbese escrito da Concellería de Urbanismo no que se informa que o expediente foi remitido o 12/12/06 a Vías e Obras. Con data 10/09/2007, insítese ante Urbanismo unha solución axeitada. Con data 29/10/2007 a interesada fai entrega dun escrito no que insiste no erro cometido, cal foi o incumprimento dos límites da finca, xa que a finca que se cuestiona ten menos superficie do que se deron co peche do muro, sendo eses metros de máis propiedade do Concello e nunca da finca. Achega unha serie de fotografías como proba e outras consideracións que se trasladan ao Concello con data 08/11/2007, e que se reitera o 28/11/07.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, dirixímonos a Urbanismo participándolle que, con data 27/12/2007, comparece a interesada no expediente que nos fai entrega de fotografías, que se achegan, mostrando o seu estupor pola situación do expediente de referencia e indicando que persoa do seu entorno en visita realizada a Vías e Obras, pendentes de emitir informe desde 12/12/2006, se lle informou verbalmente que “non hai nada que facer”. Á vista do que solicitamos información actualizada o respecto.

Con data 11/03/2008, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa dos antecedentes e conclúe que o peche feito polo Concello, foi declarado legalizábel mediante informe técnico de 13/07/2006, dado que o peche executado polo departamento de Vías e Obras se axustou ao regulado no apartado 3.1.3 das normas urbanísticas do PXOU vixente. Do que se dá cumprida información á interesada o 27/03/2008. Sen actuacións posteriores.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2002	Incumprimento da orde de derruba dun muro	14/04/2008 14/05/2008	13/05/2008
17/2002	Instalación dun taller sen licenza	14/04/2008 19/05/2008 26/06/2008 26/08/2008 30/09/2008 28/10/2008 29/11/2008	04/06/2008
25/2002	Obra sen licenza	14/04/2008 29/09/2008 28/10/2008 29/11/2008	05/09/2008
51/2002	Construción dun muro sen licenza	07/01/2008	11/03/2008

RESUMO ESTATÍSTICO:

ÁREA DE URBANISMO	4
Incumprimento orde derruba	1
Obras sen licenza	3
TOTAL EXPEDIENTES	4

TOTAL EXPEDIENTES POR ÁREAS

Urbanismo	4
-----------	---

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

Urbanismo	100%
-----------	------

PARTE II

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de catro expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2003 con incidencias durante o 2008 e que corresponden as Áreas seguintes:

- MEDIO AMBIENTE	1
- MOBILIDADE E SEGURIDADE	1
- URBANISMO	2

EXPEDIENTES

CAPITULO I: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 20/2003

Queixa relacionada coa apertura dun local de hostalería no baixo dun edificio, carecendo da licenza preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licenza que se ten solicitado. As obras efectuadas ocasionaron danos na vivenda e molestias por ruídos e fumes.

O interesado xa tiña presentado escritos de denuncia o 24/10/2002, o 27/01/2003 e o 17/02/2003, sen ter recibido atención a ningún deles.

Iníciase o expediente con data 24/03/2003, reiterando o pedimento o 26/05/2003, o 29/10/2003 e, de novo, o 29/01/2004. Recíbese con data 24/02/2004 informe da Policía local, no que se reflicte que, efectuada visita, non existe documentación do local, estando cheo de persoas e con música bastante alta, realizándose medicións sonométricas con resultado positivo.

Con data 2/03/2004 dirixímonos á concellería competente indicando o seguinte:

“Con data 24 de febreiro do ano que andamos recibimos informe da Policía local, a súa referencia 12923/2004, do que se achega fotocopia, no que se detallan diversas actuacións policiais, sen que ata o momento se teña coñecemento en relación coas medidas adoptadas en prol dunha solución do problema formulado dende hai case un ano, e sen ter recibido informe de Medio Ambiente, tal como sería nun axeitado proceder.

Pola nosa parte, só nos queda manifestar, unha vez máis como noutros supostos, que o réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras cuestións moi necesarias propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ao público, resolución de queixas e resposta ás demandas do contorno.

Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e cunha eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade no ámbito municipal como criterio fundamental da xestión municipal. Neste senso maniféstase a Lei 57/2003, de 16 de decembro, Lei de medidas para a modernización dos gobernos locais, que se concibe como instrumento axeitado para que os nosos gobernos locais afronten os complexos retos que lles presentan os abrentes do século XXI. Requírese de xeito inaprazable a adopción das reformas tendentes á súa racionalización e modernización, medidas estas que xa teñen adoptado varias cidades.

Pero non sempre estas solucións son fáciles de acadar se non se pon en marcha un mecanismo imprescindible, cal é a coordinación, primeiro principio de toda organización que se prece, é dicir, a ordenada disposición do esforzo do grupo á fin de acadar a unidade de acción na procura dun propósito. A coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. Calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora.

A doutrina moderna interesa constantemente que os temas de coordinación municipal deberían formar parte das preocupacións esenciais dos dedicados á organización municipal.

O propio Tribunal Supremo (1989) declara que toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Nun xeito moi clarificador pronúnciase a Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, cando no seu artigo 18 indica que no exercicio das súas competencias propias, os órganos administrativos axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos.

Por todo, prégase, de novo, información esclarecedora das medidas levadas a cabo no expediente que nos ocupa e que poidan dar a satisfacción debida aos dereitos do cidadán”.

Con data 8/03/2004 recíbese informe, no que se di e dispón “que no caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licenza, ou a licenza que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura de actividade”, co que se achegan copias de medicións sonométricas que superan os límites permitidos.

Con data 11/03/2004, á vista do anterior, dirixímonos á concellería competente co rogo de que, á vista do seu informe, se proceda a unha actuación decidida e se nos informe de xeito actualizado das xestións levadas a cabo pola unidade urbanística competente, reiterando o pedimento o 24/03/2004 e, de novo, o 16/04/2004.

Con data 19/04/2004 recíbese informe no que se di que se está a tramitar pola Inspección Técnica de Obras o expediente de protección da legalidade urbanística e que, con respecto á licenza de actividades, o informe de inspección indica que o local se axusta ao proxecto de construción, seguíndose o procedemento establecido, pendente do informe do laboratorio.

Con data 11/05/2004 solicítase nova información actualizada, que se reitera o 21/06/2004, o 22/07/2004 e o 24/08/2004. Con data 31/08/2004 recíbese informe, no que se di que con data 19/08/2004 concédese licenza municipal para o desenvolvemento de café bar sen música. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 13/12/2004 o interesado reitérase na súa queixa e achega copia do parte de medicións sonométricas efectuadas pola Policía local o 12/11/2004, no que figura unha superación de 4,1 dBA no suposto de dispor de licenza para música, cou-

sa que non se dá, polo que con data 14/12/2004 instamos a Urbanismo á adopción de medidas axeitadas. Finalmente, a instancia do interesado, con data 16/12/2004 entrégaselle ao mesmo un informe coas actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Reitérase o pedimento de informe nas seguintes datas: 7/02/2005, 7/03/2005, 7/04/2005, 10/05/2005, 9/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 23/01/2006 e 22/02/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 7/03/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que comunica que teñen abertos expedientes por contaminación acústica, o que se comunica ao interesado.

Con data 8/03/2006, tendo en conta as actuacións municipais realizadas segundo a documentación recibida, solicítase información actualizada sobre as medicións sonométricas efectuadas, petición reiterada o 6/04/2006 e o 5/05/2006. Con data 29/05/2006 recíbese informe, no que se indica que o 15/05/2006 reitérase a orde á Policía local para efectuar a medición. Con datas 26/06/2006, 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 21/12/2006 solicítase información ao respecto.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior de novo o 13/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 06/07/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríaselle o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así que faría constar ante os respectivos interesados.

CAPITULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 43/2003

Queixa presentada en representación dunha asociación veciñal pola falta de seguridade cidadá e a falta de resposta por parte do Concello ás reiteradas denuncias formuladas. O interesado, en representación daquela asociación, expón que presentou escrito ante a máxima autoridade municipal, pondo de manifesto a inseguridade que están a padecer os veciños da parroquia desde hai anos. Ademais, indica que puxeron denuncias na Policía Nacional e noutras entidades e organismos, así como no Xulgado, sen obter resultado ningún, polo que solicitan a colaboración da Autoridade Municipal.

Recíbese a queixa o 28/04/2003, solicitándose o preceptivo informe o 23/05/2003, que tivo que reiterarse o 30/07/2003 e o 18/11/2003. Recíbese o mesmo o 28/11/2003 e dáselle traslado ao interesado o 1/12/2003.

Resulta, cando menos, curioso que se nos faga chegar un informe, emitido o 10/09/2003 pola Policía Local, con data 28/11/2003, o que induce a considerar ou ben unha falta de atención a esta Institución ou unha falta de coordinación na xestión municipal. A falta de coordinación implica unha desorde na disposición do esforzo de grupo, carencia de autoridade e falta da convicción do servizo mutuo.

Por outra banda, descoñécese, segundo o informe, a situación real dunha quebra do principio de legalidade urbanística derivada dun patente feito de falta de control en situacións que xeran núcleos de desarraigamento social.

Este expediente considerouse pechado no ano 2004, pero con data 10 de xaneiro de 2005 foi preciso reabrilo por mor da queixa renovada pola Asociación Veciñal de Lavadores, o que motivou que se instase novamente á concellería competente a adopción de medidas e un control da zona, co fin de erradicar a perigosidade e devolver a normalidade a toda a veciñanza.

Este pedimento foi reiterado nas seguintes datas: 17/02/2005, 15/03/2005, 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006, 22/02/2006, 22/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006, 2/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo 13/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 11/07/2007 e o 08/08/2007, 05/11/2007, 10/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse á Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

CAPITULO III: URBANISMO

EXPEDIENTE: 18/2003

O interesado solicita a execución dunha sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Iníciase o expediente o 24/06/2003, reiterándose a petición o 14/08/2003 e, de novo, o 11/11/2003, recibíndose informe o 5/01/2004, no que se di:

“...Desprazouse ao lugar unha pala retroescavadora e un camiión. A derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños, que increpaban ós membros da Comisión Municipal a través duns altofalantes nun vehículo aparcado diante da cancilla de entrada á vivenda, impediron o acceso á mesma.

Pola Secretaria da Comisión requiriuse ós veciños para que depoñan a súa actitude advertíndolles de que se está a executar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Policía Local identifica a algúns dos veciños que impiden a entrada.

Destes feitos dáse traslado ó Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo que en data 20 de xuño de 2003 ditou sentenza no xuízo de faltas 213/2003 na que absolve ós veciños contra os que se seguiu o xuízo”.

Á vista do anterior, con data 4/02/2004, dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no seguinte senso:

“En relación co seu escrito de data 29/11/2003, nº de saída 061580, o seu expediente 12.273/423, nº de notificación 11462, e tendo en conta o tempo transcorrido dende as actuacións relatadas no mesmo, e con especial referencia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 977, do 12 de novembro de 1998, e en atención ó principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística vixente, prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Dende a nosa perspectiva faise preciso recordar que a evolución do contencioso é, en gran medida, a propia de todo o Dereito Administrativo; en termos sinxelos, redúcese todo a que o contencioso-administrativo como técnica impugnatoria existe porque ás Administracións Públicas a lei lles reconece e outorga privilexios, potestades e poderes exorbitantes do Dereito Común, é dicir, sen potestade non existe actividade administrativa correcta. A Administración só pode face-lo que a lei lle permite realizar, está positivamente vinculada á lei e esta é a que lle concede a potestade para actuar de xeito acomodado, é dicir, de xeito legal, como é no caso que nos ocupa e de acordo coa sentenza subliñada anteriormente.

Recórdese o artigo 24.1 da Constitución española, onde se consagra que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. No mesmo eido, hai que recordar o artigo 117.3 sobre o exercicio da potestade xurisdiccional “...xulgando e facendo executa-lo xulgado”, e para mellor entendemento o artigo 118, onde se proclama a obriga de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por aqueles no curso do proceso e na execución do resolto.

Temos que rematar recordando que o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, declara que “as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignan”.

A petición do anterior informe reitérase o 2/03/2004, e recíbese resposta en data 6/04/2004, no que, entre outras precisións, indícasenos que: “Esta Administración Municipal aterase ás ordes directas do Tribunal emitidas nese proceso, ó tratarse dun

asunto “sub iudice” no que o Concello intervén como mero axente executor dos mandatos do órgano xudicial. Por este último motivo recoméndaselle que se dirixa directamente ó Tribunal”.

Esta última recomendación está fóra de lugar, toda vez que o Valedor do Cidadán é, por definición legal, un comisionado do Pleno Municipal e non da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 1/07/2004 dirixímonos novamente á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no senso seguinte:

“ En relación co expediente de referencia, o seu expediente 12273/423 – 6242/423, por mor da demolición das obras de construción dunha vivenda no Camiño Centieiro, en resposta ó seu escrito de data 25/03/2004, no que se nos informaba que a derruba da edificación estaba sendo examinada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 2/5558/1996, no que se abraza unha peza específica de execución, informámoslle o seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ó respecto mediante auto de 2/06/2004, que desestima o recurso de súplica interposto por ... contra a providencia do mesmo tribunal de data 30/04/2004. No citado auto o tribunal expón que a sentenza ditada no proceso limitouse a desestimar as pretensións da demanda interposta por ..., ditándose a sentenza cando xa entrara en vigor a Lei 2/1998, de 13 de xullo, que, no seu artigo 105, que regula a inexecución das sentenzas, non contén referencia ningunha ás sentenzas desestimatorias, polo que resulta de aplicación a doutrina da STS de 22/09/1999: “la ejecución que procede es la del acto, y no la de la sentencia, la cual, a efectos de ejecución, lo ha dejado intacto, sin quitar ni añadir nada a su fuerza ejecutiva. Una sentencia desestimatoria confirma el acto impugnado, lo deja tal como fue dictado por la Administración demandada, y el Tribunal de Justicia no puede decir ni aconsejar ni ordenar a aquélla cómo tiene que ejecutarlo”.

Polo exposto, reiteramos a solicitude feita con data 4/02/2004 a esa Xerencia Municipal de Urbanismo; que en atención ao principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística, se adopten as medidas que corresponden en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, en concreto, que por parte desa administración se executen os seus actos administrativos firmes, e se proceda a cumprir a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno do 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de novembro de 1998.

Prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa”.

Con data 20/08/2004 reitérase o pedimento de información actualizada, que de novo se ten que solicitar o 21/09/2004 e o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflicte que *“con data 12/01/2005 impuxo a ... unha multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no Acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10/05/1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”.*

Con data 9/02/2005 dáse cumprida información do anterior ao interesado.

Con data 15/03/2005 diriximos escrito literal á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo:

“Con data 8 de febreiro do ano que andamos recíbese desa vicepresidencia escrito de data 25 de xaneiro de 2005, número de saída 063076 do 7 de febreiro, o seu expediente 12.273/423, no que se explícita o seguinte: “...que con data 12-01-2005...impuxo...unha nova multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10-05-1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”

Ante esta puntualización, pola nosa parte temos que reiterar e recordar o exposto no noso escrito de 1/07/04, en canto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ao respecto mediante auto de 2/06/2004 que desestimou o recurso de súplica e continúa facendo aclaracións referentes á Lei 2/1998, de 13 de xullo, que agora non imos repetir, soamente que se preste a debida dilixencia en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, é dicir, que, en concreto, esa administración execute os seus actos administrativos FIRMES e, se procede, cumpra a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno de 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza firme do TS de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 1998.

As actuacións parciais de multas coercitivas, como a que se indica no seu escrito, xa teñen un referente na doutrina xurisprudencial, por esa Xerencia de Urbanismo coñecida, e que non é outra que o rexeitamento das medidas adoptadas que non refliten máis que unha actitude pasiva, e que a validez da imposición de sancións

pecuniarias é un mero simbolismo que non cumpre coa finalidade da lei. Esta esixe para que sexa cumprida, e neste suposto o Concello debe derrubar subsidiariamente, acudir a todos os medios que a lei pon á súa disposición. A coercitividade obriga a actuar de forma concreta.

Signifícase ademais que en data sete dos corrente, recíbese a visita, unha vez máis, de D. ..., manifestando de novo a súa decepción e desesperanza polo estado dunha situación ilegal denunciada xa en 1994.

Por todo, requírese unha solución urxente e correcta que permita, na medida que sexa posible, recupera-la confianza por parte do cidadán ante unha tardía actuación da lexitimidade pola vía dos rendementos.

Prégase información puntual e actualizada en relación co exposto anteriormente”.

Con datas 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 18/08/2005 e 27/09/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/11/2005 recíbese resposta, na que se indica a imposición dunha multa coercitiva, co apercibimento dunha nova se no prazo de un mes non se realiza a derruba. Do anterior dáse traslado ao interesado o 15/11/2005, indicándolle que en datas vindeiras se instará nova información. Compróbase que o contido deste informe é o mesmo que o do recibido o 12/01/2005.

Con data 15/11/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. indicando o noso estupor pola falta de axilidade e coherencia ao deixar pasar case dez meses para seguir os pasos precisos na procura da defensa da legalidade urbanística, petición reiterada o 13/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 12/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 2/06/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 3/07/2006 recíbese informe de Urbanismo, no que indica a imposición dunha nova multa coercitiva. Co anterior achégase copia dunha carta da filla da propietaria da finca na que expón motivos de saúde da súa nai, do que se dá cumprida información ao interesado.

Con datas 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase a petición de información actualizada en relación coa situación tras a última sanción imposta.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 13/02/2007, 12/03/2007. Con data 27/03/2007, recíbese escrito de X.M. de Urbanismo no que se informa que a interesada abonou unha nova multa coercitiva. Con data 18/04/2007 insístese na solución do expediente, que se reitera o 16/05/2007, 13/06/2007, 12/07/2007 e 21/03/2007.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remítense á Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contidos dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE: 54/2003

O interesado solicita a execución dunha sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Iníciase o expediente o 24/06/2003, reiterándose a petición o 14/08/2003 e, de novo, o 11/11/2003, recibíndose informe o 5/01/2004, no que se di:

“...Desprazouse ao lugar unha pala retroescavadora e un camión. A derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños, que increpaban ós membros da Comisión Municipal a través duns altofalantes nun vehículo aparcado diante da cancilla de entrada á vivenda, impediron o acceso á mesma.

Pola Secretaria da Comisión requiriuse ós veciños para que depoñan a súa actitude advertíndolles de que se está a executar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Policía Local identifica a algúns dos veciños que impiden a entrada.

Destes feitos dáse traslado ó Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo que en data 20 de xuño de 2003 ditou sentenza no xuízo de faltas 213/2003 na que absolve ós veciños contra os que se seguiu o xuízo”.

Á vista do anterior, con data 4/02/2004, dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no seguinte senso:

“En relación co seu escrito de data 29/11/2003, nº de saída 061580, o seu expediente 12.273/423, nº de notificación 11462, e tendo en conta o tempo transcorrido dende as actuacións relatadas no mesmo, e con especial referencia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 977, do 12 de novembro de 1998, e en atención ó principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística vixente, prégoille información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Dende a nosa perspectiva faise preciso recordar que a evolución do contencioso é, en gran medida, a propia de todo o Dereito Administrativo; en termos sinxelos, redúcese todo a que o contencioso-administrativo como técnica impugnatoria existe porque ás Administracións Públicas a lei lles reconece e outorga privilexios, potestades e poderes exorbitantes do Dereito Común, é dicir, sen potestade non existe actividade administrativa correcta. A Administración só pode face-lo que a lei lle permite realizar, está positivamente vinculada á lei e esta é a que lle concede a potestade para actuar de xeito acomodado, é dicir, de xeito legal, como é no caso que nos ocupa e de acordo coa sentenza subliñada anteriormente.

Recórdese o artigo 24.1 da Constitución española, onde se consagra que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. No mesmo eido, hai que recordar o artigo 117.3 sobre o exercicio da potestade xurisdiccional “...xulgando e facendo executa-lo xulgado”, e para mellor entendemento o artigo 118, onde se proclama a obriga de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por aqueles no curso do proceso e na execución do resolto.

Temos que rematar recordando que o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, declara que “as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen”.

O pedimento do anterior informe reitérase o 2/03/2004, e recíbese resposta en data 6/04/2004, no que, entre outras precisións, indícasenos que: *“Esta Administración Municipal aterase ás ordes directas do Tribunal emitidas nese proceso, ó tratarse dun asunto “sub iudice” no que o Concello intervén como mero axente executor dos mandatos do órgano xudicial. Por este último motivo recoméndaselle que se dirixa directamente ó Tribunal”.*

Esta última recomendación está fóra de lugar, toda vez que o Valedor do Cidadán é, por definición legal, un comisionado do Pleno Municipal e non da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 1/07/2004 dirixímonos novamente á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no senso seguinte:

“ En relación co expediente de referencia, o seu expediente 12273/423 – 6242/423, por mor da demolición das obras de construción dunha vivenda no Camiño Centieiro, en resposta ó seu escrito de data 25/03/2004, no que se nos informaba que a derruba da edificación estaba sendo examinada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 2/5558/1996, no que se abrixa unha peza específica de execución, informámoslle o seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ó respecto mediante auto de 2/06/2004, que desestima o recurso de súplica interposto por ... contra a providencia do mesmo tribunal de data 30/04/2004. No citado auto o tribunal expón que a sentenza ditada no proceso limitouse a desestimar as pretensións da demanda interposta por ..., ditándose a sentenza cando xa entrara en vigor a Lei 2/1998, de 13 de xullo, que, no seu artigo 105, que regula a inexecución das sentenzas, non contén referencia ningunha ás sentenzas desestimatorias, polo que resulta de aplicación a doutrina da STS de 22/09/1999: “la ejecución que procede es la del acto, y no la de la sentencia, la cual, a efectos de ejecución, lo ha dejado intacto, sin quitar ni añadir nada a su fuerza ejecutiva. Una sentencia desestimatoria confirma el acto impugnado, lo deja tal como fue dictado por la Administración demandada, y el Tribunal de Justicia no puede decir ni aconsejar ni ordenar a aquella cómo tiene que ejecutarlo”.

Polo exposto, reiteramos a solicitude feita con data 4/02/2004 a esa Xerencia Municipal de Urbanismo; que en atención ao principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística, se adopten as medidas que corresponden en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, en concreto, que por parte desa administración se executen os seus actos administrativos firmes, e se proceda a cumprir a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno do 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de novembro de 1998.

Prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa”.

Con data 20/08/2004 reitérase o pedimento de información actualizada, que de novo se ten que solicitar o 21/09/2004 e o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflicte que *“con data 12/01/2005 impuxo a ... unha multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no Acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10/05/1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivo-se realizado”*.

Con data 9/02/2005 dáse cumprida información do anterior ao interesado.

Con data 15/03/2005 diriximos escrito literal á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo:

“Con data 8 de febreiro do ano que andamos recíbese desa vicepresidencia escrito de data 25 de xaneiro de 2005, número de saída 063076 do 7 de febreiro, o seu expediente 12.273/423, no que se explícita o seguinte: “...que con data 12-01-2005...impuxo...unha nova multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10-05-1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”

Ante esta puntualización, pola nosa parte temos que reiterar e recordar o exposto no noso escrito de 1/07/04, en canto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ao respecto mediante auto de 2/06/2004 que desestimou o recurso de súplica e continúa facendo aclaracións referentes á Lei 2/1998, de 13 de xullo, que agora non imos repetir, soamente que se preste a debida dilixencia en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, é dicir, que, en concreto, esa administración execute os seus actos administrativos FIRMES e, se procede, cumpra a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno de 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza firme do TS de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 1998.

As actuacións parciais de multas coercitivas, como a que se indica no seu escrito, xa teñen un referente na doutrina xurisprudencial, por esa Xerencia de Urbanismo coñecida, e que non é outra que o rexeitamento das medidas adoptadas que non refliten máis que unha actitude pasiva, e que a validez da imposición de sancións pecuniarias é un mero simbolismo que non cumpre coa finalidade da lei. Esta esixe para que sexa cumprida, e neste suposto o Concello debe derrubar subsidiariamente, acudir a todos os medios que a lei pon á súa disposición. A coercitividade obriga a actuar de forma concreta.

Signifícase ademais que en data sete dos corrente, recíbese a visita, unha vez máis, de D. ..., manifestando de novo a súa decepción e desesperanza polo estado dunha situación ilegal denunciada xa en 1994.

Por todo, requírese unha solución urxente e correcta que permita, na medida que sexa posible, recupera-la confianza por parte do cidadán ante unha tardía actuación da lexitimidade pola vía dos rendementos.

Prégase información puntual e actualizada en relación co exposto anteriormente".

Con datas 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 18/08/2005 e 27/09/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/11/2005 recíbese resposta, na que se indica a imposición dunha multa coercitiva, co apercibimento dunha nova se no prazo de un mes non se realiza a derruba. Do anterior dáse traslado ao interesado o 15/11/2005, indicándolle que en datas vindeiras se instará nova información. Compróbase que o contido deste informe é o mesmo que o do recibido o 12/01/2005.

Con data 15/11/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. indicando o noso estupor pola falta de axilidade e coherencia ao deixar pasar case dez meses para seguir os pasos precisos na procura da defensa da legalidade urbanística, pedimento reiterado o 13/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 12/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 2/06/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 3/07/2006 recíbese informe de Urbanismo, no que indica a imposición dunha nova multa coercitiva. Co anterior achégase copia dunha carta da filla da propietaria da finca na que expón motivos de saúde da súa nai, do que se dá cumprida información ao interesado.

Con datas 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase a petición de información actualizada en relación coa situación tras a última sanción imposta.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 13/02/2007,

12/03/2007. Con data 27/03/2007, recíbese escrito de X.M. de Urbanismo no que se informa que a interesada abonou unha nova multa coercitiva. Con data 18/04/2007 insístease na solución do expediente, que se reitera o 16/05/2007, 13/06/2007, 12/07/2007 e 21/03/2007.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remítese a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contidos dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das Concellerías, responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

RESUMO ESTATÍSTICO:

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	1
Local que produce ruídos e fumes	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	1
Falta de seguridade nun barrio	1
ÁREA DE URBANISMO	2
Planta de residuos sen licenza	1
Orde de derruba	1
TOTAL EXPEDIENTES	4

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS	
URBANISMO	50%
MEDIO AMBIENTE	25%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	25%

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
43/2003	Falta de seguridade na veciñanza dun barrio.	14/04/2008	

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
20/2003	Local de hostalería sen licenza que provoca ruídos e fumes	18/01/2007 13/02/2007 12/03/2007 11/04/2007 07/05/2007 12/06/2007 06/07/2007	

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2003	Planta de residuos sen licenza	14/04/2008	
54/2003	Orde de derruba, con sentenza de execución	14/04/2008	

PARTE III

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2004 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de OITO expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2004 con incidencias durante o 2008 e que corresponden a :

- MOBILIDADE E SEGURIDADE	3
- URBANISMO	5

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I. MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 41/2004

O interesado formulou reclamación alegando que solicitou en diversas ocasións unha tarxeta personalizada de acceso ao Casco Vello, sen recibir resposta ningunha al respecto. Engade que, como el non conduce, vese obrigado a acceder á súa vivenda, sita na praza da Pedra, utilizando os servizos dun taxi, situación que se repite cada vez que a visitan os seus pais, agravándose o custo do taxi en numerosas ocasións en que se producen demoras de até vinte minutos para conseguir paso.

Queixa presentada o 26/05/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 28/05/2004, petición que se reitera o 30/06/2004, o 19/08/2004, o 20/09/2004, o 25/10/2004 o 18/11/2004 e o 7/12/2004.

No pedimento da información preceptiva de data 28/05/2004, á vista da particularidade do caso, expoñiamos que, pola nosa parte, e con todos os respectos e consideracións á normativa vixente, precisábamnos facer algunha reflexión:

Tense que desterrar a idea de que os Concellos son só unha unidade burocrática e proxectar a faceta política e a súa organización pública. Hoxe por hoxe a entidade local é máis permeábel ao contorno cás outras Administracións públicas.

As estruturas municipais presentan dúas vertentes: a política e a administrativa, que teñen puntos de vista distintos sobre a institución, dúas culturas antagónicas: política e funcionarial. O técnico pode propiciar decisións políticas, incluso definindo obxectivos, pero nun caso concreto como o que nos ocupa tense que reflexionar sobre un principio, moitas veces esquecido, que non é outro que a equidade.

O concepto de equidade resulta, certamente, equívoco; xa numerosos textos legais históricos sinalábana como fonte complementaria ou subsidiaria da norma (Foro de Aragón, Foro dos Costumes de Valencia), que ligan á equidade coa razón natural e coa función do xuíz.

As leis, aínda sendo xustas, fallan en certos casos nos que a súa estrita observancia iría contra o Dereito natural. Non hai entón que xulgar segundo a literalidade desa norma, senón consoante á equidade, que non é outra cousa que a xustiza do caso concreto. Non se trata dunha violación da xustiza, non é suavidade senón xusteza, non ten que ver co indulto, é simplemente un personaxe conciliador.

Non se trata de pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades. A autoridade ten o deber de asegurar as condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

O propio Código Civil, no seu artigo 3, fai referencia á equidade ao reflectir que as normas se interpretarán segundo o senso propio das súas palabras, en relación co contexto, cos antecedentes históricos e legislativos e coa realidade social do tempo en que se van aplicar, atendendo fundamentalmente ao seu espírito e finalidade.

Independentemente do anterior, neste suposto o interesado non ve unha acción eficaz con respecto á axilidade na resolución das súas peticións; xa fixera tres solicitudes antes de dirixirse a esta Institución. Ao cidadán, o que realmente lle interesa é o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade.

Con data 8/04/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 19/04/2005 recíbese escrito da Área de Mobilidade e Seguridade, no que remata co seguinte: “...*, non cumpre os requisitos indicados no Bando, aínda que si se considera que debe autorizárselle o acceso á súa vivenda, poderá solicitar no*

Rexistro Xeral do Concello unha autorización ao obxecto de que se lle facilite o acceso coa única finalidade de recoller aos seus pais e volver a saír, en ningún caso estacionar”.

Desta información dáse traslado ao interesado o 21/04/2005.

Con data 6/05/2005 recíbese nesta Institución escrito do promotor da queixa, no que manifesta non estar de acordo co anterior e que se considera discriminado ao non concedérselle a tarxeta polo feito de non posuír vehículo propio, máxime tendo en conta os problemas derivados da idade dos seus pais, que a visitan frecuentemente, cando o desprazamento se fai en taxi se non funciona o servizo de apertura.

Con data 10/05/2005, á vista do anterior, dirixímonos novamente a Mobilidade e Seguridade reiterando a petición, na procura dunha solución baseada no principio de pura equidade que ningunha Administración pública debe descartar.

Con datas 9/06/2005, 7/07/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase a petición anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/05/2006, 8/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse a actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 13/02/2007, 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 27/07/2007, 21/08/2007, 05/11/2007, 10/12/2007.

No ano 2008 déronse a actuacións seguintes:

O 14/04/2008 remitiuse a Alcaldía a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005 indicando que de non se reactivaren as mesmas daríanselle o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

Con data 27/05/2008 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa que existe unha nova normativa reguladora sobre o casco vello e que polo tanto

estudaranse casos excepcionais e atendendo á avanzada idade de moitos residentes da zona.

Non se indica se tal medida afecta ao caso que nos ocupa.

Con data 28/05/2008, dáse cumprida información á interesada indicándolle que nos comunique se o seu caso se topa contemplado no indicado anteriormente.

EXPEDIENTE 76/2004

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O promotor da queixa expón que con data 1/10/2004 foi multado na rúa Lepanto, previo enganche do seu vehículo, facendo efectiva a taxa pola inmovilización. O motivo da sanción foi estar estacionado en zona reservada para discapacitados, manifestando o interesado que non existe sinal que indique tal prohibición e que, ademais, a rúa en cuestión estaba ocupada por varios vehículos en dobre fila, sen que ningún deles fose sancionado, enganchoando o seu vehículo por ser fácil a operación.

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 4/10/2004, pedimento que foi reiterado o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

Ao igual que noutros supostos xa revisados, neste topámonos cunha clara deficiencia na referencia aos datos que se subliñan na denuncia. No número subliñado no boletín da denuncia, nº 2 da rúa Lepanto, non existe ningunha prohibición de reserva de discapacitados.

Por outro lado, dáse unha situación discriminatoria, toda vez que non se sancionou aos demais vehículos aparcados xuntamente co do interesado e que estaban en zona de obras e aparcados en dobre fila.

O erro é atribuíbel á Administración pública, xa que o dato referido non é correcto, así como a pasividade mostrada con outros vehículos infractores, daí que o expediente debería ser declarado nulo.

Con datas 17/02/2005, 17/03/2005, 16/06/2005, 13/07/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 17/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/04/2006, 8/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 26/07/2007, 21/08/2007, 05/11/2007, 10/12/2007.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

Con data 23/05/2008, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

“En contestación ás solicitudes de informe remitidas por Vd. en reiteradas ocasións a este Departamento en relación co queixa presentada, polo enganche do seu vehículo matrícula, rúa ..., consultada a documentación obrante nos arquivos municipais infórmase o seguinte:

-Na data 1 de Outubro de 2004 foi enganchado pola guindastre municipal o vehículo por estar estacionado no espacio reservado para discapacitados.

-Fronte a dito enganche non figura que fose presentada ningunha reclamación no Rexistro municipal.

-Na data 11 de novembro de 2004 foi notificada ao interesado a denuncia formulada pola infracción cometida sen que figure escrito de alegacións presentado polo interesado dentro do período conferido ao efecto.

-En data 13 de abril de 2005 foi notificada a imposición de sanción pola infracción cometida cun importe de 92 euros sen que figure a interposición de recurso de reposición contra a mesma, de conformidade co procedemento legalmente establecido.

No obstante e á vista da queixa formulada solicitouse informe ao departamento de sinalización, informando que a reserva de minusválidos foi sinalada verticalmente na data 9 de marzo de 2004 e horizontalmente na data 13 de abril de 2004, polo tanto na data da denuncia do vehículo a sinalización era correcta.

Así mesmo solicitadas as fotos realizadas no momento do enganche, venres 1 de outubro de 2004 ás 9:11 horas, o vehículo atopábase estacionado na zona reservada a discapacitados entre os sous sinais que a delimitan.

Polo exposto considérase que a denuncia e o enganche foron correctos por estar o vehículo estacionado incorrectamente en zona reservada a discapacitados.

O que lle comunico aos efectos oportunos, solicitando desculpas pola demora na contestación."

No dándose actuacións posteriores, das por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 77/2004

Queixa en relación cunha solicitude, presentada en distintas ocasións no Concello, de sinalización expresa, tanto vertical como horizontal, que prohiba o aparcamento no Camiño do Castañal.

O promotor da queixa manifesta que, como consecuencia do estacionamento de vehículos no citado camiño, de aproximadamente catro metros, a circulación normal no mesmo vese dificultada e, nalgúns casos, imposibilitada, como sucede con ambulancias e camións de reparto de gas. Achega, ademais, informe do servizo de urxencias sanitarias (061), no que se fan constar as dificultades de acceso ao citado camiño, subliñando até tres ocasións nas que non se puido acceder ao domicilio do interesado debido ao estacionamento duns vehículos nunha curva do camiño.

Queixa presentada o 7/10/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004 e reiterándose o 15/12/2004, sen resposta.

O interesado presentou, desde o 9/09/2003 e, posteriormente, en maio, xuño e setembro de 2004, escritos solicitando actuacións en relación coas dificultades de aparcamento na zona do seu domicilio (San Xoán do Monte), que impide a prestación de servizos mínimos como urxencias médicas, reparto de butano, gasóleo, etc., instando a sinalización vertical e horizontal correspondente. Non recibiu resposta ningunha ao respecto.

Atopámonos ante unha debilidade na organización da atención cidadán no ámbito rural, variábel substantiva pero escasamente considerada polos gobernos locais. Ademais, situacións como esta reflicten unha reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión. Todo isto implica unha política xestora triste e decepcionante, impropia do século XXI, que non reflicte unha actitude eficiente, xa que os seus servizos non se promoven en liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Con desatencións como esta, o cidadán do rural, especialmente, vese condenado a un perpetuo abaneo entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, a pesar de todos os esforzos, a distancias inconmensurábeis do obxectivo soñado.

A lexitimidade por rendemento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno; non é máis que a mellora da situación material dos actores que demandan a acción pública.

É preciso acudir ás motivacións da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, onde de forma clara se proclama que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexábel, senón indispensábel no seu funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez; só así se logra o achegamento na procura da credibilidade.

Con datas 13/01/2005 e 17/02/2005 reitérase o pedimento anterior, salientando no último escrito a indignación manifestada polo interesado ante o abandono no que se atopa.

Con data 10/03/2005 recíbese informe de Tráfico, no que subliña que en data 24/04/2005 dáse orde de traballo para colocar un sinal vertical tipo S-15 e outro tipo R-307 por desaparición do primeiro e que con data 9/11/2005 dáse orde de traballo de pintar liñas amarelas continuas en ámbalas dúas marxes do devandito camiño. Esta información trasládase ao interesado o 14/03/2005.

Con data 18/03/2005 recíbese escrito do interesado no que manifesta que os sinais subliñados no escrito de Tráfico seguen sen se repor, así como a necesidade de sinalización conxunta, vertical e horizontal, e que unha vez colocadas se proceda a realitzar un seguimento periódico da súa permanencia.

Con data 19/04/2005 solicítase informe sobre a proposta anterior.

Con datas 19/04/2005 e 25/04/2005 recíbense novos escritos do promotor da queixa reclamando unha solución ao seu problema, do cal damos traslado ao departa-

mento de Mobilidade e Seguridade o 27/04/2005, solicitando de novo información o 18/05/2005.

Con datas 23/05/2005, 2/06/2005 e 13/06/2005 recíbense novos escritos do interesado insistindo nas incomodidades que está padecendo.

Con datas 16/06/2005 e 13/07/2005 reitérase de novo o pedimento de informe.

Ante a falta de resposta e actuacións, con data 1/08/2005 remítese informe do actuado á Sra. Alcaldesa, na procura dalgunha actuación ao respecto.

Con data 6/09/2005 reitéranse os pedimentos anteriores á Concellería de Mobilidade e Seguridade.

Con datas 12 e 19 de setembro, o interesado entrega novos escritos de queixa, facendo constar a desatención por parte do Concello, apesar das conversas mantidas coa Policía local e, ademais, estima que por parte desta Institución non se lle dá solución ao problema. Con datas 20/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 diriximos novo escrito á concellería competente, expresando a forte repulsa exposta polo interesado en visita do 2/11/2005.

O 17/11/2005 remitimos novo escrito á Sra. Alcaldesa de Vigo na procura dunha solución.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 7/03/2006, 6/04/2006, 8/05/2006, 8/06/2006, 26/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006 e 4/09/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 12/09/2006 comparece o interesado indicando que colocaron novos sinais que foron arrancados polos veciños. Do anterior dáse cumprida información á Concellería de Mobilidade e Seguridade, á que se lle solicitou certificación sobre o camiño o 14/09/2006 e o 3/10/2006.

Con data 6/11/2006 enviase novo escrito á concellería competente, no que se indica que, unha vez posto de novo o sinal, aos oito día tirárono ao colector do lixo. A petición anterior reitérase o 7/12/2006, coa que se achegan novos datos.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reiterase o pedimento anterior; e con data 06/02/2007 recí-

bese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa das desaparicións e reposicións dos sinais, indicados que presuntamente son retirados polos propios veciños.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 07/09/2007; con esa mesma data dirixímonos a Concellería de Mobilidade e Seguridade que ante a actitude veciñal é necesario extremar a vixilancia e adoptar medidas complementarias contra o vandalismo, solicitando información ao respecto, e con data 14/03/2007, reitérase o pedimento e indícase que, segundo manifesta o interesado, na zona vive unha Policía local que permite aparcamento, na súa entrada a súas amizades, indicando que é necesaria a colocación de máis sinais nos cruzamentos dos camiños. Pedimento que se reiterou o 12/04/2007, o 14/05/2007, o 13/06/2007, 30/07/2007, 21/08/2007, 05/11/2007, 10/12/2007.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

CAPÍTULO II. URBANISMO

EXPEDIENTE 30/2004

O interesado presenta queixa en relación coa construción no ano 1998 dunha nave industrial na rúa Espiñeiro, data desde a que vén solicitando do Concello as actuacións pertinentes. Engade que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo incoouse expediente en relación coa actividade desenvolvida na citada nave, así como expediente coercitivo pola construción ilegal, coa imposición de tres multas.

Queixa presentada o 23/04/2004. Con data 26/04/2004 solicitamos a remisión do preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 25/05/2004, o 28/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004 e que se recibe o 29/07/2004. No mesmo, indícase que se tramitou expediente de protección de legalidade urbanística, resolto por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 1/06/2000, que declarou as obras citadas como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente, decretando a súa

derruba e impondo tres multas coercitivas ao respecto. Engade que tamén se ordenou o cese definitivo da actividade desenvolvida no citado local mediante resolución de 21/05/2003. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado dos expedientes anteriormente citados, petición que se reitera o 25/10/2004, o 11/11/2004 e o 13/12/2004.

A denuncia no Concello foi instada en decembro de 1998. Por parte desta Institución iníciase o expediente o 26/04/2004 a pedido do interesado, en escrito de queixa de 23/04/2004.

Da situación exposta anteriormente non cabe reflexionar máis que o seguinte:

Moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o bo funcionamento da administración. O primeiro interese do cidadán, céntrase en que a administración preste eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites (o que nos ocupa iniciouse polo interesado hai seis anos), até a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O verdadeiramente importante é que a administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo do interese xeral, intereses que veñen subliñados pola norma xurídica. Sen un funcionamento axeitado en temas de calidade, axilidade e rapidez, non pode darse unha aproximación á credibilidade.

Estamos ante un suposto dun esaxerado burocratismo dos gobernantes, que non reflicte de ningunha maneira unha tarefa de administración do colectivo, o que afasta que a realidade sexa tan satisfactoria como a probabilidade coa que finalizan as accións lexítimas e concordantes coa lei, máxime no caso que nos ocupa, no que existe unha sentenza (17 de xaneiro de 2002) que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo denunciado, no que se explicita que a derruba das obras realizadas por razóns de restauración da legalidade urbanística material non pode considerarse contraria a Dereito.

Coñecida é a decisión xudicial na que se recrimina ao Concello por non ter derrubado a obra no tempo transcorrido (estamos a falar de maio de 2004), sen que teña valor o argumento das multas coercitivas, xa que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren o previsto na lei. O Concello tería que derrubar subsidiariamente.

Con data 13/01/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 13/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que foi desestimado o recurso interposto pola entidade afectada e indica que non cabe discutir a firmeza da sentenza de 17/01/2002 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra. Do contido deste informe dáse cumprida información ao interesado o 17/02/2005.

Con data 21/03/2005 solicítase da vicepresidencia da X.M.U. informe actualizado en relación coa orde de derruba das obras obxecto da reclamación, petición que se tivo que reiterar con datas 21/04/2005, 18/05/2005 e 20/06/2005.

Con data 21/07/2005 recíbese o informe solicitado, no que se indica que se impuxo unha multa coercitiva por importe de 1.200 euros, advertindo que se nun prazo de un mes non se procede á derruba, imporanse novas multas coercitivas. Con data 26/07/2005 dáse traslado do contido do informe ao interesado.

Con data 6/09/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, petición reiterada o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o requirimento anterior, recibíndose escrito da vicepresidencia da X.M.U. o 31/01/2006, no que informa da imposición dunha multa coercitiva con data 11/07/2005 por incumprimento da orde de demolición acordada o 01/06/2000, isto é, seis anos despois. Contra a mesma foi interposto recurso de reposición que está pendente da sinatura da proposta de resolución do recurso. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 01/02/2006, dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. indicando a necesidade de reflexionar sobre o apercibimento efectuado o 11/07/2005, así como sobre a demora na resolución do recurso de reposición, o que indica un tratamento discriminatorio en relación coas lexítimas peticións do cidadán que promoveu o expediente de referencia. Sublíñase tamén que é un principio doutrinal e xeralmente admitido que a misión de todo Valedor esténdese a toda a actividade da administración e dos que sexan os seus axentes, é dicir, non se limita aos actos suxeitos á norma, senón que, sobre todo, esténdese á chamada "mala administración", que se reflicte nos atrasos, na falta da atención, na inacción, nas negligencias, etc. Prégase unha acción puntual e decidida neste ámbito de protección da legalidade urbanística, así como a información actualizada do expediente en cuestión.

O pedimento anterior reitérase o 8/05/06, o 6/06/06, o 4/07/06, o 9/08/06 e o 4/09/2006.

Con data 21/09/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que con data 13/02/2006 se emite resolución denegatoria das peticións do recurso de reposición interposto o 21/07/2005 (cinco meses despois da súa interposición) instando de novo a derruba. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 25/09/2006, indicando que se instará ante Urbanismo a solución que corresponda, o que se fai o 3/10/2006, o 6/11/2006 e o 7/12/2006. Neste último escrito faise mención a que o interesado, o 24/11/2006, entrega copia do escrito presentado na X.M.U. o 27/10/2006, no que expón polo miúdo a situación do seu expediente e instando *“a maior e máis axilidade posible, con ampliación de medios máis eficaces á hora de aplicar a lexitimidade das sentenzas, xa que o deterioro que se padece como lindeiros, non é só polo aspecto físico das irregularidades existentes, senón que a infracción, parece que co tempo beneficia aínda por riba ó infractor.”*

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 13/02/2007, e o 14/03/2007. Con data 27/03/2007, recíbese informe da X. M. de Urbanismo no que se indica que se impuxo unha multa coercitiva por acordo de 26/05/2006 (e dicir dez meses antes), así como que a nave non foi derrubada só se rebaixou a cuberta, do que se deu cumprida información ao interesado o 29/02/2007, solicitando información sobre o alcance das modificacións con respecto á resolución de 11/07/2005. Pedimento que se reiterou o 14/05/2007, 13/06/2007, 19/07/2007, e o 28/08/2007.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 22/01/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se informa o seguinte:

“En resposta aos seus oficios nos que interesa en relación ao expediente 12.758/423 (expte. 30/04) cúmpreme informarlle que:

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do día 01/06/2000 no expediente de protección da legalidade urbanística nº 9.648/423 acordou:

PRIMEIRO: Declarar como realizadas sen licenza e incompatibles coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decreta-la súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, executadas na rúa, consistentes construción de una nave que se

destina ó uso de fabricación e almacenaxe de carpintería de aluminio. A superficie total construída é de 140,00m².

SEGUNDO: Requirir ó denunciado. concedéndolle o prazo de UN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederese por estre concello á execución forzosa da citada demolición, m ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante resolución de data 27/02/2007 impuxo á entidade unha multa coercitiva en contía de 3.000 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Notificada a resolución en data 21/03/2007, D..... en representación da entidade presenta recurso de reposición que basea en que xa se derrubou a nave polo que solicita se deixe sen efecto o procedemento de execución, así como a multa imposta. Achega factura de empresa dos traballos de desmontaxe da cuberta, e outros elementos da estrutura de data 20/12/2006.

A aparelladora municipal en data 31/07/2007 emite o seguinte informe:

Girada visita de inspección por persoal de esta oficina, se ha comprobado que en el lugar de referencia no se está realizando actividade, algunha, xa que no existe ningunha nave. Se trata de una parcela entre edificacións, con acceso desde la vía pública que en el momento de la visita estaba ocupada por dos coches y un contenedor.

Consta pois que a nave obxecto do expediente foi derrubada polo que se procede ao arquivo do expediente."

A vista do anterior, dáse por pechado o expediente de referencia, non obstante queda a súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto de queixa."

Non constando máis actuacións.

EXPEDIENTE 34/2004

O interesado presenta queixa en relación coas molestias ocasionadas por unha chatarrería. Expón que vén denunciando a situación ante o Concello desde o ano 2002, xa que a citada chatarrería provoca contaminación ambiental e acústica, impedindo a tranquilidade e o descanso dos veciños.

Queixa presentada o 4/05/2004. Con data 5/05/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que foi reiterada o 7/06/2004 e que se recibe o 29/06/2004. No mesmo, indícase que non consta licenza de actividades e instalacións para chatarrería no devandito enderezo e que o inspector municipal informa que no lugar existe depositada diversa ferralla, polo que se solicita informe do técnico municipal para determinar se procede a apertura de expediente de protección de legalidade urbanística. Informe que se traslada ao interesado o 30/06/2004.

Con data 26/07/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado das actuacións levadas a cabo, petición que se reitera o 26/08/2004, o 29/09/2004, o 26/10/2004, o 23/11/2004 e o 23/12/2004.

Asunto que se iniciou como competencia de Medio Ambiente, pero, de acordo co informe de data 28/06/2004 da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, trasladouse a Urbanismo, xa que con data 31/03/2004 a oficina de Licenza de Actividades informa que non consta licenza de actividade e instalación para chatarrería, e que con data 17/06/2004 solicítase ao técnico municipal informe sobre se o denunciado se pode considerar unha actividade ou non para proceder, no seu caso, á apertura do correspondente expediente de protección de legalidade urbanística ou orde de execución.

Con data 26/07/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co exposto anteriormente, petición que se ten que reiterar até catro veces máis, a última o 23/11/2004, sen resultado ningún.

A disciplina urbanística esixe que o Concello controle o proceso construtivo primeiro, paso previo e obrigatorio, que nace coa autorización ou licenza que se outorga para construír e, segundo, a esixencia de comprobar que o construído se axusta ao proxecto autorizado. Da non observancia destes presupostos, xorde o descontrol e, ás veces, a anarquía.

A autoridade municipal ten a obriga inescusábel de abrir expediente e suspender de inmediato calquera obra ou actuación que, ou ben carece de licenza, ou non se axusta ás condicións daquela.

Cando non se adoptan as medidas necesarias xorde a responsabilidade correspondente, mais, como di a doutrina (X. Álvarez Corbacho), entre a norma e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica e coñecer cantos expedientes de disciplina urbanística se incoaron nos últimos dez anos, cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, cantos incumpridores públicos foron requiridos e denunciados ante o Ministerio Fiscal.

A xustiza xa ten expresado a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non cabe xustificar a demora ou pasividade baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan; isto non é xustificación. A Administración pública dispón de competencias para adoptar as medidas en torno ás necesidades e capacidades do persoal ao seu servizo.

Segundo o que antecede, procede preguntarse canto tempo se require para emitir o informe técnico ordenado o 17/06/2004.

Baste citar o artigo 103.1 da Constitución española, onde se proclama que a todas as Administracións públicas lles corresponde servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións públicas presen eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, até a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

Con data 11/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que con data 14/12/2004 se ordenou a suspensión da actividade que se viña desenvolvendo e que se procedeu á comprobación do cumprimento da orde por parte da Policía Local. Esta información trasládase ao interesado o 13/01/2005.

Con data 27/01/2005, o promotor da queixa entrega copia do escrito depositado na X.M.U. o mesmo día, no que denuncia que a situación segue a ser a mesma, é dicir, non se restableceu a legalidade pretendida. Por isto, con data 23/02/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. subliñando a necesidade improrrogábel de que se faga cumprir a orde de suspensión, sen que procedan máis dilacións, na defensa

dos dereitos do interesado, tal como foron recoñecidos pola propia xerencia e instando información actualizada sobre tales actuacións.

Con datas 29/03/2005, 25/04/2005 e 26/05/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose o informe da vicepresidencia da X.M.U. o 21/06/2005, no que comunica que de novo se insta á Policía Local a que emita informe ao respecto (orde xa comunicada o 31/01/2005).

Con data 22/06/2005 dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitaranse de novo unhas actuacións definitivas sobre o tema, no caso de que non conste a existencia das mesmas.

Con data 2/08/2005 solicítase información actualizada en relación co informe recibido o 21/06/2005, petición reiterada o 7/09/2005 e que se recibe o 28/09/2005. Nel reflíctese que non se recibiu aínda o informe da Policía Local, solicitado o 7/06/2005, o que volve indicar a falta de eficacia das accións públicas nun tema iniciado no ano 2002. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 29/09/2005.

Con data 31/10/2005 reitérase a petición de informe actualizado, na que se indica a falta de coordinación entre os servizos da Administración municipal, o que provoca unha falta de eficacia e dilixencia, insistindo no mesmo o 30/11/2005 e o 21/012/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/06 reitérase o pedimento anterior, recibíndose resposta o 14/02/2006 coa que chega copia do informe da inspección, no que se subliña que *“se retirou bastante material do interior da finca aínda que quedan algunhas pequenas pezas, así como algún outro material no exterior, ademais de que o peche estea realizado con ferralla e madeira”*. Do anterior dáse cumprida información ao interesado, quen, en comparecencia de 21/03/2006, pon de manifesto que tal informe non é correcto, xa que segue depositada todo tipo de ferralla e sucidade e que, a pesar da continuidade da actividade, non se procedeu ao precinto acordado.

Das manifestacións do interesado dáse traslado á vicepresidencia da X.M.U. o 22/03/2006, a cal, en data 12/04/2006, remite escrito no que indica que se procede a solicitar novo informe á Administración municipal, do que se dá cumprida información ao interesado.

Con datas 22/05/2006, 20/06/2006 e 17/07/2006 solicítase información actualizada.

Con data 28/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., co que chega informe técnico da inspección no que se di que se retirou a ferralla e que, en canto ao peche, segue igual que no informe anterior. Con data 31/07/2006 trasládase o anterior ao interesado, indicándolle nos faga chegar información sobre o estado do peche, petición que se reitera o 20/09/2006, o 19/10/2006 e o 21/11/2006.

Con data 14/12/2006 o interesado manifesta que a situación non mellorou nada, polo que o 21/12/2006 comunícase á vicepresidencia da X.M.U. interesando unha detida inspección e a conseguinte información ao respecto.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior e de novo o 19/02/2007, 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/05/2007, 30/07/2007, 28/08/2007. Con data 30/10/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que se deu traslado do expediente a Xunta de Galicia, por se da súa competencia. Non obstante, en aras dunha axeitada cooperación seguiremos instando información, o que se fai o 12/11/2007.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005 indicando que de non reactivarse os mesmo, daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 51/2004

O interesado indícanos que presentou no Concello varias peticións sobre a instalación dunha antena de telefonía móbil que vén funcionando sen permiso na Avda. Manuel de Castro, achegando copia dun informe da Inspección de Urbanismo no que se reflicte que, realizada visita de inspección o 11/07/2003, comprobouse a existencia de tal antena, que ten en trámite a solicitude de licenza. O interesado pide o peche da instalación en tanto non se fagan os trámites necesarios até a obtención da licenza, no caso de cumprir as normas ao efecto.

Queixa presentada o 21/06/2004. Con data 23/06/2004 solicítase informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 22/07/2004, recibíndose o mes-

mo o 30/07/2004, co que se achega informe do arquitecto municipal indicando que se trata dunhas instalacións sen a preceptiva e previa licenza, atopándose a mesma en trámite, e que serían legalizábeis de cumprir coas determinacións da Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de elementos e equipos de telecomunicacións. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

No informe recibido o 30/07/2004, reflíctese: *“que as obras serían legalizables de cumprir as determinacións da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de Elementos e Equipos de Telecomunicación no termo municipal de Vigo e demais determinacións urbanísticas e normativa sectorial de aplicación”*.

Ínstase até catro veces a información actualizada que se deriva daquela *“posibilidade de legalización”*, sen resposta ningunha.

Que pasa entre a instalación e o funcionamento da mesma até que se adopte o acordo de legalización? Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972 de Protección do medio ambiente atmosférico (modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación) de darse o caso de que houberse presenza no ar de formas de enerxía que implicasen risco, dano ou molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

A planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria, xa que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto tense que basear en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción conduzan a xerir as cidades de xeito máis transparente, eficiente e eficaz. Como se di nalgún ámbito doutrinal, non abonda o procedemento de actuar baixo perspectivas estratéxicas, xa que o horizonte máximo de actuación, responsabilidade e toma de decisións, vincúlase ao *“tempo político”* dos anos que dure o mandato. Isto fai, polo común, que se actúe con miras moi curtas e sen prospección de futuro, o que leva ao desaproveitamento de recursos e esforzos.

Teñen que exercitarse eficazmente as competencias municipais que teñan por finalidade a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns, e incoar os expedientes sancionadores por infracción urbanística por realización de obras sen pre-

via licenza, aínda que posteriormente sexan legalizábeis.

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005 e 14/04/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 9/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que o P.X.O.M., aprobado provisoriamente o 30 de decembro de 2004, e o artigo 5.9.3 da Normativa Urbanística, prohiben a instalación de antenas de telefonía móbil nas cubertas dos edificios veciñais, do que se dá cumprida información ao interesado con data 11/05/2005.

Con data 23/12/2005 recíbese a visita do interesado que nos comunica que a antena segue funcionando, non obstante a prohibición. Con data 26/12/2005 comunicámoslle o anterior á Concellería de Urbanismo, interesado información ao respecto.

Con datas 26/01/2006, 23/02/2006, 22/03/2006, 20/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006, 20/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 20/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 19/02/2007, 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 27/07/2007. Con data 27/08/2007, recíbese informe de Urbanismo no que se indica que “en breve procederase a incoacción de expediente de protección de legalidade urbanística por instalación sen a preceptiva licenza; legalizábeis.

Con data 06/09/2007, dirixímonos a Urbanismo indicándolle o desacordo que supón que no escrito de 03/05/2005, se nos comunique que a aprobación inicialmente do P.X.O.M. prohibe este tipo de instalacións e polo tanto procederase á suspensión na concesión deste tipo de licenzas. Por todo solicítase unha aclaración definitiva. Deste antecedente dáse cumprida información ao interesado na mesma data.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008 remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expediente relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005 indicando que de non reactivarse os mesmos, daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 57/2004

Queixa en relación coa construción dun galpón nun camiño. O interesado indícanos que en agosto de 2002 presentou denuncia contra o propietario da finca veciña por ter en fase de construción un galpón nun espazo destinado ao recuado, segundo esixencia da ordenanza vixente, na zona entre as dúas vivendas, sen constar licenza. Engade que legalmente os recuados establecidos son de 4 metros e a obra que se denuncia apoia no muro divisorio das dúas fincas. Indica que en agosto de 2003 a denuncia en cuestión estaba aínda pendente de informe de inspección de obras e que en febreiro de 2004 a reitera, solicitando novamente a suspensión inmediata das obras e a reposición da legalidade urbanística.

Queixa presentada o 6/08/2004. Con data 18/08/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 21/09/2004, o 25/10/2004 e o 15/11/2004. Recíbese o mesmo o 21/12/2004, co que se achega copia do informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que se indica como presunta infracción *“obras de construción adosada á fachada e lindeiro en licenza e non legalizable por non respectar recuados (4 m) esixibles segundo a ordenanza de aplicación 1.3.B”*. Informe que se traslada ao interesado con data 22/12/2004.

Expediente iniciado o 18/08/2004, pero do que xa constan denuncias do interesado desde o ano 2002 (agosto), nas cales se fixeran precisións con respecto á Lei 1/1997, do Solo de Galicia (artigos 175, 176 e 177).

A falta de rendemento, lexitimador das actuacións municipais, é clara, o que está a producir unha situación de total indefensión pola actitude de abandono fronte a unha ilegalidade denunciada, máxime cando, segundo indica o interesado, en agosto de 2003, un ano despois da denuncia, o tema cuestionado estaba aínda pendente de informe por parte da inspección de obras.

Non caben xustificacións baseadas no elevado número de asuntos. Non se pode esquecer e, polo tanto, é preciso reiterar, as motivación legais da norma reguladora do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992 – 4/1999), onde se reafirma que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexábel, senón tamén indispensable no seu funcionamento. Pero xa antes, a Constitución española, no seu artigo 103, tiña consagrado o principio de eficacia, sen esquecer o de control.

A coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a recoller nos regulamentos orgánicos e na súa actividade; diso depende o bo funcionamento municipal. A estrutura burocrática actual vén poñendo de manifesto unha

lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axilizar os trámites establecidos legalmente, con especial referencia aos temas urbanísticos, así como á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Con data 21/12/2004 recíbese informe técnico no que se di que o expediente lle foi remitido o 30/07/2004 e indícase que se trata dunha obra sen licenza e non legalizábel; isto, despois de máis de dous anos desde a súa denuncia. Seguiranse as actuacións durante o ano 2005.

Con data 24/01/2005 solicítase información actualizada con respecto ao informe da Inspección Técnica antes aludido, no que se propuña a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Con datas 22/02/2005, 29/03/2005, 21/04/2005 e 24/05/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 9/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que con data 23/05/2005 ordenouse a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística (informe técnico do 7 de novembro de 2004, nove meses antes) ordenando a inmediata paralización das obras por carecer de licenza municipal e dispoñendo a vixilancia periódica do cumprimento da paralización. Desta información dáse traslado ao interesado o 13/06/2005, indicándolle que en datas vindeiras interesárase información actualizada en relación co procedemento subliñado na resolución comunicada.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada en relación co expediente de protección da legalidade urbanística, petición reiterada o 26/09/2005 e que se recibe o 21/10/2005, na que se contempla a orde de derruba. Con data 24/10/2005 infórmase do anterior ao interesado.

Con datas 28/11/2005 e 21/12/2005 solicítase nova información en relación coa execución forzosa.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006, 23/02/2006, 22/03/2006, 20/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006, 20/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 20/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 19/02/2007, 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/07/2007, 27/07/2007. Con data 17/08/2007 recíbese informe de Urbanismo no que se indica que o 28/06/2006, remitiuse o expediente o Servizo de Inspección para informe. Un trámite efectuado fai catorce meses e segue pendente. Con data 28/08/2007, dirixímonos a Urbanismo subliñando a deficiencia en canto axilidade e eficacia da actividade administrativa, instando a máxima dilixencia e información actualizada.

Con esta mesma data infórmase ao interesado.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008 remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se activaren os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 78/2004

O interesado indícanos que con data 7/10/2004 presentou denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coa realización de obras sen licenza e non susceptíbeis de legalización na parroquia de Beade. As citadas obras consisten na edificación dunha vivenda unifamiliar de nova planta sobre unha edificación en ruína, así como o recheo nunha finca lindeira e a construción do peche da mesma.

Queixa presentada o 8/10/2004. Con data 10/11/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 15/12/2004, sen resposta.

Non obstante a denuncia presentada polo interesado (7/10/2004) sobre a realización de obras sen licenza non susceptíbeis de legalización por tratarse dunha edificación catalogada como ruínosa, segundo informe da Policía local de data 5/10/2004, consta licenza municipal para un cambio de cuberta e obras interiores co número de expediente 48666/421, aprobada o 13/05/2004.

A denuncia detallada, complementada con gráficos e fotografías, baséase en diversos defectos formais, segundo o disposto na vixente Ordenanza 1.3.B de Edificación familiar, así como no establecido no artigo 217.3 da LOUG.

Non obstante, e dado o tempo transcorrido desde a denuncia, espérase unha acción decidida en aras ao restablecemento da legalidade urbanística, unha vez comprobados os feitos alegados na denuncia.

Entendemos que, neste ámbito do urbanismo, as inspeccións téñense que axilizar ao máximo e, en consecuencia, de existiren as infraccións, as respostas que procuran un restablecemento da legalidade teñen que ser rápidas e eficaces, aínda no suposto de que posteriormente as obras foren legalizábeis.

Con datas 26/01/2005 e 23/02/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Con data 3/03/2005, a petición do promotor da queixa, emítese informe das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que *“a vista do informe do inspector de data 3 de novembro de 2004, se procedeu á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística por obras non axustadas a licenza, e que o expediente queda pendente do informe do técnico municipal para continuar co seu trámite”*. Dáse traslado desta información ao interesado con data 17/03/2005.

Con data 4/04/2005 solicítase información actualizada en relación co trámite pendente antes subliñado, reiterándose de novo a petición con datas 5/05/2005, 6/06/2005 e 6/07/2005.

Con data 18/07/2005 recíbese informe da vicepresidencia da X.M.U., no que se declara a paralización das obras por non axustarse á licenza e determínase a vixilancia da mesma con carácter periódico.

Con data 1/08/2005 dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que se procederá puntualmente á comprobación da orde citada.

Con data 1/09/2005 solicítase información sobre a protección da legalidade urbanística, que se reitera o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/05/2006, 6/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2007, reiterase o pedimento anterior, e de novo o 13/02/2007, 14/03/2007, 12/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 30/07/2007, 28/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe de Urbanismo no que se indica que o 26/01/2006 o Consello de X.M. de Urbanismo acordou declarar como realizadas sen axustarse á licenza concedida, non legalizábeis, as obras obxecto do presente expediente, executadas no camiño de, consistentes na execución de bufardas na cuberta. Do que se dá cumprida información á interesada.

Con data 10/09/2007, dirixímonos a Urbanismo, subliñando que se nos comunica un acordo tomado hai 20 meses, e non se indican actuacións complementares.

No ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008 remitiuse á Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contidos dos expedientes que de non se reactivaren os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

Con data 18/07/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa que o 09/06/2008 declárase inadmisíbel o recurso de reposición por formularse fóra de prazo interposto polo propietario de obras e se lle require para que proceda ao axuste a licenza. Do que se deu cumprida información á interesada o 21/07/2008, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada. O que se fai o 27/08/2008, e o 30/09/2008, e o 28/10/2008, e o 29/11/2008.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	3
Mobilidade	1
Aparcamento	1
Sancións	1
ÁREA DE URBANISMO	5
Obras sen licenza	5
TOTAL DE EXPEDIENTES	8

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*	
URBANISMO	62,50%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	37,50%

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2007

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
41/2004	Solicitud de tarxeta personalizada de acceso ao Casco Vello	14/04/2008	27/05/2008
76/2004	Sanción de tráfico en zona reservada	14/04/2008	23/05/2008
77/2004	Falta de aparcamento nunha rúa	10/04/2008	

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
30/2004	Construción dunha nave industrial sen licenza	22/01/2008	
34/2004	Industria sen licenza	14/04/2008	
51/2004	Instalación de antena de telefonía móbil sen licenza	14/04/2008	
57/2004	Construción ilegal dun galpón	14/04/2008	
78/2004	Obras sen licenza	14/04/2008 27/08/2008 30/09/2008 28/10/2008 29/11/2008	17/07/2008

PARTE IV

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2005 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 16 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2005 con incidencias durante o 2008 e que corresponden a:

- MEDIO AMBIENTE	4
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ	1
- URBANISMO	11

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I. – MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 5/2005

Queixa en relación cos ruídos que soporta a veciñanza de catro edificacións por mor da actividade dun taller de caldeirería. Esta contaminación, que padecen desde o verán de 2004 e cunha frecuencia que abranxe desde as oito até as vinte e unha horas, afecta, ademais, ás tarefas de estudo dos seus fillos, tal como xa ten denunciado en escrito de 12/01/2005 entregado no Rexistro Xeral do Concello.

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe a Medio Ambiente o 27/01/2005, que tivo que ser reiterado o 28/02/2005 e o 29/03/2005.

Con data 8/04/2005, a petición do promotor da queixa, expídese un relatorio das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Non obstante o anterior, reitérase a petición de informe nas seguintes datas: 27/04/2005, 30/05/2005, 3/08/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 9/11/2005 e 5/12/2005.

Existe a posibilidade de que, neste caso, a actividade contaminante non dispoña de licenza para tal mester.

Atendendo a que se trata dunha actividade industrial de caldeirería situada nunha zona de edificios para uso residencial, segundo a Ordenanza Municipal reguladora, trataríase dunha actividade non permitida, daí a necesidade de que xa se tivese comprobado que tipo de licenza ten a empresa e incluso, de ser o caso, que niveis de ruído están permitidos.

Hoxe, o audioambiente urbano vén conformado polas condicións de “acougo público” no que se desenvolve a nosa existencia, é dicir, o medio ambiente da cidade na que habitamos e na que pasamos a maior parte da nosa vida.

En Europa, o 80% da poboación reside en áreas urbanas, daí que numerosos organismos internacionais incidan na necesidade de dar un tratamento prioritario a tal medio.

As condicións de acougo atopáramolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, na que as vibracións non fagan tremer as paredes das vivendas, na que non se dean cheiros intolerábeis e na que pola noite sexamos capaces de conciliar o sono.

Unha contaminación producida por un dano ao medio ambiente é susceptíbel de desvirtuar o dereito de propiedade, dando lugar así a unha “expropiación parcial” do mesmo, segundo ten declarado a Comisión Europea de Dereitos Humanos (14/10/1992).

A mesma Organización Mundial da Saúde coloca o ruído de Vigo fóra dos límites permitidos, o que provoca ansiedade, insomnio, xordeira e produce unha desatención pública en canto á falta de barreiras do son do tráfico e á falta de actuación comprobada contra a contaminación producida pola “cultura do ocio”, até se converter nun “convidado de pedra”.

Son demasiados os dereitos fundamentais que se lesionan pola contaminación acústica. A Constitución española diseña os tipos de protección no seu artigo 53, recollidos individualmente nos artigos 10.1, 15, 18.1.2 e 19.

A doutrina recoñece que a lesión dos dereitos fundamentais non require que o ruído sexa dun nivel tan intenso que poña en grave perigo a saúde das persoas. Neste senso, existe un deber dos poderes públicos de garantirmos o goce deste dereito, sexan cales foren as circunstancias.

Cal é o contorno local?

O artigo 25.2,f da Lei 7/1985 (Lei de Bases de Réxime Local) establece as competencias en materia de Medio Ambiente, e o artigo 26 prescribe os servizos obrigatorios, con especial atención á protección do medio ambiente en determinados municipios segundo o índice de poboación.

Neste ámbito, como en tantos outros, é fundamental a existencia dunha potestade regulamentaria na que é básica a acción preventiva. Non imos relatar agora a inúmera xurisprudencia neste ámbito, xa citada na memoria de anos anteriores.

Existe unha sensibilidade doutrinal no senso de considerar que a normativa que agora se recoñece como Dereito ambiental, non pode ser concibida como o punto de chegada das respostas que desde o ámbito xurídico se poden propor aos problemas derivados da crise ecolóxica, senón máis ben como o punto de partida dun novo nesgo, dunha nova visión xeral que podemos chamar “ecoloxización” difusa e capilar do ordenamento xurídico, e que debería desenvolverse en paralelo á “ecoloxización” da política, da economía e da cultura da nosa sociedade. É máis, se dentro de vinte ou trinta anos o Dereito ambiental aínda se segue a considerar como unha rama do ordenamento xurídico, ese será sintoma inequívoco de que se ten progresado moi pouco na boa dirección (Gordillo Farré).

O dilema entre descansar ou durmir, fronte á diversión ou lecer, e o dereito empresarial é falso. O dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental; o debate está falseado. O vieiro de integración europea non pode reducirse só ao estritamente político-económico.

A maquinaria administrativa non resulta eficaz, ao non se realizar as oportunas comprobacións e inspeccións e non acudir á potestade sancionadora, o que fai que a diagnose non sexa optimista.

A protección social acompaña á individual, e é conveniente atribuír accións e mecanismos de defensa tanto ao individuo como aos grupos. A acción colectiva, sen dúbida, fará máis efectiva a defensa. Un 60% dos españois xa ten condicionado o seu sono polo ruído.

Para rematar estas reflexións, válidas para todos os expedientes semellantes, faise preciso lembrar ao profesor Pablo González Mariñas, quen, ao comentar “Nuestros Ayuntamientos”, subliña que a Constitución española di que as Administracións públicas actúan con sometemento pleno á Lei e ao Dereito, e, por desgraza, mantéñense aínda no ámbito local exercicios de autoridade cargados de personalismo, paternalismo

e clientelismo, cos que se goberna a casa de todos, como se se tratase da propia casa particular, e nese clima medran o favoritismo, o capricho e o desleixo.

Rematamos coa introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruídos e vibracións: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns. Por este motivo, desenvolveuse esta ordenanza, cos obxectivos de regulamenta-la actuación municipal co fin de protexer ás persoas e aos bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica, nas súas manifestacións máis representativas, os ruídos e as vibracións, e a achega de solucións ambientais operativas e de control”.*

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior. O 23/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, no que informa que o local de referencia carece de licenza de actividades e instalacións, pasando o expediente á Xerencia Municipal de Urbanismo para a incoación do pertinente procedemento de legalidade urbanística, do que se dá cumprida información ao interesado o 27/02/2006.

Con data 21/03/2006 solicítase da vicepresidencia da X.M.U. información actualizada en relación co procedemento de protección da legalidade urbanística, pedimento que se reitera o 19/04/2006, o 22/05/2006 e o 20/06/2006.

Con data 27/06/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que requiriron ao servizo de Medio Ambiente para a emisión do informe preceptivo. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 28/06/2006.

Con datas 9/08/2006, 5/09/2006, 4/10/2006 e 2/11/2006 solicítase de novo información actualizada.

Con data 17/11/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, ao que se xunta informe da Inspección Técnica de Obras, no que informa da apertura de expediente e da realización das dilixencia previas á incoación, de ser o caso, de expediente de protección da legalidade urbanística (vinte e dous meses despois de presentada a primeira denuncia). O anterior trasladouse ao interesado o 20/11/2006.

Con data 18/12/2006 solicítase información actualizada e ínstase o logro dunha acción eficaz, tras dous anos de inactividade.

No ano 2007 deronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reitérase o pedimento anterior e de novo o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 13/07/2007, 20/08/2007, 20/09/2007.

Con data 23/10/2007, recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que non consta licenza ningunha na actividade que se cuestiona polo que con data 11/10/2007 procédese á apertura dun período de información previa, co fin de acreditar os feitos que poden ser constitutivos de inspección urbanística. Do que se dá cumprida información ao interesado o 24/10/2007. Con data 27/11/2007, instouse unha acción eficaz, xa que como se ve de un informe emitido o 24/01/2007, acórdase abrir un período de información previa, nove meses despois.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expediente relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos, daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 23/2005

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local dedicado a cafetaría. Esta situación vén sendo denunciada desde o ano 1997, denuncias acompañadas das correspondentes medicións sonométricas.

Coa queixa achégase documentación do servizo de Medio Ambiente na que, tras a comprobación das irregularidades, instouse a adopción de medidas correctoras (4/05/2005 e 10/09/2004), así como da Xerencia Municipal de Urbanismo (19/01/1999) e da Xunta de Galicia, sen que a actitude contaminante desapareza.

Queixa presentada o 18/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/03/2005, petición que tivo que reiterarse o 25/04/2005, o 26/05/2005, o 30/06/2005, o 3/08/2005, o 7/09/2005, o 19/10/2005, o 10/11/2005 e o 12/12/2005.

No caso que nos ocupa, o interesado leva loitando pola defensa dun dereito fundamental desde o ano 1997, cos precedentes de expedientes sancionadores contra o perturbador, os cales están todos caducados e, polo tanto, arquivados.

Non consta unha acción que permita medidas correctoras, sen que se dea cumprimento ao disposto na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións. Que pasa cos artigos 44, 45 e 47 da citada ordenanza? Estamos a referirnos ás situacións tipificadas como agravantes, medidas complementares e medidas cautelares.

Deste xeito non é posíbel acadar un sentimento de credibilidade. A norma describe as medidas oportunas para que a administración se xustifique na súa eficacia pola vía dos rendimentos; se estes non se acadan, é obvio que aquela non se realice.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 21/02/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que se di que, con data 06/09/2004, imponse á entidade afectada unha multa, indicándolle que en caso de exercer actividades sen adopción das medidas correctoras poderá acordarse o precinto dos equipos de música e do aparello do ar, sen prexuízo do seu traslado ao Ministerio Fiscal, e que, en caso de nova comisión de infracción, se poderá adoptar a medida cautelar de clausura temporal do local ou a paralización da actividade. Subliña, ademais, que o expediente se atopa nese intre rematado e non hai queixas do denunciante.

Con data 22/02/2006 dáse cumprida información ao interesado, quen con data 6/03/2006 remite escrito no que subliña a súa desconformidade co informe emitido por Medio Ambiente. Chama a atención que o expediente que nos afecta é posterior no seu inicio á imposición da sanción que se relatou anteriormente. O anterior trasládase a Medio Ambiente, solicitando información actualizada o 7/03/2006, que se reitera o 4/04/2006, o 3/05/2006, o 6/06/2006, o 5/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 4/10/2006, o 2/11/2006 e o 1/12/2006.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 12/02/2007, 06/03/2007, 09/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 10/07/2007, 20/08/2007, 20/09/2007, 23/10/2007, 15/11/2007, 13/12/2007.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remítense, á Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004

e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos, daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 24/2005

Queixa en relación cos ruídos producidos, case diariamente, por un local dedicado a bar situado no soto dunha vivenda. Estes ruídos, cualificados de infernais, acentúanse as fins de semana e posibelmente o establecemento non dispoña de licenza nen reúna os condicionantes de seguridade necesarios.

Esta situación vense denunciando desde novembro de 2001, coa realización de medicións santométricas desde febreiro de 2002, o cal deu lugar á incoación de expedientes por falta “moi grave”. A última denuncia formulada é do 18/03/2005, xa que as infraccións seguen persistindo.

Con data 20/06/2005 o interesado volve denunciar ante a Xerencia Municipal de Urbanismo a carencia de medidas de seguridade.

Queixa presentada o 29/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 30/03/2005, petición que se reitera nas seguintes datas: 25/04/2005, 26/05/2005, 30/06/2005, 3/08/2005, 7/09/05, 19/10/2005, 10/11/2005 e 12/12/2005.

Ademais do exposto nos expedientes 5/2005 e 23/2005, cómpre incidir nunha situación que, por riba da contaminación acústica, presenta unha actividade que non se corresponde coa licenza da que goza, parecendo imposible que siga desenvolvéndose tal actividade. Este feito indica que, ou ben non se realizou ningunha actuación restauradora da legalidade, ou , se se realizou, carece de efectividade, seguramente por falta de control no seguimento, a pesar das denuncias do afectado e os requirimentos desta Institución.

Resulta anómalo que se estean a dar casos nos que, existindo unha denuncia por contaminación acústica, se comprobe ademais que o local carece de todo tipo de licenza e, sen embargo, mentres se inicia o procedemento de protección da legalidade urbanística da actividade que vai logo a ser legalizábel, a contaminación acústica segue campando a feito.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006, 18/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 22/02/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que indica que se atopa aberto expediente por contaminación acústica e que se solicitou unha medición sonométrica á Policía Local, indicando as precisións ao respecto. O anterior trasládase ao interesado o 23/02/2006.

Con data 7/03/2006 e 3/05/2006 solicítase información actualizada ao respecto.

Con data 22/05/2006 recíbese escrito no que se indica a incoación do expediente sancionador pola presunta comisión dunha infracción administrativa leve en materia de protección contra a contaminación acústica e a adopción de medidas correctoras. Coa mesma data dáse información ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto.

Con data 9/06/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa do acordo de prorrogar até o 11/07/2006 o procedemento sancionador, do que se dá cumprida información ao interesado o 12/06/2006, indicándolle que despois da citada prórroga instarase información ao respecto.

Con data 14/07/2006 recíbese escrito, no que se informa da emisión dunha multa de 1000 euros, así como doutras medidas para evitar a contaminación acústica. Dáse cumprida información ao interesado o 17/07/2006 indicándolle que, co ánimo de respectar os prazos procedimentais, en datas vindeiras instarase nova información.

Con data 24/07/2006 o interesado entrega copia da factura da C.T.N.E., na que se reflicten as numerosas chamadas nocturnas á Policía local por mor do incumprimento dos horarios de peche e o ruído. Con data 11/08/2006 trasládase o anterior á concellería competente.

Con datas 29/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 23/11/2006 e 21/12/2006 interérase información actualizada. No escrito de 23/11/2006 indícase que o interesado presentou nova denuncia o 27/10/2006, coa que achegaba acreditación médica sobre o tratamento que está a recibir.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 13/07/2007, 30/08/2007, 20/09/2007, 23/10/2007, 15/11/2007, 13/12/2007, achegando copias de medición sonométrica efectuados pola Policía Local os días 1 e 2 de decembro de 2007, indicando que segundo escrito do interesado o local mudou de nome e só dispón dunha porta de acceso e carece de saída de emerxencia.

No ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

O 14/04/2008, remitiuse, a Alcaldía e Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos, daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar aos respectivos interesados.

EXPEDIENTE 46/2005

Queixa en relación cos ruídos e cheiros procedentes dun local dedicado a restaurante. O promotor da queixa presentou escritos de denuncia no Concello en xaneiro e febreiro de 2005, sen unha solución positiva. Subliña que os ruídos duran, nalgúns días, até as tres da madrugada e os cheiros son permanentes.

Co seu escrito, o interesado achega copia dos partes da Policía local en relación coas medidas santométricas, as cales superan en 7,4 dB(A) e en 10,4 dB(A) os niveis máximos permitidos.

Indica, ademais, e así o acredita, que o seu cónxuxe se atopa nun estado delicado de saúde que require dun ambiente fisiolóxico e hixiénico, sobre todo a nivel de ruído, que lle permita un descanso reparador, o que coas circunstancias expostas é imposíbel acadar.

Queixa presentada o 13/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, petición que tivo que ser reiterada o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 21/11/2005 e o 22/12/2005.

É salientábel que a Xerencia Municipal de Urbanismo, en decembro de 2004, lle comunique ao interesado que existe unha solicitude de licenza de inicio de actividade para café-bar, e que o local leve máis de dous anos dedicándose a unha actividade que non coincide coa solicitude presentada e, ademais, que causa contaminacións superiores aos niveis legais permitidos.

Que ocorre coa protección da legalidade urbanística? Que ocorre coa defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns? Como se pode xustificar a falta de axilidade e a ineficacia da acción municipal, incluso no caso de denuncias contrastadas con informes dos propios funcionarios municipais?

A credibilidade fica baixo mínimos. Xa Antonio Gramsci, hai case un século, dicía que “o vello non acaba de se esmorecer, e o novo non termina de consolidarse”.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006 e 16/02/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 6/03/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa que non consta licenza de actividades para hostalería, polo que se dá traslado á Xerencia Municipal de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura da actividade, o que se traslada ao interesado indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de urbanismo información actualizada ao respecto.

Con datas 19/04/2006, 18/05/2006, 20/06/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006 e 4/10/2006 solicítase á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente información actualizada con respecto ao anterior.

Con data 5/10/2006 recíbese informe desde o servizo de Medio Ambiente, no que indica que o expediente pasou a Urbanismo, o que se traslada ao interesado o 9/10/2006.

Con datas 7/11/2006 e 11/12/2006 solicítase información actualizada.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/06/2007. Con data 19/07/2007 segundo nos indican de Medio Ambiente trasladouse o pedimento a Urbanismo, reiterándose o pedimento informativo o 19/07/2007 e o 30/08/2007, 25/09/2007, 27/11/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 21/02/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa que o 31/01/2008 resolveuse declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada pola entidade denunciada, e polo que se ordenou o arquivo do expediente.

Do anterior deuse cumprida información á cidadá promotora da queixa, o 21/02/2008; considerando así o expediente como pechado.

No obstante o 08/05/2008, comparece a citada interesada que manifesta que se ben

se restablece a legalidade urbanística xurden os interrogantes seguintes:

Qué pasa co problema mediomambiental, procedente da contaminación acústica e malos cheiros, do que Medio Ambiente non se fixo eco, limitándose a dar traslado do expediente a Urbanismo?.

Solucionando o problema da licenza por Urbanismo, Medio Ambiente abstense de calquera actuación e deixa sen amparo aos cidadáns danados pola contaminación antes citada.

O que se fai constar ante Medio Ambiente o 12/05/2008, e de novo o 12/06/2008, e o 22/07/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 29/11/2008.

CAPÍTULO II. – PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 11/2005

Queixa en relación coa reserva de entrada de carruaxes dun local comercial. A empresa titular do mesmo fixo reformas no baixo, debido as cales os veciños non teñen a posibilidade de aparcar os seus vehículos privados, xa que cando aparca algún cidadán que non sexa cliente do local dan aviso ao guindastre municipal para que proceda á súa retirada e á imposición da sanción correspondente.

Asemade, o promotor da queixa solicita que naquel lugar se poida, cando menos, habilitar unha zona reservada para minusválidos, xa que carece da mesma.

Queixa presentada o 10/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, que se reitera o 22/11/2005 e o 20/12/2005.

Cómpre dicir que non está permitido estacionar nos espazos reservados a entrada de carruaxes instalados legalmente.

No suposto que nos ocupa, sería conveniente que a autoridade competente, á vista do declarado, realizase unha comprobación ao respecto, xa que é moi probábel que casos como este se estean producindo, o que daría lugar ao exercicio duns dereitos que hoxe poden considerarse incorrectos ou, polo menos, obsoletos ou decaídos.

Do mesmo xeito, teríase que calibrar o número de prazas reservadas a discapacitados en función da lonxitude das vías públicas.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006, 16/02/2006 e 9/03/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 10/03/2006, no que indica que se procedeu á revogación da entrada de vehículos, así como á desestimación das solicitudes de anulación das sancións impostas por estacionar obstaculizando a normal utilización do paso, salvo a correspondente ao día 14/02/2006 por estar as alegacións desta pendentes de resolución. O anterior trasladouse ao interesado o 16/03/2006.

Con datas 19/04/2006, 18/05/2006, 20/06/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 11/12/2006 solicítase informe con respecto á última sanción citada.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 14/05/2007, 13/06/2007, 27/07/07, 18/08/2007, 26/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos, daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar aos respectivos interesados.

CAPÍTULO III. URBANISMO

EXPEDIENTE 26/2005

Queixa en relación coa xestión levada a cabo pola Concellería de Urbanismo nun expediente da Xerencia Municipal, non obstante as denuncias formuladas o 23/01/2003, pola realización de obras sen licenza, existindo unha resolución de novembro de 2003 pola que se ordena a paralización das obras por carecer de licenza.

Queixa presentada o 30/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 4/04/2005, petición que tivo que reiterarse con datas 2/05/2005, 2/06/2005, 4/07/2005, 3/08/2005 e 1/09/2005.

Con data 16/09/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que reflicte:

Con data 4/01/2005 imponse multa coercitiva en contía de 1.000 euros co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado.

Con data 11/07/2005, o propietario da obra sen licenza presenta solicitude de licenza para legalizar a obra ilegal.

Con data 19/09/2005 dáse cumprida información do anterior ao interesado, quen, con data 17/10/2005, achega copia dun escrito entregado na mesma data na X.M.U. e nos comunica o seu desacougo polas actuacións da mesma e que pretenden aumentar a altura da obra ilegal.

Con data 19/10/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. solicitando información actualizada e a adopción das medidas axeitadas en defensa da legalidade urbanística, pedimento que se reitera o 16/11/2005 e o 13/12/2005.

No noso escrito do 19/10/2005 fanse as reflexións que corresponden á totalidade do proceso, cales son:

Como é posíbel que en data 4/01/2005 se impoña unha multa coercitiva, co apercibimento da posibilidade dunha nova multa se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado? Que sucedeu entre o 4/01/2005 e o 9/09/2005, data do informe oficial, toda vez que a comunicación de reiterar a multa é para un mes, o cal se cumpriu en febreiro de 2005 (oito meses antes do informe oficial)? Quen se encarga e, polo tanto, se responsabiliza dese seguimento?

É evidente que se produce unha notoria falta de axilidade e de eficacia, principios activos de toda Administración pública, máxime en temas relativos á protección da legalidade urbanística.

Sublíñase, ademais, a opinión da doutrina xurisprudencial neste tipo de multas coercitivas en relación cos efectos das mesmas, segundo a cal non son máis cunha mera contribución a cargo do infractor. A vía dos rendementos fica, polo tanto, en dúbida ante os cidadáns.

Solicítase unha licenza seis meses despois da imposición da multa e persistindo a ilegalidade urbanística, que se afirma máis a causa dunhas obras complementarias que se estiveron a facer.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 17/04/2006, 18/05/2006, 13/06/2006, 10/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 13/02/2007, 13/03/2007. Con data 27/03/2007, recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que aínda, se atopa o expediente de licenzas de obras en tramitación, do que se dá cumprida información ao interesado. Con data 10/04/2007, dirixímonos a X. M. de Urbanismo sulñando o retraso nas comunicacións, que afecten o expediente instando, unha vez mais, se nos proporcione unha información actualizada, petición que, reiterouse o 09/05/2007, 12/06/2007, 27/07/2007 e 17/09/2007, 04/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

Con data 09/04/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

“ En resposta aos seus oficios (ref. expte. 26/2005) interesando información sobre as denuncias efectuadas por D.... cúmpreme informarlle que con data 13/03/2008 a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu:

Declarar a caducidade do expediente administrativo nº 53959/421 e, en consecuencia, ordenar o arquivo das actuacións nel practicadas, en relación á solicitude de licenza formulada con data 11/07/2005 por D^a....., para legalización dun cerramento na rúa, debido ao transcurso do prazo de 3 meses legalmente establecido para aportación da documentación requirida en notificación recibida con data consistente en:

Revisado o plano topográfico presentado o perfil natural do terreo non corresponde ao representado nos planos visados con data 03/06/2005, excedendo o muro a

altura máxima permitida. Deberá presentar proxecto reformado axustado ao terreo e o muro á altura máxima de 2 metros permisible.

Sen que conste no Rexistro desta Xerencia de Urbanismo a presentación da mesma, dáse cumprimento ás previsións dos artigos 47, 48, 76, 87.1 e 92 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Comuníquesele esta resolución á oficina de Infraccións Urbanísticas, onde teñen incoado expediente de protección da legalidade urbanística nº 12876/423”.

Do que se deu cumprida información ao interesado 10/04/2008.

Con data 14/05/2008, solicítase de Urbanismo información actualizada; indicándolle que o 12/05/2008 o interesado comparece nesta oficina do Valedor do Cidadán e manifesta o seu desacordo coa información recibida, indicando que a denunciada leva morando na vivenda máis de un ano e que carece de permiso de ocupación.

O pedimento anterior reiterouse o 12/06/2008 o 22/07/2008, 26/08/2008. Con data 04/09/2008, o interesado fai entrega dunha resolución na que figuran medidas que non coinciden co indicado anteriormente. Con data 08/09/2008 solicítase aclaración.

EXPEDIENTE 35/2005

Queixa en relación coa existencia dunha estufa de leña que ten unha saída de fumes que discorre pola parede posterior da vivenda do promotor da queixa, situada no primeiro andar dunha edificación de dous andares. Achega fotografía na que se observa un entubado para a saída de fumes que non é axeitado para tal fin, polo que se filtran polas xuntas, ás que lle aplicaron unha masa branca.

O interesado presentou tres denuncias na Xerencia Municipal de Urbanismo (2004 e 2005) e unha en Sanidade (2004) do Concello, sen ningún resultado, xa que a única resposta foi unha inspección que non deu resultado porque o denunciado non permitiu a entrada na súa vivenda ao inspector.

Queixa presentada o 4/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005, que tivo que reiterarse o 6/06/2005.

Con data 8/06/2005 recíbese escrito no que se indica que se procedeu á apertura dun expediente de información e que o informe da técnica municipal de data 30/05/2005 di que as obras denunciadas, consistentes na instalación dun conduto para a saída de fumes nunha vivenda unifamiliar de dúas plantas, serían legalizábeis de solicitar a correspondente licenza, sempre que a altura da desembocadura da cheminea supere en 1 metro a altura da edificación máis alta existente nun radio de 15 metros.

Con data 9/06/2005 dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitaríase informe actualizado en relación co expediente en cuestión, o que se fai en datas 7/07/2005, 4/08/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005.

É obvio que os principios de axilidade e eficacia requiridos non se fixeron efectivos, toda vez que ao cidadán afectado non se lle prestou a atención debida desde que en febreiro do ano 2004 presentou a primeira denuncia.

A solidariedade afecta sensibelmente ás actividades administrativas de carácter social e, con maior intensidade, a quen ten máis capacidade de obrar.

O cidadán séntese máis integrado na Administración municipal, daí a grande tarefa de fuxir do risco do burocratismo das xestións públicas. Tense que conseguir que a realidade sexa tan satisfactoria como a posibilidade e non é de recibo unha resposta como que “ó inspector non se lle permitiu a entrada na vivenda”. As normas sen coercitividade non son nada e existen medios suficientes para que, de acordo coa lei, esta se cumpra polos cidadáns, de grao ou por forza. A Administración pública é eficiente se os seus servidores promoven e xestionan os servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 11/01/2006, 13/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006, 7/06/2006, 6/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 2/11/2006 e 4/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 06/03/2007, 09/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 11/07/2007, 08/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe de Urbanismo no que se indica que con data 14/08/2007 foi redactado informe xurídico que en copia achega, no que se indica

que realizada a visita do Inspector compróbase que se realizaron obras sen licenza, obras legalizábeis mediante solicitude da correspondente licenza e sempre e cando a altura da desembocadura da cheminea supere determinadas medidas.

Do que se dá cumprida información ao interesado. Con data 17/09/2007, solicitouse información a X. M. de Urbanismo sobre se as obras que se estiman acabadas foron ou van ser obxecto de declaración de realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística, o pola contra se son legalizábeis mediante a solicitude correspondente.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 44/2005

Queixa en relación cos furados practicados nun edificio para a ventilación dun local de hostalería, o que produciu fendas no garaxe. Estes furados foron feitos unha vez rematada a edificación e rodeados con reixas.

Esta situación foi denunciada en varias ocasións polo interesado ante o Concello desde agosto do ano 2004.

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, o cal se reitera o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 14/11/2005 e o 12/12/2005.

Unha vez máis, o cidadán non ve satisfeitas as súas necesidades con axilidade pola falta de eficacia do órgano competente, o que non contribúe, obviamente, a un achegamento na procura da credibilidade.

A lexitimidade reside no carácter servicial que o Concello ten que proporcionar, e non se dan as fórmulas precisas e obrigadas para tal fin.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 11/01/2006, 13/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 19/04/2006, 5/05/2006, 18/05/2006, 7/06/2006, 20/06/2006, 6/07/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 2/11/2006 e 4/12/2006 reitérase o pedimento de informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 06/03/2007, 09/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 11/07/2007, 08/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 48/2005

Queixa en relación cunhas escavacións feitas en zona forestal e coa construción dunha nave polos propietarios duns talleres, deixando unha franxa de terreo de 75 metros aproximadamente do lindeiro.

O interesado fixo a súa primeira denuncia no ano 1989 e, posteriormente, nos anos 1990, 1991, 1993, 1995 e 1997. En todas declara a construción ilegal e fai mención a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2000 na que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola persoa que realizou as obras, como consecuencia do acordo do Consello da X.M.U. do ano 1997 polo que se decretou a demolición da nave industrial.

Queixa presentada o 24/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 25/05/2005, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 23/06/2005, 3/08/2005, 29/08/2005, 26/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 13/12/2005.

Resulta chocante que unha obra declarada ilegal, con orde de demolición no ano 1997, se atope sen unhas actuacións axeitadas no respecto á legalidade urbanística. A Administración municipal ten a obriga de facer cumprir a normativa vixente, ben por grao, ben por forza.

A eficacia da actuación pública quebra co principio recollido no artigo 103 da Constitución española; a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo, non só desexábel senón tamén indispensable no seu funcionamento, daí que o interese do cidadán, máis próximo á entidade pública, non se ve satisfeito, dada a falta de eficacia da actuación do órgano responsábel, deixando a un lado o carácter instrumental que toda Administración pública debe ter, o cal se manifesta prestando un servizo de interese xeral, cal é a defensa da legalidade urbanística. A falta de rigor na utilización dos medios de que dispón é manifesta e cómpre acometer un exercicio de reflexión histórica en torno ao xeito de respectar a disciplina urbanística e, sobre todo, facela respectar cos medios que a lei ten deseñado.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose escrito da vicepresidencia da X.M.U. o 7/02/2006, no que indica o desenvolvemento do proceso levado a cabo, finalizando que o 10/10/2002 e o 31/03/2003 se impuxeron multas coercitivas polo incumprimento da demolición ordenada, multas que se reiteraron por resolucións de 10/10/2003 e 8/11/2005. Dáse información do anterior ao interesado o 9/02/2006.

Á vista da situación do expediente, esta oficina, con data 9/02/2006, insta á vicepresidencia da X.M.U. á adopción dunha acción con carácter decisivo e eficaz, como corresponde a teor da convivencia e, polo tanto, da Lei, xa que as sancións coercitivas en forma de multas xa non se consideran válidas porque se estiman como *“meras cantidades simbólicas aceptadas polo administrado a xeito e taxa ou contribución periódica, e que non cumpren o previsto na lei”*.

Con datas 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 7/06/2006 reitérase a petición de información con respecto ao parágrafo anterior.

Con data 3/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que o 23/05/2006 se desestimou o recurso de reposición presentado polo afectado.

Con datas 18/07/2006, 9/08/2006, 1/09/2006, 4/09/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 23/11/2006 e 21/12/2006 interésase información actualizada en relación coa orde de derruba aprobada no seu día.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 19/03/2007, 18/04/2007, 15/06/2007, 18/07/2007, 17/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 22/01/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

“En resposta ós seus oficios (ref. expediente 48/2005) interesando información sobre as denuncias efectuadas por D.cúmpreme informarlle que:

O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 30/01/2007 resolveu impoñer a D. unha multa coercitiva en contía de 4.000 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión Municipal de Goberno de 17/11/1995 e a fin de lograr a súa execución forzosa.

Esta resolución foi notificada en data 20/02/2007 e contra a mesma o interesado interpuxo recurso de reposición, que foi estimado mediante resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/05/2007, reducindo a contía da multa a 3005 euros, equivalente a 500.000 pts, xa que é a contía máxima que fixa o artigo 175.5 da Lei 1/97, do solo de Galicia que resulta de aplicación en virtude da disposición transitoria décima da Lei 9/2002, de Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”.

Con este mesma data dirixímonos a Xerencia Municipal de Urbanismo, facendo as reflexións seguintes:

“Con data 22 de xaneiro do ano que andamos recíbese seu escrito de data 07/01/2008, data de rexistro de saída 21/01/08, nº de saída 066458, seu expediente: 13/178/423 , núm. de notificación 40403, do que se deu cumprida información o interesado.

Ante esta información faise preciso sinalar o seguinte:

- 1) A información anterior a esta data de 28/06/2006 na que se suliña que con data 23/05/2006, se desestimou o recurso de posición contra unha resolución de 08/11/2005 por canto as obras non serían legalizables coa aprobación do novo PXOU.*
- 2) Tras trece requirimentos de información actualizada, chéganos o escrito-informe citado, e dicir dezanove meses despois do anterior para indicar que con data 07/05/2007 se estima recurso contra a imposición dunha multa coercitiva por incumprimento dunha orde de derruba, e dicir oito meses despois de resolverse o recurso.*

- 3) *Obviamente xurde a pregunta sobre o que ten acontecido desde maio/2007 ate xaneiro 2008. Entendo pola nosa parte que estamos, unha vez máis, ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non respondeu ós criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é máis un principio activo, o que implica que se está disposto a obrar, que se actúa con rapidez e eficacia, tal como se consagran o artigo 103 da Constitución Española, e o artigo 3 da Lei 30/1992 (Régimen xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).*

Por outra banda é ben coñecida pola Xerencia Municipal de Urbanismo a doutrina xurisprudencial con respecto as derrubas non levadas a cabo, carecendo de argumentación e decisión de impoñer multas coercitivas, xa que está probado que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren coa finalidade da lei, cal é a protección da legalidade urbanística, este tipo de multas non resultan máis que un feito simbólico, máxime cando o sancionado ten facultades amplas para poder satisfacelas.

A disciplina urbanística non é máis ca un conxunto de regras para mante-la orde entre os membros dunha colectividade, e no cabe xustifica-la demora baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan. Todo ven definido pola capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

- 4) *Considérese que estamos ante unha denuncia presentando no Concello o 31/10/1989, existindo unha sentenza firme na que se decreta a demolición das obras realizadas.*

Por todo prégame unha acción efectiva en relación co tema cuestionado, así como información puntual e actualizada con posterioridade as accións levadas a cabo desde a última resolución coñecida por esta Oficina do Valedor do Cidadá e que data de 07/05/2007."

O pedimento anterior reitérase o 25/02/2008.

Con data 14/04/2008, remitiuse á Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 53/2005

Queixa en relación coas obras realizadas por un veciño que provocaron danos na finca do interesado, quen indica que a inspección da X.M.U. non ordenou a paralización das mesmas.

Queixa presentada o 2/06/2005. Con data 6/06/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 4/07/2005, 3/08/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 5/12/2005.

Esta situación non se clarexa porque non consta a existencia de actuacións ao respecto. Máis unha vez, a intervención desta oficina óbvíase como algo sistemático.

A dilixencia e os dereitos dos cidadáns a ser informados conforme a lei non fan acto de presenza.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 3/01/2006 recíbese escrito da Inspección Técnica de Obras, co que achega informe do 5/12/2005 da vicepresidencia da X.M.U., no que se reflicte que se iniciou expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras carecendo da preceptiva licenza municipal, obras que non teñen carácter legalizábel, e, no momento actual, o expediente está pendente de remisión ao aparelador municipal para informar as alegacións de carácter técnico presentadas, con carácter previo á emisión do informe xurídico e á formulación da proposta de acordo no Consello da X.M.U. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 9/01/2006.

Con data 6/02/2006 solicítase á vicepresidencia da X.M.U. informe actualizado en relación coa actuación do aparelador municipal, petición reiterada o 6/03/2006, o 3/04/2006, o 3/05/2006, o 1/06/2006, o 3/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 4/10/2006, o 2/11/2006 e o 4/12/2006.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 06/03/2007, 09/04/2007, 07/05/2007, 12/06/2007, 11/07/2007, 08/08/2007. Con data 27/08/2007 recíbese informe de Urbanismo no que se indica que a persoa executora das obras ten interposto con data 09/03/2006, recurso de reposición, que se atopa pendente de resolver. Con data 17/09/2007, damos traslado de información ao promotor da queixa, así como á Concellería Urbanismo manifestando o noso asombro pola tardanza na resolución do recurso de reposición.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 14/04/2008, remítese á Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 62/2005

Queixa en relación coa derruba dunha parede divisoria de dous garaxes dun edificio coa intención de comunicar os espazos, sen que conste o preceptivo permiso municipal. O representante da Comunidade de Propietarios dirixiuse ao Concello con data 6 de agosto de 2004, sen obter resposta.

Queixa presentada o 1/07/2005. Con data 4/07/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 18/08/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 15/12/2005.

Os interesados non recibiron resposta ningunha á súa denuncia, ao que, é obvio, teñen dereito, segundo se contempla na norma reguladora da actividade administrativa xeral de todas as Administracións públicas (artigo 35 da Lei 30/1992), así como no Real Decreto 208/1996 que regula os servizos de información administrativa e atención cidadá e no artigo 18 da Lei 57/2003, Lei de medidas para a modernización do Goberno local.

O cidadán séntese defraudado en relación coa credibilidade que ten cara á administración que lle é máis próxima e, polo tanto, na que máis integrado debe sentirse; a credibilidade por rendemento non se lle presenta de forma palpábel.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 31/01/2006 e no que se reflicte que o 14/09/2005 a denuncia foi enviada ao servizo de inspección para a comprobación dos feitos denunciados e que con data 17/01/2006 reitérase a petición de informe. Con data 1/02/2006 dáse cumprida información do anterior ao interesado.

Con data 23/02/2006 solicítase información actualizada do expediente, pedimento que se reitera o 27/02/2006, o 24/04/2006, o 23/05/2006, o 20/06/2006, o

13/07/2006, o 11/08/2006. o 20/09/2006, o 17/10/2006, o 20/11/2006 e o 18/12/2006.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 19/03/2007, 18/04/2007, 16/05/2007, 15/06/2007, 18/07/2007, 28/08/2007, 28/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 83/2005

Queixa en relación cunha denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo por unha Comunidade de Veciños en maio de 2005 pola apertura sen licenza dun taller mecánico. Indican que unha resolución de abril de 2005 ordena a inmediata suspensión da actividade.

Queixa presentada o 5/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

Se o día 12 de abril de 2005 decretouse a inmediata suspensión da actividade do local e a comprobación do cumprimento de tal orde para os efectos, de ser o caso, do precintado do local, como é posíbel que no mes de outubro se siga denunciando tal actividade?

O promotor da queixa indica, ademais, que a actividade produce vibracións e tremores na estrutura do edificio e que, debido ás tarefas de lavado da maquinaria, batuxan e enchen de terra e lamas os vehículos dos demais propietarios.

No proxecto non se tiveron en conta as características técnicas necesarias para determinar se o forxado pode soportar os pesos dos vehículos e da maquinaria, xa que a actividade se realiza a rentes do chan e no baixo existen outros locais que teñen que soportar os ruídos e as vibracións e co temor fundado dunha derruba.

Produciuse xa algún incidente, polo que a Policía levantou atestado no que avisa de posíbeis acontecementos de maior alcance.

As Administracións públicas teñen que fuxir das actuacións insuficientes e axilizar os trámites legalmente establecidos, máxime nos supostos en que está comprobada a situación de ilegalidade, con especial referencia aos expedientes de reposición da legalidade urbanística e á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Son precisas actuacións e medidas orixinais e específicas que limiten a proliferación de mecanismos obsoletos que, ademais de levar a custos elevados, xeran unha manifesta lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados, daí que se requira ter en funcionamento un mecanismo imprescindible como é a coordinación, primeiro principio de toda organización. Eses mecanismo obsoletos producen un desacougo e unha falta de credibilidade aos cidadáns que, como no caso que nos ocupa, están, ás veces, expostos a situacións que lles poden producir danos irreparábeis.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 20/02/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que achegan informe do aparelador municipal de data 9/02/2006 no que se reflicte que é necesario xustificar o incumprimento da normativa pola emisión de ruídos, así como a acreditación de que o local reúne as condicións de sanidade e que, con respecto a que no local se está a desenvolver unha actividade, terá que emitir informe o departamento de inspección. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 21/02/2006.

Con data 20/03/2006 solicítase información actualizada sobre as puntualizacións anteriores, que se reitera o 19/04/2006. Con data 25/04/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que os referidos expedientes se atopan pendentes de que se presente a documentación requirida, que se iniciou expediente de protección da legalidade urbanística ordenándose a suspensión da actividade, e que, con data 17/04/2006 solicítase informe á Policía Local sobre se segue realizando actividade no local. Con data 26/04/2006 dáse cumprida información ao interesado.

Con datas 30/05/2006, 26/06/2006, 18/07/2006, 21/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006 e 23/11/2006 solicítase información actualizada da situación do expediente, a cal se recibe o 15/12/2006 e na que se indica que o expediente de solicitude de licenza segue o trámite previsto, pero non fai mención a se segue realizándose actividade. O anterior trasládase ao interesado o 18/12/2006, indicándolle que se instará nova información.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reitérase información en relación coa actividade que se ven a realizar no local, pedimento que, de novo, se reitera o 19/02/2007, 18/03/2007, 19/04/2007, 16/05/2007, 15/06/2007, 18/07/2007, 28/08/2007, 28/09/2007. Con data 23/10/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se informa que tras o atestado da Policía Local deuse traslado da negativa do cese da actividade o Xulgado de Instrucción o 05/02/2007. Do que se deu cumprida información o interesado o 24/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren os mesmos daríasele o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 87/2005

Queixa en relación coas obras de reforma que se levan a cabo en dous baixos con actividade no ramo da hostalería, un dos cales, no seu día, foi pechado por carecer da debida licenza. En ningún dos supostos subliñados hai exposto cartel no que se faga constar a licenza de obra nin calquera outro dato relevante ao respecto.

Queixa presentada o 11/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 20/12/2005.

Existe unha necesidade de actuación consonte cos principios de defensa da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 31/01/2006 desde a vicepresidencia da X.M.U., no que indica que a denuncia foi remitida o 30/09/2005 ao servizo de Inspección para a comprobación dos feitos; do que se deu cumprida información ao interesado o 1/02/2006.

Con datas 23/02/2006, 27/03/2006, 24/04/2006, 23/05/2006, 20/06/2006, 13/07/2006 e 11/08/2006 solicítase información actualizada.

Con data 23/08/2006 recíbense dous escritos da vicepresidencia da X.M. U.: no primeiro informa que está en trámite a solicitude de licenza de obras para reformar o local, licenza solicitada o 5/06/2005 (14 meses) e, no segundo, que se concedeu a licenza de obras o 31/08/2005. O anterior trasládase ao interesado o 24/08/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada sobre o local pendente de concesión de licenza, solicitude que se tramita o 26/09/2006, o 17/10/2006 e o 20/11/2006.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 19/03/2007, 19/04/2007, 16/05/2007, 15/06/2007, 18/07/2007, 28/08/2007, 28/09/2007.

Con data 19/11/2007, o interesado fai entrega de medición sonométrica efectuada o 16/11/2007 na que se comproba que supera os límites permitidos, do que se de traslado, o 20/11/2007, a Urbanismo instando accións correctoras o respecto, así como información actualizada.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 21/01/2008, recíbese escrito do departamento de infraccións da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

“En respostas ao seu oficio de data 28 de agosto de 2007 no que interesa información sobre as queixas presentadas por D. ..., participolle:

En data 25 de setembro de 2007 a aparelladora municipal informa que no expediente 53595-421 solicítase licenza de obras de adaptación do local sito na planta baixa do edificio nº O proxecto foi remitido á delegación provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, por tratarse dun edificio incluído no catálogo do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC I-12, con grado de protección ambiental. A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra acorda que para obter a preceptiva autorización deberá presentar a través do concello unha memoria explicativa e planos que definan claramente as obras, debendo reducir o tamaño das letras serigrafiadas.

En data 13 de setembro de 2007, preséntase no Rexistro xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo un escrito asinado polo solicitante da licenza no que se indica que “as portas de entrada se realizaron con idéntica pauta que as dos locais lindantes, os materiais son de madeira lacada de cor idéntica ao resto da carpintería exis-

tente” e de fotografías da fachada do local no seu estado actual unha vez modificadas a situación e tamaño das letras.

En consecuencia remitiuse copia da documentación á Comisión Provincial de Patrimonio histórico da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, sen que na data conste a preceptiva autorización da Delegación Provincial da Consellería de Cultura”.

Do que se da cumprida información o interesado o 23/01/2008; e coa mesma da data dirixímonos a Urbanismo facendo as seguintes reflexións:

“Por outra parte indicase que o expediente que nos ocupa tiña unha dobre vertente:

-Obras sen licenza.

-Contaminación acústica.

En ningunha das informacións recibidas ate o de agora desde Urbanismo e Medio Ambiente, se facilita información sobre o tema da contaminación acústica, a tal fin achégase copia do noso último escrito do 21/11/2007, supoñendo que do mesmo se daría traslado o Medio Ambiente tal como prescribe o artigo 20 da Lei 30/1992, o que non é obstáculo para que nesta oficina do Valedor do Cidadán se recibe a preceptiva información o respecto.

Prégolle se nos facilite a información preceptiva.

O 23 de agosto de 2006, recíbese escrito da Vicepresidencia de X. M. de Urbanismo no que se informa que as obras de reforma teñen a solicitude ou licenza en tramitación. Non se fai referencia para nada da contaminación acústica.

Desde o 26/09/2006 e ata o 28/08/2007, solicitouse ato doce veces información actualizada o respecto, sen recibirse comunicación algunha.”

Con data 11/04/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa do seguinte:

“Nos escritos desa Institución, de datas 21 de novembro de 2007 (doc. 70130290) e 23 de xaneiro de 2008 (doc. 80009396), nos que solicita información sobre a queixa presentada por D....., en relación ao local denominado....., sito na rúa, acompañanse copias de partes de medición de rúidos.

Prégase que, por parte desa Institución, se informe a esta oficina de Inspección Técnica de Obras se algún dos partes remitidos se refiren ao mencionado local.

Achéganse copia dos mencionados partes.”

Do que se deu cumprida información ao interesado, pregándolle nos indique se os partes remitidos se refiren ao local cuestionado.

EXPEDIENTE 89/2005

Queixa en relación coa titularidade do camiño posterior a uns edificios dunha rúa da cidade.

En febreiro do ano 2001 o promotor da queixa, en representación da comunidade de propietarios, presentou solicitude no Concello. A resposta do arquitecto municipal foi que o terreo ao que se refire o pedimento non figura grafado como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario o 4/05/1993 e con referencia ao 31/12/1991.

O interesado, o 23/09/2002, presentou solicitude no Rexistro Xeral do Concello en petición de axuda para solucionar o problema que se lles presenta, cal é que os vehículos aparcan ao longo do camiño, fronte ás portas dos garaxes e, incluso, diante das mesmas, impedíndolles o uso para o que están destinados. Indica que cando reclaman aos propietarios dos mesmos reciben malas contestacións, xa que non existe sinal de entrada de carruaxes que indique a privacidade da zona, séndolles denegada a súa colocación, e o guindastre non pode actuar.

En decembro do ano 2002 consultaron no departamento de Patrimonio sobre a titularidade do camiño, o cal os remitiu ao Ministerio de Economía e Facenda de Pontevedra, Xerencia Territorial do Catastro de Vigo desde onde, con data 10/01/2003, lles indican que a “calificación de los caminos es competencia del Ayuntamiento”.

Á vista do anterior, dirixíronse ao departamento de Patrimonio do Concello instando información e facendo alusión ao anterior escrito. Na resposta que reciben en febreiro de 2003 consta a mesma lenda que recibiron no seu día do arquitecto municipal.

Con data 2/09/2003 solicitaron entrevista co Concelleiro de Tráfico, xa solicitada o 23/09/2002, e da que aínda non recibiron resposta.

Os afectados preguntáanse quen lles vai dar a solución ao problema, xa que, non obstante, eles pagan os seus impostos e cumpren as súas obrigas.

Queixa presentada o 18/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

Estamos ante unha situación esperpéntica, xa se en marzo de 2001 o camiño non figura no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado en maio de 1993, e o mesmo seguía pechado no ano 2003, existe unha falta de actualización, podéndose dicir o mesmo a finais do ano 2005.

En tanto as administracións implicadas eluden o problema e ninguén asume a competencia e, polo tanto, a cooperación, a Constitución española e a Lei 30/1992 poñen en letra impresa a obriga da cooperación entre todas as Administracións públicas.

Se o asunto se contempla desde a órbita anterior, non ten solución; pero existe outra fórmula legal, cal é a aplicación das normas xurídicas atendendo á realidade social do tempo en que se van aplicar e, especialmente, ao seu espírito e finalidade, cal é a aplicación analóxica, sen esquecer, ademais, o principio de boa fe, que permite adecuar as condutas ás esixencias invocadas pola conciencia social nun lugar e nun momento determinado.

Resulta incomprendible que o camiño en cuestión, dada a súa natureza, aínda non estea destinado ao uso público e dotado das medidas de protección xurídica que procedan.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006 e 20/02/2006 reitérase o pedimento de informe á Concellería de Xestión Municipal-Patrimonio, por recibir comunicación desde Urbanismo de que o expediente trasladábase a aquela.

Con data 28/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que se nos informa que o 24/02/2006 tiveron unha entrevista co interesado. Dos antecedentes dáse cumprida información ao promotor da queixa o 1/03/2006.

Con data 8/03/2006 solicítase á Concellería de Mobilidade e Seguridade información con respecto ao resultado da entrevista, petición que se reitera o 7/04/2006, o 18/05/2006, o 14/06/2006, o 10/07/2006, o 9/08/2006, o 6/09/2006, o 4/10/2006, o 7/11/2006 e o 11/12/2006.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 13/03/2007, 10/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 28/08/2007, 28/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren aos mesmos daríase o carácter de pechado por falta de interese por parte das Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 96/2005

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen a correspondente licenza municipal na azotea dun edificio próximo a dous colexios e un clube de xubilados.

O interesado presentou unha denuncia en setembro de 2005, ademais de realizar varias chamadas á Policía local, sen obter resultado ningún.

Queixa presentada o 11/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 14/11/2005, que tivo que reiterarse o 14/12/2005.

Existe a necesidade de realizar unhas actuacións eficaces e áxiles na procura da reposición da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 15/06/2006, 10/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 13/02/2007, 13/03/2007, 10/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 18/07/2007, 17/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes

O 14/04/2008, remitiuse a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren aos mesmos daríase o carácter de pechado por falta de interese por parte das Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

EXPEDIENTE 101/2005

Queixa en relación cos ruídos que producen catro establecementos de hostalería até altas horas da madrugada. Existen informes da Policía local polo incumprimento do horario de peche e por non axustarse a súa actividade á licenza concedida.

O interesado denunciou a situación en varias ocasións desde o mes de febreiro de 2005.

Queixa presentada o 28/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 29/11/2005, que se reitera o 26/12/2005.

O promotor da queixa presentou vinte e dúas denuncias desde o mes de febreiro de 2005, sen que se realizase ningunha actuación por parte da concellería competente. Isto non supón unha mellora na prestación dun servizo público que o Concello ten a obriga de prestar e fornecer, senón todo o contrario.

Máis unha vez, a lexitimidade non se dá no ámbito debido e cunha dobre vertente: a inadecuación da actividade á licenza concedida e a contaminación acústica, á que se fixo referencia no capítulo correspondente.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 2/02/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que, en relación aos catro locais denunciados, en tres non procede incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, xa que os mesmos se axustan á actividade para a que dispoñen de licenza. En canto ao cuarto local, estanse a realizar as dilixencias previas para a comprobación de se se realiza actividade con música no local. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 6/02/2006.

Con datas 7/03/2006, 4/04/2006, 3/05/2006, 1/06/2006, 3/07/2006, 6/08/2006,

4/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 4/12/2006 solicítase información actualizada con respecto a este último local.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12 de xaneiro de 2007 recíbese escrito da X. M. Urbanismo no que se informa que, con data 27/12/2006, remitiuse copia do expediente, a Medio Ambiente para que corresponda en relación ás súas competencias no que respecta ás molestias por ruído, xa que, debido a que non se pode concluír que a música forma parte da actividade do local, non procede incoación de expediente de protección da legalidade Urbanística do que se dá traslado ao interesado. Con data 12/02/2007, ínstase información actualizada ao respecto, dado o tempo transcorrido desde que se deu traslado a Medio Ambiente, e de novo o 17/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 14/04/2008, remitiuse á Alcaldía e á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non se reactivaren aos mesmos daríase o carácter de pechado por falta de interese por parte das Concellerías responsábeis, e así se faría constar ante os respectivos interesados.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	4
- Contaminación acústica	4
ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	1
-Control de festas	1
ÁREA DE URBANISMO	11
- Obras sen licenza	8
- Obras con danos a 3 ^{os}	1
- Escavacións zona forestal	1
- Titularidade dun camiño	1
TOTAL EXPEDIENTES	16

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS	
URBANISMO	68,75%
MEDIO AMBIENTE	25,00%
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	6,25%

Ordenados porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2005 CON INCIDENCIAS NO ANO 2007

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
5/2005	Contaminación acústica dun taller de caldeirería	14/04/2008	
23/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	14/04/2008	
24/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	14/04/2008	
46/2005	Contaminación acústica e malos cheiros dun local de hostalería	12/05/2008 12/06/2008 22/07/2008 26/08/2008 30/09/2008 29/11/2008	21/02/2008

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
11/2005	Control de festas	14/04/2008	

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
26/2005	Obras sen licenza	14/04/2008 14/05/2008 12/06/2008 22/07/2008 26/08/2008 08/09/2008 30/09/2008 29/11/2008	09/04/2008 04/09/2008
35/2005	Estufa de leña con saída de fumes, sen licenza	0/02/2008 14/04/2008	
44/2005	Furados practicados nun edificio para a ventilación dun local	14/04/2008	
48/2005	Escavacións feitas por un taller en zona forestal, sen licenza.	24/01/2008 25/02/2008 14/04/2008	22/01/2008
53/2005	Obras que producen danos en finca allea	14/04/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
62/2005	Derruba sen licenza dunha parede divisoria de dous garaxes	14/04/2008	
83/2005	Apertura dun taller sen licenza	14/04/2008	
87/2005	Obras de reforma de dous locais sen que conste licenza	23/01/2008 21/01/2008	11/04/2008
89/2005	Titularidade dun camiño	14/04/2008	
96/2005	Antena de telefonía sen licenza	14/04/2008	
101/2005	Actividade non axustada á licenza	14/04/2008	

PARTE V

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 27 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2006 con incidencias durante o 2008 e que corresponden a :

- MEDIO AMBIENTE	6
- MOBILIDADE E SEGURIDADE	8
- SERVIZOS XERAIS	1
- URBANISMO	11
- XESTIÓN MUNICIPAL	1
- TOTAL	27

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 1/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estado dunhas fincas lindeiras coa do interesado que se atopan cheas de silveiras, herbas e maleza e nas que proliferan os ratos e os mosquitos, o que é prexudicial para a saúde. Indica o promotor da queixa que desde agosto de 2005 presentou varios escritos no Concello, sen que se lle dese solución ao problema.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/01/2006. Con data 9/01/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Sanidade da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que

se recibe o 18/01/2006, no que se reflicte que con data 11/01/2006 se inicia expediente sancionador ao propietario do solar denunciado por telo en condicións de insalubridade, o que se traslada ao interesado o 23/01/2006.

Con data 22/03/2006 solicítase ao servizo de Sanidade información actualizada en relación co expediente sancionador antes citado, a cal se recibe o 4/04/2006 e na que se indica que, unha vez rematado o prazo para levar a cabo a limpeza da finca, remítese de novo a informe do inspector de sanidade para que comprobe se se deu cumprimentación á resolución da Alcaldía. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 20/04/2006, dado o tempo transcorrido, solicítase información en relación coa actuación do inspector de Sanidade, petición que se reitera o 23/05/2006 e o 21/06/2006.

Con data 5/07/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que informa que, o 15 de xuño, o inspector de Sanidade comunica que non puido comprobar se se levara a cabo a resolución da Alcaldía de 6 de febreiro de 2006, pola que se ordenaba a limpeza da finca, porque para realizala tería que acceder ao interior do edificio do denunciante e foille imposible porque non contestou ningún ás súas chamadas, tanto no enderezo daquel como por teléfono. O anterior notifícase ao interesado o 6/07/2006, quen acusa recibo persoalmente da información.

Con data 7/09/2006 solicítase nova información, que se reitera o 9/10/2006, o 9/11/2006 e o 5/12/2006. No escrito de novembro indícase que produce asombro que o interesado non responda ás chamadas do Concello e, en cambio, si recibe a información desta oficina do Valedor do Cidadán.

REFLEXIÓNS

Resulta contradictorio que a inspección de Sanidade non poda contactar co denunciante no seu domicilio e, pola contra, as comunicacións escritas que se fan, a nivel informativo, desde a oficina do Valedor do Cidadán son recibidas todas polo interesado.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos é clara e concisa cando, no seu capítulo II, determina que os propietarios de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público e que o Concello ordenará de oficio a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

RECOMENDACIÓN

Un axeitado cumprimento da ordenanza municipal.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007. Con data 1/05/2007, recíbese escrito do Servizo de Sanidade, no que se indica que, unha vez, rematado o prazo para realizar a limpeza, pásase o expediente ao Inspector Auxiliar de Sanidade para comprobar que se realizaran os traballos. Esta comprobación leva bastante retraso, que se trata de evitar unha nova incorporación doutro Inspector. Realizándose nestes días as probas de Oferta de Emprego Público. En caso de informe desfavorábel procederase a tramitar unha sanción coercitiva de 300€, reiterábeis até lograr a execución do ordenado, podendo chegar aos 6.000€ do que se dá cumprida información ao interesado o 21/05/2007.

Con data 19/06/2007, ínstase nova información actualizada, e con data 10/07/2007, recíbese novo escrito de Sanidade no que informa que aínda non se realizou a inspección que se fará por orde de antigüidade dos expedientes, e que o novo Inspector aínda non se incorporou o servizo, coa nova incorporación espérase que se rendese o tempo de tramitación, e que o estado de abandono, non xera ningún risco para os cidadáns, non ten carácter urxente polo que non se pode adiantar a súa tramitación. Pola nosa parte faise preciso indicar que o interesado presentou a súa primeira denuncia o 01/08/2005, isto é, hai vinte e tres meses. Do anterior deuse cumprida información ao interesado o 09/07/2007.

Con data 19/09/2007, solicítase información actualizada, recibíndose resposta o 27/09/2007, na que se informa que aínda o Inspector non realizou a inspección, que se atopa de baixa médica o que se lle comunica ao interesado o 02/10/2007, seguindo o expediente en tramitación.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 instase unha acción eficaz no tema que nos ocupa o que se reitera o 01/04/2008 o 07/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 16/2006

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que soportan os veciños da rúa Vía Norte, tanto de día como de noite, pola actividade dos talleres na súa proximidade. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, tentando que se sometese a actividade de Renfe a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de ser o caso, as medidas correctoras necesarias.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellería de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *“Con data 6/06/2006 solicítase información ao enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen”.*

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflicte que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia, polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades

(lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o veyro de integración europea non pode reducirse ao estrictamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, en realidade, ten que considerarse como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns.”*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e aos bens contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, senón tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, daí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ao máximo.

RECOMENDACIÓN

Cómpre tomar exemplo da rama laboral do dereito que cada día está concedendo máis importancia aos trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecendoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten que actuar e evitar que o cidadán se converta a cotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008.

EXPEDIENTE 61/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes na zona.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/10/2006, solicitándose o preceptivo informe o 9/10/2006, petición que se reitera o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

REFLEXIÓNS

As Entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático. O dereito dos cidadáns a participar na xestión pública permite unha administración eficaz e próxima aos mesmos.

Os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais, contribuíndo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns, e deben establecerse como servizos mínimos a recollida de residuos, a limpeza viaria, a protección sanitaria, etc.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, subliña como obrigatorio para os propietarios (entre eles o Concello) o mantemento en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público das súas propiedades. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións. Que sucede cando o Concello se esquece dos terreos que lle son propios?, a quen sancionará?

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces en temas que afectan a propiedades municipais en relación coa sanidade e o decoro públicos.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 13/03/2007, 11/04/2007, con data 17/04/2007 recíbese escrito de Sanidade no que se informa que dadas as dificultades para acceder aos terreos, remitiuse o expediente á Xerencia de Urbanismo para a realización das pescudas sobre a existencia dun acceso público para poder realizar a limpeza do mesmo, sen invadir propiedades privadas. Do que se dá cumprida información á interesada o 19/04/2007. De novo o 14/05/2007, instase información sobre a situación, e, o 22/05/2007, recíbe novo informe da Sanidade no que se indica que se descoñece a situación da oficina de Urbanismo a quen se lle trasladou o expediente, e que non é da súa competencia averiguar a situación de dita oficina que non depende xerarquicamente do negociado de Sanidade. E obvio que a coordinación brilla, unha vez mais, pola súa ausencia. Do que damos cumprida información á interesada o 23/05/2007, e coa mesma data dirixímonos a xerencia de Urbanismo que con data 12/06/2007, nos informa que existe un expediente en tramitación sobre as competencias de mantemento do talud existente nas traseiras do edificio, sobre orde de execución do mantemento do dito talud, o que lle participamos á interesada o 13/06/2007.

Con data 30/07/2007, interesase, de novo, información actualizada, e de novo o 30/08/2007.

Con data 06/11/2007, recíbese comunicación da interesada na que nos participa, que están a seguir padecendo molestias constantes, por mor das picadelas dos insectos con perigo para súa saúde, do que se dá cumprida información a Urbanismo, instando, unha vez máis, unha solución axeitada o 08/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, recibíndose escrito de Disciplina Urbanística o 26/05/2008, do que se deu cumprida información á interesada quedando o tema pendente das xestións ante Patrimonio. Con data 24/06/2008 solicitouse información ao respecto, e de novo o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 69/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias (ruídos e cheiros) producidas por unha campá extractora instalada, sen licenza, nun patio exterior.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un feito denunciado o 30/12/2004 e do cal existe un informe do departamento de Medio Ambiente de 21/01/2005 no que se indica que a instalación incumpre a ordenanza protectora do ambiente atmosférico. Ademais, con data 10/02/2005 esténdese dilixencia do servizo de Licenza de actividades e instalacións da X.M.U. no que se reflicte que non consta a licenza de actividades e instalacións.

Cómpre salientar que en escrito do 24/10/2005 o departamento Medio Ambiente traslada o expediente ao servizo de Disciplina urbanística para que se incoase, de ser o caso, expediente de protección da legalidade urbanística.

Que pasa coas molestias que o interesado está a padecer desde que fixeron a súa denuncia?

O cidadán non pode soportar tanta realidade. A falta de axilidade conduce a unha ineficacia que produce danos na saúde e na tranquilidade ás que ten dereito a gozar o promotor da queixa, como calquera outro cidadán, e que, polo acontecido, non se lle proporciona.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento axeitado da defensa dos dereitos do cidadán e da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 26/02/2007, 26/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 19/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007. Con

data 02/11/2007, recíbese informe de Urbanismo indicando que con data 09/10/2007, se solicita informe a la inspección para comprobar que tipo de actividade se está a realizar (e dicir vintedous meses desde producida a primeira denuncia), o que se comunica ao interesado o 05/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, solicitouse a Concellería de Urbanismo e Vivenda información actualizada sobre as comprobacións dos feitos denunciados (en especial falta de licenza).

Con data 17/03/2008, recíbese escrito de Urbanismo no que se informa que se expediu título de cambio de titularidade da actividade e toda vez que o local conta con licenza non procede incoación de expediente de protección de legalidade urbanística; e que nesa mesma data (07/03/2008) trasládase o expediente a Medio Ambiente aos efectos oportunos de contaminación acústica; do que se dá traslado ao interesado.

Con data 06/05/2008, instouse información ao respecto á Concellería de Medio Ambiente, solicitude que se reitera o 20/05/2008 o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 71/2006

ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños como consecuencia do denominado “botellón”.

O promotor da queixa indica que presentou tres denuncias durante os sete primeiros meses do ano 2006, sen recibir resposta ningunha e sen que consten actuacións por parte do Concello ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudo efectuado por unha empresa homologada, no que se reflicten niveis de contaminación acústica que superan, con carácter grave, os límites permitidos na Ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía Local a conseguinte medición santométrica.

REFLEXIÓNS

Ten que facerse patente, unha vez máis, a actitude que de “convidado de pedra” adopta a autoridade municipal.

O promotor da queixa achega facturas dun servizo telefónico nas que se recollen vinte e nove peticións de axuda á Policía local nun período de ano e medio, sen que se lle prestase a atención debida, cando a finalidade da ordenanza municipal citada é “protexer ás persoas e aos bens” contra este tipo de agresión, e abranxe a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de producir molestias, lesións ou danos materiais a aqueles. Estamos ante un suposto perfilado nitidamente nos artigos 22 e 23 da citada ordenanza, sobre produción de ruídos nas zonas de pública convivencia, con especial referencia ás horas de descanso nocturno.

Obviamente, o problema non é dun determinado aspecto, lugar, actividade ou situación; as medidas preventivas son escasas, falta unha axeitada planificación, especialmente urbana, unha arquitectura urbana que contemple a axeitada insonorización das vivendas, locais, etc.

Pese a que cada vez hai máis decisións xurídicas neste ámbito, as Administracións públicas seguen, facendo oídos xordos, punzando aos cidadáns, obrigándoos a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias que deberían ser resoltas pola administración dun xeito lóxico e normal e non excepcional, como está a ser.

Neste ámbito, e válido para máis expedientes, é necesario subliñar que, segundo a sentenza do Tribunal Supremo, de 10 de abril de 2003, identifícase como enderezo inviolábel o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente aos usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico en si mesmo como o que nel hai de emanación da persoa que o habita. Este dereito fundamental adquiriu unha dimensión positiva en relación co libre desenvolvemento da personalidade, orientada á súa plena efectividade, facéndose imprescindible asegurar a súa protección, non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte aos riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así, o ruído pode chegar a representar un factor psicopatolóxico destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da

calidade de vida dos cidadáns. Certos danos ambientais, en determinados casos de especial gravidade, poden atentar contra o dereito da persoa ao respecto da súa vida privada e familiar privándoa do goce do seu domicilio, aínda cando non poñan en perigo a saúde das persoas.

En relación co rebumbio provocado polo “botellón”, é preciso que, con medios axeitados como é unha dotación policial, se apliquen as ordenanzas municipais para impedir que se sobrepasen os límites de ruídos, procedendo ao peche dos establecementos que os incumpran, incluso dispersando as concentracións de mozos cando se pasen os citados límites. Non se trata de exercer unha represión policial, pero os dereitos da xente nova a expresarse e reunirse atopan os seus límites nos dereitos dos demais cidadáns á libre circulación, ao descanso e á propia vida, entendida nun senso amplo non só físico, que se menoscaba ao non adoptar a Administración municipal as medidas axeitadas e suficientes para paliar, polo menos en parte, os efectos negativos de cada situación (Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, sentenza do 29 de outubro de 2001).

No traballo publicado pola institución do Valedor do Cidadán sobre Contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo, na zona que nos ocupa chegaronse a medir índices de contaminación acústica de entre 62 e 70 dBA.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordadas co disposto na normativa reguladora en defensa dos danos producidos pola contaminación acústica.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, dáse resposta a Medio Ambiente, indicando, unha vez mais, a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo, no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar a Policía Local tal medición. E obvio, toda vez que xa ten formulada denunciada ao respecto no Concello, que esta é que ten que proceder ás comprobacións pertinentes, máxima tendo en conta que a interesada formulou tres denuncias durante o ano 2006, sen actuación municipal.

Pola súa parte esta Institución presentou medición feita por empresa homologada, solicitando, unha vez mais, información actualizada o respecto petición que se reitera o 27/02/2007, 27/02/2007, 23/04/2007, 21/05/2007. con data 04/06/2007, recíbese escrito de Medio Ambiente no que reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica á Policía Local. Con data 11/06/2007, dirixímonos a Medio Ambiente indicando o seguinte:

“Con data 4 de xuño do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 25/05/2007, número de saída 8502, no que se reflicte que a interesada debe solicitar medición sonométrica á Policía local como actuación previa.

Do contido do mesmo despréndese que a denuncia da interesada, de 13/01/2006 (hai ano e medio), remitida por carta certificada e con recepción no Rexistro Xeral do Concello, non foi ben examinada, pois na mesma indícase “las llamadas telefónicas semanales a la Policía local carecen de eficacia”. A interesada reiterou o seu pedimento mediante carta certificada o 8/02/2006 e o 3/08/2006, en escrito co número de documento 60084639, escrito que se cita na xuntanza que tivo co titular da Concellería de Mobilidade e Seguridade e co xefe da Policía local en marzo de 2006 sobre o tema en cuestión.

Ademais, no seu escrito alude ao pedimento desta Institución de data 21/05/2007, pero non fai ningunha mención ao noso escrito de data 16 de xaneiro de 2007, número de saída 24, e que, de novo, en fotocopia se achega, con especial referencia ao tema das medicións sonométricas.

Como dato máis salientábel, signifícase que é frecuente que, ante unha sanción por exceso de ruído, se alegue ante os tribunais a falta de aptitude ou de capacitación técnica da persoa que realiza a medición.

Cómpre indicar que as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos, tal como a que se achegou co noso escrito de 20/11/2006, número de saída 1218.

O Decreto 150/1999, do 7 de maio, da Xunta de Galicia, esixe tal homologación ás empresas ou entidades que efectúen medicións, como no caso que nos ocupa.

Máis frecuentemente, as medicións se levan a cabo por persoal municipal competente, xeralmente membros da Policía local, o que nalgunha ocasión deu lugar a impugnacións baseadas no incumprimento do artigo 35 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que se refire á comprobación das condicións esixidas na licenza por un “funcionario técnico”.

Enfrontada a tal suposto, a Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de setembro de 1995, que decidiu o recurso no que o Concello invocaba o artigo 53.1, d) da Lei de Corpos de Forzas de Seguridade (LO 2/1986, de 13 de marzo), que atribúe aos corpos de Policía local o control do cumprimento das ordenanzas e normas locais e, polo tanto, a potestade de controlar o cumprimento dos niveis de ruído permitidos pola ordenanza municipal aplicábel e polo PXOU municipal, que declarou que

a finalidade do artigo 35 do RAM non é outra que introducir un criterio técnico na comprobación das deficiencias e irregularidades que poidan observarse nas actividades sometidas a licenza a outorgar, de acordo co regulamento das citadas actividades. Porén, isto non supón necesariamente que se trate sempre dun funcionario cunha cualificación ou titulación técnica, de xeito tal que, cando a comprobación se poida facer por medios técnicos fiábeis, ten que entenderse que se cumpriu a finalidade da norma regulamentaria.

A doutrina xurispudencial matiza que de ningún modo pode levar a entender que a intervención do funcionario técnico prevista polo regulamento poida ser substituída pola actuación da Policía municipal en todo caso, procedendo esta substitución unicamente naqueles supostos no que o emprego de instrumentos por persoas sen unha formación específica respecto a materia dea lugar a resultados tecnicamente correctos.

A propia ordenanza do Concello de Vigo prevé a intervención de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas, como no caso que nos ocupa. O auxilio, neste caso, foi promovido pola Institución do Valedor do Cidadán do Concello de Vigo e, dentro do procedemento, a promotora da queixa formulou a súa solicitude de forma clara, tal como se desprende dos escritos antes citado, segundo o artigo 35 da Ordenanza municipal de 28 de xullo de 2000.

Por todo, unha vez máis, solicítase a adopción das medidas axeitadas en función do índice de perturbación, así como información actualizada ao respecto."

Posteriormente o 21/07/2007, reiterase o pedimento informativo e, de novo, o 30/08/2007, e o 30/10/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo, é, de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 73/2006

ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños, así como a contaminación acústica producida por un establecemento de hostalería.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudio efectuado por empresa homologada, no que se reflicten niveis de contaminación acústica que superan, con carácter grave, os límites permitidos na ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía local a conseguinte medición sonométrica.

REFLEXIÓNS

Ademais das que se reflicten no expediente 71/2003, cómpre incidir en determinadas puntualizacións de carácter xenérico. No noso ámbito territorial atopámonos lonxe de chegar a actuacións administrativas, e tamén xudiciais, propias dos países do noso contorno, máis avanzados e “democráticos” no entendemento do que supoñen estes dereitos de “terceira xeración”. O insólito do noso país é que se deba acudir, con tanta frecuencia, á vía xudicial, cando é a administración, coñecedora dos criterios xurisprudenciais, a que ten que adoptar uns criterios que coñece e non lle son alleos (Izquierdo Carbonero).

A desidia da Administración local na defensa do cidadán é unha práctica constante até o momento, tolerando actividades altamente nocivas, como son as célebres zonas de botellón e, en xeral, de locais de lecer nocturno, onde a música supera os niveis permitidos a altas horas da mañanciña, o ruído dos vehículos de motor e a xente que se concentra nas portas producen uns efectos auditivos sonoros para os veciños que habitan os inmóbeis próximos e nos arredores realmente insoportábeis (Domingo Monforte, Bermejo Ferrer e outros).

A xurisprudencia constitucional e administrativa pon de manifesto a transcendencia do ben xurídico protexido, que non é outro que o dereito á protección da saúde, á intimidade persoal e familiar no domicilio, ao benestar e á calidade de vida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

O medio ambiente urbano está conformado polas condicións de “acougo público” nas que desenvolvemos a nosa existencia (Calvo Charro).

O Tribunal supremo (52/2003) proclama que a contaminación acústica é unha agresión que esixe unha resposta do Dereito.

Para rematar, hai que lembrar a Martin-Retortillo Baquer, que expón a existencia dun apartado que sobresaí, cal é o ruído do lecer, polo que as rúas paradisíacas convértense en infernos, sen que o poder municipal consiga protexer aos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordes co disposto na normativa reguladora

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, dáse resposta a Medio Ambiente indicando, unha vez máis, a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar a Policía Local tal medición. É obvio, toda vez, que xa ten formulada denuncia ao respecto no Concello, que esta é o que ten que proceder ás comprobacións pertinentes, máxime tendo en conta que o interesado formulou denuncia durante o ano 2006, sen actuación municipal ningunha. Pola súa parte esta Institución presentou medición feita por empresa homologada, solicitando información o respecto, petición que se reitera o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007. Con data 04/06/2007, recíbese escrito de Medio Ambiente no que reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica á Policía Local. Con data 11/06/2007 dirixímonos a Medio Ambiente indicando o seguinte:

“Con data 4 de xuño do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 25/05/2007, número de saída 8502, no que se reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica á Policía local como actuación previa.

Do contido do mesmo despréndese que a denuncia do interesado, de 9/11/2006, co número de documento 60116937, e dirixida a Medio Ambiente, non foi ben examinada, pois na mesma faise mención aos feitos e aos contactos coa Policía local

Ademais, no seu escrito alude ao pedimento desta Institución de data 21/05/2007, pero non fai ningunha mención ao noso escrito de data 16 de xaneiro de 2007, número de saída 26, e que, de novo, en fotocopia se achega, con especial referencia ao tema das medicións sonométricas.

Como dato máis salientábel, significase que é frecuente que, ante unha sanción por exceso de ruído, se alegue ante os tribunais a falta de aptitude ou de capacitación técnica da persoa que realiza a medición.

Cómpre indicar que as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos, tal como a que se achegou co noso escrito de 20/11/2006, número de saída 1219.

O Decreto 150/1999, do 7 de maio, da Xunta de Galicia, esixe tal homologación ás empresas ou entidades que efectúen medicións, como no caso que nos ocupa.

Máis frecuentemente, as medicións se levan a cabo por persoal municipal competente, xeralmente membros da Policía local, o que nalgunha ocasión deu lugar a impugnacións baseadas no incumprimento do artigo 35 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que se refire á comprobación das condicións esixidas na licenza por un “funcionario técnico”.

Enfrontada a tal suposto, a Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de setembro de 1995, que decidiu o recurso no que o Concello invocaba o artigo 53.1, d) da Lei de Corpos de Forzas de Seguridade (LO 2/1986, de 13 de marzo), que atribúe aos corpos de Policía Local o control do cumprimento das ordenanzas e normas locais e, polo tanto, a potestade de controlar o cumprimento dos niveis de ruído permitidos pola ordenanza municipal aplicábel e polo PXOU municipal, que declarou que a finalidade do artigo 35 do RAM non é outra que introducir un criterio técnico na comprobación das deficiencias e irregularidades que poidan observarse nas actividades sometidas a licenza a outorgar, de acordo co regulamento das citadas actividades. Porén, isto non supón necesariamente que se trate sempre dun funcionario cunha cualificación ou titulación técnica, de xeito tal que, cando a comprobación se poida facer por medios técnicos fiábeis, ten que entenderse que se cumpriu a finalidade da norma regulamentaria.

A doutrina xurisprudencial matiza que de ningún modo pode levar a entender que a intervención do funcionario técnico prevista polo regulamento poida ser substituída pola actuación da Policía municipal en todo caso, procedendo esta substitución unicamente naqueles supostos no que o emprego de instrumentos por persoas sen unha formación específica respecto a materia dea lugar a resultados tecnicamente correctos.

A propia ordenanza do Concello de Vigo prevé a intervención de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas, como no caso que nos ocupa. O auxilio, neste caso, foi promovido pola Institución do Valedor do Cidadán do Concello de Vigo e, dentro do procedemento, a promotora da queixa formulou a súa solicitude de forma clara, tal como se desprende dos escritos antes citado, segundo o artigo 35 da Ordenanza municipal de 28 de xullo de 2000.

Por todo, unha vez máis, solicítase a adopción das medidas axeitadas en función do índice de perturbación, así como información actualizada ao respecto.”

Posteriormente o 19/07/2007 reitérase o pedimento informativo actualizado e, de novo, o 17/08/2007, 25/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/05/2008, reiterouse o pedimento informativo, é de novo, o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 17/12/2008.

CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 3/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta por efectuar unha parada por tempo inferior a dous minutos, parada necesaria pola necesidade de subministrar mercadorías a un cliente. O vehículo do interesado é un furgón destinado ao transporte de mercadorías que atopa dificultades para realizar o seu traballo por estar a zona de descarga ocupada por outros vehículos. Trátase dunha simple parada e non dun estacionamento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/01/2006. Con data 30/01/2006 solicítase o preceptivo informe ao departamento Mobilidade e Seguridade, petición reiterada o 22/02/2006.

Con data 28/02/2006 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade, no que se informa que o condutor presentou alegacións o 03/01/2006, as cales actualmente están tramitándose segundo o procedemento establecido. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 02/03/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, o que se fai nas seguintes datas: 22/03/2006, 20/04/2006, 23/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006 e 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade, no que informa que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado conforme o artigo

81.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo. O anterior trasládase ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras instarase nova información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

REFLEXIÓNS

Se ben a Lei 30/1992 estipula no seu artigo 47 a obrigatoriedade de termos e prazos, tanto para as autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas como para os interesados no asunto, non é menos certo que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non se ten que esperar ao último día, non é preciso esgotar o prazo de un ano desde a iniciación do expediente para ditar resolución.

Un dos fins do Dereito administrativo consiste en potenciar a eficacia administrativa. Ao cidadán o que lle interesa é o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade (preámbulo da Constitución española, 1978).

A Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ten como obxectivo lograr unha maior eficacia e servizo aos cidadáns, e considera que, para facer afectiva unha resolución, tense que partir da premisa de que un procedemento administrativo que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ao verdadeiro servizo dos cidadáns.

Por outra parte, a proba da imaxe captada polo vehículo multamóvil non é un medio de proba que acredite o tempo nin as circunstancias polas que o vehículo estivo inmovilizado, o que induce a dúbidas de que a situación fose de estacionamento e non de parada, como aduce o afectado, que tivo que deixar os paquetes na beirarrúa e precisou, por ende, da axuda do cliente.

Ademais, o feito mencionado debeuse a un claro estado de necesidade obxectivo, algo que sucede igualmente nas motivacións de xustificación penal. O interesado non se comporta desa maneira de forma antixurídica, toda vez que actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, é como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais pola súas condicións especiais, as cales veñen marcadas pola actividade que se realiza, que debe ser respectada. Este é un caso no que se cumpre o presuposto básico de estado de necesidade e, por iso, exímeo de responsabilidade.

RECOMENDACIÓN

A decisión debe axustase, en todo caso, ás circunstancias concorrentes, co obxecto de acadar a debida proporción entre o feito imputado e a realidade, que determinará o grao de responsabilidade, sen esquecer as probadas testemuñas alleas que afectan o feito acontecido. Todo o anterior, sen prexuízo dos posibles defectos que puidesen concorrer no acto de notificación da denuncia.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007, reiterase o pedimento anterior, e, de novo, o 22/01/2007. Con data 23/02/2007, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se fai un relatorio das actuacións rematando que “Dito expediente está actualmente pendente de resolver” (é dicir un ano despois de que se iniciou). Do que se de cumprida información ao interesado o 26/02/2007. Con data 22/03/2007, instase información actualizada e subliñase que se o expediente se lle notificou ao interesado o 26/12/2005, e o 22/02/2007 está pendente de resolución. Qué pasa con relación á caducidade do mesmo segundo a lexislación vixente? Pedimento que se reitera o 19/04/2007, o 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007, 27/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/02/2008, reitérase, por oitava vez, o pedimento informativo, é , de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008. Con data 30/05/2008, recíbese escrito da Concellería competente no que informa que o expediente en cuestión foi anulado; do que se dá cumprida información ao interesado, e dándose o mesmo por pechado.

EXPEDIENTE 10/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por conducir sen cinto de seguridade, situación negada polo interesado toda vez que o seu vehículo dispón dunha alarma acústica e rexente para estes supostos, a cal lle fai imposible a conducción. Ademais, pregúntase como é posible que o axente da Policía local perciba tal situación sen darlle o alto, máxime cando o condutor vestía de gris, cor igual á do cinto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2006. Con data 2/03/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se recibe o 20/03/2006, no que informa que o 15 de xuño de 2004 formulouse a denuncia correspondente, cando no documento de notificación da denuncia figura como data da mesma o 28/09/2005; indica, ademais, que, unha vez presentado o escrito de alegacións, estas seguen a tramitación habitual, sen que fosen obxecto de resolución na actualidade. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 24/04/2006 solicítase información actualizada con respecto á situación do expediente, pedimento que se reitera o 24/05/2006, o 21/06/2006, o 17/07/2006 e o 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese información do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se indica que non recaeu resolución ningunha sobre as alegacións e que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado no artigo 81.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de novo información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

REFLEXIÓNS

Resulta obvio que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non hai que esperar ao último día para resolver, como xa se expuxo en casos anteriores.

Un procedemento que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ao verdadeiro servizo dos cidadáns.

Atopámonos con supostos no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non corresponde cos criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é mais que un principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúa con rapidez e eficacia. O principio de actividade non só é desexábel, senón indispensable no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura de credibilidade.

Estamos ante un procedemento que se iniciou o 28 de setembro de 2005, sen que se notificase ao denunciado no momento do feito e sen que existiran causas que

xustificasen a falta de notificación (intensidade de tráfico, factores metereolóxicos, obras ou outras circunstancias). Dáse ademais a circunstancia de que a comprobación de que o interesado non levaba posto o cinto de seguridade é altamente dificultosa. O que lle permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención de vehículo.

Tal como reflicte o Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exerceranse coa finalidade para a que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa que das alegacións parece inducirse que o axente municipal actúa cun criterio absolutamente infalíbel.

Ademais, en todo procedemento administrativo deberá terse en conta que as cuestións presentadas polos interesados constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aqueles.

RECOMENDACIÓN

Unha axilidade máxima na resolución dos expedientes, así como a atención ás connotacións que xorden das reflexións.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/02/2007 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se fai un relatorio do acontecido no expediente rematando coa indicación de desestimación das alegacións aducidas polo interesado o 23/11/2006, dándose cumprida información ao mesmo o 26/02/2007.

Con data 22/03/2007, dirixímonos escrito a Mobilidade e Seguridade facendo as seguintes puntualizacións:

“1) Con esta data, 22/03/2007, o interesado manifesta a súa inquedaanza pola resolución ditada o 2/01/2007, aínda que non recibiu notificación da mesma.

Que sucede co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992 sobre o prazo establecido para as notificacións das resolucións? Podemos estar, unha vez máis, ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non se albisca por ningún lado. A eficacia non é máis que un principio activo que implica que se está en disposición de obrar; o principio de actividade non só é desexábel senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

2) En canto ao punto do rexeitamento das alegacións formuladas polo interesado na defensa á que ten dereito, baste con recordar que non se deu causa xustificativa en favor da falta de notificación da denuncia no momento da suposta infracción. A comprobación dun feito antiregulatorio é altamente dificultosa. O que permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención do vehículo

Tal como se contempla no Código Europeo de boa conducta administrativa, os poderes exerceranse para a finalidade coa que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa parece deducirse que o axente municipal actúa con criterio absolutamente infalible. A presunción de veracidade da denuncia precisa do deber de achegar todos os elementos probatorios que sexan posíbeis sobre o feito denunciado e dar as probas que en defensa dos seus dereitos poidan subliñar os denunciados. A proba do feito denunciado parece basearse nun criterio de absoluta infalibilidade; todo se reduce a unha simple ratificación como práctica habitual.

Da análise do expediente sancionador resulta:

En data 3/02/2006 notifícase a denuncia ao interesado.

En data 22/03/2006, non consta resolución sancionadora, o que implicaría a caducidade do procedemento.

Por todo, e en cumprimento co disposto no artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, prégase informe fundamentado e completo sobre as puntualizacións anteriores.”

Con data 19/04/2007, reitérase a petición anterior, e, de novo, o 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 28/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 11/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa baixa do interesado nunha agrupación de voluntarios. O promotor da queixa indica que a súa intención non era darse de baixa e que non recoñece ás persoas que a tramitaron como responsábeis da agrupación, xa que non foron elixidos de xeito democrático. Para tal fin remitiu varias solicitudes, sen resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/02/2006. Con data 6/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 3/04/2006, 2/05/2006, 05/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 7/09/2006, 10/10/2006, 8/11/2006 e 4/12/2006.

REFLEXIÓNS

A regulación que fai a Lei 30/1992, artigo 35, como catálogo xeral dos dereitos dos cidadáns, ao entender de Sánchez Blanco, supón que a Administración pública non é só unha organización que exerce potestades, senón un conxunto de organizacións que prestan servizos e que demandan operar cunha “estratexia global”, orientadas ao obxectivo de mellorar a eficacia interna da administración que, neste caso, non se axusta ao disposto no Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Vigo, aprobado polo Pleno da Excm. Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 2001 (BOP. número 233, de 4 de decembro de 2001), polo que esta actuación supón, a todas luces, unha desviación de poder.

Estamos ante unha manifestación da vontade administrativa que se fai prescindindo total e absolutamente do procedemento legal establecido, o que implica a nulidade do acto, segundo o artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor de Cidadán, en relación co prazo establecido para a emisión dos informes solicitados, así como o cumprimento do regulamento específico da actividade á que se refire este expediente.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase a petición anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 13/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007, 27/11/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 1/02/2008, reiterouse, por vixésima vez, o pedimento informativo, e de novo, o 26/03/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 28/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 31/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa situación na que se atopa un colectivo de traballadores pola permanente presión da actuación da Policía local debido ás dificultades de aparcamento nas proximidades da rúa Cánovas del Castillo. A falta de lugares apropiados para aparcar é manifesta, polo que se senten en inferioridade de condicións con respecto a outros cidadáns, tamén traballadores, que dispoñen de lugares reservados para eles.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2006. Con data 23/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 22/06/2006, o 18/07/2006, o 22/08/2006, o 26/09/2006, o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Existen dificultades para aparcar nunha parte da cidade na que hai unha zona reservada para carga e descarga pola actividade derivada dun mercado que exerce a súa actividade polas mañás, polo que tal necesidade non existe polas tardes, momento do día para o que se podería adaptar o aparcamento para aqueles traballadores doutros sectores que si teñen actividade pola tarde.

Os afectados séntense discriminados pola situación exposta e consideran relevante que a Policía local non atenda co mesmo celo outras actividades que son realmente nocivas (botellón, accesos a centros educativos con venta e consumo de substancias nocivas, etc.).

RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión e o estudo de situacións como a presente que permita un axeitado desenvolvemento das necesidades derivadas da mobilidade dos cidadáns.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007, reiterouse a petición anterior, e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 18/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por dezasete vez o pedimento anterior, é, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 35/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que ten o interesado para acceder á súa vivenda polo feito de ter sinais de dirección prohibida en ambos os dous sentidos, sendo sancionado nunha ocasión, non obstante facer uso dunha autorización verbal pola que se lle permitía aparcar entre as 20 e as 8 horas.

Hai que ter en conta, ademais, que os bolardos fixos impiden o acceso de servizos necesarios (butano, etc.) e existe un sinal que só permite o paso aos vehículos de emerxencia.

O interesado tramitou unha solicitude ao respecto en abril de 2006, sen obter resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/06/2006. Con data 8/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 12/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006.

REFLEXIÓNS

Independentemente das razóns polas que se prohíbe a mobilidade na rúa en cuestión, sería desexábel unha revisión exhaustiva que delimitara fidedignamente as limitacións, coa posibilidade de acceso restrinxido aos veciños da rúa mediante unha reordenación dos bolardos, como existe noutras rúas con limitacións de mobilidade.

Por outra banda, o interesado ten dereito a recibir información puntual e detallada en relación coa solicitude formulada no seu día.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión da situación dos bolardos, adaptándoos ás medidas de mobilidade, como noutras rúas.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, 20/03/2007, 18/04/2007 e 04/10/2005.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por doceava vez, o pedimento informativo anterior, é de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 48/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibiu notificación ningunha no seu domicilio ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputábel ao Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2007, recíbese escrito de Seguridade no que se informa que a interesada solicita a declaración de nulidade das actuacións do expediente, cuxa resolución está en trámite.

Con data 22/02/2007, ínstase información ao respecto e de novo o 21/03/2007,

27/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 22/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reitérase por oitava vez, o pedimento informativo, e, de novo, o 11/06/2008, tras diversas xestións ante o Tribunal Económico-Administrativo e diversas actuacións da interesada ante a Policía de Tráfico e a Policía Municipal, instando unha solución urxente, do tema, tras a exposición das irregularidades por parte do Concello que poderían dar lugar a responsabilidades ante outras instancias, tras facer as seguintes puntualizacións:

“Con data 19 de xullo de 2006, iníciase a solicitude de D^a. ..., con domicilio na rúa, en Vigo o expediente de referencia por retirada da vía pública do vehículo, marca Mercedes, modelo 190D, matrícula, alegando pola Policía Local que o mesmo estaba abandonado, estimando a interesada que o vehículo estaba correctamente estacionado, e que o motivo de estar estacionado na vía pública, de xeito correcto, debíase a circunstancia de que o seu garaxe estaba sometido a obras de acondicionamento.

A interesada non recibiu notificación oficial algunha con respecto a retirada do vehículo, xa que as notificacións enviadas polo Concello non eran correctas, tal como consta nos arquivos municipais, polo que solicitou a anulación de expediente sancionador e a devolución do vehículo no estado en que estaba no momento da retirada do mesmo.

A tal fin, a interesada acreditou, no seu día, ante o Concello e segundo certificación que se adxunta o seu domicilio correcto.

Esta puntualización foi reiteradamente presentada no Concello, coas probas correspondentes, sen que lle fose tido en conta en ningún momento.

Como é posíbel que o 23/02/2006, desde Seguridade e Transportes se lle comunique á interesada no seu domicilio correcto que as notificacións enviadas en 2005, a dirección incorrecta, resulten negativas, e obvio, xa que tal domicilio non é o mesmo.

Con data 22/02/2007, en escrito nº 213, documento 70025916, solicítase informe en relación coa solicitude de D^ainteresando a nulidade das actuacións polos defectos de forma (errónea identificación de domicilio).

Con data 09/01/2007, a interesada solicita ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, a anulación do imposto de circulación, alegando a destrución do vehículo por orde de Mobilidade e Seguridade, da que se fai cargo esta oficina do Valedor do Cidadán ante dito Tribunal, sen deixar por iso a Xestión ante Mobilidade e Seguridade, a quen nos diriximos por última vez o 18 de febreiro de 2008, n/s 148, documento 80020857, aínda sen resposta.

Con data 09/04/2008, recíbese resposta do Tribunal Económico Administrativo, indicándonos que o 11/04/2007 (é dicir un ano antes) foi resolta a solicitude plantexada por D^a

Con data 07/05/2008, a interesada fainos entrega dunha copia da devandita resolución co resultado desestimatorio, toda vez que se alegan cuestións sobre as débedas apremiadas, as cales deberan ser alegadas no intre oportuno.

O 20/05/2008, a interesada comparece no Concello (Seguridade) onde se lle indica que non aparece parte algún; e na Policía de Tráfico indícaselle que solicite unha execución de imposto de rodaxe, xa que nesa dependencia carécese de datos e polo tanto non o poden dar de baixa. O vehículo foi despezado por Orde do Concello baseándose en datos erróneos, o vehículo non estaba abandonado, as pescudas non foron axeitadas, a Policía Local tería que esgotar todos os medios ao seu alcance, certificación veciñal, seguimento nas direccións obrantes e diferentes (dentro do mesmo edificio) etc., etc.

A interesada non foi atendida nos seus dereitos a ser informada, a ser asesorada convenientemente, o Concello como as demais administracións públicas no seu réxime xurídico debe transcender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade á que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

Estamos ante un suposto en que a obxectividade non se albisca por ningunha parte, así como os criterios de eficiencia e Servizo os cidadáns, sen esquecer o principio de transparencia.

A Policía de Tráfico informa á interesada que (19/05/2008) o papel ou documento da Policía Local non serve para nada, xa que no mesmo no figura a empresa de despece.

A Policía Local ten a obriga de notificar á Policía de Tráfico o despeze do vehículo e a empresa encargada de tal operación, trámite que non se fixo axeitadamente, de tal modo que aínda hoxe o vehículo figura de alta.

O vehículo despézase o mesmo día en que se retirou, achégase parte do mesmo, como ANEXO-4.

O 20/05/2008, a interesada presenta nova solicitude no rexistro de entrada, documento nº 80063070, sobre o tema en cuestión en relación coas obrigas do Concello.

A baixa temporal que lle suxire Tráfico non é realmente satisfactoria, e que o Concello ten un número significativo de vehículos na mesma situación, é dicir, carecen da baixa de oficio.” Reiterase o pedimento o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 52/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóbil, indicando na notificación da sanción *“por non identificar ao conductor habendo sido requerido para elo”*, medida que non foi comunicada ao afectado mediante o aviso correspondente. O interesado manifesta que o vehículo sancionado foi entregado nun taller para despece no mes de decembro de 2005, polo que facía máis de seis meses que estaba retirado da circulación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 22/08/2006, petición que se reitera o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha notificación incorrecta que se formula no momento da denuncia, xa que se indica que o feito denunciado é por non identificar o condutor, sendo requerido para iso. Os datos omitidos proceden dun erro propio da administración, o que debe concluír coa anulación do expediente e a devolución do importe da multa.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para

que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

A anulación do expediente instruído e a devolución do importe da sanción.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007, reitérase o pedimento anterior. Con data 26/01/2007 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa do procedemento seguido no expediente rematado que o interesado presentou recurso de reposición o 13/07/2006, sen mais precisión. Do que se dá información ao interesado o 29/01/2007.

Con data 29/01/2007 solicítase información ao respecto o punto anterior, e o 23/02/2007, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa doutro expediente, pero nada do recurso de reposición, polo que se insta nova información o 08/03/2007, e o 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 13/08/2007, 08/10/2007, 22/11/2007, 13/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reiterouse por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 10/04/2008, 05/05/2008, 21/05/2008 e 26/06/2008 o 24/07/2008, 27/08/2008, 31/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

EXPEDIENTE 54/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóbil por estar estacionado en zona de carga e descarga no número 228 da rúa Sanjurjo Badía. O interesado indica, e así o fixo constar no escrito de alegacións entregado o 21/07/2006 no Rexistro Xeral do Concello, que no enderezo indicado non existe zona reservada a carga e descarga e, ademais, na fotografía oficial non figura o número do portal nin se recolle visión ningunha da citada zona, a cal se atopa no número 300 da citada rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 30/08/2006 que se reitera o 28/09/2006, o 26/10/2006, o 27/11/2006 e o 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación na que se dá un evidente erro imputábel á administración. Os datos que figuran na denuncia non son verdadeiros, polo que o expediente debe declararse nulo e arquivarse e proceder á devolución do importe satisfeito polo interesado.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A anulación do expediente en cuestión e a devolución do importe da multa percibida.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 22/02/2007. Con data 02/03/2007, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa do procedemento seguido, indicando que “non obstante, foi solicitado un novo informe sobre o lugar da comisión da inspección do cal se dará traslado unha vez emitido”, do que se deu cumprida información ao interesado o 05/03/2007, que nos fai chegar o 12/03/2007 probas fotográficas que indican o seu desacordo co procedemento seguido e das que se dá conta a Mobilidade e Seguridade, o 21/03/2007, instando información actualizada, reflectindo que as probas anteriores inducen a que se deu un erro material na denuncia formulada o que invalida a sanción correspondente.

Este pedimento reitérase o 19/04/2007, e o 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 18/02/2008, interesouse por oitava vez, o pedimento informativo anterior, é, de novo, o 07/04/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008 o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

CAPÍTULO III: SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 47/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha serie de solicitudes presentadas no Concello de Vigo sobre a construción dun aparcamento privado en zona pública e a iluminación pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/07/2006. Con data 12/07/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Electro-Mecánicos da Concellería de Servizo Xerais, que se reitera o 22/08/2006 e o 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese escrito do promotor da queixa solicitando un relato-rio das actuacións levadas a cabo por esta Institución, o cal se expide o 9/10/2006.

Con datas 23/10/2006, 23/11/2006 e 18/12/2006 reitérase a petición de informa-ción.

REFLEXIÓNS

O promotor da queixa presentou, desde maio de 2006, sucesivos escritos solicitan-do información sobre unhas actuacións de competencia da Concellería de Servizos Xerais, sen obter resposta ningunha.

A Constitución española, no seu artigo 9, establece a suxeición dos cidadáns e dos poderes públicos ao ordenamento xurídico e que, estes últimos, promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuos e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removerán os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Por outra parte, o artigo 29 do mesmo texto reconece o dereito de petición indivi-dual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei e o artigo 105 establece o acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, no artigo 35 establece como dereitos dos cidadáns o de coñecer o estado dos

procedementos e obter copia dos documentos contidos neles, así como a obter información e orientación sobre as actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

Ademais, o Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, establece unha serie de medidas en favor da asistencia aos cidadáns.

Finalmente, a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, no seu artigo 70 reconece o dereito dos cidadáns a consultar os arquivos e rexistros.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento das obrigas que as Administracións públicas teñen en relación coas peticións formuladas polos cidadáns.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 29/08/2007.

Con data 28/09/2007, recíbese escrito da Área de Servizos Xerais, no que se pormenoriza sobre as peticións efectuadas polo interesado na súa queixa.

Do que se lle informa cumprimentadamente o 02/10/2007.

Con data 02/11/2007, recíbese escrito de alegacións do interesado no que formula unha serie de aclaracións con respecto a información que se lle proporcionou, e que en resumo refírense a:

1) Que a 31/10/07 a empresa concesionaria aínda non presentou os planos cartográficos do inventario de alumeadado público, os centros de mando de poliéster a moitos deles fáltalle as portas.

2) Que os vehículos, C-5, son utilizados por persoal alleo o departamento de electromecánicos, que non figuran no inventario de patrimonio como debería ser. Do que se informa a Área de Servizos Xerais o 21/11/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 17/01/2008, reitérase o pedimento informativo anterior. Con data 19/02/2008 recíbese escrito de Servizos Electro-Mecánicos no que se informa, sobre as instrucións dadas a concesionaria para a disposición das patrullas de inspección, así como para a disposición dos vehículos e demais circunstancias alegadas na petición de informe. Dándose o expediente por pechado.

CAPÍTULO IV: URBANISMO

EXPEDIENTE 13/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun muro ilegal en zona protexida que causa graves molestias aos veciños en forma de ruídos, vertidos, impacto ambiental e desvalorización de propiedades e que, non obstante a orde de paralización das obras, estas seguen a realizarse.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/03/2006. Con data 9/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 4/04/2006, o 2/05/2006, o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 11/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que se procedeu á apertura de expediente e que a técnica municipal emitiu un informe o 9 de xullo de 1999 no que sinala que a edificación se atopa en chan non urbanizábel especialmente protexido de paisaxe e masa forestais; con data 12/07/1999 acordouse a paralización das expresadas obras ao carecer da preceptiva licenza municipal. Indícase, ademais, que conforme o artigo 180 da Lei 1/1997, remitiuse o expediente de protección da legalidade urbanística á Delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, por ser esta administración a competente (solo rústico con especial protección).

Con data 12/07/2006 dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que, ao tratarse dun tema alleo á administración municipal, esta institución carece de competencia para intervir no procedemento. Non obstante, con esa mesma data diriximos escrito á vicepresidencia da X.M.U. en demanda dunha actuación por parte da mesma para que inste á Consellería de Política territorial, obras públicas e vivenda a adoptar unha acción axeitada en base a que, *“se ben a Lei 30/1992 con-*

templa a denominada “cooperación obrigatoria”, ten que se recoñecer que a mesma non pode, como regra, estenderse a supostos de execución de actos con efectos extraterritoriais por falta da competencia mesma para ditar tales actos; pero si é factíbel un intercambio de información ou puntos de vista que permita examinar en común os problemas de cada sector.

Sabido é que a harmonización non só é necesaria, senón tamén imprescindible entre os intereses xerais e locais, que non por iso se quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais; trátase, sen máis, dun problema de coherencia.

Por iso, prégase teña a ben considerar a posibilidade de que se reciba información da administración competente en relación coa situación do expediente en cuestión, pois, polo que parece, un expediente iniciado por esa concellería no ano 1999, aínda está sen solucionar, sete anos despois, por ser competencia doutra administración”.

Reitérase o pedimento anterior nas seguintes datas: 9/08/2006, 7/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 4/12/2006.

REFLEXIÓN

As que se recollen no pedimento feito o 12/07/2006 sobre a cooperación entre administracións, sen esquecer, ademais, que a Constitución española impón un carácter de suprallegalidade que serve de marco e referencia para as demais normas. O seu valor normativo ten que proxectarse e expandir, e incidir en todo o ordenamento, con especial reflexión no ámbito público que regula as relacións entre todas as Administracións públicas e os cidadáns e que se configura como incuestionábel elemento de equilibrio entre os privilexios administrativos e as garantías individuais. No seu papel a desenvolver, ten que facilitar os medios para que a administración, sexa cal for, leve a cabo as súas tarefas de conformación social e o seu significado de límite, de defensa, de control e de garantía dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles que faciliten solucións de plena eficacia.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 28/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que, con data

26/09/2006, se resolve incoar expediente de protección de legalidade urbanística (e dicir, resolución de hai case un ano). Do que se dá cumprida información ao interesado o 20/09/2007, indícalle que con data 13/09/2007 dirixímonos a Urbanismo insistindo unha información actualizada xa que a realidade o 31/08/2007 refírese a unha actuación de fai un ano.

Con data 04/10/2007, recíbese escrito de X. M. Urbanismo ao que achega informe técnico de 04/09/2007, no que se indica que se require o propietario do local para que no prazo de tres meses, de acordo coa resolución de 24/08/2007, presente solicitude de oportuna licenza, para as obras de adaptación, así como un prazo de un mes para que proceda voluntariamente a desinstalación da cheminea. Do que se lle informa á interesada o 04/10/2007, e con data 13/12/2007, solicítase nova información actualizada.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reiterouse, por décimo terceira vez, o pedimento anterior. Con data 10/03/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que a administración competente é a Xunta de Galicia e que non obstante o principio de Colaboración tense que respectar o principio de autonomía, e que polo tanto se lle comunica ao interesado que pode obter información precisa daquela administración: o que se comunica ao interesado o 24/04/2008. Dándose o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 25/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola X.M.U. o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

“1.- Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.

2.- Que estima lamentábel que nunha zona “residencial e de servizos” (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para “bar con música”, o que

favorece incomodidades pola contaminación acústica até altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.

O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.

3.- O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos, a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitábel sen ruídos. Sublíñase, ademais, que a ... é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais."

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ao Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude desta oficina do Valedor do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ao mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ao interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ao servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *"a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización esixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a esixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local."*

Con data 29/09/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ao interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ao servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de ruídos como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

REFLEXIÓNS

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valedor do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia,... con sometemento pleno á lei e ao dereito.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 33/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellería de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa concellería o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a un vial público de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía Local desde o ano 2004. Apesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, como se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto óbvíase claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir aos intereses xerais con obxectividade e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, polo tanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ao facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 28/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reitérase por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 43/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflicte unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizábeis, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ao interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos, unha vez máis, ante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, en canto á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción

da subministración eléctrica, tal como se reflicte na lexislación ao respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se tenta é non danar os intereses económicos das empresas provedoras, máis que protexer a saúde dos cidadáns.

Que pasa entre a instalación e o funcionamento do equipo até que se produza un acordo definitivo? Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972, modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación, no caso de que haxa presenza de formas de enerxía no aire que impliquen risco, dano u molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

Na memoria do ano 2004 xa se indicaba que a planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria debido a que o desenvolvemento futuro depende, en grande medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto ten que basearse en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción condúzan a xestionar as cidades dun xeito máis transparente, eficiente e eficaz.

Noutros expedientes de denuncia destas instalacións acordouse suspender os outorgamentos de licenza en toda a área territorial do municipio nos casos en que a nova ordenación, inicialmente aprobada, resultase incompatible coa establecida no ordenamento vixente.

RECOMENDACIÓN

O exercicio eficaz das competencias que teñan por finalidade a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns e a incoación dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007. Con data 28/08/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que se resolveu ordenar a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística o 19/04/2006, caducado o procedemento procederase a incoación de novo expediente, o que se comunica á interesada o 19/09/2005 e coa mesma data ínstate a

Urbanismo información actualizada ao respecto.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/04/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 62/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa situación de abandono na que se atopa o edificio no que reside o interesado. Indica que desde o 15/11/2001 presentou catro denuncias na X.M.U., sen recibir resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/10/2006. Con data 18/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/11/2006 e o 11/12/2006.

REFLEXIÓN

O interesado sente desprotexidos os seus dereitos ao non obter información nin orientación en relación coas solicitudes presentadas. As súas queixas son obxecto de demora, o que implica unha manifesta desatención por non ser orientado sobre a natureza e o modo de exercer o seu dereito e, incluso, sobre as institucións e órganos aos que se ten que dirixir se a denuncia presentada non é competencia do Concello. Todo isto de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 30/1992 e co contido do Real Decreto 208/1996.

Desde outra perspectiva, a Constitución impón aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade dos mesmos. Do mesmo xeito, o cidadán ten dereito á protección da saúde de forma específica e da súa dignidade como persoa.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións puntuais, áxiles e eficaces en relación coas peticións que se formulan, que son facilmente contrastábeis con visitas de inspección.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e , de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 14/09/2007, recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que o 18/07/2007 se resolveu ordenar a Comunidade de Propietarios par que proceda de inmediato, e baixo dirección técnica competente a adoptar as medidas de seguridade que procederan no contorno do edificio, debendo presentar o correspondente proxecto técnico, oficio de dirección, e estudio de seguridade e saúde visados polo correspondente colexio profesional e garantindo durante o transcurso das obras a adopción das medidas de seguridade necesarias cora a vía pública. O prazo para a execución das obras é dunha semana para o seu inicio e dous meses para a súa finalización.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2007. Sen actuacións posteriores.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/04/2008, solicitouse información en relación coas manifestacións feitas polo interesado na súa visita de 08/04/2008, reiterándose o pedimento o 26/06/2008, e o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008. Con data 27/10/2008, o interesado entrega copia de resolución de 07/10/2008, na que se acorda denegar o recurso de reposición e ordenar a adopción de medidas urxentes, de seguridade. Con data 29/10/2008 ínstase información actualizada, e de novo o 25/11/2008.

EXPEDIENTE 63/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa invasión da vía pública por parte duns veciños. O interesado indica que desde o 3/01/2005 presentou varias denuncias no Concello, xa que uns veciños forraron unha columna que estreita o camiño e puxeron unha balaustrada e lanzadeiras de ferro para tendais, ademais de que producen vertidos de auga que anegan o camiño público e impiden o tránsito.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que ser reitera o 20/11/2006 e o 11/12/2006.

REFLEXIÓNS

Á queixa xúntase documentación da unidade de Patrimonio do Concello de Vigo, na que se acredita a titularidade municipal do camiño, e da unidade técnica de obras na que se comproba que as obras realizáronse sen licenza (16/01/2006); así como outro informe técnico (23/06/2006), polo que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Resulta que, dezaoito meses despois da primeira denuncia, acórdase incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que demostra, unha vez máis, unha falta na mellora dos métodos de traballo. A racionalización non se pon de manifesto, polo que cómpre adoptar sistemas de calidade na xestión, unha metodoloxía de mellora continua que facilite unha avaliación da calidade dos servizos que chegue a provocar a satisfacción dos cidadáns, e unha mellora da lexitimidade da actividade pública pola vía dos rendementos.

Nun caso como este, o que está a primar é o pesadelo dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Un proceder axeitado na protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe da Concellería de Urbanismo no que se indica que o expediente atópase pendente de firma da resolución de incoación. O que se lle comunica ao interesado o 20/09/2007 e coa mesma data instase a Concellería de Urbanismo información actualizada o respecto, indicándolle que tal acordo data de 23/06/2006, e dicir 14 meses antes.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 07/02/2008 solicítase información actualizada como continuación o pedimento de 20/09/2007, que se recibe o 29/02/2008 e no que informase da orde de retirada dos elementos que invaden a vía pública, así como a que se solicite a oportuna licenza respecto ás obras de reforma do expediente, do que se dá cumprida información ao interesado o 06/03/2008.

Con data 10/04/2008, solicitouse a Urbanismo información actualizada en relación ca orde antes citada, pedimento que se reitera o 05/05/2008, o 20/05/2008. Con data 17/06/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se indica que a persona interesada no expediente presentou recurso contencioso-administrativo no xulgado nº 1 de Vigo, do que se deu cumprida información o promotor da queixa indicándolle que, polo tanto, esta Institución non pode continuar coas súas xestións mentres non se substancie o procedemento xudicial aberto. Non obstante, e según escrito aportado polo interesado no que conta a data do xuízo (16/07/2008), con data 25/08/2008 solicitase a Urbanismo información no suposto de que se teña coñecemento da sentenza, petición que reitera o 29/09/2008, e o 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 66/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa colocación dun valo na terraza dun edificio de dezasete alturas. O interesado indica que lles comunicaron a colocación do mesmo con dous días de antelación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/10/2003. Con data 30/10/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/11/2006 e o 26/12/2006.

REFLEXIÓNS

A colocación do valo vulnera a Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior, aprobada o 24 de febreiro de 2003, especialmente os artigos seguintes:

Artigo 6.1: indica que os soportes publicitarios e os seus elementos e estruturas de sustentación, así como o seu conxunto, deberán reunir as condicións suficientes de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.

Artigo 8.4: cando as instalacións produzan molestias aos ocupantes, será requisito indispensable acreditar, mediante documento fidedigno, a expresa aceptación polos afectados de tales limitacións ou molestias.

Artigo 8.5.4: non se autorizarán instalacións publicitarias que poidan afectar á seguridade dos inmobles.

Artigo 17.2: as superficies publicitarias só poderán instalarse sobre a coroación da última planta do edificio (cornixa de fachada, cumio ou terraza) sempre que ninha zona da mesma se dedique a vivenda.

Artigo 17.6: non existirán zonas do anuncio a menos de 15 metros dos ocos das ventás.

Precísase que a descrición do valo non se axusta ás prescricións expostas. Ademais, realizouse unha inspección ocular, co apoio de fotografías que constan no expediente, por parte de técnicos do Concello que expuxeron o seu asombro ante semellante desatino.

Esta situación causa alarma entre os veciños, máxime cando, ao parecer, dáse unha apropiación de elementos comúns, produciuse a rachadura da varanda da terraza e o elemento colocouse a distancias inferiores ás establecidas na normativa municipal.

Por outra banda, existe unha contradicción entre a colocación do valo e o informe solicitado polos veciños a técnicos municipais, xa que este indica que o acondicionamento e a colocación non se axusta á licenza, o que debe conducir a unha acción rápida e eficaz por parte da concellería competente para devolver o edificio ás condicións que lle son debidas.

RECOMENDACIÓN

Unha acción áxil e eficaz para a protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reiterouse una vez mais o pedimento anterior, informe que se recibe o 10/03/2008 indicando que se achega copia do informe técnico, municipal de 04/12/2006, no que se indica que a carteleira obxecto do informe cumpre co artigo 17.2 da Ordenanza de publicidade exterior, o que se lle participa os interesados na queixa o 18/04/2008, que comparecen nesta oficina o 12/05/2008 e expoñen unhas precisións sobre o tema obxecto de queixa, achegando fotografías e informes técnicos, que se trasladan a Urbanismo o 19/05/2008 solicitando revisión do expe-

diente e información actualizada, pedimento que se reitera o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 74/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras ilegais nun edificio. O interesado indica que presentaron denuncia ao respecto o 14/11/2005 e en catro ocasións máis, sen recibir resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Da documentación que presenta o promotor da queixa dedúcese que as obras de referencia, detalladas na denuncia de 14/11/2006, non son conformes coa legalidade urbanística por infrinxir a normativa vixente e non se axustan á licenza de obra concedida, polo que o Concello está obrigado a iniciar un expediente de protección da legalidade urbanística.

O interesado, en defensa da legalidade, solicita copia das actuacións levadas a cabo polo Concello de Vigo, solicitude que reitera en diversas ocasións e das cales non recibe resposta.

O carácter público da actividade urbanística permite e esixe a participación dos particulares, que neste ámbito se debe reforzar. Ademais, doutrinalmente recoñécese que a Administración municipal ten a obriga inescusábel de abrir expediente e suspender calquera construción que non teña licenza ou que non se axuste ás condicións da mesma; en caso contrario, daríase un incumprimento que debería ser obxecto de responsabilidade.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana da normativa de urbanismo e a defensa do dereito do cidadán a ser informado puntualmente en temas nos que é parte interesada.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e , de novo, o 26/02/2007, 26/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 19/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese da X. M. de Urbanismo escrito no que se informa que o 31/08/06 (fai exactamente 12 meses) a aparelladora Municipal emitiu informe no que se conclúe que “tendo en conta todo o exposto infórmase que as obras obxecto desta expediente non son legalizábeis”, e que toda vez que a suspensión de licenzas derivada da aprobación inicial do novo PXOM, foi alzada na da 15/02/2007, o expediente atópase actualmente pendente de novo informe técnico. O que se lle comunica a interesada o 20/09/2007.

Con data 20/09/2007, instase nova información actualizada, sobre o informe pendente.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reitérase o pedimento anterior, e de novo, o 10/04/2008, o 05/05/2008. Con data 20/05/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa que se ordena a incoación e expediente de protección da legalidade urbanística pola execución das obras que se referencian.

Do que se dá cumprida información a interesada o 21/05/2008, e con data 26/06/2008, instase información actualizada en relación coas posíbeis alegacións por parte dos afectados, e o 28/07/2008, 27/08/2008. Con data 15/09/2008, recíbese informe de Urbanismo no que se indica que se resolve declarar sen licenza e incompatíbeis as obra realizadas, debendo procederse a súa demolición, aplicando no seu caso o artigo 95 da lei 30/92, do que se dá cumprida información á interesada o 16/09/2008.

EXPEDIENTE 75/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun muro de peche nun camiño público sen deixar ningún tipo de retranqueo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/12/2006. Con data 5/12/2006 solicítase o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e , de novo, lo 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 13/08/2007.

Con data 27/08/2007, recíbese escrito de X. M. Urbanismo no que se informa que o acordo do Concello de X. M. de Urbanismo de data 24/05/2007 declara como realizadas sen licenza e incompatíbel coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, e que o interesado presentou recurso de reposición pendente de resolver. Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/09/2007.

Con data 08/10/2007, comparece o interesado na queixa e indícanos que segue a padecer moitas dificultades para acceder a súa propiedade, existindo un furado que se enche de porcallada e auga que as incrementa, así como o depósito de plantas que se fixo polo propietario de obra denunciada. Previamente o 19/09/2007, ins-touse nova información con respecto o recurso pendente de resolver.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008 o 05/05/2008, o 20/05/2008 o 24/06/2008 o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

EXPEDIENTE 77/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/12/2006, solicitándose na mesma data o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 05/05/2008, o 20/05/2008, o 24/06/2008 o 23/07/2008, 23/10/2008, 19/11/2008.

EXPEDIENTE 78/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha obra declarada ilegal e incompatíbel coa legalidade, segundo acordo do ano 1997, e que segue sen solución.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/12/2006, solicitándose o preceptivo informe na mesma data.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 29/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2008 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa que tralas sentenzas do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de 08/05/2005, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 04/10/32007, procédese a apertura de expediente de execución subsidiaria.

Do que se deu cumprida información a interesada o 24/01/2008.

Con data 10/04/2008, e dado o tempo transcorrido, solicítase información actualizada en relación co expediente de execución subsidiaria citada, e de novo, o 07/05/2008, o 27/05/2008 o 26/06/2008 o 24/07/2008, 28/08/2008, 29/09/2008, 25/11/2008, 17/12/2008.

CAPÍTULO V: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 21/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación de máis dun recibo pola recollida de lixo nunha vivenda unifamiliar polo feito de que no baixo existe algún servizo, como baño, trasteira, etc. A vivenda ten unha única entrada e un único contador para o consumo de enerxía eléctrica e outro para a subministración de auga.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/03/2006. Con data 3/04/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 18/04/2006 desde o servizo de Administración de Tributos, no que se reflicte polo miúdo a situación e indica que ao reclamante se lle desestimou a súa petición, dado que o inmovible está composto de dúas plantas habilitadas como vivendas independentes.

Con data 19/04/2006 dáse cumprida información do anterior ao interesado, quen nos comunica o seu desexo de que se revise a decisión adoptada polo Concello en base a:

“- A existencia de vivenda única, unifamiliar, habitada por tres persoas, cun baixo non habitábel .

No baixo non se dá unha continuidade das persoas, tal como se comprobou na visita realizada por funcionario municipal no seu día, e así o recoñeceu.

A realidade confórmase tamén na configuración da vivenda: casa pequena, un só portal, un único timbre no portal, un único contador de luz, única entrada de auga, único colector de lixo e única liña telefónica.”

Con data 13/06/2006 recíbese escrito de Administración de tributos, no que informa que trasladan a petición ao Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, por ser un tema da súa competencia. Do anterior dáse traslado ao interesado o 14/06/2006.

Con data 13/07/2006 solicítase información actualizada ao citado tribunal, petición que se reitera o 22/08/2006, o 18/09/2006, o 24/10/2006, o 27/11/2006 e o 18/12/2006.

REFLEXIÓNS

Interésase unha acción áxil e eficaz en canto ao contido das alegacións do interesado, aplicando, se fose necesario, criterios de equidade e de axuste á situación do caso concreto.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán en canto á emisión dos informes solicitados.

A revisión da petición formulada polo interesado, prestando a máxima atención ás alegacións e realidades da vivenda en cuestión.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterase o requirimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, o 20/03/2007 instase de novo a colaboración para que se dea resposta as reiteradas solicitudes que o interesado ven tramitando desde xuño/2005. Por outra banda esta Institución do Valedor do Cidadán ven desde 22/08/2006, solicitando do Tribunal Económico Administrativo e até o 20/02/2007, sete veces información sobre o tema en cuestión sen respostas algunha, o que indica unha falta de colaboración sensíbel. Con data 14/03/2007, comparece o interesado e manifesta que lle seguen parando os requirimentos de pagamento e que se lle inmovilizou a conta corrente dunha entidade bancaria, considerando a situación como un despropósito xa que a súas peticións e alegacións, sobre os recibos pendentes, a última do 14/12/2006, segue sen resposta. Entendemos que esta situación confirma, unha vez mais, a falta de axilidade e eficacia por parte da Administración pública.

O cidadán ten dereito a ser tratado con deferencia pola administración, a cal terá que facilitarlle o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas. Non é suficiente con dicirlle: “Vostede pague e logo, se ten razón, se lle devolverán os cartos con intereses”. As potencialidades das Administracións públicas, segundo a Carta Europea, están baseadas na eficacia, eficiencia, aforro de recursos e calidade de Servizo. Con data 30/03/2007 recíbese comunicación a Xefatura de Tributos, na que se informa que tódalas solicitudes do expediente foron remitidas ao Tribunal Económico Administrativo, polo que, a información do caso debe solicitarse a ese servizo.

Con data 18/04/2007, instase información o Tribunal Económico Administrativo e coa mesma data recíbese escrito de Administración de Tributos o que achega copia

do expediente que se remitiu o Valedor do Pobo através de Participación cidadá. Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/04/2007, e con data 15/10/2007, reitérase información actualizada do Tribunal Económico Administrativo do Concello, e de novo o 31/10/2007, e o 30/11/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 17/01/2008, reitérase do Tribunal Económico Administrativo o pedimento anterior, por undécima vez, e, de novo, o 19/02/2008, o 05/05/2008 o 21/05/2008.

Con data 05/06/2008, recíbese informe do Tribunal Contencioso Administrativo desestimando a reclamación interposta polo interesado, a quen se lle da cumprida información o 09/06/2008.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	6
- Contaminación acústica	4
- Estado terreo público	1
- Estado dunha parcela municipal	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	8
- Sanción Tráfico	4
- Baixa agrupación voluntarios	1
- Dificultades aparcamentos	1
- Dificultades acceso vivenda	1
- Retirada vehículo vía pública	1
ÁREA DE SEVIZOS XERAIS	1
- Aparcamiento privado en zona pública	1
ÁREA DE URBANISMO	11
- Obras sen licenza	5
- Estado dun Edificio	1
- Instalación dun valo	1
- Peche camiño público	1
- Obra declarada ilegal 1997	1
- Obra camino público	2
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	1
- Pagamento recibos de lixo	1
TOTAL EXPEDIENTES	27

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*

URBANISMO	40,74%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	29,63%
MEDIO AMBIENTE	22,22%
XESTIÓN MUNICIPAL	3,70%
SEVIZOS XERAIS	3,70%

*Ordenados porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2007

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2006	Estado dunha finca	13/02/2006 01/04/2008 07/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008 17/12/2008	
16/2006	Contaminación acústica	17/01/2008 19/02/2008 27/03/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008	
61/2006	Estado de parcela municipal	13/02/2008 26/03/2008 05/05/2008 20/05/2008 24/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 19/11/2008 17/12/2008	26/05/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
69/2006	Instalación dunha campá extractora sen licenza	13/02/2008	
		06/05/2008	
		20/05/2008	
		24/06/2008	
		23/07/2008	
		25/08/2008	
		29/09/2008	
		23/10/2008	
		19/11/2008	
		17/12/2008	17/03/2008
71/2006	Contaminación acústica nocturna	13/02/2008	
		26/03/2008	
		05/05/2008	
		20/05/2008	
		24/06/2008	
		23/07/2008	
		25/08/2008	
		29/09/2008	
		23/10/2008	
		19/11/2008	
17/12/2008			
73/2006	Contaminación acústica nocturna	20/05/2008	
		24/06/2008	
		23/07/2008	
		25/08/2008	
		29/09/2008	
		23/10/2008	
		19/11/2008	
		17/12/2008	

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
3/2006	Sanción de Tráfico	18/02/2008	
		01/04/2008	
		05/05/2008	
		21/05/2008	30/05/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
10/2006	Baixa nunha agrupación de voluntarios	18/02/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008	
11/2006	Baixa nunha agrupación de voluntarios	18/02/2008 26/03/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008	
31/2006	Dificultades de aparcamento	13/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 21/05/2008 06/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008	
35/2006	Dificultades acceso a vivenda	13/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
48/2006	Retirada dun vehículo da vía pública	18/02/2008 11/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008	
52/2006	Sanción de Tráfico	18/02/2008 14/04/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008	
54/2006	Sanción de tráfico	18/02/2008 14/04/2008 05/05/2008 21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 29/10/2008 25/11/2008	

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
47/2006	Aparcamiento privado en zona pública, iluminación pública	17/01/2008	19/02/2008

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
13/2006	Obras ilegais en zona protexida	13/02/2008	13/03/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
25/2006	Obras e reformas sen licenza	13/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 04/06/2008 04/07/2008 18/08/2008 17/09/2008 17/10/2008 17/11/2008 15/12/2008	
33/2006	Obras nun camiño público con perigo para os viandantes	13/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 04/06/2008 04/07/2008 18/08/2008 17/09/2008 17/10/2008 17/11/2008 15/12/2008	
43/2006	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	13/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 04/06/2008 04/07/2008 18/08/2008 17/09/2008 17/10/2008 17/11/2008	
62/2006	Estado dun edificio	10/04/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 29/10/2008 25/11/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
63/2006	Obras que invaden un camiño público	07/02/2008 10/04/2008 05/05/2008 20/05/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 19/11/2008 17/12/2008	29/02/2008 17/06/2008
66/2006	Colocación dun valor publicitario na terraza dun edificio	13/02/2008 19/05/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 19/11/2008 17/12/2008	10/03/2008
74/2006	Obras sen licenza	13/02/2008 10/04/2008 05/05/2008 06/06/2008 24/07/2008 27/08/2008	20/05/2008 15/09/2008
75/2006	Peche dun camiño público	13/02/2008 14/04/2008 05/05/2008 20/05/2008 24/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/08/2008 23/10/2008 19/11/2008 17/13/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
77/2006	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	13/02/2008 14/04/2008 05/05/2008 20/05/2008 24/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 19/11/2008 17/12/2008	
78/2006	Obra declarada ilegal no ano 1997	10/04/2008 07/05/2008 27/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 29/10/2008 25/11/2008 18/12/2008	22/01/2008
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL			
QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
21/2006	Pagamento de dous recibos pola recollida do lixo en vivenda unifamiliar	17/01/2008 19/02/2008 05/05/2008 21/05/2008	05/06/2008

PARTE VI

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 43 expedientes correspondentes ás solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2007 e que pertencen aos seguintes sectores:

- Medio ambiente	6
- Mobilidade e seguridade	17
- Participación cidadá	2
- Servizos Xerais	3
- Urbanismo	13
- Xestión municipal.	2

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 2/2007:

ASUNTO

Queixa en relación co desacougo que está a padecer a veciñanza por mor da actividade que se realiza en determinadas industrias que están a prexudicar a súa saúde pola insalubridade con que están a traballar, superando os límites establecidos en materia de contaminación acústica que consideran insoportábeis.

O interesado achega copia da última denuncia, de data 24-11-06, na que fai mención a cinco denuncias anteriores, sen que se tivese adoptado ningunha medida, non obstante as funcións e obrigas que se citan na última denuncia e que se reflicten:

Vulneración continua da normativa de Medio Ambiente.

Obrigas da administración pública municipal segundo o disposto no Decreto 320/2002 de 7 de novembro polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica, con especial referencia ao artigo 3 sobre a quen corresponde a adopción de medidas correctivas; así como o artigo 32, sobre as obrigas en relación co control do cumprimento do previsto no Regulamento; así como o artigo 33 en relación coa actividade de inspección.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 21-02-07, 22-03-07, 23-04-07, 22-05-07, 11-06-07. Con data 26-07-07 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa de que se quedou de acordo co interesado para ter unha reunión no mes de agosto.

Con data 22-08-07, dáse traslado do anterior ao interesado pregándolle que unha vez celebrada a reunión, teña a ben informarnos da mesma. Información que non se ten recibido até o 09-11-07 e na que se subliña que por parte do Concello non se ten adoptado medida algunha na defensa da saúde dos cidadáns; do que se dá cumprido traslado á Concellería o 19-11-07, instando información actualizada ao respecto; reiterándose o 19-12-07.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que foi denunciado polo cidadán interesado en xuño de 2004, sen ter recibido resposta escrita en ningún momento, nin realizar acción ou actividade algunha en aras das obrigas que se derivan do Decreto 320/2002 (Ordenanza Tipo).

Esta deixación e omisión de auxilio ven a confirmar, unha vez máis, a cualificación que se lle ten asignado aos Concellos neste ámbito, cal é de “convidado de pedra”.

Desde esta perspectiva, xa frecuente, no ámbito desta cidade, cabe precisar, unha vez máis, o seguinte:

1º) A Ordenanza vixente ten como obxectivo primordial regulamentar a actuación municipal cara á protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Cando a ordenanza, de obrigado cumprimento, cita “actuación”, está indicando

acción e efecto de actuar, e “actuar” non é máis que realizar actos ou funcións propios do cargo ou do traballo, tamén significa facer uso dos propios dereitos.

Non actuar pois significa unha deixación de funcións, unha falta de cumprimento dunhas obrigas que obviamente implican unhas responsabilidades do axente en cuestión.

Esta situación implica, por unha parte un ataque ao concepto de domicilio inviolábel; este dereito fundamental require, como algo imprescindíbel, asegurar a súa protección non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte aos riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns (sentenza do Tribunal Supremo de 10 de abril de 2003).

Neste mesmo senso, e en relación co denominado ruído industrial pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (18 de xullo de 2002).

2º) A contaminación acústica pasa, nos últimos anos, a ser un problema de grande transcendencia social, que produce efectos fisiolóxicos non desexados nos cidadáns; e as principais fontes de contaminación atópanse na actividade industrial, na que se fai especialmente sensíbel non só pola intensidade do ruído senón tamén pola duración e pola discriminación horaria en que se produce. Entre os trastornos que ocasiona, faise especial referencia aos seguintes: auditivos, cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos, embarazo, poboación escolar, etc.

Retomando a perspectiva xeral do tema e, en especial, a actividade pasiva da administración responsábel, é dicir, dos oídos xordos da administración, séguese, como consecuencia, punxindo sobre os cidadáns, obrigándolles a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias cuxa resolución pola administración máis próxima xa tiña que ser un feito lóxico e normal, non excepcional como ven acontecendo.

Estamos aínda lonxe de chegar a actuacións administrativas propias dos países do contorno máis avanzado.

Como exemplo de actividade non axeitada, cítase a sentenza do Tribunal Supremo, Sala Segunda do Penal, de 19 de outubro de 2006, na que se cualifica de inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai deixación de funcións, a sabendas de que unha industria emisora vulneraba a normativa legal.

Desde outra perspectiva de actividade diferente, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Zaragoza, en sentenza de 14 de febreiro de 2007, condena ao Concello de Zaragoza a indemnizar con 7.000 € a cada un dos veciños demandantes prexudicados polos ruídos provenientes dunha zona de lecer da cidade por funcionamento anormal ao non actuar en defensa dos cidadáns.

O que hoxe o “ruído se escoite” é testemuña dun esperanzador acordar da sociedade civil que clama polos seus lexítimos dereitos, coa esixencia de que os políticos aborden efectivamente de maneira decidida os problemas reais. (Lorenzo Martín Retortillo)

RECOMENDACIÓNS

Actuacións decididas e efectivas, nun tema que afecta permanentemente aos cidadáns.

Respecto ao principio de legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reiterouse o pedimento informativo actualizado, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, faise constar a visita do interesado que fai entrega da copia de escritos dirixidos o Concello; de 13/09/2007, 20/11/2007 e 25/01/2008, do que non tivo resposta.

Con data 05/05/2008, reiterase o pedimento informativo, e de novo, o 22/05/2008, o 18/06/2008 achegando copia de informe técnico da avaliación acústica ambiental do entorno que nos ocupa, efectuado por empresa acreditada e autorizada; no mesmo observase que o problema da contaminación é grave o que imposibilita unha vida decorosa dos afectados; indicando, unha vez mais, que a mellora da lexitimidade tense que buscar pola vía dos rendementos e que esta lexitimidade está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do entorno. Con data 23/07/2008 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 12-2007

ASUNTO:

Queixa en relación co desacougo polo que está a pasar á veciñanza por mor da contaminación de alta frecuencia como consecuencia das tarefas de carga e descarga de ferralla a calquera hora do día e da noite, ademais dunha elevada polución de compoñentes férricos e de aluminio que se estende nunha área aproximada de 100 metros.

A interesada agrega comunicación de Participación Cidadá na que se acusa recibimento das súas catro queixas, a primeira de novembro de 2006, todas admitidas a trámite para que no prazo de quince días recibisen unha resposta do departamento competente, o que non se corresponde coa realidade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-03-07. Con data 12-03-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 23-04-07. Con data 08-05-07, recíbese escrito de Participación Cidadá no que se indica o incumprimento nos prazos por parte de Medio Ambiente, así como que unha das queixas (de 06-02-07) foi remitida á Autoridade Portuaria. Do que se deu cumprida información á interesada o 09-05-07.

Con data 12-06-07, solicítase de novo a Participación Cidadá información actualizada ao respecto, e así mesmo a Medio Ambiente o 27-07-07; quen, con data 20-08-07, fainos chegar escrito informado que no seu departamento non constan antecedentes da queixa da interesada, e que a mesma debe solicitar á Policía Local unha medición sonométrica, o que esta Institución procede a dar a resposta seguinte:

“Con data 20 de agosto do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 08-08-07, número de saída 12745, súa referencia Expte.: 1163/323, no que se reflicte que no departamento de Medio Ambiente non constan antecedentes do denunciante polo que deberá solicitar unha medición sonométrica á Policía Local.

Con respecto o inciso de non ter antecedentes da interesada significolle que segundo consta no escrito do Concello de Vigo (Participación e Atención Cidadá) de data 23-11-06, referencia 1163/323 (nº doc. 60123302) reflítese a súa queixa relativa ó RÚIDO e que a mesma foi admitida a trámite co número de documento 60123302 e remitida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días dea resposta á mesma.

Posteriormente, o 08-05-07 e a petición desta oficina do Valedor do Cidadán o Servizo de Participación Cidadá comunícanos que respecto da queixa presentado pola interesado o documento 60123302 foi remitido o 27-11-06 ao Servizo de Medio Ambiente e que está pendente de informe.

En canto ao inciso de que a interesada ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, feito en outro expedientes, tal cal á o que dispón a ordenanza municipal vixente sobre a protección das persoas e os bens, función que lle completa o Concello no control do seu cumprimento, realizando cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspección poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou traela solicitude calquera interesado, o que xa fixo a interesada ao formular a súa queixa.

E ben coñecida por esa Concellería a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que, xa ten formulada denuncia de contaminación acústica no Concello, que este e máis concretamente a Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e o impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas desde carácter, para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente. Sen esquecer o disposto no artigo 20 da Lei 30/92.

Polo que se solicitou información actualizada con respecto ao expediente que nos ocupa.

Pedimento que se reitera o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓN

Deste expediente vense a clarexar, unha vez máis, a falta de coordinación; medida esta da máxima importancia en toda organización que se prece. Neste senso fíxose especial referencia na introdución da Memoria do ano 2006.

É preciso reiterar que as condicións de acougo público atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, e nas que, polo menos, pola noite sexamos capaces de conciliar o sono sen alteracións da intimidade.

No suposto que nos ocupa, asemade nos vemos afrontados por outro tipo de contaminación non desdeñábel: a polución atmosférica.

Xa temos subliñado noutros expedientes de anos anteriores algo que é válido para outros moi frecuentes: A Constitución é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira. A Constitución, lonxe de ser un simple catálogo de principios de non inmediata vinculación e de non inmediato cumprimento até que non sexan obxecto de desenvolvemento legal, é unha norma xurídica, a norma suprema; por iso, é indubidábel que os seus preceptos son alegábeis ante os tribunais, tal como o proclama o Tribunal Constitucional (sentenza 16, do 28 de abril de 1982).

A esfera do dereito é a esfera da seguridade (J. Pérez Royo).

Cando a realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son defendidos e protexidos como debería ser, vense obrigados á creación de figuras, asociacionismo, para a súa defensa o que ven a confirmar o desleixo das funcións e obrigas propias da súa administración máis próxima.

RECOMENDACIÓN

Control das obrigas que lle competen a cada departamento; defensa da saúde e protección da intimidade dos cidadáns.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 12.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008 o 24/03/2008, o 05/05/2008 o 03/06/2008, 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

EXPEDIENTE 14/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación producida pola emanación de gases procedentes dun local de hostalaría.

O interesado ten presentado dúas denuncias en Medio Ambiente, téndose efectuada unha inspección da Policía Local o 26-06-06, sen que a contaminación desaparecese.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26-03-07. Con data 27-03-07 solicítase o preceptivo informe, recibíndose o 18-04-07 no que se indica que se atopa aberto, en Medio Ambiente, o expediente administrativo, e que os interesados teñen en todo momento dereito a coñecer o estado do trámite do procedemento e obter copia dos documentos; o que se lle comunica ao interesado o 19-04-07.

Con data 22-05-07, ínstase información actualizada que se recibe o 05-06-07 indicando que os expediente segue en trámite, o que se lle comunica ao interesado o 11-06-07. Con data 30-07-07 e tendo en conta que, a primeira denuncia data do 07-07-06, ínstase a que os trámites teñan un desenvolvemento acorde coas necesidades dos cidadáns afectados, e polo tanto prérgase unha información actualizada da situación do expediente; pedimento que se reitera o 29-08-07, o 02-10-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓN

Estamos ante unha situación que prexudica notabelmente a saúde dos cidadáns, e que se denuncia e se comproba en xullo de 2006.

Hoxe a lexislación municipal, nalgúns municipios, está a espertar nos temas de protección da atmosfera contra a contaminación por variadas formas de enerxía, en orde a tratar de protexer ás persoas, e tamén os bens contra tales agresións, que obrigan aos titulares de establecementos á adopción de medidas de illamento.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, ten declarado que as vulneracións do medio ambiente poden afectar ao benestar persoal e privar ao afectado do goce do seu domicilio de maneira que dana a súa vida privada e familiar, sen poñer por iso en perigo grave a saúde dos interesados.

Recórdese a tal fin a famosa sentenza López Ostre, perfectamente trasladábel a outros ámbitos.

RECOMENDACIÓN

Xestións máis eficaces, efectivas e áxiles, en temas como o que nos ocupa. Os trámites téñense que axilizar ao máximo. A sociedade require de executivos máis eficaces.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase, por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

EXPEDIENTE 18/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación extrema pola que está a pasar a veciñanza debido ao rebumbio que se produce todos os xoves, venres e sábados no contorno dunhas vivendas, con consumo de drogas e bebidas, así como berros e pelexas por unha multitude de xente; instándose unha revisión periódica, control do horario de peche e licenza dos locais da zona, situación que xa ten denunciado no Concello o 19-01-07.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23-04-07. Con data 24-04-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 23-05-07. Con data 05-06-07 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se indica que non teñen antecedentes da denuncia polo que se lle remite á Policía Local a documentación do Valedor do Cidadán para que informe ao respecto, aínda que si teñen información sobre o problema que motivou a queixa e que o denunciante deberá solicitar medición sonométrica á Policía Local, actuación previa para determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación previa do expediente sancionador, avalado polo informe técnico correspondente, e achega copia da documentación remitida pola Policía Local.

Con data 11-06-07, acúsase recibimento do anterior e puntualízase que se en Medio Ambiente non teñen antecedentes sobre a denuncia iso non implica que o tema en cuestión poida requirir da intervención da Policía Local, e que, con respecto a que a promotora da queixa teña que solicitar á Policía Local unha medición sonométrica remitímonos ás puntualizacións feitas nos escritos do 11-06-07 referidos aos expedientes 71 e 73/2006, que exporemos nas reflexións deste expediente que nos ocupa.

Con data 27-07-07, reitérase o pedimento informativo preceptivo, e con data 20-08-07, recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa de que a nova redacción do artigo 17 da Ordenanza define o concepto de zona acusticamen-

te saturada e establece que poderán ser declaradas ZAS aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, o promedio semanal nocturno supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na táboa 1 do manual procedemento para a medición e ruídos e vibracións.

Así pois, a Ordenanza non pode declara directamente saturada ningunha rúa da cidade, simplemente, límitase a outorgar ao Pleno da Corporación a facultade e posibilidade de declarar como saturada unha zona cando esta reúna os requisitos que fixa a norma, en todo caso, dita declaración realizarase mediante acordo plenario previa tramitación do procedemento administrativo que establece no art. 17 bis. M

Do que se da cumprida información á interesada o 29-08-07 indicándolle que, coa mesma data, dirixímonos a Medio Ambiente acompañando o noso desacordo co informe anterior e instando se proceda ao control da situación denunciada.

Coa mesma data, 29-08-07, dirixímonos a Medio Ambiente no senso seguinte:

“Que a vixente Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica de 28 de xullo de 2000, non tipifica para nada as zonas acusticamente saturadas, e no seu artigo 17 (limitacións especiais) atribúa á Alcaldía a posibilidade de fixar limitacións máis restritivas ás consideradas nesta ordenanza.

Por outra banda, non se fai mención algunha das alegacións formuladas nas denuncias da interesada e no propio escrito desta Institución de 24/04/07, número de saída 467 (consumo de sustancias, berros, pelexas, control de peche, existencia ou non de licencias dos locais); que é o que en realidade importa a veciñanza, e que constitúe pilar básico da ordenanza vixente cando como o seu obxectivo a protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Ante isto cabe preguntarse cantas inspeccións se levaron a cabo trala solicitude da interesada.

A Organización Mundial da Saúde coloca o ruído de Vigo fóra dos límites permitidos, o que provoca ansiedade, insomnio, xordeira, téndose comprobado que contra a contaminación producida pola “cultura do ocio” a administración responsable convértese nun “convidado de pedra”.

O dilema entre descansar ou durmir, fronte á diversión ou ocio, e o dereito empresarial é falso. O dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental, o debate está falseado.

Cando as actividades perturbadoras persisten implica que, ou ben non se realizou ningunha actuación restauradora da legalidade, ou, se se realizou, carece de efectividade, seguramente por falta de control no seguimento, non obstante as denuncias dos afectados e os requirimentos desta Institución.

A propia xurisprudencia ten declarado que este tipo de ruídos dos que estamos a tratar son “ruídos evitábeis”; tema intrinsecamente relacionado co dereito constitucional á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, cuxo uso ou aproveitamento non ten que ser un sufrir, penar ou rabiar.

Por todo, prégase unha vez máis, unha actuación urxente e congruente coa reparación dos danos secuencialmente ocasionados.

Prégase información puntual e actualizada conforme ao previsto na Ordenanza Municipal vixente.”

Con data 02-10-07, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 07-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓNS

A Ordenanza Municipal do 28 de xullo de 2000 pola que se regula a actuación municipal, co fin de protexer as persoas e os bens, subliña que lle corresponde ao Concello exercer o control do seu cumprimento, realizar cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado o que xa se fixo pola interesada (trámite que a interesada xa fixo nas súas denuncias do 17-01-06, documento 60013604; así como as solicitudes formuladas por esta Institución do Valedor do Cidadán desde o 16 de marzo de 2006, e posteriores requirimentos).

É ben coñecida por esa Concellería a doutrina e recomendación feita polo Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. É obvio, toda vez que xa ten formulada no Concello, que este, e máis concretamente á Concellería de Medio Ambiente, é quen ten que pro-

ceder ás comprobacións pertinentes e ao impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas deste carácter; para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente.”

Por outra banda faise preciso lembrar que o artigo 1 da Directiva sobre avaliación e xestión do ruído do ambiental subliña que, entre as medidas comúns dirixidas a evitar, prever ou reducir con carácter prioritario os efectos nocivos, atópase a de “pór a disposición da poboación a información sobre o ruído ambiental e os seus efectos”. O que tamén a Lei do ruído considera unha obriga.

Non esquecer que a proposta da declaración de Zonas Acusticamente Saturadas corresponde ao Concello, xa de oficio, xa a petición de parte interesada.

Os efectos fisiolóxicos, non desexados sobre as persoas son cuantiosos, sendo o factor ambiental que presenta unha maior asociación cos ingresos hospitalarios, por enriba dos contaminantes químicos tradicionais.

E.J. Izquierdo Carbonero, tras unha análise extensa sobre a contaminación acústica conclúe que en España atopámonos lonxe de chegar ás actuacións administrativas (e xudiciais) propias dos países do noso entorno máis avanzados e “democráticos” no entendemento de que supoñen estes dereitos de “terceira xeración”. O insólito do noso país é que se debe acudir con tanta frecuencia á vía xudicial cando é a Administración, sabedora dos criterios xurisprudenciais, a que tiña que adoptar uns criterios que coñece e non lle son alleos.

Desde outras instancias non é de estrañar que se lle coñeza á Administración Local, como o “convidado de pedra”. Pouco se ten en conta que o ruído excesivo viola dereitos fundamentais, (sentenza do Tribunal Constitucional do 24-05-01).

Tal é así que o Tribunal Supremo (19-10-01) considera unha inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai deixación das súas funcións a sabendas de que unha empresa emisora vulnera a normativa legal; cualificando a inactividade como delito continuado de prevaricación medioambiental; ditando condena a pena de prisión máis inhabilitación por cargo público.

RECOMENDACIÓN

Préstese a debida atención a actuacións consecuentes cos problemas como os que se expoñen neste expediente.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008 reiterouse, por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 20/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 19/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente das tarefas de limpeza e peche dun local de hostalaría que impiden conciliar o sono e polo tanto o descanso nocturno.

O interesado xa ten denunciado no Concello a súa situación, en data 17-11-06, solicitado medición sonométrica que non se realizou.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-04-07. Con data 02-05-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 12-06-07, o 01-07-07, o 02-08-07 e o 02-10-07. Con data 17-10-07 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que se indica que o interesado ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, como actuación previa.

Solicitud que xa consta que foi presentada.

Do anterior deuse cumprida información ao interesado indicándolle que, coa mesma data, 19-10-07, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que o trámite xa foi cumprimentado polo mesmo na súa primeira denuncia.

Coa mesma data, como se indica, dirixímonos a Medio Ambiente comunicando que o trámite xa se fixo no seu día (novembro 2006) e facendo as precisións que se reflicten no apartado de reflexións. O pedimento anterior reitérase o 07-11-07, o 27-11-07 e o 21-12-07.

REFLEXIÓNS

A tal fin, de novo, signifícase que a Ordenanza Municipal do 28 de xullo de 2000 pola que se regula a actuación municipal, co fin de protexer ás persoas e aos bens, indica que lle corresponde ao Concello exercer o control do seu cumprimento, realizar cantas inspeccións foren necesarias e aplicar as sancións correspondentes,

podendo reclamar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado o cal xa se fixo en dúas ocasións (17-11-06 e 19-01-07).

É ben coñecida por esa Concellería a doutrina do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que xa a ten formulada no Concello, e que este e máis concretamente Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e ao impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas deste carácter, para rematar convencendo de que o se cuestiona funciona ou non adecuadamente.

RECOMENDACIÓN

Préstese a debida atención e actuacións consecuentes cos problemas como o deste expediente.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008, reitérase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 22/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 26/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 56/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estación transformadora de enerxía eléctrica; de que non consta licenza nin comunicación aos veciños afectados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-12-07. Con data 13-12-07 solicítase o preceptivo informe.

Estamos ante unha instalación da que non consta previa información á veciñanza, sobre a capacidade e alcance da citada instalación que, como tantos outros exemplos ao longo da xeografía soen xustificarse coa cantinela de que non existen “evi-

dencias científicas de perigosidade dos campos electromagnéticos sobre a saúde das persoas”.

Existen informes científicos nos que se fundamenta que as ondas electromagnéticas xeradas polas tormentas eléctricas e polas denominadas microondas interfíren e distorsionan o funcionamento normal do organismo humano, sendo estes efectos os seguintes:

- Trastornos neurolóxicos (irritabilidade, cefalea, astenia, somnolencia, mareos).
- Trastornos mentais (alteracións do humor, do carácter, depresións, tendencias suicidas).
- Trastornos cardiopulmonares (alteración da frecuencia cardíaca, modificacións da tensión arterial e alteracións vasculares).
- Trastornos reprodutivos (alteracións ciclo menstrual, abortos, infertilidade, diminución da libido sexual).
- Incremento do risco dalgúns tipos de cancro (leucemias agudas, tumores do sistema nervioso central na infancia).
- Trastornos dermatolóxicos.
- Trastornos hormonais.
- Trastornos inmunolóxicos.
- Trastornos no ámbito laboral.

RECOMENDACIÓNS

Adopción da medidas precautorias previas á instalación deste tipo de elementos; para actualizar e potenciar a fractura co modelo tradicional de actuacións, tense que dar axeitada resposta á problemática enunciada na introdución da Lei 57/2003, sobre modernización dos gobernos locais, tense que acadar o equilibrio entre a innovación e o respecto ás previsións constitucionais en razón aos dereitos dos cidadáns.

O dereito a ser escoitado antes de determinadas actuacións é básico nunha boa administración teranse en conta os factores relevantes.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/05/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 9/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades existentes por mor dalgunhas paradas do Vitra-sa situadas ao lado de pasos de peóns e de colectores de recollida de lixo, o que dificulta a visibilidade dos peóns. Polo que formulou a súa petición por escrito o 18-12-06, sen ter recibido información algunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19-02-07. Con data 20-02-07 solicitouse o preceptivo informe e o 06-03-07 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa de que se lle deu traslado do pedimento do interesado á concesionaria do transporte urbano para que informase ao respecto. Do que se deu cumprida información ao interesado o 08-03-07.

Con data 19-03-07, recíbese escrito do interesado, copia dunha comunicación feita polo mesmo ao departamento de Mobilidade, facendo precisións ao respecto.

Con data 21-03-07, dirixímonos a Mobilidade e Seguridade indicando as paradas de interese sinaladas polo interesado, e solicitando que, unha vez feitas as comprobacións correspondentes, se nos informe puntualmente das medidas acordadas; pedimento que se reitera o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

No ámbito europeo existe lexislación ao respecto, é dicir, prohíbese situar as paradas de autobús inmedias aos pasos de peóns e semáforos. Sen esquecer, pola nosa parte, a situación dos colectores da recollida do lixo.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, en canto se refire á colaboración coa Institución.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008 reiterouse, por novena vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 11/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por aparcar de noite, en lugar non permitido. Interpuxo escrito de alegacións, achegando fotografía do lugar de estacionamento no que non se reflicte ningún tipo de pintura, nin amarela, nin azul. O interesado non negou en ningún momento que fose o condutor; sendo as súas alegacións obxecto de descoñecemento total.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27-02-07. Con data 01-03-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 27-03-07, o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 26-07-07, o 28-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓN

Ante a falta de notificación inicial, que é algo excepcional, a administración fica obrigada a actuar co máximo rigor. Estase a aplicar unha medida de xeito mecánico, sen ponderar as circunstancias concretas, co ánimo de acadar a necesaria e debida proporción entre o feito imputado e a responsabilidade esixida.

Estase a actuar con modelos estereotipados, sen prestar atención ningunha ás alegacións que poden comportar situacións xustificadas, xa que é obvio que podían desvirtuar o feito acontecido. Os simples e uniformes criterios xurídicos “a secas” chocan, en ocasións, cos criterios do senso común.

A administración está obrigada a facilitar os medios probatorios ou xustificativos do interesado que este considere necesarios para sustentar a súa versión dos feitos, e se non o fai ou non as acepta, debe fundamentar a súa decisión de forma razoada, cousa que non se fai neste expediente. Toda desestimación de solicitude sen motivación suficiente produce, sen lugar a dúbidas, un quebranto do dereito do cidadán.

O procedemento, por definición, implica a esixencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si. Xurisprudencialmente tales actos e a resolución, veñen a constituír un modo complexo e, ao mesmo tempo, unitario.

RECOMENDACIÓN

Neste expediente xa non se segue a liña do anterior, nº 3. Descoñécese de propósito o previsto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, o que é unha pauta xeneralizada polo Servizo responsábel.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reitérase, por de una vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008. Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte, no que informa o seguinte.

“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa, na que solicita información sobre o expediente sancionador con número de referencia 068674586 detállaselle a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

- 1) O 03/06/2006 ás 12:43 o axente ... formula denuncia contra o vehículo 0142CBC por ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA E DESCARGA na Rúa.....
- 2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación (notificado o 05/07/2006) ao titular do mesmo indicándolle no reverso da notificación que se trata dun acto de trámite no que debe limitarse a identificar ao condutor (xa que o procedemento sancionador iniciácese fronte ao autor dos feitos) sen poder interporse alegacións.
- 3) O 20/07/2006 preséntase escrito, do que non se deduce nin expresa nin implicitamente quen é o condutor do vehículo, no que o titular do mesmo, presenta alegacións alegando os motivos que entende que desvirtúan a infracción denunciada polo axente.

- 4) *Tendo en conta que non se pode iniciar o procedemento sancionador xa que descoñecemos quen é o responsable do vehículo no momento dos feitos envíaselle un novo requirimento de identificación, que é notificado o 16/11/2006, dándolle un novo prazo de 10 días para identificar ao condutor.*
- 5) *Dito requirimento non é atendido polo titular do vehículo.*
- 6) *Ante a falta de identificación do condutor do vehículo impónselle unha multa por non identificar ao condutor que ten o carácter de moi grave e cuxo importe imponse no seu grao mínimo (Art. 67 Lei 17/2005 “. as multas moi graves iran de 301 a 1500 euros..”).*
- 7) *Dita notificación de denuncia é emitida o 22/01/2007 aínda que non se consegue notificar ata o 20/02/2007, sendo o prazo de pago en entidade financeira ata o 21/02/2007; no entanto o interesado pode abonar a multa co 30% de bonificación dentro dos 30 días naturais seguintes á notificación da denuncia (o prazo termina o 30/03/2007) tal e como se lle indica no reverso da notificación recibida.*
- 8) *Non presenta alegacións*
- 9) *O 25/04/2007 notifícaselle resolución sancionadora*
- 10) *Non presenta recurso de reposición*

Doutra banda indicar con relación aos comentarios relativos a que as actuacións realizadas por este departamento realízanse de,

Modo Mecánico

Existe un tratamento individualizado dos expedientes que permite en casos como o presente, enviar un novo requirimento no que se ampliaba o prazo para realizar a identificación, requirimento que do mesmo xeito que o primeiro non foi atendido.

Sen Atender as Alegacións Presentadas e Crebando os Dereitos dos Cidadáns

As alegacións son contestadas(estimando, desestimando, inadmitindo..), logo de realizar todas as actuacións necesarias tendentes a pescudar a verdade dos feitos (informe sobre a sinalización, informe do axente, fotografía de radar, estado dos cinemómetros..) e neste sentido somos absolutamente garantistas cos dereitos dos

ciudadáns. Agora ben os escritos de descargos, recursos de reposición e calquera outros que se estimen pertinentes réxense por unhas normas que establecen contra que actos poden interperse, prazo no que deben presentarse, obxecto do mesmo.

No expediente obxecto deste informe advertíase que o requirimento de identificación é un acto de trámite que persegue exclusivamente pescudar a identidade do condutor, advertíndoselle as consecuencias en caso de incumprimento de devandita obrigación e indicándoselle expresamente que era un acto non recurrible

Sen Sentido Común

A nosa obrigacións é aplicar a lei e a interpretación que da mesma fai a xurisprudencia, independentemente da nosa conformidade ou non coa mesma, neste sentido transcribimos a continuación un extracto da Sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso Administrativo número un de Vigo por se puidese ser de utilidade para aclarar o asunto.

Sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso Administrativo número un de Vigo

“Sobre o alcance da obrigación de identificar contida no Art. 72.3 LTSV tivo ocasión de manifestarse o noso Tribunal Constitucional en varias ocasións, en sentenzas como a de 21 de decembro definíndoo como un especial deber de dilixencia do titular do vehículo que lle obrigase a coñecer e facilitar á administración todos os datos necesarios para identificar ao condutor, cando se producín unha infracción, ao obxecto de poder dirixir contra este o correspondente procedemento sancionador.

Con todo tal obrigación non fai decaer o principio xeral de responsabilidade persoal por feitos propios en materia de infraccións de tráfico ou circulación, polo que non é posible considerar ao titular do vehículo que incumpre tal obrigación como autor da condución na infracción senón como autor, no seu caso, dunha infracción autónoma por incumprimento da obrigación de identificar.

O requirimento para a identificación efectuácese cando incoado o procedemento sancionador pola autoridade competente- de oficio ou por denuncia de carácter voluntario- ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e seguridade do tráfico, non fose coñecida a identidade do condutor, a fin de obtela e dirixir contra este o procedemento.

Como expón o Tribunal Constitucional, o incumprimento de devandito deber de identificación, sen causa xustificada, determinase que se lle impoña ao titular unha

sanción pecuniaria como autor dunha infracción tipificada no Art. 72.3 LTSV que se define como unha infracción autónoma consistente en incumprir o titular do vehículo o deber de identificar e comunicar ás autoridades de tráfico a identidade do condutor que supostamente infrinxiu as normas de circulación.....Aínda que o mais probable é que o condutor fose o titular do vehículo non pode imporse ao titular do coche a infracción cometida polo condutor, pois tratándose dun procedemento administrativo sancionador, rexido polos principios de tipicidade, legalidade e culpabilidade, conforme é afirmado en reiterada xurisprudencia, corresponde á administración denunciante a carga da proba dos feitos imputados por canto a persoa física ou xurídica á que se atribúe a conduta típica esta protexida pola presunción constitucional de inocencia.”

Con data 24/04/2008, dase cumprida información o interesada sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 13/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico mentres realizaba tarefas profesionais de carga e descarga co seu vehículo industrial dedicado a tales mesteres.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14-03-07. Con data 15-03-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 23-04-07, e de novo o 22-05-07, o 22-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

Son ilustrativos os feitos relatados polo interesado no seu escrito de alegacións, cales son:

O vehículo é de tipo industrial e con el realiza as tarefas de lle son propias: carga e descarga; tal como acreditou coa fotografía presentada no seu momento, na que se reflicte claramente a rotulación ao respecto.

O vehículo foi inmovilizado e retirado dunha zona de carga e descarga, onde estaba a realizar as tarefas que lle son propias e non simplemente, como indica o documento da sanción, como vehículo estacionado.

A Ordenanza de carga e descarga foi observada e respectada totalmente polo interesado, tal como se declara na mesma, nos seus artigos 10 e 18.

Faise especial fincapé en que o vehículo, segundo a súa ficha técnica, ten unha lonxitude de 4,525 metros, é dicir, non excede os límites subliñados no artigo 18 da Ordenanza Municipal (BOP do 20-03-91).

O vehículo está incluído dentro do apartado de vehículos comerciais e o imposto de vehículos a favor do Concello cualifícao de camiión, é dicir, asígnalle unha cualificación industrial.

O interesado achega proba escrita dunha testemuña que é o destinatario-cliente das mercadorías na que se acredita que se estaba realizando unha función comercial que precisa dunha acción de descarga, así como do tempo empregado en tal mester.

Pola nosa parte precísase engadir que, seguindo posicións doutriniais acreditadas que é necesario e imprescindíbel a harmonización entre os intereses xerais e os locais, o que non quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais. A coherencia non permite xustificación de potestades ilimitadas ou parciais de control, a lóxica impide o exercicio desorbitado de competencias.

En primeiro lugar, atopámonos con que se omiten ou non son verdadeiros os datos básicos da denuncia. O procedemento administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen, por si mesmas, exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

En segundo lugar, non é suficiente que o axente denunciante se limite a reafirmarse na denuncia. Existen unha serie de modos de proba suficientes para substanciar axeitadamente unha resolución conforme á realidade, resolución que se debe fundamentar de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas, con especial referencia á citación de terceiros (testemuñas), que debe ser favorecida sempre coa finalidade de estender o asunto a todos os que participaron

no feito. Ao rexeitar as testemuñas pódese incorrer en desviación de poder. O feito de non atender ás peticións e os argumentos documentados produce unha incongruencia procedimental que debe ser rexeitada.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

EXPEDIENTE 17/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa sanción de tráfico imposta por conducir un vehículo sen cinto de seguridade sen ser detida polo axente municipal para a comprobación dos feitos obxecto da denuncia.

A interesada declara e xustifica documentalmente que á hora das incidencia relatadas atopábase nun centro de atención de maiores, e que o vehículo á hora da denuncia non circulaba pola vía pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17-04-07. Con data 19-04-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 22-05-07, o 20-06-07, o 26-07-07, o 30-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓN

A Administración Pública ten que pór o máximo celo en acadar a notificación persoal das súas resolucións.

Na denuncia só consta que o condutor circulaba sen o cinto de seguridade; nada se indica en relación coas razóns polo que non se detivo o vehículo, o que xa

demostra unha omisión de datos necesarios; por outra parte, o axente límitase a ratificar o feito denunciado, claramente implica unha formalidade escasa de contido.

Se ao anterior se lle engaden as probas aportadas para substanciar a versión dos feitos por parte da interesada, obviamente estaríamos ante un erro imputábel á propia administración a ter en conta na resolución do expediente.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento, unha vez máis, da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008 retirouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa que a vista das probas achegadas no escrito de alegacións, e a ratificación manifestada polo axente permite ter por certas as afirmacións contidas na denuncia.

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/04/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 25/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por mor do roubo dun vehículo, que apareceu en lugar distinto do que se tiña aparcado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-06-07. Con data 11-06-07 solicítase o preceptivo informe, pedimento que se reitera o 13-07-07, o 13-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓNS

Atopámonos certamente cunha situación na que se reflicte unha carencia total de coordinación:

Un vehículo é obxecto de roubo, e abandonado despois nunha demarcación da que foi retirado polo guindastre municipal, sendo obxecto de sanción.

A interesada ao comprobar que o vehículo non se atopaba no lugar onde o tiña aparcado contactou coa Policía Local onde lle informaron de que o mesmo foi retirado polo guindastre por estar aparcado enriba da beirarrúa.

Coa información anterior personouse nas dependencias da Policía Municipal onde formula a pertinente denuncia por roubo, e co xustificante correspondente acode ao depósito de vehículos solicitando a súa entrega para trasladalo ás dependencias da Policía Nacional para revisión e análise da Policía Científica. No depósito comunicanlle que o vehículo non se pode observar nin retirar sen o previo pagamento da sanción, non obstante facer entrega da copia da denuncia, polo que ten que satisfacer 126,85 € para a súa retirada.

Posteriormente, o 12-02-07, solicita no Concello a devolución do pagamento satisfeito para recoller o vehículo. Como resposta recibe unha notificación dunha multa por estacionamento indebido; ante a súa insistencia no Concello (05-04-07) indícaselle que debe instar á Policía Nacional para que por escrito faga constar que a Policía Científica encontrou pegadas no vehículo pero que, non obstante, non tiñan identificado o autor do roubo. Entregou copia do anterior comunicado no Concello o 12-04-07, onde lle indicaron que “recibirá por escrito a resolución do caso”. Tras un mes de espera, o 08-05-07, persónase no Concello, onde lle indican que ten que “chegar un informe da Policía”. Con data 28-05-07, telefonicamente contactou co Concello e lle comunican que se procede a anular a multa, sen facer referencia algunha ás taxas pola recollida do vehículo e traslado ao depósito municipal, xa que a persoa responsábel non estaba ese día e, ademais, faltaba o informe da Policía Local. Indícanlle que recibirá comunicación por escrito ao respecto, escrito que a primeiros de novembro aínda estaba sen recibir.

A descoordinación das actuacións municipais quedan notabelmente comprobadas. A ordenada disposición do esforzo do grupo competente brilla pola súa ausencia.

RECOMENDACIÓN

Ademais da necesidade de accións axeitadas e eficaces, demándase o cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 27/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico mediante o emprego de radar.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-06-07. Con data 15-06-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 26-07-07, o 30-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-01-07.

REFLEXIÓNS

Non se procedeu a darlle o alto ao condutor interesado para as verificacións oportunas (identificación, autorización do axente para a colocación e manipulación do equipamento, así como acreditación de que o equipamento se atopaba ao día en canto ás revisións e o equilibrado axeitado).

A Administración está obrigada a actuar co máximo rigor; emprégase unha medida de xeito mecánico, tense que poñer o máximo celo e atención para a comunicación axeitada das posíbeis infraccións; nada se di sobre a detención do vehículo o que xa demostra unha omisión de datos necesarios, tales como a correcta identificación do condutor e outros antes citados.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 28/02/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade, no que informa, que na fase de alegacións non solicitou probas de ningún tipo en relación coa situación do cinemómetro, e que abonou a multa acolléndose a bonificación.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 21/04/2008, sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 36/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico agravada por non responder ao requirimento indicando quen era o condutor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13-09-07. Con data 19-09-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 25-10-07, e de novo o 19-11-07 e o 19-12-07.

O seu desacordo polo agravamento da sanción por non identificar ao condutor cando seu vehículo foi multado por estar aparcado en zona non autorizada, sen condutor presente no vehículo.

Condutor é a persoa que guía un vehículo, chofer, sendo este a persoa que ten por oficio conducir un vehículo.

Cando se debe aplicar o concepto de condutor é nos supostos de infraccións por exceso de velocidade, por exemplo, nos que non se ten parado o vehículo por razóns que deben constar na denuncia. Entón é cando procede reclamar ao titular ou propietario do vehículo para que o identifique no prazo que a normativa dispón.

O que obviamente non se dá no suposto que nos ocupa, xa que o vehículo sancionado simplemente atopábase parado, segundo a documentación que achega o interesado: “Estacionar onde está prohibida a parada”.

Tense que reiterar que as contravencións administrativas non poden ser aplicadas de modo mecánico, con arranxo á simple enunciación literal, é necesario un comportamento humano, positivo ou negativo, que determine a existencia ou non dunha culpabilidade. Téñense que ponderar as circunstancias concorrentes para acadar a debida proporción entre a realidade do caso e a interpretación que se pretende. Non se cuestiona a infracción cometida, estacionar en zona non permitida, cuestiónase o feito da identificación do condutor, que no concepto da falta non resulta imprescindible a finalidade da sanción en momento posterior á súa formulación por

atoparse o vehículo estacionado sen estar o condutor presente. Notificación que resultou efectiva, sen máis especificacións que fosen imprescindíbeis. Non se incumpre deber de identificación do condutor dado que co vehículo non se come-teu infracción en circulación.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reiterouse, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informa con detalle a evolución do expediente en relación coa identificación do condutor do que se deu cumprida información a interesada. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 41/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que está a pasar unha persoa con unha minusvalía considerábel para acadar unha tarxeta de mobilidade para o uso dos autobuses urbanos, dos que se ve obrigada a facer uso tres ou catro veces ao día o que lle supón un custo considerábel.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

A interesada foi cualificada cunha valoración de minusvalía e discapacidade dun 65%, con carácter definitivo.

Segundo a Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, débese reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades Locais investidas de competencias efectivas permite unha administración que á vez que eficaz, atópase

próxima ao cidadán, o que implica a acción de medidas urxentes e axeitadas ás necesidades que se suscitan.

A Constitución Española (1978), non só é unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor decisivo de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián.

As concepcións europeístas actuais conciben á Constitución, entre outras puntualizacións, como a concreción dun ámbito de liberdade que implica incorporar un catálogo de dereitos e liberdades; apélase a uns contidos, rematándose co dito de que toda sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada non ten en absoluto Constitución. Pois ben, a Constitución Española no seu artigo 49 impón ás administracións públicas a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e inserción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que se outorgan a todos os cidadáns.

No ámbito local, a Lei Básica (Lei 7/1989) considera o municipio como o marco por excelencia de convivencia social; o equilibrio social estivo asociado desde a antigüidade ao florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refiren; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

Tense que afondar no ámbito social de seguir inculcando os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte aos novos desafíos que a nova sociedade ten que afrontar.

RECOMENDACIÓN

Revisión e actualización da normativa aplicábel á adxudicación da tarxeta de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulan medidas de apoio ás persoas afectadas de minusvalías e outros colectivos como os da terceira idade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, e o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 42/2007

ASUNTO:

Queixa en relación co escaso do servizo de autobuses en determinadas zonas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

O apuntamento a que fai referencia o contido da queixa refírese á zona Oia-Coruxo (liñas 10, 11 e 12-A); facéndose unha puntualización ao tramo Camposancos – Baixada ao Bao con Camposancos – Avda. Cesáreo Vázquez.

RECOMENDACIÓNS

Definición chave das competencias neste tipo de situacións. E no seu caso, adopción de medidas coordinadas.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 27/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008. Con data 04/11/2008, recíbese escrito de Mobilidade no que se informa sobre a situación das liñas da zona e así como que a proposta tratarase na vindeira reforma. Do que se da traslado ao interesado o 05/11/2008.

EXPEDIENTE 51/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por estacionar nun cruzamento en vía urbana obstaculizando a visibilidade dos vehículos que descenden por unha rúa. Non existindo sinal de ningún tipo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 07-11-07. Con data 14-11-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

Como noutros supostos semellantes, deberá prestarse a atención suficiente ás alegacións formuladas, tal como se expuxo en expedientes anteriores.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 01/04/2008, reiterouse, o pedimento informativo anterior, con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade, no que informa o carácter probatorio do mesmo de acordo coa sentenza 21/2008 do xulgado Contencioso Administrativo nº 1, sobre a ratificación do contido da denuncia. O que se lle comunica o interesado, o 33/04/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 52/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico por estacionar en dobre fila; cando estaba esperando para acceder o vehículo a súa dona que estaba sendo atendida nun centro de saúde.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-11-07. Con data 25-11-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

A data da sanción corresponde ao 17-02-07; o interesado formulou o seu escrito de alegacións, que non foron tidas en conta.

Faise preciso reflectir o seguinte:

A Administración sempre está obrigada a actuar co máximo rigor nos seus procedementos, estase a aplicar unha medida, unha vez máis, de xeito mecánico, sen ponderar as circunstancias concretas (tempo da parada, motivo da mesma), co ánimo de acadar a necesaria e debida proporción entre o feito imputado e a responsabilidade esixida.

Non se presta a máis mínima atención a ningunha das alegacións que poden comportar situacións xustificábeis, xa que podían desvirtuar o feito acaecido.

A Administración está obrigada a facilitar os medios probatorios ou xustificativos do interesado que este considere necesarios para sustentar a súa versión do acontecido, e se non o fai ou non os acepta, debe fundamentar a súa decisión de forma razoada.

Por outra banda, o interesado fai mención especial do incumprimento do disposto no artigo 32 da Lei 30/92, que no parágrafo g) determina o dereito do cidadán a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes instrúan os proxectos, actuacións ou solicitudes que se proponían realizar.

A tal fin faise preciso lembrar o disposto no RD 208/96, en especial nos seus artigos 2, 3 e 4, sobre as funcións de información e atención ao cidadán, en especial a denominada atención personalizada.

RECOMENDACIÓN

Préstese a debida consideración ao contido dos procedementos a seguir neste tipo de situacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 31/01/2008, o 06/03/2008, o 01/04/2008. Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa, con detalle do desenvolve-

mento do expediente, rematando que o mesmo está pendente de resolución do recurso de reposición interposto polo interesado.

Do que se deu cumprida información o mesmo o 22/04/2008.

Con data 15/05/2008, solicítase información actualizada en relación co recurso de reposición pendente de resolver, pedimento que se reitera o 17/06/2008. Con data 08/07/2008 recíbese informe no que se indica que o recurso de reposición foi desestimado.

Do que se deu cumprida información o interesado o 09/7/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 54/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta por mor de conducir e usar ao mesmo tempo o teléfono móbil.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23-11-07. Con data 03-12-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

Das alegacións expostas polo interesado resulta que a denuncia formulada e ratificada polo axente da Policía Local, non se corresponde coa situación real, toda vez que o móbil non é de uso manual.

Manual é aquel utensilio ou aparello do que se fai uso servíndose das mans; traballo habitual coas mans.

O vehículo sancionado ten instalado un equipo dos chamados “mans libres” o que fai imposíbel o acto que se lle imputa. O sistema instalado no vehículo conéctase nada máis acenderse o motor e non dispón de sistema de illamento de chamadas en secreto, íllase o auricular ao recibir a chamada imposibilitando falar o que se fai só a través de altofalante.

O axente sancionador tería que ordenar a detención do vehículo e facer as comprobacións pertinentes.

A denuncia non se axeita á realidade, e polo tanto a notificación da denuncia, de xeito mecánico, non se corresponde coa realidade, á que dá lugar.

Ao cidadán interésalle non só a axilidade da Administración Pública nas súas resolucións, estas teñen que ter a calidade que a norma lle esixe. O interesado non se comporta de forma antixurídica, daí a ineludíbel necesidade de que se fagan valer todos os intereses sen prexudicar o dereito do interesado. O procedemento que se formula debe contemplar todas as garantías e permitir a utilización dos medios de proba pertinentes para a súa defensa.

RECOMENDACIÓN

Resolución homoxénea en relación coas circunstancias expostas.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior. Con data 15/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa detalladamente da tramitación do expediente, rematando coa no interposición de ningún tipo de recurso.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/04/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 55/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico e retirada do vehículo polo guindastre municipal por estar aparcado diante dun vao.

A interesada ten presentado cinco solicitudes con alegacións e consultas, desde setembro de 2006 sen resposta nin información algunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03-12-07. Coa mesma data solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Estamos posibelmente ante unha identidade incorrecta do sinal de limitacións por existencia dun vao.

O vao, na data da sanción, non se corresponde nin coa actividade que se realiza no local actual nin coa infraestrutura do mesmo.

A actividade para a que se concedeu o vao, no seu día, xa non existe no momento da sanción, o vao identificábase con aquela. Hoxe, o baixo non ten acceso a vehículos como era anteriormente. Manifestacións que coinciden colas expostas verbalmente por técnicos do departamento.

É obvio que nos atopamos con un erro material, provocado por manter o Concello unha sinal nun baixo que cesara na actividade para a que se concedeu tal licenza.

RECOMENDACIÓN

Resolución axeitada ao erro producido.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 25/05/2008.

Con data 23/05/2008, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte, no que informa detidamente sobre o procedemento en cuestión, sendo desestimada a solicitude por considerar correctamente sinalizado o lugar do vao. Do que se deu cumprida información á interesada. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 57/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción por conducir co vehículo sobre a raia lonxitudinal dunha rúa céntrica con elevado nivel de circulación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-11-07. Con data 13-12-07 solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

A situación ven propiciada por mor dos numerosos vehículos que constantemente se atopan aparcados incorrectamente naquela rúa o que necesariamente obriga a circular levemente por enriba da raia continua.

O tratamento en cuestión é totalmente discriminatorio, xa que a decisión sancionadora non se toma con todos os vehículos infractores sobre o aparcamento; os que obrigan a colapsar o tráfico ou a adoptar unha manobra irregular provocada por unha imposición allea á súa vontade.

Estamos ante un feito ou manobra provocado por un claro e manifesto estado de necesidade obxectiva; o interesado, con esta actuación, non se comporta de forma antixurídica, toda vez que actúa cun privilexio que se concede a alguén por mor das circunstancias en que se desenvolve a actividade que está a realizar.

RECOMENDACIÓNS

Resolución homoxénea ás circunstancias expostas.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 14/01/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, e o 27/03/2008.

Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa con detalle o procedemento seguido no expediente que, actualmente, está a espera de informe do axente. Do que se da cumprida información ao interesado o 22/04/2008.

Con data 15/05/2008, solicítase a Concellería de Mobilidade e Seguridade informe actualizado en relación coa dilixencia solicitada ao axente municipal.

Informe que se recibe o 30/05/2008, e no que se indica que o informe do axente denunciante non foi recibido no prazo legal establecido polo que dita multa se atopa prescrita.

Do que se deu cumprida información o interesado o 02/06/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 58/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar o vehículo sen condutor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-12-07. Con data 13-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

A sanción foi imposta polo chamado “multamóbil”; producíndose unha serie de circunstancias que indican unha anomalía, cando menos, na actuación do vehículo municipal.

Dentro do vehículo atópase a interesada ou condutora do mesmo con tres fillas súas, e que nese momento estaba efectuando un cambio de condutor co seu marido.

Nese intre a interesada estaba axeitando o asento da súa filla de tres anos para acomodalo correctamente.

O axente sancionador ratifícase na ausencia do condutor; sen máis consideracións; o cal en ningún momento se aproximou para comprobar as alegacións, nin sequer para comunicar a sanción, cando era visíbel que había xente no vehículo.

É obvio que segundo a normativa vixente as denuncias dos axentes dan fe agás proba en contrario; isto non deixa de ser unha valoración que pode ser claramente subxectiva, o que non desdix que tal compostura resulta un atentado contra a seguridade xurídica. Non estamos ante un comportamento de condución temeraria que pon en perigo a vida ou a integridade das persoas.

O axente límitase a dar unha información que realmente era fácil de comprobar no propio momento dos feitos; non estamos ante unha situación de tráfico rodado. Coa detención do vehículo multa-móbil houbérase comprobado a realidade das alegacións presentadas pola interesada na súa defensa; e que xustificarían o motivo da situación pola que se sanciona.

RECOMENDACIÓNS

A Administración utiliza unha práctica de modo mecánico, xustificando a acción unha enumeración literal, cando, mediante a comprobación necesaria, debería ponderar as circunstancias concorrentes: a situación, a influencia sobre a mobilidade, o axeitamento dos nenos no interior. Carécese no procedemento da motivación coherente que aporte a necesaria e debida proporción entre os feitos e a responsabilidade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008.

Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa detalladamente sobre, o expediente, o que remate coa desestimación do recurso de reposición presentado polo interesado, achegando copia da sentenza considerada relevante para aclaración do tema.

Con data 22/04/2008, dáse cumprida información a interesada. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 62/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa discriminación da que foi obxecto por mor de ser sancionado por estacionar o seu vehículo e non o sendo nese mesmo lugar e hora outros vehículos na mesma situación.

Non tendo recibido información ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Discriminación e a infravaloración dun grupo ou individuo por parte doutro; é un comportamento polo que unha actitude recibe unha resposta mentres que outro igual provoca outra diferente ou non produce ningunha.

Estase a dar un trato de inferioridade a unha persoa sen razóns que o xustifiquen.

Estamos pois ante unha situación das recoñecidas como “mala administración”. A “fuxida” do dereito administrativo e con iso a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificultan os resortes garantistas do sistema. Estase a actuar en desacordo coas normas e cos principios que son obrigatorios.

A sociedade non se educa só con discursos, fan falta discursos con iniciativas que erradiquen as inxustizas e os obstáculos, que orienten e informen aos cidadáns, a todos os cidadáns.

O artigo 3 da Lei 30/92 fala de “actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo ao cidadáns”

O Código Europeo de Boa Conduta Administrativa, impón a ausencia de discriminación e igualdade de trato para todo o público.

RECOMENDACIÓN

Quen pregunta merece unha resposta; isto non é samente un recordatorio do poeta alemán; sen esquecer por suposto o artigo 14 da Constitución Española no que se proclama a igualdade de todos ante a lei, non prevalecendo discriminación nin unha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/09/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 64/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por estacionar en lugar prohibido.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20-12-07. Con data 26-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Resulta rechamante que a sanción se refira a un lugar prohibido, cando da realidade resulta que no referido número 20 da rúa en cuestión non existe ningún sinal; máxime cando existen testemuñas do lugar exacto do estacionamento.

Por outra banda, o axente municipal, como de costume, limítase a ratificar a denuncia; na mesma existe unha sinatura presuntamente referida á interesada, sinatura que ela non efectuou, o que indica, cando menos, un erro grave, cando non unha suposta e presunta falsificación; indicándose na notificación da denuncia: AUSENTE.

Atopámonos pois nun suposto no que non son verdadeiros os feitos ou datos da denuncia ou, polo menos menos, existen erros imputábeis á Administración, o que implica a anulación do expediente.

Qué pasa coa alegación das testemuñas? A Administración está obrigada a facilitar e aceptar cantos medios de proba sexan necesarios.

RECOMENDACIÓN

Revisión do expediente en cuestión.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 31/01/2008, o 06/03/2008. Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa con detalle o procedemento seguido no expediente, rematando coa desestimación do recurso de reposición interposto, e facendo referencia a sentenza 21/2008 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 1 de Vigo. Do que se da cumprida información o interesado, coa mesma data. Sen actuacións posteriores.

CAPÍTULO III: PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 38/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dun patio nun recinto, cunha soa entrada, recoñecido como terreo público obxecto de cesión gratuíta en favor do Concello, destinado a viais, zonas verdes, roteiros peonís e que, en virtude de acordo plenario, autorizouse para construír un edificio de soto, planta baixa e cinco plantas para construír, ampliado por outro acordo coa construción dun segundo soto coa obriga de cesión ao Concello dunha zona con destino a viais e outros servizos de uso público, declarándose a indivisibilidade do resto da mencionada finca.

A zona converteuse nunha superficie de aparcamentos privados, sen orde nin control; repáranse coches privados polos propios usuarios que producen un sensíbel grao de contaminación atmosférica que afecta á saúde da interesada dentro da súa vivenda na que non pode practicar as xanelas, necesitando asistencia médica de forma permanentemente e incluso hospitalización; a zona converteuse nunha esterqueira.

Achégase conxunto fotográfico que xa obra en Medio ambiente, e que ademais reflite o caos desde o punto de vista de aparcamento de vehículos, incluso con letreiros que se atribúen a “reserva de dominio”.

A elevada concorrencia de actividades e vehículos produce inundacións no garaxe da comunidade.

Dado que o suposto de que se trata, resulta competencia de distintas áreas de xestión do Concello, é polo que se dirixe ao Servizo de Participación Cidadá co ánimo de acadar unha solución coordinada daquelas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25-09-07. Con data 27-09-07 solicitouse o preceptivo informe.

Con data 19-10-07, recibíuse escrito de Participación Cidadá no que se indica que se solicitou informe a Medio Ambiente e Seguridade, así como á vista do informe da Policía solicitaron tamén informe da situación a Montes, Parque e Xardíns. Do

que se dá cumprida información á interesada o 24-10-07. Con data 27-11-07 intéresase información actualizada. Con data 26-11-07 recíbese desde Participación Cidadá informe de Montes, Parque e Xardíns indicando que a fonte cuestionada nunha das denuncias xa está reparada e en funcionamento. Do que se dá cumprida información á interesada o 27-11-07; e coa mesma data ínstase información dos temas pendentes, que se reitera o 21-12-07.

REFLEXIÓNS

Expediente iniciado en setembro de 2007, e que finalizado o ano segue obviamente pendente dunha solución. A xestión require dunha coordinación, que non se está a manifestar, ben por falta dun poder de dirección ou ben por fracaso das políticas públicas de capacidade para facer da acción conxunta unha acción eficaz; é dicir, non se dá o resultado que o cidadán espera, non se dá a resolución dun traballo competente e polo tanto eficiente.

A valoración dos “intereses propios” de cada departamento afectado, unicamente derivan nun prexuízo para o cidadán.

RECOMENDACIÓN

Utilización de criterios coordinados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 21/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 21/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 17/06/2008, 17/07/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 43/2007

ASUNTO:

Queixa en relación co incumprimento que, da Ordenanza Municipal para a tenza e protección de animais, se fai pola veciñanza dunha determinada zona pública.

A tal fin ten presentada denuncia por correo electrónico, desde outubro de 2005, sen resultado ningún. No ano 2006 reiterou a súa denuncia, seguindo a situación igual.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

Debe actualizarse a actuación da vixilancia e control dos espazos públicos, que leven a que o cidadán vexa que a súa administración pública máis próxima éo especialmente pola súa eficacia.

EXPEDIENTE 44/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dunha praia, por mor da abundancia de nudistas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-10-07. Con data 14-11-07 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 20-11-07, no que se indica que a suxestión do interesado foi remitida ao departamento de Seguridade, do que non se tivo aínda resposta, indicando que actualmente existe un vacío legal sobre o tema do nudismo, no que as Administracións Locais non teñen competencia, aínda que na actualidade existen ordenanzas (recorridas en algúns casos) que o regulan en lugares públicos.

Con data 30-11-07, reiterouse o pedimento de información sobre as xestións de Seguridade, e de novo o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

De novo estamos ante unha posíbel falta de coordinación entre administracións, do que ninguén parece sentirse responsábel.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, o 06/03/2008.

Con data 14/03/2008 recíbese informe de Participación Cidadá no que se indica que, con data 06/03/2008, remítese informe de Policía Local, do que realmente non

constan accións o respecto. Do que se da cumprida información a interesada, indicándolle que se seguirá insistindo ante Participación Cidadá sobre o tema.

O que se fai o 21/07/2008, e o 18/08/2008, o 26/08/2008. Coa mesma data recíbese informe da Policía Local, que indica carecese de datos referentes a solicitude do interesado do ano 2006, polo que non se pode precisar a actuación a levar a cabo o que se comunica a interesada o 01/09/2008, indicando que a faltade novas actuacións daríase o expediente por pechado.

CAPÍTULO IV: SERVICIOS XERAIS

EXPEDIENTE 21/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dun poste do tendido eléctrico que se atopa en mal estado con perigo para os viandantes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16-05-07. Con data 21-05-07 solicitouse o preceptivo informe que se recibe o 28-05-07, e no que se indica que, con data 21-05-07, o negociado de Vías e Obras remitiu escrito á empresa concesionaria ordenando a súa reparacións. Do que se deu cumprida información á interesada. Non se teñen dado actuacións posteriores.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/03/2008, recíbese comunicado da Asociación de Veciños dando conta do mal estado do poste eléctrico, polo que esta Institución diríxese a Vías e Obras informando da situación e interesado unha solución; pedimento que se reitera o 07/05/2008 e de novo, o 30/05/2008. Con data 12/06/2008, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que o poste foi retirado por Fenosa o 06/05/2008, no que se da cumprida información a interesada o 12/06/2008. Dándose o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 46/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa colocación dun poste de tendido eléctrico diante dun portal, sen aviso nin outra consideración. O referido poste ocupa parte do portalón de acceso á vivenda; e que nunha ocasión cando a interesada estaba a coidar o rego das plantas sufriu unha descarga eléctrica por contacto co tendido que cruza a súa propiedade que ademais cando o vento bate produce fracturas no tellado. Asemade o poste en terra produce unha acumulación de lixo que o propietario non ten obriga de limpar.

Púxose en contacto coa compañía eléctrica e a resposta foi un orzamento económico que tería que satisfacer no suposto de retirada do poste.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-11-07. Con data 15-11-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 19-12-07.

REFLEXIÓNS

Veñen dadas unicamente por un sentimento da lóxica.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reitérase o pedimento informativo anterior, con data 22/01/2008, recíbese escrito de Vías e Obras ao que achega informe técnico no que se indica que non se observa anomalía que de motivo a queixa presentada, polo que cren aconsellábel a súa inadmisión a trámite. Do que se dá cumprida información a interesada o 24/01/2008.

A vista da información anterior, a interesada comparece nesta oficina do Valedor do Cidadán o 04/02/2008 e manifesta:

- 1) na fotografía nº1 (ubicación do poste) como consecuencia do vento o poste golpea nas tellas, que se atopan rotas; se estivese ben colocado non afectaría ao tellado.
- 2) no mesmo poste atópase adosado un contedor que supera nos centímetros o linde do portalón, con perigo para súa integridade, no caso de circulación de determinado tipo de vehículos.

3) o poste carece de iluminación axeitada.

Solicitando unha actuación procedente, en data 06/02/2008.

Con data 02/04/2008, recíbese escrito de Vías e Obras, no que informa que segundo visita do Inspector non se observa anomalía que dea motivo a queixa presentada, polo que decretamos o arquivo do expediente. No informe do Inspector; concluídos cos outros puntos ubicados no vial. En todo caso, non compete a ese servizo emitir xuízo ao respecto. Do que se deu cumprida información a interesada, o 16/04/2008, indicándolle que coa mesma data nos diriximos ao Servizo de Electromecánicos, por se fose da súa competencia, pedimento que se reitera o 19/05/2008, e de novo o 22/05/2008.

Con data 17/05/2008, recíbese escrito da Área de Servizos Xerais, no que nos indica que realizada visita de inspección comprobouse que o poste é propiedade de Fenosa, a quen debemos dirixirnos.

Con data 23/06/2008, diriximos a Área de Servizos Xerais, que con tal resposta no se lle presta a colaboración debida a esta Institución do Valedor do Cidadán según o seu regulamento orgánico recordándolle que segundo o artigo 223 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, determinase a responsabilidade das entidades locais dos prexuízos causados aos particulares como consecuencia do funcionamento dos Servizos Públicos, e que de aquel xeito non se acada a eficacia que prevé a Constitución Española (art. 103) e a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (art. 3).

Reiterando a xestión solicitada no seu día.

Con data 24/06/2008, recíbese desde Vías e Obras escrito no que informa que se lle remitan desde Servizos Electromecánicos o expediente por considerarse incompetentes.

Con data 17/07/2008, dirixímonos a Vías e Obras instando unha información actualizado ao respecto, e de novo o 13/07/2008, e o 18/09/2008. Con data 19/09/2008, recíbese escrito de Vías e Obras indicando que non é da súa competencia. A vista do que se da traslado de todo o expediente a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións o 19/09/2008, así como a interesada, reiterándose o pedimento o 16/10/2008. E o 14/11/2008 recíbese informe da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións no que se indica que se debe archivar o expediente por non ser competencia Municipal. O que se comunica a interesada o 17/11/2008.

EXPEDIENTE 59/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude presentada en agosto de 2006 interesando a instalación de reixas na rede de sumidoiros nun camiño público, xa que en inverno faise intransitábel e que ademais supón un risco para os transeúntes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10-12-07. Con data 13-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓN

O cidadán leva máis dun ano sen recibir resposta nin actuación ningunha por parte do servizo correspondente.

Unha vez máis, o código da boa conduta administrativa segue en estancamento. Tense que apostar por configurar unha nova actitude pública máis áxil, sinxela e eficiente, cun só referente esencial, cal é o cidadán, que esixe, con razón, uns servizos públicos máis eficaces, de maior calidade e mellora permanente.

RECOMENDACIÓN

Reconsideración das competencias municipais que reflicte o artigo 25 da Lei 7/1985.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, con data 04/03/2008, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que as obras solicitadas xa foron realizadas a primeiros febreiro de 2008. Do que se deu cumprida información o interesado, dándose o expediente por pechado.

CAPÍTULO V: URBANISMO

EXPEDIENTE 4/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha parede que se atopa incluída no proxecto de reparcelación dun polígono dun PERI. O interesado solicitou en tres ocasións a exclusión da parcela da citada actuación en base á súa consideración como Edificación Consolidada, por diversos motivos:

A parcela comprende a casa, de baixo e tres andares, na que reside de modo ininterrompido desde os anos sesenta do século pasado e na que a súa filla ten un negocio que constitúe a fonte de ingresos familiar.

Coa consideración que se fai no polígono de Edificación Non Consolidada, do que pretende desvincularse, non se lle concede ningunha vantaxe e, polo contrario, preténdese que participe nos custes da urbanización, o que supón unha considerábel cantidade.

No caso contrario está a parcela seguinte do mesmo polígono, á que se lle dá a consideración de Edificación Consolidada, excluíndoa do novo polígono.

Cando construíu a súa vivenda para obter a licenza tivo que acatar as correspondentes cesións de superficie e participar nos custes de urbanización da rúa na que está situada.

Continúa facendo consideracións con respecto da Lei 9/1992, e a determinadas sentenzas do Tribunal Supremo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 07-02-07, no que se fai un relatorio informativo, concluindo que o interesado presentou novo escrito de alegacións o 21-12-06, que actualmente é obxecto de exame (25-01-07). A esta información achégase copia do acordo da Xunta de Goberno Local do 26-12-05, no que se aproba inicialmente o proxecto de reparcelamento que se somete a información pública e audiencia dos interesados, e que o mesmo e un acto de mero trámite non sometido a recurso. Do que se deu cumprida información ao interesado o 08-02-07.

Con data 21-02-07, solicitouse información adicional en relación co escrito de alegacións presentado polo interesado o 21-12-06, e que se recibe o 16-03-07 na que se nos informa de que o expediente atópase en trámite de información pública (BOP 27-02-07). Do que se dá cumprida información ao interesado o 19-03-07.

Con data 23-04-07, solicítase información actualizada con respecto ao anterior, pedimento que se reitera o 22-05-07. Con data 07-06-07, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que está rematado o trámite de información ao público de todos os interesados no expediente, e que entre as alegacións atópase a do interesado, na queixa que nos ocupa e que de acordo coa normativa vixente non pode aprobarse actualmente o proxecto de equidistribución até que se dea aprobación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en tramitación. Do que se da cumprida información ao interesado o 11-06-07.

Non dándose actuacións posteriores por mor da aprobación pendente do PXOM.

REFLEXIÓNS

Este suposto, como tantos outros, tense que contemplar desde unha óptica universal ou xeneralizada.

Os Consellos Europeos de Lisboa e Niza asumiron no ámbito da Unión Europea o compromiso de promover un crecemento sustentábel que reduza a exclusión social e, entre as premisas que integran a exclusión social, cítase a carencia de vivenda digna.

O informe do Banco Mundial (21-08-02) sinala a mellora das transaccións sociais, económicas e ambientais, cara un mundo predominantemente urbano.

A través de distintos foros, comézase a configurar unha nova cultura que non é outra que a coñecida, desde o marco físico da ocupación da terra, do uso e desuso, do abuso do territorio, coa denominación de urbanismo.

O crecemento da cidade xa confundiu para sempre os seus límites e a relación co seu territorio fíxose máis complexa.

A cidade contemporánea está caracterizada pola súa ambivalencia, a súa desintegración; é algo fragmentario, caótico, disperso, fáltalle unha figura propia. O home, no seu día a día, sofre tan contraditorios estímulos que acaba, a semellanza da cidade que habita, atopándose desorientado; as cidades terminan parecéndose unhas a outras co selo dunha triste monotonía cuarteleira (Chueca Goitia).

Rematemos coa Carta de Atenas, quen lle asigna ao urbanismo as seguintes funcións:

Garantir aloxamentos sans, lugares nos que o espazo, o aire puro e o sol estean garantidos con largueza.

Organizar os lugares de traballo de maneira que en vez de ser unha penosa servidume, recuperen o seu carácter de actividade humana natural.

Prever as instalacións necesarias para unha boa utilización do tempo libre, facéndoo benéfico e fecundo.

Establecer a vinculación entre estas diversas organizacións mediante unha rede circulatoria que garanta os intercambios, respectando as prerrogativas de cada un.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/05/2008, dirixímonos a Urbanismo, solicitando informe actualizado do expediente a vista da aprobación do PXOM.

Con data 17/06/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que segundo o artigo 70.2 da Lei 7/1985 as Administracións Públicas publicarán por medios telemáticos o contido actualizado dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, do único do seu somentemento a información pública que de calquera outros actos de tramitación que sexan relevantes para a súa aprobación aou alteración.

En consecuencia no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo no entrará en vigor nun prazo de quince días desde a publicación da súa normativa, competencia neste caso municipal e todavía non se realizou.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 17/06/2008, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada; o que se fai o 30/07/2008.

Con data 18/08/2008, recíbese información da X. M. de Urbanismo que indica que despois do 26/08/2008, retomase a tramitación do expediente, data de entrada en vigor do novo PXOM. O que se comunica o interesado, o 30/09/2008, solicitase información sobre a tramitación e de novo o 30/10/2008, o 28/11/2008 e o 23/12/2008.

EXPEDIENTE 6/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de información sobre o estado de conservación dun edificio; interesándose se no mesmo se fixo a inspección técnica, así como o alcance do cumprimento das normas de conservación do edificio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 07-02-07. Con data 08-02-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 06-03-07, o 10-04-07, o 07-05-07, o 12-06-07, o 18-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

Atopámonos nun suposto que produce inquedaanza no seu contorno pola posibilidade de que se produza un derrubo non desexado, con evidente perigo para os cidadáns.

O Concello, nin actúa nin responde á petición do interesado.

Queda claro, como se desprende do apartado deste informe definido como INTRODUCCIÓN, onde se relata a táboa legislativa, é dicir, o relatorio dos dereitos dos cidadáns e as conseguintes obrigas da Administración Pública que unha vez máis, danse por esquecidas, o que produce un claro xesto de indisciplina xurídica; a administración responsábel non se interesa na sociedade á que serve como instrumento promotor de que os dereitos dos cidadáns sexan reais e efectivos.

Non cabe xustificar a demora ou pasividade baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan; isto non é unha xustificación á que se acode con frecuencia. Para que se poidan acadar os propósitos legislativos é preciso potenciar a eficacia administrativa e acadar a correcta prestación dos servizos que a Administración ten encomendados; un bo funcionamento, en termos de calidade, axilidade e rapidez, supón inevitabelmente un maior achegamento na procura de credibilidade. O que máis lle interesa ao cidadán é que o principio de eficacia se concrete en fórmulas precisas, en actuacións cotiáns.

RECOMENDACIÓN

Ademais das expostas no apartado anterior, incídese no cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, no seu artigo 10.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 04/03/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior; coa mesma data recíbese escrito de Disciplina Urbanística ao que se achega resolución de 20/02/2008, na que se declarou o estado de ruína inminente do edificio en cuestión, establecendo o procedente subsidiario, no seu caso, o foi forzosamente mediante a imposición de multas coercitivas. Do que se deu cumprida información o interesado o 06/03/2008.

Con data 10/04/2008, instouse información actualizada en relación coas medidas previstas pedimento que se reitera o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008. Con data 04/08/2007 recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que informa que na inspección realizada o 19/06/2008 comprobouse que toda a parte interior está derrubada, só fica a fachada principal da planta baixa, segundo o ordenado no seu día. Do que se dá cumprida información ao interesado, dándose por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 7/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha licenza de obra solicitada en 2001 e posteriormente en 2004 sobre un terreo da súa propiedade sen recibir resposta ningunha; tendo unha cualificación urbanística carece de acceso rodado directo á vía pública, coa conseguinte imposibilidade de materializar a edificabilidade concedida pola Ordenanza 1.3.b SOLO URBANO, do vixente PXOM.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-02-07. Con data 12-02-07 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 08-03-07, o 10-04-07, o 07-05-07, o 12-06-07, o 18-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

Continuando coas reflectidas no expediente anterior faise preciso subliñar que se ten que aceptar con valentía que a Administración Local tense que actualizar, tense que inserir no século XXI e renovarse, introducindo a calidade como criterio fundamental da xestión e como principal compromiso co cidadán, tal como se apuntaba na Memoria relativa ao Informe ao Pleno do Concello do ano 2004; algo xa posto de manifesto na Lei 57/2003, de 16 de decembro (Medidas para a modernización do goberno local).

RECOMENDACIÓN

As mesmas que as dos expedientes anteriores.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reitérase, de novo, o pedimento anterior, e o 01/04/2008, o 07/05/2008, 30/05/2008, 26/06/2008. Con data 22/07/2008, recíbese informe de Planeamento, achegando copia do remitido o 29/04/2004 o interesado indicando que as parcelas obxecto de solicitude sexan solares ao carecer de fonte a vía pública polos motivos expostos e detallados puntualmente. Do que se deu cumprida información o 22/07/2008.

EXPEDIENTE 8/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude feita en 1992, na tramitación do PXOM de 1993, instando para que o Concello corrixa un erro evidente cando se traza unha falsa liña, chamada “RIBERA DE MAR” que en nada coincide co deslinde vixente naquelas datas. As alegacións formuladas pola veciñanza, no período de exposición pública do Plan, foron contestadas como Estimadas, mais, na realidade, non foi tida en conta.

A citada liña está a producir serios prexuízos, xa que a Xerencia Territorial do Catastro considera rústicas parte das súas fincas.

O promotor achegou documentación complementaria que se fixo constar no pedimento do informe.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19-02-07. Con data 20-02-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 21-03-07, o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 27-07-07, o 28-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

O 26-09-06 a Xerencia Municipal de Urbanismo comunícalle ao interesado que a liña de deslinde marítimo-terrestre, así como a liña da ribeira do mar, grafada na folla 11-27 do PXOM, era a vixente nese momento; e que ademais mentres non sexan definitivas as modificacións non há lugar a rectificación. O interesado responde a este comunicado o 06-10-06, no que se precisan determinadas alegacións; sen resposta ningunha.

Estase, polo que parece, a dar unha discrepancia entre dúas Administracións, o que evidencia un abandono da inqueda da veciñanza, a falta de harmonización das administracións non produce a clarificación da disputa.

RECOMENDACIÓNS

Clarificación da situación que remate coa diferenciación de cualificación dos terreos, sen prexuízo de posteriores ditames que se poidan instar polos afectados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/02/2008 reiterouse de novo, o pedimento informativo anterior, e o 01/04/2008, 16/04/2008, 07/05/2008, o 30/05/2008, o 06/06/2008. Con data 22/07/2008, recíbese informe de Planeamento, achegando copia dos remitidos o interesado en febreiro-2007 que o deslinde que se pretendía corresponde o Ministerio de Medio Ambiente, do que se dá cumprida información ao interesado o 22/07/2008. Dándose o expediente por pechado. No obstante o 16/09/2008, o expediente reábrese a instancia do interesado por considerar que se dá un erro fundamental en resposta do Concello, e así se fai constar ante Urbanismo 17/06/2008, reiterándose o 16/10/2008, o 17/11/2008, 15/12/2008.

EXPEDIENTE 15/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estrutura de ferro, con tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos que sobresaie cara á rúa na que verte augas, sen contar coa preceptiva licenza nin respectar os correspondentes retranqueos. O interesado xa ten formulado denuncia ante a Xerencia Municipal de Urbanismo desde decembro de 2005; sen que se teña comprobado actuación municipal ningunha sobre a protección da legalidade urbanística.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-03-07. Con data 02-04-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 07-05-07, o 11-06-07, o 27-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

Con data 26-09-06, un técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo efectuou unha visita á instalación na que se comprobou a existencia da obra detallada sen que conste a preceptiva licenza.

A interrogante xorde, cómo se protexe a legalidade urbanística: un ano despois da denuncia efectúase visita de inspección técnica; un ano despois do informe técnico comprobado da ilegalidade seguen sen coñecerse as actuacións efectuadas en defensa de legalidade urbanística.

A disciplina urbanística esixe do Concello que se controle o proceso construtivo, de non observarse os presupostos esixíbeis procede a actuación correspondente, caso contrario xorde o descontrol.

Doutrinalmente recoñécese que entre a esixencia normativa e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica: cantos expedientes de disciplina urbanística se incoan, cantos se completan, cantas sancións pecuniarias se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, etc.

A xurisprudencia ten expresado frecuentemente a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non caben xustificacións ante a demora.

RECOMENDACIÓN

Asumir as funcións de eficiencia e axilidade que a normativa vixente impón; comezando pola Constitución.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 30/05/2008, o 24/06/2008, o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

EXPEDIENTE 24/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dunha vivenda nun garaxe e terraza dunha comunidade, que ocasiona, ademais de contaminación acústica, un perigo para a integridade dos veciños e parece ser que enriba da nova vivenda se pretende construír outra, todo isto sen que conste a preceptiva licenza, téndose presentado denuncia ao respecto en maio de 2007, sen que conste actuación ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 04-06-07. Con data 11-06-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 30-07-07, o 28-09-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

Son de aplicación as mesmas do expediente anterior; o mesmo indícase das recomendacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008. Con data 11/04/2008 da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que a Inspección comproba que non se están a realizar obras nese intre e

que chega unha licenza de obras menores. O que se comunica ao interesado o 18/04/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 28/2007

ASUNTO:

Queixa en relación co mal estado da vivenda anexa á súa, que se atopa en estado ruinoso, e que está a provocar humidades na súa; e indicando que a citada vivenda non superou a inspección do ITE.

A tal fin presentou dúas denuncias no Concello en decembro de 2006 e abril de 2007, sen resultado ningún.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18-06-07. Con data 19-06-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-09-07, e o 24-09-07 a interesada comunica telefonicamente que a situación de abandono segue a estar presente.

REFLEXIÓN

A eficacia dunha acción pública ven presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites até a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá; máxime cando se está ante situacións das que o retraso pode ser desencadeante doutros danos irreparábeis contra terceiros.

A insatisfacción do cidadán, unha vez máis, faise patente, a falta de axilidade provoca unha situación de ineficacia que repercute na imaxe que o cidadán debe ter da súa administración máis próxima, que se reflite no nivel de credibilidade que toda administración ten que procurar.

RECOMENDACIÓNS

Retomar actuacións eficaces en relación cos temas que afecten aos cidadáns.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 30/05/2008, o 26/06/2008, o 24/07/2008, 26/08/2008, 30/09/2008,

30/10/2008, 28/11/2008, 23/12/2008.

EXPEDIENTE 30/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa desconformidade que ten ante unha comunicación da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a orde de execución por ruína dunha edificación; edificación da que non se considera propietario.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21-06-07. Con data 25-06-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 27-07-07, o 30-08-07. Con data 04-10-07, recíbese escrito da Xerencia municipal de Urbanismo no que indica un relatorio sobre o tema do expediente e remata subliñando que se concede unha prórroga aos herdeiros, de dous meses, para o derrube do inmóbel, e ordena se proceda a executar as medidas de seguridade de carácter urxente.

Con data 04-10-07, recíbese visita da filla do interesado que nos comunica que están a localizar a herdeiros ausentes, e que, entón, renunciarán, mediante escritura pública a favor de Patrimonio Histórico.

Coa mesma data dáse traslado do informe recibido da Xerencia Municipal de Urbanismo antes citado e que a raíz da visita da filla do interesado, nese mesmo día, co exposto no parágrafo anterior, dáse o tema pendente por pechado.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 30/04/2008, reábrese o expediente con ocasión da visita da filla do interesado quen nos achega nova documentación, explicando novas actuacións que se expoñen no noso escrito de data 30/04/2008, interesando unha aclaración da situación mediante as accións coordinadas e correctores que procedan. O que se reitera o 17/06/2008, e o 18/08/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008 e o 15/12/2008.

EXPEDIENTE 31/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cun expediente de protección da legalidade urbanística e pola colocación dun peche con postes de madeira sen o retranqueo debido entre o lixo do camiño até o inicio do peche.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11-07-07. Con data 11-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-08-07 e o 08-10-07.

REFLEXIÓNS

Consta desde abril de 2006 a adopción dunha resolución pola que se inicia o procedemento relativo á protección da legalidade urbanística; sen que a estas datas de finais de 2007, se teña proporcionado ao interesado máis información ao respecto.

Toda boa administración debe tratar e resolver os asuntos dentro dun prazo razoábel; dando a cumprida información ao cidadán interesado en relación co tema que lle incumbe e que ten solicitado, o que indica unha actuación non conforme ás normas e principios que son obrigacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

EXPEDIENTE 32/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por unhas obras levadas a cabo mediante a execución dun muro de peche e construción de vivenda unifamiliar que se estima ilegal xa que impide o acceso ás súas vivendas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-07-07. Con data 12-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 30-08-07, o 08-10-07 e o 24-10-07.

REFLEXIÓNS

As mesma do expediente anterior.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

EXPEDIENTE 40/2007

ASUNTO:

Queixa en relación con tres denuncias presentadas no Concello contra as obras realizadas nun terreo consistente nun forxado de formigón sobre unhas columnas vellas sen licenza e pegadas a un muro propiedade do demandante, constando informe técnico do persoal do Concello no que se considera a ilegalidade das mesmas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26-10-07. Con data 29-10-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Existe informe técnico do Concello que considera ilegal as obras realizadas; sen que conste actuación ningunha ao respecto; o que, cando menos, implica unha desconfianza entre os cidadáns afectados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se informa que consultado o sistema informático non consta existencia de Licenza Municipal de Obra,

atopándose o expediente pendente de informe técnico, do que se da cumprida información ao interesado.

Con data 07/05/2008, e dado o tempo transcorrido desde a última información instase a Urbanismo a que emita informe actualizado ao respecto. Con data 20/05/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o detalle o desenvolvemento do expediente e conclúe que se ordena a inmediata paralización das obras que expresan, así como a retirada, en 24 horas, dos materiais e maquinaria, por carecer da autorización autonómica previa e da licenza municipal, dispoñendo ademais das medidas de vixilancia periódica.

Do que se deu, o 21/05/2008, información completa o interesado. Dándose o expediente por pechado, agás que polo interesado se formulen alegacións que impliquen incumprimento do exposto.

EXPEDIENTE 50/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha imposición dunha multa como sanción por executar obras nunha estrada, cando o interesado non é propietario responsábel do terreo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-11-07. Con data 15-11-07 solicitouse o preceptivo informe.

EXPEDIENTE 53/2007

ASUNTO:

Desacordo coa situación do PXOM, pendente de aprobación, e que como consecuencia das modificacións efectuadas descoñece a situación actual da súa propiedade, o que lle está a producir unha incerteza con respecto ao seu futuro.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20-11-07. Con data 22-11-07 solicitouse o preceptivo informe que se recibiu o 18-12-07, do que se dá cumprida información ao interesado; ficando pendente da aprobación do PXOM, pola administración competente.

REFLEXIÓNS

Modélica actuación da Concellería, en canto á puntual e exhaustiva información proporcionada.

Non obstante en temas de planeamento non se debe esquecer que no actual sistema comparado prima o tránsito dun urbanismo de separación a un urbanismo de interacción, de mestura, de diversidade. Incorporando obxectivos sociais cuxa realización debe evitar a segregación social através do “hábitat”, asegurando mellores condicións de vida para os distintos grupos sociais e as distintas actividades que coexisten nas cidades. Dise que non se debe confundir o dereito ao “hábitat” co dereito á vivenda; o primeiro engloba ao segundo. O dereito ao “hábitat” supón situar o dereito á vivenda dentro do seu ambiente social e urbano, o “hábitat” é unha síntese das preocupacións en materia de urbanismo, de vivenda e de acción social (Deschamps), concepto que xorde nos anos setenta, intimamente unido ás preocupacións dun urbanismo de calidade, interesado na ecoloxía urbana e a calidade de vida.

Xa Aubry preconizou tres fases históricas, segundo cita Ponce Sole, J. (Poder local y guetos urbanos, 2002):

Urbanismo de talento urbano (infraestruturas, arquitectura e tecnoloxía da cidade).

Urbanismo ecolóxico (patrimonio, espazos naturais, estética urbana).

Urbanismo de desenvolvemento social (prevención e cura dos males sociais da civilización urbana).

Até aquí é o marco do urbanismo en Francia, cuxa lexislación foi cualificada como a máis social das grandes normas de urbanismo.

Polo que ao noso Estado se refire, segundo Ponce Solé, J. o Dereito Urbanístico enfocouse máis como protección do dereito individual da propiedade privada, que como factor de boa xestión pública de temas urbanos.

Sen perder o papel de protector da propiedade, ten que ampliar horizontes e servir para facilitar un logro dun servizo axeitado aos intereses xerais que esixen a consecución de finalidades constitucionais, tales como a cohesión social e o equilibrio territorial. Existen dereitos constitucionais, distintos ao dereito da propiedade, que son de suma importancia para amplas capas da cidadanía.

A Lei 6/1998 (Régime do solo e valoracións) supón o cúlmen da preocupación case exclusiva polo dereito de propiedade do solo; outras cuestións básicas, a sustentabilidade e a cohesión social, non se consideran.

Hoxe, o tradicional Plano de Urbanismo atópase en crise. López Ramón, considera moi necesario a conveniencia de suscitar a existencia “dunha crise ética do urbanismo español”.

Por último, e segundo Ponce Solé, J. ao Dereito Urbanístico Español cabe imputarlle unha responsabilidade por omisión, por indolencia no ámbito da segregación espacial.

O urbanismo ten que ser capaz de xerar unha sensibilidade actualizada polas cuestións sociais que faga posíbel a institucionalización dun urbanismo social, non menos importante que o que significou, nos anos setenta, o problema medio ambiental. Algo do ser capaz de impulsar os demais mecanismos dunha real inserción social, ser capaz de restrinxir o odioso e ampliar o favorábel.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 26/06/2008, 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 23/12/2008.

EXPEDIENTE 63/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras que se están a acometer na zona do sistema protexido na ribeira do Lagares.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe, facendo fincapé en que a denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo en marzo de 2006 non tivo resposta ningunha. Ante esta falta de información os interesados dirixíronse a Urbanismo o 24-04-06; e verbalmente se lles indicou que o expediente en cuestión o tiñan trasladado á Delegación Provincial de Ordenación Territorial, por ser tema da súa competencia.

Pasado o tempo, e sen ter constancia de actuación oficial ningunha, os interesados dirixíronse á COTOP, o 30-11-07, onde lles dixeron que o tema era competencia do Concello, e que lle devolveran o expediente ao Concello de Vigo o 02-12-07; un ano e meses despois da súa recepción.

REFLEXIÓNS

Do exposto anteriormente xorde o asombro.

A Administración, sexa cal for, ten que levar a cabo as súas tarefas de información social a prol das garantías que lles asisten aos cidadáns.

O artigo 103 da Constitución Española proclama que a Administración Pública, serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación; no mesmo senso pronúnciase o artigo 3 da Lei 30/1992; e non digamos nada en relación co exposto no artigo 18 desta Lei que se remite ás actuacións entre as distintas administracións os principais de, entre outros, facilitación de información, cooperación e asistencia activa. Algo que neste suposto brilla pola súa ausencia.

A descoordinación neste suposto vulnera, sen dúbida, a lóxica e legal esixencia de coordinación o que facilita a consolidación de actuacións ilegais que derivan nun prexuízo dos cidadáns afectados pola comisión dunha ilegalidade urbanística. Estamos ante a presenza dunha falta de harmonización entre dous tipos de intereses: os xerais ou comunitarios, e os locais ou municipais, que non quere dicir que os intereses locais non sexan tamén xerais.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/08/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

CAPÍTULO VI: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 35/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha caída por mor do mal estado da vía pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 02-08-07. Con data 23-08-07 solicitouse o preceptivo informe, que se recibiu o 06-09-07, no que se indica que o expediente atópase pendente de que a interesada presente documentación complementaria, o que se lle comunica á mesma o 07-09-07.

Con data 08-10-07, solicítase informe actualizado que se reitera o 12-11-07 e con data 23-11-07 recíbese escrito de Responsabilidade Patrimonial no que informa de que se atopa pendente da certificación médica das lesións, o que se traslada á interesada o 04-12-07.

REFLEXIÓNS

O expediente mantén unha liña de seguimento consecuente.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 29/01/2008 solicítase información actualizada o respecto. Con data 19/02/2008, recíbese escrito de Responsabilidade Patrimonial no que informa que, coa mesma data (12/02/2008) remítese fotocopia do expediente a correduría de Seguros para que, por parte da súa asesoría médica se faga a valoración de danos pertinentes. Do que se dá cumprida información á interesada o 21/02/2008.

Con data 11/04/2008, solicítase información actualizada o respecto que se recibe o 30/04/2008 e na que se informa que o expediente está en período de trámite de audiencia, sendo recibido o mesmo pola interesada o día 09/04/2008. Do que se dá cumprida información a interesada o 05/05/2008, e con data 02/07/2008, solicítase nova información actualizada, e, de novo, o 30/04/2008, 27/08/2008. Con data 27/10/2008, recíbese informe no que se indica que se produceu a dar a orden de pagamento de indemnización correspondente. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 39/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa inquedaanza pola que está a pasar por mor da tardanza en resolverse un expediente relacionado cunha caída na vía pública que lle ocasionou lesións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10-10-07. Con data 11-10-07, solicitouse o preceptivo informe, que se recibe o 30-10-07, e no que se indica que o expediente está pendente de dictame médico. Do que se dá cumprida información á interesada o 15-11-07. Con data 04-12-07, solicitouse nova información actualizada, se a houbese.

REFLEXIÓNS

A dilixencia e a axilidade na tramitación dos expedientes, a eficacia, factor decisivo de credibilidade por parte dos cidadáns, resulta un principio activo, é dicir, que se estea en disposición de obrar, mediante actuacións de rapidez e eficacia, que dea lugar a unha acción puntual, tal como se contempla no artigo 103.1 da Constitución Española. Só así se resolverán os problemas da vida cotiá.

RECOMENDACIÓN

A que dimana das reflexións anteriores.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, recíbese escrito da Concellería de Xestión Municipal, no que informa que se concede novo trámite de audiencia a interesada, paso previo a proposta de resolución do que se deu cumprida información á interesada o 21/01/2008.

Con data 18/02/2008, solicítase información actualizada, que se reitera o 27/03/2008, recibíndose o 09/04/2008 na que se informa:

Estimar en parte a reclamación.

Declarar que a responsabilidade patrimonial corresponde a empresa concesionaria. A que presenta recurso de reposición.

Do que se dá cumprida información á interesada o 22/04/2008.

Con data 15/05/2008, solicítase información actualizada o respecto, que se recibe o 27/05/2008, e na que se informa que emitiuse informe proposta da resolución a Xunta de Goberno Local que irá a sesión de 02/06/2008. Do que se deu cumprida información á interesada o 28/05/2008; solicitándose, nova información actualizada do 17/06/2008, e o 15/07/2008.

Con data 31/07/2008 recíbese escrito de Patrimonio e contratación no que informa se desestima o recurso de reposición interposto por Aqualia; do que se dá cumprida información á interesada, con data 30/09/2008, solícitase información actualizada sobre a interposición ou non de recurso contencioso-administrativo. Con data 27/10/2008, recíbese informe no que se indicaba que se procede a dar a orden de pagamento da indemnización correspondente. Sen actuacións posteriores.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	6
- Contaminación acústica	4
- Outras contaminacións	2
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	17
- Sanción Tráfico	14
- Escasas liñas de Vitrasa	1
- Paradas de Vitrasa	1
- Tarxetas mobilidade	1
ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2
- Situación Terreo público	1
- Ordenanza sobre animais na vía pública	1
ÁREA DE SEVIZOS XERAIS	3
- Situación postes tendido eléctrico	2
- Acondicionamento camiño público	1
ÁREA DE URBANISMO	13
- Obras sen licenza	4
- Edificio en estado ruinoso	2
- Parcela dun PERI	1
- Falta de inspección en edificio ruinoso	1
- Situación dunha licenza	1
- Liña delimitadora	1
- Obras de retranqueo	1
- Execución obra sen o seu propietario	1
- Obra en terreo protexido	1
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	2
- Caída na vía pública	2
TOTAL EXPEDIENTES	43

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*

URBANISMO	30,23%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	39,53%
MEDIO AMBIENTE	13,95%
SERVIZOS XERAIS	6,98%
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	4,65%
XESTIÓN MUNICIPAL	4,65%

*Ordenados porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2008

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2007	Contaminación Acústica	17/01/2008 18/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 22/05/2008 18/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/08/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	
12/2007	Contaminación acústica e polución	11/01/2008 13/02/2008 24/03/2008 05/05/2008 03/06/2008 02/07/2008 31/07/2008 02/09/2008 02/10/2008 04/11/2008 05/12/2008	
14/2007	Polución atmosférica procedente dun local de hostelería	11/01/2008 13/02/2008 24/03/2008 05/05/2008 03/06/2008 02/07/2008 31/07/2008 02/09/2008 02/10/2008 04/11/2008 05/12/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2007	Contaminación acústica nocturna derivada de actividades de lecer	11/01/2008 20/02/2008 27/03/2008 05/05/2008 22/05/2008 26/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	
19/2007	Contaminación acústica procedente dun local de hostelería	22/01/2008 01/04/2008 05/05/2008 22/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 26/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 15/12/2008	
56/2007	Instalación eléctrica con efectos contaminantes	15/01/2008 19/02/2008 01/04/2008 05/05/2008 22/05/2008 26/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
9/2007	Dificultades en paradas de Vitrasa	11/01/2008 13/02/2008 24/03/2008 05/05/2008 03/06/2008 02/07/2008 31/07/2008 02/09/2008 02/10/2008 04/11/2008 05/12/2008	
11/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 13/02/2008 24/03/2008	04/04/2008
13/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 13/02/2008 24/03/2008 05/05/2008 03/06/2008 02/07/2008 31/07/2008 02/09/2008 02/10/2008 04/11/2008 05/12/2008	
17/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 18/02/2008	14/03/2008
25/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 18/02/2008 27/03/2008 05/05/2008 22/05/2008 26/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
27/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 18/02/2008	14/03/2008
36/2007	Sanción de Tráfico	17/01/2008 19/02/2008	14/03/2008
41/2007	Tarxeta de mobilidade	07/01/2008 29/01/2008 06/03/2008 01/04/2008 05/05/2008 27/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 26/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 28/11/2008 18/12/2008	
42/2007	Escaseza liñas de Vitrasa	07/01/2008 29/01/2008 06/03/2008 01/04/2008 05/05/2008 27/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 26/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 04/11/2008	
51/2007	Sanción de Tráfico	01/04/2008	04/04/2008
52/2007	Sanción de Tráfico	11/01/2008 31/01/2008 06/03/2008 01/04/2008 15/05/2008 17/06/2008	04/04/2008 08/07/2008
54/2007	Sanción de Tráfico	07/04/2008	15/04/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
55/2007	Sanción de Tráfico	15/01/2008 19/02/2008 27/03/2008 05/05/2008 22/05/2008	25/05/2008
57/2007	Sanción de Tráfico	14/01/2008 19/02/2008 27/03/2008 15/05/2008	04/04/2008 30/05/2008
58/2007	Sanción de Tráfico	15/01/2008 19/02/2008 27/03/2008	04/04/2008
62/2007	Sanción de Tráfico	15/01/2008 19/02/2008 27/03/2008 05/05/2008 22/05/2008 26/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	
64/2007	Sanción de Tráfico	07/01/2008 31/01/2008 06/03/2008	04/04/2008

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
38/2007	Situación dun terreo público	22/01/2008	
		21/02/2008	
		01/04/2008	
		05/05/2008	
		17/06/2008	
		17/07/2008	
		18/08/2008	
		19/09/2008	
		16/10/2008	
		17/11/2008	
		15/12/2008	
43/2007	Incumprimento da ordenanza sobre animais na vía pública	07/01/2008	
		29/01/2008	
		06/03/2008	
		24/07/2008	14/03/2008
		26/08/2008	26/08/2008

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
21/2007	Poste tendido eléctrico en mal estado	14/04/2008	
		07/05/2008	
		30/05/2008	12/06/2008
46/2007	Poste tendido eléctrico en mal estado	17/01/2008	
		06/02/2008	
		16/04/2008	
		19/05/2008	
		22/05/2008	
		23/06/2008	22/01/2008
		17/07/2008	02/04/2008
		18/08/2008	17/05/2008
		18/09/2008	24/06/2008
		19/09/2008	19/09/2008
		16/10/2008	14/11/2008
59/2007	Acondicionamento dun camiño público	15/01/2008	
		19/02/2008	04/03/2008

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
4/2007	Situación dunha parcela incluída nun PERI	28/05/2008 30/07/2008 30/09/2008 30/10/2008 23/11/2008 23/12/2008	16/06/2008 18/08/2008
6/2007	Falta inspección en edificio antigo	04/03/2008 10/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 26/06/2008 24/07/2008	04/03/2008 04/08/2008
7/2007	Situación dunha licenza de obra	06/03/2008 01/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 26/06/2008 17/09/2008	22/07/2008
8/2007	Corrección sobre liña delimitadora de terreos	22/02/2008 01/04/2008 16/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 26/06/2008 16/10/2008 17/11/2008 15/12/2008	22/07/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
15/2007	Obras sen licenza	06/03/2008 01/04/2008 05/05/2008 22/05/2008 30/05/2008 24/06/2008 23/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 23/10/2008 21/11/2008 18/12/2008	
24/2007	Obras sen licenza	06/03/2008 01/04/2008	11/04/2008
28/2007	Obra ruínosa con perigo para a veciñanza	06/03/2008 01/04/2008 30/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 26/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 28/11/2008 23/12/2008	
30/2007	Edificio dun estado ruínoso	30/04/2008 17/06/2008 15/07/2008 18/08/2008 18/09/2008 16/10/2008 17/11/2008 15/12/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
31/2007	Obras sen retranqueo	06/03/2008 16/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 02/07/2008 30/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 28/11/2008 23/12/2008	
32/2007	Obras ilegais	16/03/2008 10/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 02/07/2008 30/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 28/11/2008 23/12/2008	
40/2007	Obras sen licenza	06/03/2008 07/05/2008	14/03/2008 20/05/2008
50/2007	Sanción por execución de obras, sen ser propietario	06/03/2008 10/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 02/07/2008 30/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 30/10/2008 28/11/2008 23/12/2008	22/01/2008 02/04/2008 17/05/2008 24/06/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
63/2007	Obras en terreos protexidos	06/03/2008 10/04/2008 07/05/2008 30/05/2008 02/07/2008 30/07/2008 27/08/2008 30/09/2008 31/10/2008 28/11/2008 23/12/2008	

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
35/2007	Danos por caída na vía pública	29/01/2008 11/04/2008 02/07/2008 30/07/2008 27/08/2008 30/09/2008	19/02/2008 30/04/2008 27/10/2008
39/2007	Danos por caída na vía pública	18/02/2008 27/03/2008 15/05/2008 17/08/2008 15/07/2008 30/09/2008	11/01/2008 09/04/2008 27/05/2008 31/07/2008 27/10/2008

PARTE VII

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 92 expedientes correspondentes ás solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2008 e que pertencen aos seguintes sectores:

- Gabinete de Alcaldía	1
- Benestar Social	2
- Cultura, Animación Socio-cultural	1
- Educación	1
- Medio Ambiente	8
- Mobilidade e Seguridade	31
- Normalización Lingüística	1
- Participación cidadá	7
- Servizos Xerais	9
- Urbanismo	16
- Xestión municipal.	10
- Outros	5

No ano 2008, mantivéronse activos 104 expedientes promovidos polos cidadáns en anos anteriores nos seguintes sectores.

- Medio Ambiente	14
- Mobilidade e Seguridade	28
- Participación cidadá	5
- Servizos Xerais	3
- Urbanismo	50
- Xestión municipal.	4

Algúns destes expedientes (urbanismo) datan do ano 2002, en total 4, como xa se indicou, en anos anteriores, o principio de autonomía municipal non é incompatible co control de legalidade sobre o exercicio das súas competencias. Os métodos utilizados teñen que ser reformulados e actualizados.

O obxectivo principal desta Institución é prestar a máxima atención ás situacións dunha deficiente administración, actuacións non axustadas a norma.

Ningún pode negar que a administración debe actuar de xeito racional e razoábel.

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I GABINETE DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE 53/2003:

ASUNTO

Solicitude de mediación proposta pola Dirección da Escola Universitaria de Estudos Empresarias de Vigo en relación coa moción do Pleno do Concello de 26/05/2008.

SITUACIÓN

Con data 24/06/2007 solicítase da Alcaldía copia da moción aprobada polo Pleno do Concello o 26/05/2008.

Con data 02/07/2008 recíbese certificación da Secretaría Xeral Accidental na que se contempla o seguinte:

“Votación e Acordo: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro: Instar a Universidade de Vigo a dialogar, cos profesores e alumnos da actual diplomatura en Ciencias Empresarias, unha saída satisfactoria á adaptación do plan de estudos actual.

Segundo: Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acade o consenso de todos os implicados no establecemento simultáneo de dous graos.”

Do que se deu cumprida información ao interesado.

CAPÍTULO II BENESTAR SOCIAL

EXPEDIENTE 15/2008:

ASUNTO

Queixa en relación coa situación na que se atopa a interesada por mor do desafiu-zamento da súa vivenda atopándose en estado desamparo, con imposibilidade de calquera aluguer debido a súa situación económica. Instando información con vis-tas ao acceso, mediante aluguer, dunha vivenda de carácter social.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2008, con data 06/03/2008 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 18/04/2008 e no que se indica que a interesada xa figura, desde o 15/01/2008 na bolsa de solicitantes de vivenda de aluguer do IGUS, atóp-anse o expediente completo e en lista de espera.

No podéndose precisar cando lle poderán dar a axuda, xa que depende dos pro-pietarios que se inscriban no programa.

Indicase ademais que aproximadamente no mes de xullo, cando abra o prazo, poderá inscribirse como solicitante de vivenda de promoción pública en réxime de aluguer do IGUS.

Do que se deu cumprida información a interesada o 05/05/2008.

REFLEXIÓNS

Cómpre promover e remover as medidas que facilitan as condicións de igualdade dos cidadáns, desfacendo os atrancos que entorpecen a súa calidade de vida, os servizos sociais deben anticiparse permanentemente as previsíbeis demandas que obviamente xa veñen predeterminados e definidas. A marxe de manobra ten que ser moito maior neste tipo de situacións, estamos ante un dereito fundamental, tén-dose que observar un especial respecto polo seu contido esencial.

RECOMENDACIÓNS

Actuacións decididas e efectivas. A destacar a prontitude na cumprimentación da petición do informe.

EXPEDIENTE 88/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación do Albergue Municipal.

SITUACIÓN

A interesada xa se dirixiu a Alcaldía e a Concellería de Benestar Social.

Con data 03/12/2008, recíbese o escrito de queixa e con data 05/12/2008 solicita-se o perceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Os dereitos e liberdades enuméranse na Constitución Española nunha ampla relación que inclúe distintas clases de categorías, desde dereitos estritamente individuais até dereitos colectivos, económicos ou sociais de tipo prestacional, iniciándose cun precepto destacado, cal que artigo 10 onde se afirman unha serie de principios e valores como fundamento da orde política e da paz social. Pero a Constitución non é soamente unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, unha ferramenta de racionalidade, un factor de integración social, un proceso aberto, unha canle de comunicación. Os poderes públicos deben promover as condicións necesarias que permiten as atencións mínimas a tódolos cidadáns.

Os Concellos, ademais doutras actividades as que debe prestar atención, faise preciso mencionar as de : prestación de servizos sociais, e de promoción e reinserción social. Non se esqueza que a política da saúde debe orientarse a superación dos desequilibrios territoriais e sociais.

RECOMENDACIÓNS

Estremar a atención no funcionamento de servizos como o que nos ocupa, dada a finalidade dos mesmos e as persoas a que se adican.

CAPÍTULO III: CULTURA, ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL.

EXPEDIENTE 43/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha petición de sala para exposición de pintura, tendo solicitada entrevista co Concelleiro desde o 14/08/2007, sen que a data de maio/2008 teña recibido contestación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/04/2008, con data 05/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se tivo que reiterar o 12/06/2008, 15/07/2008, recibíndose resposta o 29/07/2008, na que se informa que o demandante foi atendido con anterioridade o escrito d e12/06/2008. E dicir unhos dez meses despois da solicitude da entrevista.

Do que se deu cumprida información o interesado o 30/07/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Faise preciso recordar que o cidadán ten dereito a ser tratado con dilixencia, corrección, e con facilidades para todo tipo de accesibilidade.

Tense que destacar a obriga de facilitarlle a participación de tódolos cidadáns non so na vida política e económica, senón tamén na vida cultural e social, como é o caso que nos ocupa, artigo 9.2 da Constitución Española.

RECOMENDACIÓNS

No ámbito local é onde existen máis formas de participación cidadá, e onde a participación pode ser mais ampla.

CAPÍTULO IV: EDUCACIÓN

EXPEDIENTE 9/2008

ASUNTO:

Queixa en relación co comezo das clases na Escola de Artes e Oficios, proposta pola representación da Asemblea de Alumnos, indicando que existen doce especialidades que carecen do profesorado necesario, e sinalando que en outubro de 2007 acordouse nunha xuntanza coa Concellería competente que, en novembro 2007, comezarían as clases e que a finais de febreiro-2008, seguen sen actividade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/01/2008, con data 06/02/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 23/06/2008, recibíndose o 08/04/2008, no que se pormenoriza o procedemento levado a cabo e rematando que o retraso do inicio do curso débense á necesidade de aplicación da legalidade vixente en materia de contratación e de garantir, como é obriga desta Administración, a protección do interese xeral. A Concellería reconece os prexuízos e molestias que se cansou ao alumnado co retraso no inicio das actividades pero en ningún momento este retraso debeuse a negligencia ou mala xestión.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/04/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Do detalle do informe recibido resulta razoábel o desfase producido.

RECOMENDACIÓNS

A destacar a prontitude na cumprimentación da petición do informe, a vez que o detalle pormenorizado do mesmo.

CAPÍTULO V: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 14/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local de hostalería.

O promotor ten presentado denuncia no Concello desde o 09/11/2007, achegando como mostra catro medicións sonométricas que superan os índices permitidos pola ordenanza municipal vixente, medicións iniciadas o 15/09/2007; sen que conste actuación algunha por parte da Concellería competente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2008; con data 19/02/2008, solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 31/03/2008 e de novo o 07/05/2008, o 24/06/2008, o 24/07/2008, o 29/08/2008, 29/09/2008, o 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

As reflexións sobre este tipo de queixas véñense reiterando o longo dos últimos cinco anos.

O ruído do ocio acada un nivel destacábel de sensibilidade, segundo a doutrina as zonas de lecer e descanso convértense en infernos, sen que o poder municipal, competente e responsábel, acade a protección do cidadán, protección a que ten un dereito de carácter fundamental; tanto é así que os expertos na materia sentan a tese dos “ruídos evitábeis”.

O ruído, non só desde a óptica doutrinal, senón tamén desde o marco xurisprudencial, atópase moi relacionado co dereito á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, senso que proclama a Constitución Española (artigos 43 e 47).

Aproveitar a vivenda non é sufrir penar ou rabiar. Existe un dereito fundamental clara e directamente afectado polo ruído, o dereito ao domicilio inviolábel e á intimidade persoal e familiar, tal como se recolle no artigo 18 da Constitución Española.

O ruído, reitérase unha vez máis, é unha forma sutil de irromper no domicilio, agresiva, aínda que non implica a presenza de persoas, e os poderes públicos, nestes supostos os Concellos, teñen a obriga de garantir a defensa dos cidadáns mediante procedementos axeitados en temas, entre outros, de seguridade e saúde.

Os personaxes desta interpretación segundo a doutrina, identifícanse así:

- Locais de ocio
- Usuarios ou clientes dos anteriores
- Convidado da pedra (Administración Local)

Deste último personaxe destaca a súa deixación, incompetencia e pasividade. Ante esta actitude o cidadán ten que acudir a outro medio para acadar unha defensa do seu dereito, da súa saúde e da súa tranquilidade: a tutela xudicial.

Non vamos a repetir a numerosa xurisprudencia neste ámbito, xa relatada na memoria do ano 2004, aínda que o final destas consideracións citaremos as posicións máis recentes.

As condicións do acougo público atópanse naquela cidade na que os rúidos non superan os límites legais, e nas que pola noite sexamos capaces de conciliar o sono sen alteracións da intimidade. Estimase que máis do 50% das vivendas urbanas sofren niveles acústicos superiores os permitidos.

Fixemos mención da Constitución Española, esta é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira.

O equilibrio entre dereitos e deberes da cidadanía choca moitas veces coa realidade, e esta Institución do Valedor do cidadán conclúe que “non hai ningún antibiótico de alto espectro que arranxe o problema”.

Hoxe estase a falar da análise da gobernanza como unha necesidade de acadar información cuantitativa sobre o progreso dos principios que a definen (apertura, participación, responsabilidade, eficacia e coherencia) principios considerados como fundamentais para o desenvolvemento sostíbel de Europa e dos países membros.

As avaliacións feitas indican que os niveles de confianza nas institucións presentan uns índices baixos o que denota un certo malestar na poboación. Esta perda de confianza contrasta co elevado nivel de confianza dos cidadáns nas ONGS e nos medios de comunicación.

Nunha maior información, transparencia e proximidade das administracións xunto co incremento da participación social resultan absolutamente necesarias para rexenerar na sociedade a confianza nas institucións.

O poder público, sexa cal sexa, ten a obriga de promover as condicións de igualdade do individuo ou dos grupo, removendo os obstáculos que a dificulten, axiliando a resolución dos expedientes en trámites e adoptando medidas tendentes a resolver os problemas da vida diaria.

Hoxe é indubidábel que a lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste eido, as estratexias son inesgotábeis.

Esta lexitimidade está ligada, a capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública. A eficacia deriva do desterro das actuacións non suficientes.

Hoxe albíscase unha nova vía de xestión ou intermedición, cal é a Mediación na Administración Local, baseada na participación directa dos cidadáns na creación de consensos e na xestión de conflitos que supón a aceptación da diferenza. Os conflitos contéplanse máis contractivamente, como unha situación na que as persoas ou grupos sociais buscan ou persiguen metas opostas, ou afirman valores antagónicos.

Como últimos exemplos de posicións xurisprudencias merece citarse as seguintes:

-Sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, de 25 de marzo de 2008, recurso 148/2007; pola que se confirma a condena o Concello de Arganda do Rey que ten que indemnizar a dúas familias pola súa pasividade ante os ruídos procedentes de dúas casas rexionais.

-Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 5 de Sevilla (26 de maio de 2008); pola que se condena o Concello de Sevilla polos ruídos ocasionados polo denominado “botellón” Violación do dereito fundamental a integridade física e a intimidade persoal e inviolabilidade de domicilio do demandante recoñecer dano físico e moral.

RECOMENDACIÓNS

Ven sendo habitual por parte da Concellería de Medio Ambiente, o incumprimento do artigo 10.2 do Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 25 de

outubro de 2004 (BOP de 30 de novembro de 2004) no que se indica que a dependencia administrativa responsábel do contido da queixa deberá, no prazo máximo, de quince días, do recibimento da petición de informe feita polo Valedor do Cidadán remitir informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

EXPEDIENTE 31/2008

ASUNTO:

Queixa en relación pola contaminación acústica procedente do primeiro piso de seu edificio

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/04/2008, con data 22/04/2008 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, 23/06/2008, 22/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

Tense que promover a igualdade dos individuos, eliminar os obstáculos que a dificulten, achegando así os rendementos que o cidadán espera da súa administración máis próxima.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da Ordenanza Municipal vixente, e do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán artigo 10.2.

EXPEDIENTE 42/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coas constantes molestias que esta a padecer por mor dos permanentes ladridos dun can nunha vivenda próxima.

Ven denunciando a situación desde o ano 2003 segundo consta documentalmente en actuacións da Policía Local.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/04/2008, con data 28/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 24/06/2008, o 24/07/2008, o 25/08/2008, 29/09/2008, 27/10/2008, 27/11/2008

REFLEXIÓNS

A Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais (24/05/2000), no artigo 4.2 establece prohibicións de deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns animais en xeral que cos seus sons ou berros incomoden o descanso ou tranquilidade dos veciños. Molestias que se triplican como infraccións leves no artigo 41.1 ñ.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que deriva da Ordenanza do 24/05/2000, así como do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, no que respecta ao seu artigo 10.2, sobre a cumprimentación do deber de emitir o preceptivo informe, en tempo e forma.

EXPEDIENTE 49/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cos ruídos procedentes da porta de acceso o garaxe do edificio en que vive. A Comunidade de Propietarios arranxou a porta de entrada en vez da de saída, esixíndolle unha medición efectuada por empresa privada autorizada xa que, segundo el, as medicións da Policía Local non son de fiar ditas medicións foron achegadas coa petición do informe preceptivo; existindo condicións efectuadas a petición desta Institución a empresa homologada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/05/2008; con data 21/05/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 26/06/2008, o 24/07/2008, o 27/08/2008, 01/10/2008, 31/10/2008

REFLEXIÓNS:

Existindo e obrando en poder da Concellería competente as medicións sonométricas de Policía Local, séguese sen actuación oficial algunha o que ven a implicar

unha falta de actuación contraria a propia Ordenanza Municipal, o que ven a ser unha deixación de funcións propias do cargo ou do traballo.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade que deriva da ordenanza municipal vixente como do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán (artigo 10.2).

EXPEDIENTE: 52/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa ubicación futura das zonas adicadas o “botellón”, estimando o interesado que das mesmas debe excluírse a zona do Castro, a vista dos problemas contrastados que a mesma ocasiona, tal como consta no Concello segundo actuacións e informes de Policía Local, nas que se inclúe ademais os danos cuantiosos causados o patrimonio municipal.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/05/2008, con data 30/05/2008, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 02/07/2008, o 31/07/2008, o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

Unha vez máis é preciso recordar que nas nosas zonas de lecer, paraxes abertos e adicados o descanso e o disfrute de turismo covértese, en determinados paraísos en infernos, se que se acade a protección debida non só a estes paraxes senón tamén os propios cidadáns.

Fálase de que falta por demostrar a vontade pública para acadar tratamentos axeitados, pois as medidas máis avanzadas poden deixar de ser efectivas se non hai vontade de aplicalas.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade que discorre do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 56/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coas humidades que está a padecer nunha vivenda por mor das filtracións procedentes dun edificio lindeiro; feito xa denunciado en 2003 o que motivou a actuación do Policía Local, procedéndose a un arranxo temporal, que agora se repite.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/07/2008; con data 17/07/2008 solicitouse o preceptivo informe a Sanidade, petición que se reiterou o 27/08/2008, 01/10/2008, 31/10/2008, 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñen dereito a protección da saúde así como a defensa, como usuarios, das situación que afectan a súa seguridade a súa saúde; tanto a nivel estatal como a nivel local quen entendemos estaría dentro dos cometidos que se regulan nas ordenanzas reguladoras da prevención sanitaria dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 81/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas polas manobras de colocación e retirada das cadeiras, mesas e soportes de parasoles dun local de hostalería que se lle impide conciliar o sono non só os veciños dunha vivenda, senón tenón os hóspedes dunha instalación dun hotel-residencia a cargo dos promotores da queixa.

SITUACIÓN

A interesada durante o ano 2008, ten presentado 21 denuncias no Concello, se

resultado algún. Queixa presentada o 11/11/2008, con esa mesma data solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

REFLEXIÓNS

As reflexións en outros expedientes deste capítulo faise, preciso recordar que lle asiste os cidadáns no referente a que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas do contorno.

EXPEDIENTE 84/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas pola actividade dunha empresa graniteira, feito denunciado no Concello achegando medicións e efectuadas pola Policía Local.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/11/2008, solicitándose o preceptivo informe o 28/11/2008.

Consta a incoación de expediente sancionador, (dous expedientes, o segundo seis meses despois do primeiro), sen que a actividade se interrompese.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que está afectando seriamente a saúde do interesado quen desconfía da posibilidade da súa caducidade.

Canda as actividades perturbadoras persisten implica que, non se realizou ningunha actuación restauradora de legalidade, ou se se realizou, carece de efectividade por falta de control no seguimento.

Coñecida é a doutrina das situacións que implican un ataque ao concepto de domi-

cilio inviolábel, dereito fundamental que require a súa protección incluso fronte os riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada.

RECOMENDACIONES

Actuacións efectivas, non tema que afecta pro-fundamentos aos cidadáns

CAPÍTULO VI: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 1/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta polo vehículo “multamóvil” por estacionar en zona da vía destinada a tránsito peonil.

O interesado formulou escrito de descargo no que nega os feitos consignados na denuncia aportando datos de feitos que considere relevantes a favor da súa conducta e contradictorios os cargos que se lle imputan o que considera unha falta grave en relación coa verdade acontecida, sen que se faga a máis mínima mención das alegacións formuladas detalladamente, e precisa que este é un xeito xenérico nas actuacións do axente municipal. Non cumpríndose co trato correcto e esmerado por parte do axente segundo o artigo 5.2 b) da L.O. 2/1986.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/12/2007, solicitándose o preceptivo informe o 14/01/2008.petición que se reitera o 13/02/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade e Transportes no que informa o seguinte.

“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por el interesado, no que solicita información sobre o expediente sancionador con nº .078638817 pormenorízase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 16/03/2007 as 17:08 axente formula denuncia contra o vehículo por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa.....

O 15/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 22/03/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica a el interesado como condutor no momento dos feitos.

Unha vez identificado como responsábel do vehículo no momento dos feitos remíteselle notificación de denuncia acompañada da fotografía do vehículo notificada (14/05/2007) na que se lle indica o que pode facer fronte á mesma, dándolle os recursos pertinentes, os prazos para facelo, así como o órgano ante o que intepolo.

En data 28/05/2008 o interesado presenta escrito de alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 05/06/2007, nº de doc. 70066752. Devanditas alegacións son as seguintes:

- *recusación do instrutor
- *firma mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico
- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha)

O 25/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 10/07/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 31/07/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 13/08/2007) nº doc. 7001649.

O 22/10/2007 notifícaselle a resolución de alegacións e imposición de sanción e concédeselle o prazo de 1 mes para poder interpor recurso de reposición.

O 15/11/2007 notifícaselle resolución de alegacións e imposición de sanción e concédeselle o prazo de 1 mes para poder interpor recurso de reposición.

O 15/11/2007 el interesado presenta recurso de reposición no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 27/12/2007, nº de doc. 70146873.

Dito recurso de reposición foi desestimado o 04/02/2008 aínda que está pendente de ser notificado.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

O escrito presentado é un modelo tipo cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos xulgados contencioso administrativos. Neste sentido acompañamos, por **do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo.** Con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta.”

Pola nosa parte engádesse o fundamento, Primeiro da sentenza citada:

“El acto administrativo recurrido en el presente procedimiento es la resolución del Concejal de Tráfico y Movilidad del Concello de Vigo de 5 de Julio de 2007 que le impone a la recurrente una sanción de 150€ al considerarla autora de una infracción en materia de tráfico, consistente en estacionamiento en doble fila.

Los hechos, denunciados a las 10,34 h. del día 04/01/2007 en la calle Barcelona de Vigo, gracias al uso del archiconocido en esta ciudad “multa móvil” se describen ya al folio 1 del expediente como “estacionar el vehículo en doble fila sin conductor Art. 91.2.h) R. General de la Circulación. “Examinado el expediente administrativo, resulta que se tiene por denuncia la extendida por el Policía municipal que actuaba desde el vehículo así apodado a la que se adjunta la fotografía captada por el mismo, con indicación expresa de “notificado”: ausente”(f.1).

Notificada la denuncia a la titular del vehículo, se identifica a sí misma como la conductora del coche el día de los hechos y formula alegaciones frente a la denuncia por escrito de 08/03/2007 (ff. 9-18 del expediente) en que niega la realidad de los hechos objeto de la misma. El Agente denunciante ratifica la denuncia el 23/04/2007 en el siguiente tenor literal: “el vehículo se encontraba en doble fila y con su conductor ausente”(f. 19 del expediente). Después de dársele traslado a la interesada del contenido del informe-ratificación, quien formula nuevo escrito en que reitera la argumentación contenida en el anterior. La instructora del expediente elabora propuesta de resolución, para la que firma su conformidad el Concejal del Área de Movilidad, Transporte y Seguridad el 05/07/07, confirmando la imposición de una sanción de 150€ a la demandante

por su comisión de una infracción del art. 91.2 h. RGC, por estacionar en doble fila.

Frente a la sanción, oponía la demandante en el expediente una extensa batida de argumentos, algunos de los cuales no parecen guardar relación directa con el expediente examinado, y que en demanda se ha limitado a los siguientes:

Falta de período probatorio. Denegación inmotivada de prueba. Ausencia de prueba suficiente por uso del llamado multamóvil.

Falta de traslado de la propuesta de resolución.

Ausencia de motivación: uso de modelos estereotipados.

Falta de notificación inicial. Falta de indicación en la denuncia de los datos exigidos por la Ley.

Vulneración del principio de tipicidad: el coche estaba parado, no estacionado.

Aunque en vía administrativa se opusieron a la imposición de la sanción otros motivos, los que figuran en demanda son los arriba citados, y a los que debe ceñirse, por motivos de congruencia, esta sentencia.

El Letrado de la Administración demanda se opuso a la estimación del recurso por los motivos expuestos en la resolución objeto del procedimiento.

Expuesta la postura procesal de las partes, a continuación se examinan por separado los motivos impugnatorios incluidos en el recurso contencioso.”

Do que da cumprida información o interesado o 01/04/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei.
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe trascender as regras

de funcionamento interno, para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais das actuacións públicas.

- obxectividade.
- actuacións axeitadas os criterios de eficiencia e servizo os cidadáns.
- actuacións conforme os principios de transparencia e de participación.
- a seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.

De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992, recolle a formulación de alegacións e a aportación en calquera momento anterior o trámite del audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta de resolución.

OR.D 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial referencia a orientación e información.

O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), reconece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local) reconece tamén o dereito a ser informado, o igual que o Código Europeo de Boa Conduta Administrativa.

RECOMENDACIÓN

Exemplo a seguir nas tramitacións das correspondentes solicitudes informativas.

EXPEDIENTE 2/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta polo vehículo “multamóvil”, por estacionar en dobre fila sen conductor.

O interesado formulou escrito de descargo no que nega os feitos consignados na denuncia, introducindo outros datos relevantes na valoración da súa conducta, ofrecendo unha versión contradictoria e oposta as da denuncia, indicando que o axen-

te municipal está a faltar gravemente a verdade, xa que se limita a dar unha contestación xenérica e telegráfica, no facendose mención o escrito de descargo.

Indica que o axente incumpre co principio básico do artigo 5.2 b) da L.O. 271986.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 02/01/2008 solicitándose o preceptivo informe o 11/01/2008, pedimento que se reitera o 13/02/2008. Con data 14/03/2008 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

“En contestación ao seu escrito no que solicitaba información sobre o expediente sancionador con nº de referencia 078663205 detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 16/02/2007 ás 12:58:31 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estacionar en dobre fila sen conductor na rúa ...

Ante a falla de datos do conductor do vehículo no momento da infracción, remíteselle ao titular do mesmo (notificado o 29/06/2007) indicándolle no reverso da notificación que se trata dun acto de trámite no que debe limitarse a identificar ao conductor sen poder interpoñer alegacións.

O 05/07/2007 el interesado presenta escrito no Concello de Vigo no que recoñece ser o conductor no momento dos feitos.

Unha vez identificado como responsábel do vehículo no momento dos feitos remíteselle notificación de denuncia acompañada da fotografía do vehículo (Notificada 02/08//2007) na que se lle indica o que pode facer fronte á mesma, dándolle os recursos pertinentes, os prazos para o facer, así como o órgano ante o que interpo-lo.

En data 13/08//2007 o interesado presenta escrito de alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 23/08/2007, nº de doc. 70094450. Estas alegacións son as seguintes:

- recusación do instrutor
- sinatura mecanizada
- lugar de presentación de escritos
- vago relato fáctico
- erróneo relato fáctico
- falla de notificación no acto

- fotografía viciada de nulidade
- prohibición da reformatio in peius
- principio de proporcionalidade
- solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha).

6) O 18/09/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

7) O 29/11/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que a vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

8) O 28/01/2007 O interesado presenta, á vista do informe, novas alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 11/12/2007, nº doc. 70139309.

9) O 06/02/2008 resolveuse desestimar as alegacións presentadas en base á valoración das probas existentes no expediente.

10) O 25/02/2008 notifícaselle resolución de alegacións e imposición de sanción e concédeselle o prazo de 1 mes para poder interpor recurso de reposición.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

O escrito presentado é un modelo tipo cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos xulgados contencioso administrativos. Neste sentido acompañamos, por ser especialmente relevante, a **sentenza 21/2008 emitida o 21 de xaneiro do 2008 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo**. Con esta sentenza fica claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta."

Pola nosa parte engádese o fundamento, Primeiro da sentenza citada:

"El acto administrativo recurrido en el presente procedimiento es la resolución del Concejal de Tráfico y Movilidad del Concello de Vigo de 5 de Julio de 2007 que le impone a la recurrente una sanción de 150€ al considerarla autora de una infracción en materia de tráfico, consistente en estacionamiento en doble fila.

Los hechos, denunciados a las 10,34 h. del día 04/01/2007 en la calle Barcelona de Vigo, gracias al uso del archiconocido en esta ciudad "multa móvil" se describen ya al folio 1 del expediente como "estacionar el vehículo en doble fila sin conductor Art. 91.2.h) R. General de la Circulación. "Examinado el expediente administrativo,



resulta que se tiene por denuncia la extendida por el Policía municipal que actuaba desde el vehículo así apodado a la que se adjunta la fotografía captada por el mismo, con indicación expresa de “notificado”: ausente”(f.1).

Notificada la denuncia a la titular del vehículo, se identifica a sí misma como la conductora del coche el día de los hechos y formula alegaciones frente a la denuncia por escrito de 08/03/2007 (ff. 9-18 del expediente) en que niega la realidad de los hechos objeto de la misma. El Agente denunciante ratifica la denuncia el 23/04/2007 en el siguiente tenor literal: “el vehículo se encontraba en doble fila y con su conductor ausente”(f. 19 del expediente). Después de dársele traslado a la interesada del contenido del informe-ratificación, formula nuevo escrito en que reitera la argumentación contenida en el anterior. La instructora del expediente elabora propuesta de resolución, para la que firma su conformidad el Concejal del Área de Movilidad, Transporte y Seguridad el 05/07/07, confirmando la imposición de una sanción de 150€ a la demandante por su comisión de una infracción del art. 91.2 h. RGC, por estacionar en doble fila.

Frente a la sanción, oponía la demandante en el expediente una extensa batida de argumentos, algunos de los cuales no parecen guardar relación directa con el expediente examinado, y que en demanda se ha limitado a los siguientes:

Falta de período probatorio. Denegación inmotivada de prueba. Ausencia de prueba suficiente por uso del llamado multamóvil.

Falta de traslado de la propuesta de resolución.

Ausencia de motivación: uso de modelos estereotipados.

Falta de notificación inicial. Falta de indicación en la denuncia de los datos exigidos por la Ley.

Vulneración del principio de tipicidad: el coche estaba parado, no estacionado.

Aunque en vía administrativa se opusieron a la imposición de la sanción otros motivos, los que figuran en demanda son los arriba citados, y a los que debe ceñirse, por motivos de congruencia, esta sentencia.

El Letrado de la Administración demanda se opuso a la estimación del recurso por los motivos expuestos en la resolución objeto del procedimiento.

Expuesta la postura procesal de las partes, a continuación se examinan por separado los motivos impugnatorios incluídos en el recurso contencioso.”

REFLEXIÓN

Os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto ao dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou através das organizacións recoñecidas pola lei.
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe trascender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade á que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais das actuacións públicas.

- obxectividade.
- actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo os cidadáns.
- actuacións conforme os principios de transparencia e de participación.
- a seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.

De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992, recolle a formulación de alegacións e a aportación en calquera momento anterior o trámite del audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta de resolución.

OR.D 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial referencia á orientación e información.

O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local) recoñece tamén o dereito a ser informado, ao igual que o Código Europeo de Boa Conducta Administrativa.

RECOMENDACIÓN

Exemplo a seguir nas tramitacións das correspondentes solicitudes informativas.

EXPEDIENTE 3/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta polo vehículo “multamóvil” por estacionar o vehículo en dobre fila sen conductor.

O interesado formulou escrito de descargo no que nega os feitos consignados na denuncia introducindo outros datos relevantes na valoración da súa conduta ofrecendo unha versión contradictoria e oposta á da denuncia, indicando que o axente municipal está a faltar gravemente á verdade, xa que se limita a dar, una contestación xenérica e telegráfica, non facendo mención ao escrito de descargo. Indica que o axente incumpe co principio básico do artigo 5.2 b) da L.O. 2/1986.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 02/01/2008, solicitándose o preceptivo informe o 11/01/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

“En contestación ao seu escrito no que solicitaba información sobre o expediente sancionador con nº de referencia 078656827 detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

1) O 21/05/2007 ás 17:00 o axente... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estacionar en dobre fila sen condutor na rúa Avda.

2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción, remíteselle ao titular do mesmo (notificado o 30/05/2007) indicándolle no reverso da notificación que se trata dun acto de trámite no que debe limitarse a identificar ao condutor sen poder interpoñer alegacións.

3) O 27/06/2007 el interesado presenta escrito no Concello de Vigo no que recoñece ser o condutor no momento dos feitos.

4) Unha vez identificado como responsábel do vehículo no momento dos feitos remíteselle notificación de denuncia acompañada da fotografía do vehículo (Notificada 03/07/2007) na que se lle indica o que pode facer fronte á mesma, dándolle os recursos pertinentes, os prazos para facelo, así como o órgano ante o que interpoñelo.

5) En data 12/07/2007 e interesado presenta escrito de alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 01/08/2007, nº de doc. 70088075. Devanditas alegacións son as seguintes:

- recusación do instructor
- sinatura mecanizada
- lugar de presentación de escritos
- vago relato fáctico
- erróneo relato fáctico
- falla de notificación no acto
- fotografía viciada de nulidade
- prohibición da reformatio in peius
- principio de proporcionalidade
- solicita até sete probas do Concello de Vigo(non achega ningunha).

6) O 05/09/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

7) O 27/11/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que a vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

8) O 29/11/2007 lo interesado presenta, á vista do informe, novas alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo. Devandito escrito entra no Concello de Vigo o 11/12/2007, nº doc. 70139309.

9) O 29/01/2007 resolveuse desestimar as alegacións presentadas en base á valoración das probas existentes no expediente.

10) O 04/02/2007 notifícaselle resolución de alegacións e imposición de sanción e concédeselle o prazo de 1 mes para poder interpor recurso de reposición.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR:

O escrito presentado é un modelo tipo cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos xulgados contencioso administrativos. Neste sentido acompañamos, por ser especialmente relevante, a **sentenza 21/2008 emitida o 21 de xaneiro do 2008 por , maxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo**. Con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta.”

Pola nosa parte engádese o fundamento, Primeiro da sentenza citada:

“El acto administrativo recurrido en el presente procedimiento es la resolución del Concejal de Tráfico y Movilidad del Concello de Vigo de 5 de Julio de 2007 que le impone a la recurrente una sanción de 150€ al considerarla autora de una infracción en materia de tráfico, consistente en estacionamiento en doble fila.

Los hechos, denunciados a las 10,34 h. del día 04/01/2007 en la calle Barcelona de Vigo, gracias al uso del archiconocido en esta ciudad “multa móvil” se describen ya al folio 1 del expediente como “estacionar el vehículo en doble fila sin conductor Art. 91.2.h) R. General de la Circulación. “Examinado el expediente administrativo, resulta que se tiene por denuncia la extendida por el Policía municipal que actuaba desde el vehículo así apodado a la que se adjunta la fotografía captada por el mismo, con indicación expresa de “notificado”: ausente”(f.1).

Notificada la denuncia a la titular del vehículo, se identifica a sí misma como la conductora del coche el día de los hechos y formula alegaciones frente a la denuncia por escrito de 08/03/2007 (ff. 9-18 del expediente) en que niega la realidad de los hechos objeto de la misma. El Agente denunciante ratifica la denuncia el 23/04/2007 en el siguiente tenor literal: “el vehículo se encontraba en doble fila y con su conductor ausente”(f. 19 del expediente). Después de dársele traslado a la interesada del contenido del informe-ratificación, el interesado formula nuevo escrito en que reitera la argumentación contenida en el anterior. La instructora del expediente elabora propuesta de resolución, para la que firma su conformidad el Concejal del Área de Movilidad, Transporte y Seguridad el 05/07/07, confirmando la imposición de una sanción de 150€ a la demandante por su comisión de una infracción del art. 91.2 h. RGC, por estacionar en doble fila.

Frente a la sanción, oponía la demandante en el expediente una extensa batida de argumentos, algunos de los cuales no parecen guardar relación directa con el expediente examinado, y que en demanda se ha limitado a los siguientes:

- Falta de período probatorio. Denegación inmotivada de prueba. Ausencia de prueba suficiente por uso del llamado multamóvil.*
- Falta de traslado de la propuesta de resolución.*
- Ausencia de motivación: uso de modelos estereotipados.*
- Falta de notificación inicial. Falta de indicación en la denuncia de los datos exigidos por la Ley.*
- Vulneración del principio de tipicidad: el coche estaba parado, no estacionado.*

Aunque en vía administrativa se opusieron a la imposición de la sanción otros motivos, los que figuran en demanda son los arriba citados, y a los que debe ceñirse, por motivos de congruencia, esta sentencia.

El Letrado de la Administración demanda se opuso a la estimación del recurso por los motivos expuestos en la resolución objeto del procedimiento.

Expuesta la postura procesal de las partes, a continuación se examinan por separado los motivos impugnatorios incluídos en el recurso contencioso.”

Do que se deu cumprida información o interesado o 01/04/2008. Sen actuacións posteriores

REFLEXIÓNS

Os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto ao dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

-audiencia dos cidadáns, directamente ou através das organizacións recoñecidas pola lei.

-que o réxime xurídico das administracións públicas debe trascender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade á que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais das actuacións públicas.

- obxectividade.

-actuacións axeitadas os criterios de eficiencia e servizo os cidadáns.

-actuacións conforme os principios de transparencia e de participación.

-a seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.

De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992, recolle a formulación de alegacións e a aportación en calquera momento anterior o trámite de audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta de resolución.

OR.D 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial referencia a orientación e información.

O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local) reconece tamén o dereito a ser informado, ao igual que o Código Europeo de Boa Conduta Administrativa.

RECOMENDACIÓN

Exemplo a seguir nas tramitacións das correspondentes solicitudes informativas.

EXPEDIENTE 4/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por non ter recibo da ORA, cando realmente o tiña, facéndose constar na denuncia as 10,30 horas, tendo o resguardo da ORA o límite das 11,12 horas, séndolle aplicado o cepo para a súa inmovilización. A interesada fai entrega da seguinte documentación:

1º- Resguardo da regulación do aparcamento: día 16/05/06, hora final do estacionamento 11:12.

2º- Resguardo da dilixencia do Concello de Vigo, polo que se detalla a infracción, hora 12,18, axente ..., expediente 6241619, data 16/05/2006.

3º- Notificación de denuncia, por estacionar sen billete de uso de estacionamento que non colocalo en lugar visíbel, expediente 068685226.

4º- Impreso de notificación pola liberación do vehículo ao que se lle tiña colocado o cepo de inmovilización, expondo a súa disconformidade.

5º- Solicitude de anulación de sanción, nº de documentos 60054334, de 18/05/2006, que formula como prego de descargo, no que alega que o ticket atopábase correctamente, así como a presenza de testemuñas, indícase ademais que o axente manifesta que existen fotografías da situación.

6º- Copia do escrito de Mobilidade e Seguridade de 09/10/2006 do que se achegan fotografías efectuadas ás 14,43 horas.

7º- Fotografías, na que aparece como hora da súa realización as 18,42. Erro manifesto.

8º- Escrito de alegacións que formula a interesada o 29/08/2006, nº de documento 60091163, no que incide: *“Según se me hace abonar la grúa al haberme puesto el cepto, según el agente que intervino (67), por tener varias multas acumuladas por el mismo hecho. Consultado en el Departamento Ejecutivo del Concello me informan de que no hay ninguna sanción anterior a esta. Esto también figura reflejado en la sanción recibida (“Reincidencias: 0, se adjunta copia). Erro manifiesto. Tercero. En la notificación de denuncia se señala que el motivo de la No notificación en el acto de la misma se debió a la ausencia del conductor, hecho incierto ya que aboné las tasas, de la grúa en el momento de la sanción, lo que demuestra que el agente de la Policía Local estaba presente”*. Erro manifiesto.

9º- Novo escrito da interesada de 11/12/2006, nº de documento 60129322 no que se pon de manifesto novo erro por parte da administración Municipal en relación cos datos das fotografías, que a policía presenta como probas.

10- Resolución da Concellería de Mobilidade e Seguridade de 09/07/2007, na que se reflicte que se aplica de oficio a prescripción de infracción e se desestima o reembolso da taxa pola mobilización do vehículo.

Vistas as alegacións feitas por ..., con D.N.I. ..., no seu escrito de 11 de decembro de 2006, con número de rexistro DOC60129322, en relación co expediente 72835/ 210, onde solicita que se deixe sen efecto a sanción de 45 euros coa que foi sancionada e se lle reintegre o importe de 114 euros aboado ao guindastre municipal pola inmovilización do seu vehículo, procede facer as seguintes:

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/01/2008; solicitándose o preceptivo informe o 14/01/2008, reiterándose o 13/02/2008. Con data 25/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Prescripción da infracción

A infracción denunciada é tipificada como leve no art. 65.3 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

En atención ao teor literal do artigo 18 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Procedemento Sancionador en Materia

de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, en concordancia co disposto no artigo 81 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o prazo de prescrición das infraccións leves é de tres meses.

Transcorridos os prazos regulamentarios, e en consonancia co art. 18.3 do Real Decreto 320/1994, corresponde aplicar de oficio a prescrición da infracción, polo que se anula a sanción imposta e se procede ao arquivo do expediente sancionador.

Segundo.- Nembargantes, **non procede resolver positivamente a súa solicitude de devolución do importe aboado pola inmovilización do vehículo**, polos seguintes motivos:

a) O dito importe corresponde a unha **taxa**, en atención ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 15 do Concello de Vigo, Reguladora das Taxas pola Inmovilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.

Establécese así mesmo expresamente no artigo 7.c) da mesma norma que “O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido”.

b) O artigo 2.2.a) da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro, en adiante L.X.T.) recolle o concepto de taxa coma un clase específica de **tributo**, polo que a determinación da súa esixibilidade obedece aos conceptos tributarios seguintes: O feito impoñíbel (art. 6 da L.X.T.; art. 6 da Ordenanza Municipal nº 1, Fiscal Xeral) que é a realización do servizo de inmovilización do vehículo tal como dispón o artigo 1.a) da Ordenanza Municipal nº 15 antes mencionada, e que determina a suxeición ao pagamento da taxa, levouse efectivamente a cabo ao procederse á inmovilización do MARCA COCHE MATRÍCULA ..., O período de devengo e esixibilidade (art. 21 L.X.T.; art. 8 da Ordenanza Fiscal Xeral), que determina o momento de esixibilidade da taxa, en atención ao artigo 6 da citada Ordenanza nº 15, corresponde “[...] no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivera iniciado [...]”.

c) O **procedemento para a devolución de tributos**, en atención ao disposto no art. 31 L.X.T., farase de acordo coa normativa de cada tributo, polo que hai que seguir os trámites do art. 86 da Ordenanza Fiscal Xeral.

En canto aos requisitos materiais, a solicitude realizada non pode resolverse favorablemente ao non concorrer ningún dos supostos do apartado 1 do citado artigo, xa que non existe unha duplicidade no pagamento (a), a cantidade aboada non foi

superior á que resultaría dun acto administrativo (b), as cantidades non se ingresaron despois de transcorridos os prazos de prescrición (c), e non existen outros supostos nas normas legais ou nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación (d).

Terceiro.- Con independencia do arquivo das actuacións, polo cal non se pode aplicar sanción algunha á conducta denunciada, **resulta incuestionábel a persistencia da obriga tributaria** correspondente á taxa pola inmovilización do vehículo, pois esta é independente do proceso sancionador, e corresponde a un servizo efectivamente realizado en cumprimento da lexislación vixente.

Cuarto.- En canto á procedencia da medida de inmovilización do vehículo, hai que sinalar o seguinte:

a) Esta tomouse en **estrito cumprimento** do establecido no artigo 8 da Ordenanza Reguladora do Servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de Tickets na Cidade de Vigo (dictada ao amparo da previsión do artigo 38.4 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial) que dispón:

“Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido, de conformidade co establecido no artigo 39.2 contido na Lei 5/1997, de 24 de marzo, de Reforma do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial:

- a) Estacionar carecendo de ticket.
- b) Estacionar superando o horario autorizado no ticket.
- c) Estacionar superando as horas de aparcamento máximo autorizado manténdose estacionado na mesma rúa.

As anteditas infraccións denunciaranse de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei de seguridade vial.

* A infracción definida no apartado a) sancionarase con multa de 7.500 pesetas.

* As demais sancionarase con multa de 5.000 pesetas.

Ademais do exposto denunciaranse, na mesma forma, as restantes infracción que se cometan na zona ORA e que se recollan como tales na Ordenanza municipal de circulación do termo municipal de Vigo.

Poderá procederse á retirada do vehículo coa grúa cando o vehículo careza de ticket ou cando rebase o dobre do tempo aboado.

Tamén poderá procederse á inmovilización do vehículo cando careza de ticket ou exceda da autorización concedida até que se logre a identificación do seu condutor.

En ámbolos dous casos deberá procederse ao aboamento da taxa polo servicio de retirada ou inmovilización prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.”

b) En proba da comisión da infracción que deu lugar á inmovilización do vehículo, ademais da denuncia do Vixiante da O.R.A debidamente contrastada e verdadeira pola Policía Local, atópanse varias **fotografías** incorporadas no informe do Axente actuante que deixan constancia gráfica da inexistencia de ticket habilitador do aparcamento.

Esas fotografías adoecen dun defecto na inserción da hora, que en nada ensombrece a claridade da imaxe e dos feitos dos que nela se deixa constancia.

c) A **fotocopia do ticket** presentado pola recorrente, se ben non se acreditou nen se recoñece a súa validez, dispuña como hora límite de aparcamento as 11:12 horas.

A denuncia fórmulase ás 10:30 horas do día 16/05/2006, e foi verdadeira polo Axente ... da Policía Local ás 12:18 horas; a inmovilización do vehículo realizouse ás 12:25 horas, polo que aínda se fose válido o ticket e estivese situado en lugar visíbel en cumprimento da normativa, a medida de inmovilización estaría tomada correctamente por exceso do período de autorización concedida, ao ser equivalente un ticket caducado á inexistencia de ticket.

En aplicación da doutrina dos actos propios, coa presentación dese ticket coma auténtico, aínda que non se lle recoñeza esa condición, nin moito menos que estivera situado en lugar visíbel do vehículo, a recorrente admite a comisión da conducta de rebasar o tempo autorizado -que pode dar lugar á inmovilización-, polo que asume a efectiva actualización do risco de ter que aboar as taxas do guindastre municipal.

d) A medida de inmovilización do vehículo dispónse pola normativa de referencia coma unha actividade na que se exerce unha **potestade discrecional**, ao establecerse literalmente “[...] poderá procederse á medida de inmovilización do vehículo [...]”.

Polo tanto, depende da apreciación dos Axentes e da dispoñibilidade técnica e humana efectuar a inmovilización, sempre que se dea o suposto de feito recollido na norma. No caso recorrido, dándose o suposto fáctico e podéndose prover de

medios para a instalación do cepo, levouse a cabo este servizo, cumprindo tódolos requisitos formais e materiais para a validez da medida adoptada.

En atención ás consideracións efectuadas, formulase a seguinte:

PROPOSTA

Desestimar a solicitude de reembolso da taxa pola inmovilización o día 16 de maio de 2006 do vehículo marca _____, por considerar que foi correctamente adoptada a medida de inmovilización tendo en conta os informes do axente actuante.

Con data 27/03/2008 solicítase informe con respecto ás reflexións feitas por esta oficina, na que non se resposta o informe anterior; e de novo reiterase o 18/04/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 22/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

1) Cales son as motivacións polas que se declara a prescrición de sanción de oficio.

2) O que cabe deducir do expediente en cuestión, e que nos atopamos ante un suposto no que se evidencian erros por parte de administración municipal.

-Non é correcta a indicación da falta do resguardo de regulación do aparcamento.

-Non se teñen en conta a existencia de testemuñas.

-Non é correcta a relación horaria das fotografías.

-Non é correcta a indicación de reiteración na comisión deste tipo ou outras de faltas a normativa vixente.

O interesado non pretende unha exención da bonificación das cotas da inmovilización do vehículo, a interesada pretende, nin sequera unha conmutación ou indulto dunha sanción, o que solicita é a anulación dunha penalización imputada que non é real, é dicir, non é certa.

Atopámonos ante un erro dos tipificados, no artigo 105 de la Lei 30/1992, e que polo tanto require un novo acto administrativo que revogue o acto previo desfavorábel á interesada, xa que o caso que nos ocupa non constitúe nin dispensa exención prohibida por as leis. O axente pode apreciar unha actuación, pero esta dispoñibilidade non ampara a comisión dos erros que derivan da súa apreciación.

Por outra banda, son de apreciar segundo o exposto datos erróneos na tramitación do expediente tal como se alegou o que implica erros imputábeis a esa administración o que debe traducirse nunha cualificación de nulidade, e polo tanto o seu arquivo, e non unha prescrición de oficio o que tamén implicara unha ineficacia da xestión.

As atribucións que a Administración recibe non se poden utilizar de xeito aleatorio ou incontrolado, a súa utilización ten que propiciar a consecución do ben público mediante uns medios de defensa e garantías que acaden o equilibrio entre as facultades públicas e os dereitos persoais. Cando no se procede nesa dirección, cando a Administración se desvía xurde o afastamento marcado pola norma.

Estamos ante unha situación na que a Administración persigue unha finalidade diferente a aquela que a norma lle asignaba, e o que o Tribunal Supremo (14/05/1959) cualifica como consecución de obxectivos non previstos concretamente pola motivación legal que inspira a norma. Noutros termos e o que a Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativo define como exercicio de potestades para acadar fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Polo que entendemos que procede a nulidade da resolución cuestionada.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 5/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta, á que o interesado formulou alegacións xustificativas da improcedencia da mesma.

1) Si se desexa saír da vía de circulación, en calquera dos dous sentidos da Avda. Antonio Palacios, só existe unha posibilidade en cada un deles. Nese caso límitase a velocidade a 50 km/hora. Observando en dirección Castrelos-Avda. de Madrid, o sinal está incorrectamente colocado, posto que se debe sinalar o comezo da manobra para saír da citada Avda. de Madrid-Castrelos.

Pola contra, está ben situado si a pretensión é saír da Avda. Antonio Palacios en dirección Avda. de Madrid-Castrelos.

É nese punto onde se impón a sanción (sentido Castrelos-Avenida de Madrid) tal como se comproba na fotografía, que se achegaba, documento probatorio remitido polo Concello, o vehículo, en ningún momento, pretende saír da Avda. Antonio Palacios, senón que pretende continuar a marcha até o final da Avda. Antonio Palacios.

2) Limitarse a velocidade a 40 km/hora cando o vehículo se aproxima a saída en calquera dos dous sentidos. Dita sinal figura no asfalto, consecuentemente o vehículo ía circulando correctamente xa que non pretendía saír da Avda. Antonio Palacios. Pola contra o sinal atópase incorrectamente colocado.

O interesado subliña que a contestación do Concello é incorrecta ao pretender que os feitos fixados e probados na base de instrucción do procedemento, polo que non poden ser novamente obxecto de infracción toda vez que se lle empurra a xudicializar a súa situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 09/01/2008. Solicítase o preceptivo informe o 15/01/2008 que se reitera o 18/02/2008. Con data 14/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte.

“En contestación ao escrito remitido por Vd. no que solicita información en relación coa queixa presentada por ..., sobre o expediente sancionador con nº de boletín 01115298, detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 14/03/2007 ás 16:55 o axente ... formula denuncia contra o vehículo ... por exceso de velocidade (circula a 71 km estando limitada a velocidade a 50 km/h) na Avenida Antonio Palacios.

Ante a falla de datos do conductor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular do mesmo (notificado o 03/05/2007).

O 08/05/2007 preséntase escrito no que se identifica como conductor a ... con DNI ...

Unha vez identificado como responsábel do vehículo no momento dos feitos, remíteselle notificación de denuncia (Notificada 14/05/2007) na que se lle indica o que pode facer fronte a mesma, dándolle os recursos pertinentes, os prazos para facelo, así como o órgano ante o que pode interpor os recursos.

En data 29/05/2007 ... presenta escrito de alegacións.

O 19/06/2007 notifícaselle fase de audiencia ao interesado e remíteselle fotografía do vehículo e certificado de revisión do cinemómetro, dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 03/07/2007 o interesado presenta, á vista das probas achegadas, novas alegacións nas que manifesta que circula pola esq4rda e que polo tanto o sinal de limitación de velocidade de 50 km non lle afecta.

O 14/09/2007 notifícaselle resolución de alegacións e imposición de sanción e ábreselle o prazo de 1 mes para poder interpor recurso de reposición.

O 30/10/2007 preséntase recurso de reposición (fóra do prazo legal).

A resolución do recurso de reposición (desestimado) foi notificada o 11/12/2007.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE

Trátase dun expediente sancionador no que se discute a sinalización. Respecto diso indicar que dita sinalización non estaba xusto á saída senón antes. E conforme aos contidos da Norma 8.1-IC de sinalización vertical o sinal situado á dereita afecta a todos os carrís."

Do que se da cumprida información o interesado o 27/03/2008.

Con data 21/04/2008, recíbese noso escrito do interesado no que fai precisións o respecto.

Con data 22/04/2008, dirixímonos o interesado facendo relatorio das reflexións presentadas ante a Concellería competente e que logo se reflicten no apartado correspondente.

Con data 24/04/2008, dirixímonos a Concellería citada trasladando o contido das replicas do interesado, así como das nosas reflexións, solicitando resposta o respecto. Sen terse recibido.

Con data 09/06/2008, o interesado comparece nesta oficina facendo entrega dunha copia do informe expedido pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte dirixida a Sra. Concelleira de Economía e Facenda sobre a devolución solicitada polo interesado o 18/04/2008.

Dito informe, de 23/05/2008 desestima a petición citada.

Ademais, e coa mesma data (23/05/2008) desestimase pola Concellería de Economía e Facenda a devolución cuestionada, dándolle o interesado a posibilidade de recorrer en reposición o acto declarativo.

Recurso que formula, segundo comunicación telefónica, do 16/09/2008, manifestando que o mesmo lle foi desestimado por falta de competencia segundo declara o propio Tribunal Económico-Administrativo do Concello.

A vista do que o interesado solicita ser recibido nesta oficina.

REFLEXIÓNS

Atendendo as probas puntuais e definatorias da situación das sinais, faise preciso indicar que a igualdade dos individuos debe ser sempre promovida polos poderes públicos, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude das condicións que se reflicten da realidade.

A finalidade da resolución da Concellería ten claramente unha dirección distinta a do ordenamento xurídico as probas alegadas e demostrábeis feitas polo interesado son suficientes para acadar unha razoábel convicción do órgano instructor do expediente, o que da lugar como índice a un tratamento discriminatorio, xa que a realidade material de sinalización corresponde coa realidade social do tempo actual.

Claramente as aseveracións e probas fotográficas fan proba en contrario dos feitos que se lle imputan, o cal atenta contra a Seguridade Xurídica, o que ven a implicar un posíbel erro por parte da Administración que debe reconsiderar, e, no seu caso, anular a decisión.

As contravencións administrativas non poden ser aplicadas de modo mecánico, existen razóns diferenciais na apreciación da sinalización que obrigan a unha reconsideración das actuacións. Tódolos actos relacionados co expediente teñen que servir de soporte a resolución coa finalidade de acadar unha tutela efectiva dos dereitos do cidadán, decidindo sobre tódalas cuestións suscitadas, foran ou non presentadas ou alegadas por aqueles. Resulta desconcertante que por parte da Concellería de Economía e Facenda se desestime a solicitude de devolución, indicándolle que pode reclamar ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello, que se declarou incompetente.

EXPEDIENTE 6/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa identificación de que foi obxecto como conductor dun vehículo, no seu escrito de alegacións precisa que non é el o conductor, xa que nas funcións do seu posto de traballo non está de conducir vehículos

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/01/2008, con data 18/01/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 18/02/2008. Con data 14/03/2008 recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informe o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada polo interesado no que solicita información sobre os expedientes sancionadores cos seguintes números de referencia:

078687841 (expediente orixe 078683036)

078687844 (expediente orixe 078683335)

078687846 (expediente orixe 078681375)

A continuación se detallan as actuacións levadas a cabo nos mesmos:

1.

-Expediente 078687841: *O 25/09/2007 ás 17:03 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por ESTACIONAR EN PARTE DA VÍA RESERVADA PARA O TRÁNSITO DE PEÓNS (BEIRARRÚA) na Rúa ...*

-Expediente 078687844: *O 26/09/2007 ás 12:14 o axente... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por ESTACIONAR EN PARTE DA VÍA RESERVADA PARA O TRANSITO DE PEÓNS (BEIRARRÚA), na ...*

-Expediente 078687846: *O 20/09/2007 ás 16:18 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por ESTACIONAR EN PARTE DA VÍA RESERVADA PARA O TRANSITO DE PEÓNS (BEIRARRÚA), na Rúa ...*

2.

Ante a falta de datos do conductor do vehículo no momento da infracción remíte-selle requirimento de identificación ao titular do mesmo indicándolle no reverso

da notificación que se trata dun acto de trámite no que debe limitarse a identificar ao conductor(xa que o procedemento sancionador iníciase fronte ao autor dos feitos) sen poder interporse alegacións.

Ditos requirimentos foron notificados en data 3/10/2007 os dous primeiros e o 26/09/2007 o último.

3.

O 08/10/2007 preséntase nas dependencias do concello do interesado, con D.N.I., empregado da empresapara presentar escrito no que a empresa identifica como conductor no momento dos feitos nos tres expediente a un empregado, e con domicilio a efectos de notificacións na estrada.....

4.

En data 02/11/2007 foi notificada a denuncia á persoa identificada como conductor no expediente 078687846.

En data 08/11/2007, notifícaselle a denuncia á persoa identificada como conductor nos expedientes 078687841 e 078687844.

5.

O 16/11/2007 o identificado presenta escrito de alegacións no Rexistro xeral do Concello, nº de documento 70128442, no que manifesta que non era o conductor do vehículo en ningún dos tres expedientes.

6.

O 26/12/2007 comunícaselle que foi debidamente identificado polo propietario do vehículo no expediente 078687841.

O 27/12/2007 comunícaselle que foi debidamente identificado polo propietario do vehículo nos expedientes 078687844 e 078687846.

7.

O 30/01/2008 o identificado presenta no Rexistro Xeral do Concello recurso de reposición en relación cos tres expedientes, nº documento 80011996, no que manifesta que a empresa cometeu un erro na identificación.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

A empresa realiza a identificación do conductor con todos os requisitos.

En ningún momento se achega escrito no que a empresa recoñeza que cometeu un erro na identificación.

Postos en contacto coa empresa confírmanos que a identificación é correcta xa que "reiteramos que nos días e horas reflectidos en devanditos expedientes (078681375, 078683036 e 07868335) o conductor responsábel das infraccións do vehículo PO..... o identificado con DNIxa que foi a realizar uns traballos no edificio de vivendas sito na rúa Alcalde Gregorio Espino nº ".

O que se comunica o interesado o 31/03/2008, sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Entendemos que non se acadaron as actuacións ou xestións correspondentes o conductor do vehículo en relación coa apertura dun período de proba para averiguación fidedigna e conseguinte cualificación dos feitos. Como se valoran as alegacións do interesado, máxime cando as súas funcións no se corresponden coas tarefas e servizos de conductor

EXPEDIENTE 13/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa estando co vehículo parado e atendendo por telefonía móbil unha situación de urxencia, sen obstaculizar o tráfico en ningún momento. Non sendo a interesada culpábel da non identificación do conductor, xa que non seu domicilio recibiu pedimento ao respecto, considerando a sanción desproporcionada por non corresponder ao procedemento a que se teña que someter a acción pola que se sanciona.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/02/2008, solicitando o preceptivo informe o 12/02/2008, reiterándose o 31/03/2008. Con data 15/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

“.....detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

“.....detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

1) O 08/06/2007 ás 09:17 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionar en zona de carga e descarga na rúa ...

2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular. Tras resultar ausente no seu domicilio os días 20/06/2007 e o 28/06/07, publícase no B.O.P. e dáse por notificado o 08/08/2007.

3) O 12/09/2007 impónselle unha multa por non ser identificado o condutor dentro do prazo establecido para iso.

4) O 20/09/2007 e o 24/09/2007 inténtase notificar a denuncia (resulta ausente) por non ser identificado o condutor.

5) O 21/09/2007 presenta alegacións

6) Notifícaselle a resolución sancionadora desestimando as alegacións o 25/01/2008.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

A continuación acompáñase sentenza a efectos de aclarar o tema:

Sentenza 210/2005 do xulgado contencioso Administrativo número un de Vigo.

Sobre o alcance da obrigaón de identificar contida no Art. 72.3 LTSV tivo ocasión de manifestarse o noso Tribunal Constitucional en varias ocasións, en sentenzas como a de 21 de decembro definindo como un especial deber de dilixencia do titular do vehículo que lle obrígase a coñecer e facilitar á administración todos os datos necesarios para identificar ao condutor, cando se producín unha infracción, ao obxecto de poder dirixir contra este o correspondente procedemento sancionador.

Con todo tal obrigaón non fai decaer o principio xeral de responsabilidade persoal por feitos propios en materia de infraccións de tráfico ou circulación, polo que non é posíbel considerar ao titular do vehículo que incumpre tal obrigaón como autor da condución na infracción senón como autor, no seu caso, dunha infracción autónoma por incumprimento da obrigaón de identificar.

O requirimento para identificación efectuácese cando incoado procedemento sancionador pola autoridade competente- de oficio ou por denuncia de carácter voluntario –ou mediante denuncia formulada polos axentes de autoridade encargados da vixilancia e seguridade do tráfico, non fose coñecida a identidade do condutor, a fin de obtela e dirixir contra este o procedemento.

Como expón o Tribunal Constitucional, o incumprimento de devandito deber de identificación sen causa xustificada, determinase que se lle imponha ao titular unha sanción pecuniaria como autor dunha infracción tipificada no Art. 72.3 LTSV que se define como una infracción autónoma consistente en incumplir o titular do vehículo o deber de identificar e comunicar ás autoridades de tráfico a identidade do condutor que supostamente infrinxiu as normas de circulación....Aínda que o mais probábel é que o condutor fose o titular do vehículo non pode imporse ao titular do coche a infracción cometida polo condutor pois tratándose dun procedemento administrativo sancionador, rexido polos principios de tipicidade, legalidade e culpabilidade, conforme é afirmado en reiterada xurisprudencia, corresponde á administración denunciante a carga da proba dos feitos imputados por canto a persoa física ou xurídica á que se atribúe a conducta típica esta protexida pola presunción constitucional de inocencia.”

REFLEXIÓNS

Non se tivo en conta a realidade da situación e aplícase a norma de xeito mecánico, e cualifícase de moi grave, imputándoselle unha tipificación por incumprimento de algo do que nunca foi requirida pola vía normal de comunicación, non constando as causas das faltas de resposta, que poderían ser obviadas, se no momento de producirse a falta se lle houbera notificado a sanción no mesmo acto, xa que non constan motivos para non facelo.

A sanción debe ser axustada a realidade da parada en zona non permitida e estando o condutor dentro do vehículo.

RECOMENDACIÓN

Mellora das xestións en casos como o que nos ocupa.

EXPEDIENTE: 18/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo “multamóvil” por estacionar o vehículo en dobre fila, sen conductor .

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo no que nega os feitos que aparecen na denuncia, achegando feitos que considera relevantes a favor da súa conducta e contraditorios aos cargos da mesma, o que considera unha falta grave en realidade coa verdade acontecida, sen que se faga a máis mínima mención das alegacións formuladas detalladamente, precisando que este é un xeito xenérico nas actuacións do axente autor da denuncia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2008, con data 28/02/2008 solicítase o preceptivo informe. Con data 04/04/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

“Detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 01/03/2007 ás 10:46 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa ...

O 30/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 27/04/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica como a interesada conductor dos feitos.

O 08/05/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor acompañando fotografía do vehículo.

O 14/05/2007 a interesada presenta escrito de alegacións manifestando (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo) dito escrito entra no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 28/05/2007 coas seguintes alegacións:

- *recusación do instrutor
- *sinatura mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico

- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha)

O 26/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 16/10/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 02/11/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 09/11/2007).

O 16/01/2008 notifícaselle a resolución sancionadora (desestimando o recurso) indicándoselle que pode presentar recurso de reposición no prazo de un mes.

Presenta recurso de reposición o 05/02/2008 (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, devandito escrito entra no Concello de Vigo o 15/02/2008) que esta pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

- Practicáronselle 5 notificacións no prazo
- requirimento de identificación do condutor.
 - notificación de denuncia
 - notificación de admisión de proba
 - notificación de audiencia ao interesado
 - notificación resolución sancionadora

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- recurso de reposición

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/05/2007 e resólvese o 08/01/08 sendo notificada a resolución o 16/01/08 nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado “multamóvil”.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos neste sentido acompañamos por ser especialmente relevante a sentenza 21/2008 emitida ou 21 de xaneiro do 2008 por maxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indícase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou através das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.
- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
 - Obxectividade.
 - Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.
 - Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
 - A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
 - A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.

-O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.

-O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) reconece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

-A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 19/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia de tráfico estando co vehículo parado, en dobre fila sen conductor mediante a utilización do vehículo “multamóvil”.

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2008; con data 28/02/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 04/04/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada por.....que se solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078629893 (expte. Orixe 078612175) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 14/02/2007 ás 11:08 o axente... formula denuncia contra o vehículo matrícula por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa ...

O 15/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 22/03/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica como a interesada conductor dos feitos.

O 08/05/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor acompañando fotografía do vehículo.

O 14/05/2007 a interesada presenta escrito de alegacións manifestando (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo) dito escrito entra no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/05/2007 coas seguintes alegacións:

- *recusación do instructor
- *firma mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico
- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha)

O 26/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 16/10/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 02/11/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 09/11/2007).

O 16/01/2008 notifícaselle a resolución sancionadora (desestimando o recurso) indicándoselle que pode presentar recurso de reposición no prazo de un mes.

Presenta recurso de reposición o 05/02/2008 (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, devandito escrito entra no Concello de Vigo o 15/02/2008) que esta pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra ano-

malía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 5 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado
- notificación resolución sancionadora

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- dous escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- recurso de reposición

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/05/2007 e resólvese o 08/01/08 sendo notificada a resolución o 16/01/08 nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado “multamóvil”.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos neste sentido acompañamos por ser especialmente relevante a sentenza 21/2008 emitida o 21 de xaneiro do 2008 pormaxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

Creemos que con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta polo que tampouco procedería ningunha sanción ao axente por realizar ou labor que tiña encomenda.”

REFLEXIÓN

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:

- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:

- Obxectividade.

- Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.

- Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.

- A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.

- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:

- A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.

- O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.

- O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

- A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 20/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia de tráfico estando co vehículo parado, en dobre fila sen conductor mediante a utilización do vehículo "multamóvil".

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2008; con data 28/02/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 04/04/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada por.....que se solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078629893 (expte. Orixe 078612175) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 14/02/2007 ás 11:08 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa ...

O 15/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 22/03/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica como a interesada conductor dos feitos.

O 08/05/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor acompañando fotografía do vehículo.

O 14/05/2007 a interesada presenta escrito de alegacións manifestando (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo) dito escrito entra no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/05/2007 coas seguintes alegacións:

- *recusación do instructor
- *firma mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico
- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha)

O 26/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 16/10/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 02/11/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 09/11/2007).

O 16/01/2008 notifícaselle a resolución sancionadora (desestimando o recurso) indicándoselle que pode presentar recurso de reposición no prazo de un mes.

Presenta recurso de reposición o 05/02/2008 (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, devandito escrito entra no Concello de Vigo o 15/02/2008) que esta pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 5 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado
- notificación resolución sancionadora

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- dous escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- recurso de reposición

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/05/2007 e resólvese o 08/01/08 sendo notificada a resolución o 16/01/08 nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado “multamóvil”.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos neste sentido acompañamos por ser especialmente relevante a sentenza 21/2008 emitida o 21 de xaneiro do 2008 pormaxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

Creemos que con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta polo que tampouco procedería ningunha sanción ao axente por realizar ou labor que tiña encomenda.”

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.
- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
 - Obxectividade.
 - Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.
 - Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
 - A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
 - A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.
 - O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.
 - O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.
 - A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 21/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia de tráfico estando co vehículo parado, en dobre fila sen conductor mediante a utilización do vehículo “multamóvil”.

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2008; con data 28/02/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 04/04/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada por.....que se solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078629893 (expte. Orixe 078612175) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 14/02/2007 ás 11:08 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa ...

O 15/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 22/03/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica como a interesada conductor dos feitos.

O 08/05/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor acompañando fotografía do vehículo.

O 14/05/2007 a interesada presenta escrito de alegacións manifestando(no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo) dito escrito entra no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/05/2007 coas seguintes alegacións:

*recusación do instructor

- *firma mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico
- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha)

O 26/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 16/10/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 02/11/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 09/11/2007).

O 16/01/2008 notifícaselle a resolución sancionadora (desestimando o recurso) indicándoselle que pode presentar recurso de reposición no prazo de un mes.

Presenta recurso de reposición o 05/02/2008 (no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, devandito escrito entra no Concello de Vigo o 15/02/2008) que esta pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronselle 5 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado
- notificación resolución sancionadora

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- dous escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- recurso de reposición

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/05/2007 e resólvese o 08/01/08 sendo notificada a resolución o 16/01/08 nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado “multamóvil”.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos neste sentido acompañamos por ser especialmente relevante a sentenza 21/2008 emitida ou 21 de xaneiro do 2008 pormaxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

Creemos que con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta polo que tampouco procedería ningunha sanción ao axente por realizar ou labor que tiña encomenda.”

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
- Obxectividade.
- Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.
- Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
- A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
- A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.
- O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención ao cidadán en especial as referentes a orientación e información.
- O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) reconece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.
- A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 22/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia de tráfico estando co vehículo parado, en dobre fila sen conductor mediante a utilización do vehículo “multamóvil”.

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2008; con data 28/02/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 04/04/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada

por.....que se solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078629893 (expte. Orixe 078612175) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 14/02/2007 ás 11:08 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula por estar estacionado sen conductor en dobre fila na rúa ...

O 15/03/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 22/03/2007 preséntase escrito no Concello no que se identifica como a interesada conductor dos feitos.

O 08/05/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor acompañando fotografía do vehículo.

O 14/05/2007 a interesada presenta escrito de alegacións manifestando(no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo) dito escrito entra no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/05/2007 coas seguintes alegacións:

- *recusación do instructor

- *firma mecanizada

- *lugar de presentación de escritos

- *vago relato fáctico

- *erróneo relato fáctico

- *falta de notificación no acto

- *fotografía viciada de nulidade

- *prohibición del reformatio in peius

- *principio de proporcionalidade

- *solicita até sete probas do Concello de Vigo(non achega ningunha)

O 26/06/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 16/10/2007 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

O 02/11/2007 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións (no rexistro administrativo da Xunta de Galicia de Vigo devandito escrito no Concello de Vigo o 09/11/2007).

O 16/01/2008 notifícaselle a resolución sancionadora (desestimando o recurso) indicándoselle que pode presentar recurso de reposición no prazo de un mes.

Presenta recurso de reposición o 05/02/2008(no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, devandito escrito entra no Concello de Vigo o 15/02/2008) que esta pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 5 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado
- notificación resolución sancionadora

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- dous escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- recurso de reposición

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/05/2007 e resólvese o 08/01/08 sendo notificada a resolución o 16/01/08 nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado “multamóvil”.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos neste sentido acompañamos por ser especialmente relevante a sentenza 21/2008 emitida ou 21 de xaneiro do 2008 pormaxistrada xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

Creemos que con esta sentenza queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta polo que tampouco procedería ningunha sanción ao axente por realizar ou labor que tiña encomenda.”

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información os cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.
- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
- Obxectividade.
- Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.
- Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
- A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
- De forma esecífica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
- A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.
- O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.
- O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.
- A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conducta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 26/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa imposición dun recargo que derivou nunha retención por dilixencia de embargo por mor dunha multa de tráfico, como consecuencia de non identificar ao conductor.

O interesado manifesta que non tivo constancia do expediente nin sequera polo método habitual: aviso no propio vehículo.

A dirección de correo a que se lle dirixiu o aviso, non existe desde hai máis de 15 anos, na data en que o Concello lle efectuou o comunicado. O Concello cónstalle o seu empadramento en Vigo (cítase enderezo), e estando, polo tanto, o día no imposto municipal de circulación de vehículos en Vigo.

O que considera de xustiza se lle libere do sobrecargo da retención debida a un erro administrativo non imputábel a el mesmo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/03/2008; con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 19/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 20/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Resulta desconcertante que se lle estea a notificar a un cidadán a un domicilio inexistente cando é comprobado que o seu enderezo está actualizado no propio Concello, e a propósito propio estamento de tráfico.

O que implica que a administración queda obrigada a revocar o acto, de acordo co artigo 105 da Lei 30/1992.

A administración debe actuar racionalmente e razoabelmente. Estamos ante o clásico desenvolvemento tecnocrático de finais dos sesenta, hoxe a desviación de poder xa está devaluada.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, que si se tivo en conta nos expedientes anteriores (13,18,19,20,21 e 22/2008).

EXPEDIENTE 27/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico estando co vehículo parado en dobre fila sen conductor, mediante a utilización do vehículo “multamóvil”.

Formula o correspondente prego de descargo ás que se lle resposta cunha formularia contestación, isto é

“El vehículo se encontraba en doble fila y su conductor ausente”

Con esta formularia contestación responde, ás preguntas que se lle fixeron no escrito de descargo, isto é:

“¿Si para calificar la conducta como estacionamiento y no como parada, esperó los 2 minutos reglamentarios?.

¿Si comprobó que el conductor no se encontraba dentro del vehículo?.

¿Cómo pudo comprobar que el conductor no estaba dentro del vehículo, si la fotografía la realizó por detrás del vehículo, antes de ponerse en paralelo al vehículo objeto de sanción?.

¿Sí entre el margen exterior del vehículo y la marca longitudinal continua más próxima hay menos de tres metros de distancia?.”.

A importancia da resposta a estas preguntas ten a súa orixe en que, o precepto no que se sustenta a denuncia prohibe o estacionamento, isto é, a “Inmovilización de un vehículo que no se encuentra en situación de detención o de parada” (número 68 del Anexo del RD Leg 339/1990, de 2 de marzo), mais en ningún caso a parada, entendida, conforme ao nº67 do propio Anexo como “Inmovilización de un vehículo durante un tiempo inferior a dos minutos, sin que el conductor pueda abandonarlo”.

O Anexo do Texto Articulado define nos seus tres últimos números (66 a 68) o que temos que entender por “detención”, “parada”, e “estacionamento”. Un vehículo está “detido” cando a súa inmovilización se debe a unha situación de “emergencia, por necesidades de la circulación o para cumprir algún precepto reglamentario”, está “parado” cando a inmovilización é “durante un tiempo inferior a dos minutos, para tomar o dejar personas o cargar o descargar cosas” e a súa situación é de “estacionado” cando estando inmovilizado “no se encuentra en situación de detención o parada”. O que supón a determinación positiva de dous dos conceptos e a remisión a un terceiro (estacionamento) cando a inmovilización non sexa encadrábel en ningún dos supostos anteriores.

En consecuencia, se trasladamos esta doutrina ao caso obxecto de litis, podemos concluír que a presumíbel conduta denunciada non é encardinábel dentro do suposto de feito desrito na denuncia. Toda vez que o vehículo se atopaba parado, isto é, non estacionado, xa que a inmovilización foi inferior a dous minutos, realizouse para tomar persoas, manténdose o condutor no seu interior, e non incorrendo en ningunha das circunstancias invalidantes do 94.1 RGCircl, circunstancias todas elas que serán demostradas através de los medios de proba propostos.

A parada e estacionamento deben realizar de forma que non constitúan un risco para os usuarios da vía nen atranquen a circulación e, ademais, esíxese ao condutor que tome todas as medidas necesarias para que o vehículo fique absolutamente inmovilizado (“evitar que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor”). Isto supón parar o motor, desconectar o sistema de arranque, deixar accionado o freo de estacionamento (ou freo de man) e tomar as precaucións para impedir que sexa usado sen autorización, ao que se engade, no caso de que a parada ou o estacionamento se realicen en pendente, introducir unha marcha contraria ao sentido da inclinación, precaución que para os vehículos de máis de 3.500 kg de PMA, se incrementa coa obrigatoriedade de “calzalos” (co instrumento adecuado, outro que poda cumprir este fin ou mediante o uso das rodas directrices do vehículo).

O concepto “lugar peligroso o que obstaculice gravemente la circulación” é delimitado polo propio Regulamento (art. 91.2 del RG Circ. IX,3) que considera como tales as paradas ou estacionamentos que impidan o normal discorrer da circulación, o tránsito normal de persoas e animais e os estacionamentos en lugares reservados para determinados vehículos (zonas de carga e descarga, paradas de transporte público, zonas reservadas a servizos de urxencia e seguridade), nos que estea expresamente prohibido realizalo, ou no medio da calzada.

A solución ao problema suscitado, topámola a sensu contrario no 91.2 a).

“Artículo 91. Modo y forma de ejecución.

La parada y el estacionamiento deberán efectuarse de tal manera que el vehículo no obstaculice la circulación ni constituya un riesgo para el resto de los usuarios de la vía, cuidando especialmente la colocación del vehículo y evitar que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor (artículo 38.3 del Texto Articulado).

Se consideran paradas o estacionamientos en lugares peligrosos o que obstan obstaculizan gravemente la circulación los que constituyan un riesgo obstáculo a la circulación en los siguientes supuestos:

a) Cuando la distancia entre el vehículo y el borde opuesto de la calzada o una marca longitudinal sobre ella que indique prohibición de atravesarla se inferior a tres metros o, en cualquier caso, cuando no permita el paso de otros vehículos”.

En conclusión, e polo aquí exposto, ao estar o condutor dentro do vehículo, ser unha inmovilización inferior aos dous minutos para tomar ou deixar persoas ou cargar ou descargar cousas, e ao existir unha distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala superior a tres metros, non sabe outra opción que a do arquivo das actuacións seguidas até o momento.

En relación á distinción entre detención, estacionamento e parada, cumpre facerse unha pregunta, como sabe o Axente, sen baixarse do vehículo, cal é a situación real do coche que pretende denunciar?, a caso, non pode considerarse un abuso de Dereito, que a Administración denuncie todas as inmovilizacións sen facer a máis mínima e elemental averiguación de cal é a situación real do vehículo? Abuso que supón que, sexa o administrado quen paradoxalmente teña que demostrar a súa inocencia.

En último lugar, é preciso denunciar que o dicente non se encontraba á altura do número que se recoñece na denuncia, senón que se encontraba uns metros máis adiante, lugar onde a estrada é aínda máis ancha.

A este respecto debe dicir que o axente, **ESTÁ FALTANDO GRAVEMENTE Á VERDADE**, toda vez que se limita a dar unha contestación xenérica e telegráfica, encardinábel a calquera suposto, sen tan sequera facer a máis mínima mención ao extenso escrito de descargo realizado polo comparecente.

Por último, cumpre pór de manifesto que, lonxe de ser un exemplo illado, este axente contesta sempre do mesmo modo a todos os escritos de alegacións, o que

supón un claro desprezo aos máis elementais principios inspiradores do dereito sancionador, e por ende, dos dereitos dos cidadáns.

Así as cousas, ademais de faltar á verdade, o axente está incumprindo o principio básico establecido no art. 5.2 b) da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo de Forzas e Corpos de Seguridade, o cal establece que é un principio básico de actuación dos membros das Forzas e Corpos de Seguridade: “Observar en todo momento un trato correcto y esmerado en sus relaciones con los ciudadanos, a quienes procurarán auxiliar y proteter, siempre que las circunstancias lo aconsejen o fueren requeridos para ello. En todas sus intervenciones, proporcionarán información cumplida y, tan amplia como sea posíbel, sobre las causas y finalidad de las mismas”.

Dado que o art. 27.4 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, establece que:

“Las faltas graves y leves se determinarán reglamentariamente, de conformidad con los siguientes criterios:

Intencionalidad.

La perturbación que pueda producir en el normal funcionamiento de la administración y de los servicios policiales.

Los daños y perjuicios o la falta de consideración que puedan implicar para los ciudadanos y los subordinados.

El quebrantamiento que pueda suponer de los principios de disciplina y jerarquía propios de este Cuerpo.

Reincidencia.

En general, su trascendencia para la seguridad ciudadana.”

Mentras que o 35 G) da Lei 30/1992, establece que como dereito a posibilidade de:

“Obtener información y orientación acerca de los requisitos jurídicos o técnicos que las disposiciones vigentes impongan a los proyectos, actuaciones y solicitudes que se propongan realizar”.

Solicito, se me indique cal é a norma que establece as faltas graves e leves que se poden impor ao axente denunciado.

Na súa virtude,

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/03/2008. Con data 18-04-08 solicitouse o preceptivo informe, que se recibe o 13/05/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. que solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078680686 (expte. orixe 078675445) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 30/08/2007 ás 12:53 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionado en dobre fila sen condutor na rúa ...

O 07/09/2007 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao condutor.

O 12/09/2007 preséntase escrito de identificación do condutor no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 19/09/2007.

O 11/10/2007 notifícaselle a denuncia ao condutor acompañando fotografía do vehículo no momento da infracción.

O 16/10/2007 presenta escrito de alegacións no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo. Dito escrito entra do Concello de Vigo o 23/10/2007 coas seguintes alegacións:

- *recusación do instrutor
- *firma mecanizada
- *lugar de presentación de escritos
- *vago relato fáctico
- *erróneo relato fáctico
- *falta de notificación no acto
- *fotografía viciada de nulidade
- *prohibición del reformatio in peius
- *principio de proporcionalidade
- *solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha).

O 26/11/2007 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

O 11/02/2008 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para

que á vista do mesmo poida volver presentar alegacións.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 4 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado

Déuselle tramite a 4 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- dous escritos de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase audiencia ao interesado
- escrito dirixido ao valedor do cidadán

-Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 07/09/2007 e actualmente tras cumprirse a instrución do procedemento está en fase de resolución.

-Nin ningunha outra anomalía.

-Trátase dun expediente sancionador percorrido, presuntamente, por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado multamóvil.

-Dita empresa está utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia e non espera sequera que haxa unha resolución sancionadora fronte á cal esgotar a vía administrativa (no caso de que fose desestimatoria).

Actualmente este expediente está en fase de resolución de alegacións.

Acompáñase sentenza 327/2007 (anexo 1) que aínda que fai referencia a unha multa de radar entra a valorar gran parte dos argumentos tipo presentados en todos os seus escritos e sentenza 21/2008 (anexo 2) relativa ás infraccións impostas polo axente nas que hai unha fotografía do vehículo sancionado no momento da infracción. Do xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Vigo. Actualmente este expediente está en fase de resolución de alegacións.

Creemos que con estas sentenzas queda claro que a tramitación do procedemento levada a cabo polo Concello foi correcta polo que tampouco procedería impor ningunha sanción ao axente por realizar a labor que tiña encomendada."

Trátase dun expediente sancionador percorrido por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado "multamóvil".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/05/2008. Posteriormente o 17/06/2008, solicítase información actualizada en relación coa resolución das alegacións pedimento que se reitera o 15/07/2008, o 19/08/2008.

Con data 29/08/2008, recíbese informe de Seguridade, Circulación e Transporte no que indica que se lle desestiman as alegacións, e posteriormente o 24/07/2008 o recurso de reposición, que se lle notificou o 05/08/2008. Con data o 02/09/2008, dáse cumprida información ao interesado sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Quedan reflectidas na temática do asunto, e nas expostas por esta Institución nos expedientes anteriores (21-22).

RECOMENDACIÓN

Postas de manifesto en diversos comentarios anteriores.

EXPEDIENTE 30/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dunha sanción de tráfico por mor de aparcar en dobre fila co conductor dentro do vehículo. Este foi requirido polo Policía municipal para mostrar o D.N.I. cousa que non fixo xa que o mesmo estaba en posesión

da súa dona, no seu bolso, que se atopaba no establecemento en fronte, mercado tabaco e que estaba a punto de regresar.

O axente cunha actitude claramente desconsiderada e sen outra precisión faille entrega do boletín de denuncia no que considera que o vehículo está estacionado en dobre fila e que o conductor estaba ausente xustificando a non notificación no acto da mesma, así como a falta de identificación do conductor tamén no momento de realizar a denuncia.

O interesado fai fincapé en:

- Trato autoritario e de mala educación, desconsideración por parte do axente.
- Dúas irregularidades: vehículo en dobre fila e seu conductor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/04/2008, con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 13/05/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. que solicita información sobre o expediente sancionador con nº 088633795 (expte. orixe 78732494) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 24/12/2007 ás 11:44 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionado en dobre fila sen condutor na rúa ...

O 14/02/2008 notifícalle ao titular requirimento para que identifique ao conductor.

O 25/02/2008 presenta escrito de identificación do condutor no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 04/03/2008.

O 16/04/2008 notifícaselle a denuncia.

O día 28/04/2008 non se recibiron alegacións fronte á denuncia no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di,

“Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 2 notificacións no prazo

- requirimento de identificación do condutor.
- notificación de denuncia

Déuselle tramite a 2 escritos:

- escrito de identificación do condutor
- escrito dirixido ao valedor do cidadán

-Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 16/04/2008.

-Nin ningunha outra anomalía.

Trátase dun expediente sancionador cuxa tramitación é realizada, presuntamente, por unha empresa especializada en multas e en concreto sobre as derivadas do denominado multamóvil.

Dita empresa está utilizando a vía do Valedor do Cidadán , en concreto a queixa sobre a actuación do axente, como unha segunda instancia e non espera sequera que haxa unha resolución sancionadora fronte á cal esgotar a vía administrativa (no presente caso nin presentou alegacións).

Dos 15 expedientes tramitados no ano 2008 (ata o presente expediente) através da institución do Valedor do Cidadán, once corresponden a expedientes sancionadores con idénticas alegacións.

Actualmente este expediente está en fase de resolución de alegacións.”

Do que se da cumprida información ao interesado o 14/05/2008.

Con data 24/06/2008, solicitouse información actualizada en relación coa fase de alegacións que se reitera o 24/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 28/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto ao dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.
- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
 - Obxectividade.
 - Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.
 - Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
 - A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
 - De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
 - A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.
 - O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.
 - O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.
 - A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 40/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dunha multa por mor de estacionar o seu vehículo en dobre fila sen conductor e mediante a utilización do vehículo “multamóvil”.

O interesado formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACION

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 24/06/2008, e o 24/07/2008, o 27/08/2008.

Con data 05/09/2008, recíbese escrito de Seguridade Circulación e Transporte, no que informa o seguinte.

“En contestación ao escrito remitido por Vd. detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

- 1.- O 5/10/2007 ás 10,46 horas o axente nº... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionado en dobre fila sen conductor.
- 2.- O 25/10/2007 notifícaselle ao titular requirimento para que identifique ao condutor.
- 3.- O 02/11/2007 preséntase escrito no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 09/11/2007, identificando como conductor no momento dos feitos a o interesado.
- 4.- O 13/12/2007 notifícaselle a denuncia ao condutor, acompañando fotografía do vehículo.
- 5.- O 26/12/2007 o interesado presenta escrito de alegacións no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 11/01/2008, coas seguintes alegacións:
 - a. Recusación do instrutor
 - b. Firma mecanizada

- c. Lugar de presentación de escritos
- d. Vago relato fáctico
- e. Erróneo relato fáctico
- f. Falta de notificación no acto
- g. Fotografía viciada de nulidade
- h. Prohibición da reformatio in peius i. principio de proporcionalidade
- j. Solicita até sete probas do Concello de Vigo (non achega ningunha).

6.- O 26/02/2008 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

7.- O 03/04/2008 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver a presentar alegacións.

8.- O 08/04/2008 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 21/04/2008.

9.- O 01/07/2008 emítase a resolución sancionadora desestimando o recurso.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícase que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10.1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán que di: “Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.”

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

- Practicáronselle 5 notificacións no prazo
- Requisito de identificación do condutor
- Notificación de denuncia
- Notificación de admisión de proba
- Notificación de audiencia ao interesado
- Notificación resolución sancionadora

Déuselle trámite a catro escritos

- Escrito de identificación do condutor
- Escrito de alegacións
- Escrito de novas alegacións en fase de audiencia ao interesado

- Informe para o Valedor do Cidadán.

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto o dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións recoñecidas pola lei:
- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.
- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:
 - Obxectividade.
 - Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servicio os cidadáns.
 - Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.
 - A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.
- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:
 - A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.
 - O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.
 - O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.
 - A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 41/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa por estacionar en zona reservada o autobús.

O interesado indica que ademais de non ser certa a precisión, o motivo do estacionamento debeuse a unha urxencia médica (estacionar diante dun Centro Médico). Non recibiu notificación no momento, nin sequera, no parabrisas do vehículo, e que detrás do seu sei que estaba outro vehículo aparcado en zona do autobús.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/04/2008; con esa mesma data solicitouse o preceptivo informe que se recibe o 13/05/2008, e no que se indica o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vd. no que solicita información sobre o expediente sancionador con nº 078700850 (expte. orixe 078672923) detállase a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

- 1) O 22/08/2007 ás 09:17 o axente ... formula denuncia contra o vehículo matrícula ... por estar estacionado en parada de autobús na rúa...
- 2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular (notificado o 20/09/2007 e recibido pola súa esposa indicándolle no reverso da notificación que dispón dun prazo de 15 días hábiles desde a recepción do requirimento, para realizar dita identificación.
- 3) O 06/11/2007 impónselle unha multa por non ser identificado o condutor dentro do prazo establecido para iso.
- 4) O 03/12/2007 e o 12/12/2007 inténtase notificar a denuncia (resulta ausente) por non ser identificado o condutor.
- 5) O 29/01/2008 notifícase a denuncia.
- 6) O 12/02/2008 ten entrada (por correo electrónico) o email enviado o 05/02/2008 á oficina do Valedor do Cidadán no cal alega fronte á infracción por estacionar en parada de autobús.
- 7) Resolveuse o escrito de alegacións, desestimado, o 22/04/2008.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

Con relación as alegacións presentadas fronte ao expediente orixe (que non se puido realizar a súa tramitación xa que descoñecíamos que era o condutor no momento dos feitos) indicar o seguinte:

Desconformidade cos feitos. Da fotografía realizada despréndese que se estaba estacionado en parada de autobús.

Falla notificación no acto. O artigo 77 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, dispón que as denuncias formuladas por Axentes da Autoridade “notifícanse no acto ao denunciado, facendo constar os datos a que fai referencia o artigo 75 e o dereito recoñecido no 79.1. Por razóns xustificadas que deberán constar na propia denuncia, poderá notificárselle a mesma con posterioridade”, O artigo 10.2. do Regulamento do Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, tamén recolle, taxativamente, o seguinte: “as denuncias formuladas polos Axentes da autoridade sen parar aos denunciados non serán válidas a menos que consten nas mesmas e notifíqueselles as causas concretas e específicas polas que non foi posíbel deter o vehículo”. Con todo, o artigo 77 no seu parágrafo Cuarto establece que procederá tamén a notificación da denuncia en momento posterior á súa formulación nos casos de vehículos estacionados cando o condutor non estea presente.

No que se refire á multa imposta por non identificar ao condutor acompáñase sentenza a efectos de aclarar o tema: Sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso Administrativo número un de Vigo, “Sobre o alcance da obrigaçión de identificar contida no Art. 72.3 LTSV tivo ocasión de manifestarse o noso Tribunal Constitucional en varias ocasións, en sentenzas como a de 21 de decembro definíndoo como un especial deber de dilixencia do titular do vehículo que lle obrigase a coñecer e facilitar á administración todos os datos necesarios para identificar ao condutor, cando se produza unha infracción, ao obxecto de poder dirixir contra este o correspondente procedemento sancionador.

Con todo tal obrigaçión non fai decaer o principio xeral de responsabilidade persoal por feitos propios en materia de infraccións de tráfico ou circulación, polo que non é posíbel considerar ao titular do vehículo que incumpre tal obrigaçión como autor da condución na infracción senón como autor, no seu caso, dunha infracción autónoma por incumprimento da obrigaçión de identificar.

O requirimento para a identificación efectúase cando incoado o procedemento sancionador pola autoridade competente- de oficio ou por denuncia de carácter volun-

tario- ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e seguridade de tráfico, non fose coñecida a identidade do condutor, a fin de obtela e dirixir contra este procedemento.

Como expón o Tribunal Constitucional, o incumprimento de devandito deber de identificación, sen causa xustificada, determinase que se lle impoña ao titular unha sanción pecuniaria como autor dunha infracción tipificada no Art. 72.3 LTSV que se define como unha infracción autónoma consistente en incumprir o titular do vehículo o deber de identificar e comunicar ás autoridades de tráfico a identidade do condutor que supostamente infrinxiu as normas de circulación. Aínda que o máis probábel é que o condutor fose o titular do vehículo non pode imporse ao titular do coche a infracción cometida polo condutor, pois tratándose dun procedemento administrativo sancionador, rexido polos principios de tipicidade, legalidade e culpabilidade, conforme é afirmado en reiterada xurisprudencia, corresponde á administración denunciante a carga da proba dos feitos imputados por canto a persoa física ou xurídica á que se atribúe a conduta típica esta protexida pola presunción constitucional de inocencia.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/05/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Faise preciso anotar que estando o vehículo en situación de aparcamento, non se lle fixo notificación no mesmo da proposta da denuncia.

Por outra banda, estamos ante unha conducta activa propia dun estado de necesidade obxectivo, algo que sucede igualmente nas notificacións de xustificación penal. Non se comparte desa maneira dunha forma antixurídica, actúa como un privilexio que se concede alguén sobre os demais por unhas condicións especiais que derivan dun comprobábel estado de emerxencia ou necesidade que o axente municipal podería e tería que comprobar.

EXPEDIENTE 47/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa imposta por estacionar o vehículo en dobre fila, sen condutor, e mediante a utilización do vehículo “multamóvil”

A interesada formulou o correspondente escrito de descargo, negando os feitos conseqüales na denuncia e facendo mención os artigos 5.2 b) da L.O. 21/1986, e o 27.4.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/04/2008, con data 05/05/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008.

Con data 05/09/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa do seguinte:

“En contestación ao seu escrito no que solicita información sobre o expediente sancionador, detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

- 1) O 26/09/2007 ás 10:46 horas, o axente ... formula denuncia contra o vehículo, por estar estacionado en dobre fila sen conductor.
- 2) O 03/10/2007 notifícaselle ao titular do vehículo,..... requirimento para que identifique ao conductor.
- 3) O 26/10/2007 preséntase escrito no concello no que se identifica a o interesado, , como conductor do vehículo no momento dos feitos.
- 4) O 08/11/2007 notifícaselle a denuncia ao conductor, acompañando fotografía do vehículo no momento da infracción.
- 5) O 20/11/2007 o interesado presenta escrito de alegacións no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 28/11/2007. Ditas alegacións son as seguintes:
 - a. Recusación do instructor
 - b. Firma mecanizada
 - c. Lugar de presentación de escritos
 - d. Vago relato fáctico
 - e. Erróneo relato fáctico
 - f. Falta de notificación no acto
 - g. Fotografía viciada de nulidade
 - h. Prohibición da reformatio in peius
 - i. Principio de proporcionalidade
 - j. Solicita até sete probas do Concello de Vigo (non aporta ningunha).

6) O 31/01/2008 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe dos feitos ao axente denunciante.

7) O 26/03/2008 notifícaselle o informe do axente dándolle un prazo de 15 días para que á vista do mesmo poida volver a presentar alegacións.

8) O 08/04/2008 o interesado presenta á vista do informe novas alegacións no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Vigo. Dito escrito entra no Concello de Vigo o 21/04/2008.

9) O 04/07/2008 notifícaselle a resolución sancionadora, desestimando o recurso, indicándolle que pode presentar recurso de reposición no prazo dun mes.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

En relación coa queixa indícaselle que reúne os requisitos formais recollidos no Art. 10,1 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán no que di “ Calquera persoa natural ou xurídica que nas relacións coa administración municipal considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orden a mellorar a eficacia dos mesmos”.

Non pode considerarse que no presente caso existe desatención:

Practicáronse 5 notificacións:

- requirimento de identificación do conductor
- notificación de denuncia
- notificación de admisión de proba
- notificación de audiencia ao interesado
- notificación resolución sancionadora

Deuselle trámite a catro escritos:

- escrito de identificación do conductor
- escrito de alegacións
- escrito de novas alegacións en fase de audiencia ao interesado
- informe para o Valedor do Cidadán.

Nin tardanza. O procedemento iníciase formalmente o 08/11/2007 e resólvese o 01/07/2008, sendo notificada a resolución o 04/07/2008.

Nin ningunha outra anomalía.

Os escritos presentados son modelos tipos cuxos argumentos foron reiteradamente desestimados polos Xulgados Contencioso Administrativos.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 09/09/2008. Sen actuacións posteriores

REFLEXIÓNS

Pola nosa parte indicase, como en outros expedientes, que os axentes non deben limitarse a reafirmarse na denuncia, a versión ten que ser máis detallada e por suposto fundamentada.

En canto ao dereito de información dos cidadáns faise preciso recordar:

- audiencia dos cidadáns, directamente ou através das organizacións recoñecidas pola lei:

- que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno, para interesarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais, do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

- O artigo 3 da Lei 30/1992, consagra os principios xerais, das actuacións públicas:

- Obxectividade.

- Actuacións axeitada os criterios da eficiencia e servizo os cidadáns.

- Actuacións conforme os principios de transparencia e de participacións.

- A seguridade xurídica ven representada polos principios de boa fe e confianza lexítima.

- De forma específica o artigo 35 da Lei 30/1992 recolle:

- A formulación de alegacións e a achega en calquera momento anterior o trámite da audiencia que deberán ser tidos en conta na proposta da resolución.

- O R.D. 208/1996, regula no seu artigo 4 as funcións de atención o cidadán en especial as referentes a orientación e información.

- O artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril (Bases de Réxime Local), no seu artigo 18 e) recoñece tamén o dereito a ser informado en relación cos expedientes e documentación Municipal.

- A Lei 57/2003, do 16 de decembro (Medidas para a modernización do Goberno Local), e o Código Europeo de Boa Conduta, tamén se pronuncian neste aspecto.

RECOMENDACIÓN

Tómese como exemplo para a dilixencia noutros expedientes desta área.

EXPEDIENTE 54/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa actuación da Policía Local, da que se derivou a instrucción dun atestado que motivou a instrucción dun expediente sancionador pola Subdelegación do Goberno por alterar a seguridade colectiva, ou orixinar desordes leves na vía pública.

O interesado reclama do Concello a entrega dunha copia dos informes policiais, os que non fan mención das testemuñas dos feitos acaecidos, considerando que a súa actuación foi substancialmente parcial.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/06/2008, con data 02/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/07/2008, 27/08/2008, 01/10/2008, 28/10/2008, 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

As actuacións administrativas teñen que servir de garantía específica para o administrado o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

O procedemento administrativo ordénase con vistas a conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produza o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. A resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non alegadas polos interesados.

A versión municipal non debe limitarse a denuncia, e por suposto fundamentada.

Os criterios xerais das actuacións municipais teñen que ser obxectivos, axeitados aos criterios de eficiencia e servizo os cidadáns conforme os principios de transparencia e de participación, somente así a seguridade xurídica verase presentada polos requisitos de boa fe e confianza lexítima.

O interesado ten dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos e obter copias dos documentos contidos nelas (art. 35 da Lei 30/1992).

Asemade tamén ten dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que a normativa vixente impoña as actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar (art.35 da Lei 30/1992).

Faise ademais, preciso recordar o disposto no Real Decreto 208/1996 (regulación dos servizos de información administrativa e atención o cidadán).

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana dos preceptos antes citados nas reflexións, así como a que contempla no Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán que só se ten en conter e expedientes moi concretos.

EXPEDIENTE 55/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa sanción, cualificada de moi grave, por non identificar o conductor un vehículo sendo requirido para elo.

Na notificación faise figurar un domicilio que xa tiña cambiado en maio/2007; tal como consta nos arquivos do Concello e nas propias dependencias de Tráfico, o que implica un erro somente imputábel ao Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08/07/2008, con data 09/07/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 27/08/2008, 01/10/2008, 28/10/2008. Con data 04/11/2008, recíbese escrito da Concellería competente no que informa que se proceden a anulación da sanción, do que se dá cumprida información ao interesado.

REFLEXIÓN

O día dos feitos obxecto da sanción foi o 25/01/2008, os envíos da notificación foron o 07/02/2008, e a publicación no B.O.P. foi o 2/03/2008. Como e posíbel que tendo cambiado o seu domicilio en maio/2007, se lle notifique a sanción sete meses despois a un domicilio que xa non e referente?.

A falta de coordinación é manifesta, no Concello, unha vez máis, séguese a carecer de unha ordenada disposición do esforzo do grupo, a fin de acadar a unidade

de acción na persecución dun propósito.

A potestade organizativa volve a quedar en dúbida, por falta dunha acción conxunta que dificultan un funcionamento axeitado.

Que pasa coas tan renomeadas novas tecnoloxías?.

O resultado non é outro que un erro funcional e administrativo que ten que subsanarse pola vía da corrección e declaración de nulidade correspondente, tal como regula o artigo 105 da Lei 30/1992.

RECOMENDACIÓNS

Reparación do erro descrito, así como cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 58/2008

ASUNTO:

Queixa en relación co incidente acaecido con dous membros da Policía Local cando circulando co seu vehículo pola rúa Dr. Marañón e incorporándose a Rúa López Mora (sendo preciso xirar a esquerda) se viu sorprendido por dous membros da Policía Local circulando en bicicleta pola Rúa López Mora procedendo da súa dereita, sen atender o semáforo en vermello, interpóndose na marcha do seu vehículo e obrigándoo a realizar unha urxente freada. Os axentes aproximáronse ao interesado que lles preguntou a razón de non atender o sinal do semáforo, sen obter resposta algunha, déronlle orde eslamiada de que continuara circulando.

A vista do acontecido dirixiu escrito ao Concello solicitando se lle indicase se a conducta exposta era correcta. Recibe un escrito da Policía Local que o cita para un conversa telefónica ou persoal, polo que, de novo se dirixe por escrito ao Concello reiterando o pedimento anterior, sendo, de novo, citado para unha entrevista telefónica ou persoalmente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

REFLEXIÓNS

As normas da circulación, agás excepcións claras e xustificadas, tamén obriga os membros da Policía Local.

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións administrativas teñen que transcender as regras de funcionamento interno, para, deste xeito, interesarse na sociedade á que serve, como instrumento que promove as condicións, para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns, conforme aos principios de transparencia e de participación.

Tanto o artigo 35.i da Lei 30/1992 como o artigo 4 do R.D. 208/1996 determinan as atencións que, a modo de dereitos, se lle deben prestar os cidadáns, así como tamén o artigo 12 do Código Europeo de Boa conducta (diligencia, corrección, cortesía, presentación de escusas en caso de erro, e corrección dos efectos negativos de forma máis rápida posíbel).

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento de legalidade antes exposta, así como a do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 62/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa entrada no domicilio dunha irmá do interesado de 78 anos da Policía Local e membros dunha ambulancias sen motivo aparente, sendo aterrozado polo despregue efectuado, sendo medicalizada sen súa autorización, quebrando a súa intimidade e efectuándolle un “test” os efectos de comprobar a súa normalidade, facéndolle un interrogatorio sobre intimididades, ante a presenza dun médico psiquiatra.

O interesado, en escrito presentado, no Concello, solicita a identidade dos axentes da Policía Local e do facultativo actuante, co obxecto de exercer as accións que estime procedentes, xa que a súa irmán aínda non se ten recuperado do temor que lle causaron unha depresión.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/08/20078; con data 28/08/2008, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 02/10/2008, e que se recibe o 14/10/2008, indicando que a Policía Local non interveu no acontecido, que tería que ser outra Policía, o que se comunica ao interesado o 14/10/2008.

REFLEXIÓNS

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións teñen que ser axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo dos cidadáns, conforme os principios de Transparencia e participación, tal como se recollen na normativa citada no expediente 58/2008 (artigo 35 da Lei 30/1992, artigo 4 do R.D. 208/1996, artigo 12 do Código Europeo de Boa Conduta Administrativa).

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade antes citada e do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán

EXPEDIENTE 69/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico por negarse supostamente a identificar o condutor.

SITUACIÓN

O interesado considérase en situación de desamparo tras tres recursos ou reclamacións só recibe a simple resposta de “desestimar” o recurso interposto sen engadir dato algún.

Ten solicitado entrevista co Sr. Concelleiro.

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008, solicítase o preceptivo informe, e de novo o 20/11/2008

REFLEXIÓNS

Como é posíbel que se lle recargue a sanción cando xa ten pagada a infracción na axencia executiva do Concello, o obxecto da primeira sanción foi por aparcamento indebido, o que confronta co feito de que se lle obrigue a identificar ao conductor, cando o vehículo está aparcado.

As actuacións administrativas teñen que servir de garantía específica para o administrado o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, etc.) a tutela efectiva de seu dereito. A resolución deberá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non alegadas.

RECOMENDACIÓN

Revisión exhaustiva do procedemento segundo, con actuacións conforme os principios de transparencia e de participación.

EXPEDIENTE 73/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao conductor.

SITUACIÓN

O interesado ten cumprido as súas obrigas administrativas con rigor, domiciliado en tres domicilios diferentes en ano e medio, cumprindo cos trámites en Facenda, Permiso de conducir, Censo, etc.

Queixa presentada o 08/10/2008, con data 08/10/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2008, e o 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

Unha vez mais atopámonos co feito derivado da actividade administrativa, que revela unha falta de coordinación, medida esta sen a que non é posíbel acadar unha xestión eficaz, áxil e efectiva.

EXPEDIENTE 80/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico por mor de aparcar en medio da calzada.

SITUACIÓN

O interesado non está de acordo coa motivación xa que o aparcamento realizouse nunha zona fora da calzada xuntamente con máis vehículos, zona en que é habitual o aparcamento, dato que graficamente expuxo nas dependencias de tráfico.

Queixa presentada o 10/11/2008, con data 11/11/2008 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

REFLEXIÓNS

O cidadán non pode ser sometido a desculpas como a que se lle manifestou na súa visita ás dependencias de tráfico.

“Veña outro día, que hoxe estou moi ocupado”, e cando voltou díceselle “xa non se pode” facer nada, xa recaeu resolución

Dise que a “fuxida do dereito administrativo resulta un fenómeno en progresión, e con el a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificulta a labor dos resortes garantistas do sistema. Para evitar que esta realidade se converta nun camiño de obstáculos insalvável, só procede repensar determinados aspectos claves das institucións, do tal xeito que se produza unha adaptación das mesmas a nova realidade social e administrativa, e, ao mesmo tempo se perfeccionen os instrumentos que xa teñen o seu alcance (de Andrés Alonso).

RECOMENDACIÓN

O cidadán debe ser considerado con actuacións imparciais, xuntas e razoábeis. Ser atendido con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, e en caso de erro tense que corrixir os efectos negativos do xeito máis rápido.

EXPEDIENTE 85/2008

ASUNTO

Queixa en relación con dúas sancións de Tráfico por superar o tempo fixado nos tickets de aparcamento (XER). Sendo as dúas sancións satisfeitas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/11/2008, con data 28/11/2008, solicítase o preceptivo informe.

Faise a precisión, a modo de alegación, en relación coa súa situación laboral. Trátase dunha traballadora do Hospital Xeral-Cies de Vigo, prestando os seus servizos na UCI, situación que non lle permite saír a renovar a permanencia ou a retirar o vehículo.

Con data 13/12/2008, recíbese informe da Concellería na que se indica que está en estudio unha modificación de Ordenanza competente, e que se está a valorar o establecemento de tempos diferentes de rotación en función dos usos das diferentes zonas. Unha delas sería a que fai referencia ao expediente, cal sería contar cun tempo de rotación superior ás dúas horas considerando os intereses dos pacientes usuarios, non dos traballadores. O que se traslada ao interesado o 23/12/2008.

REFLEXIÓNS

Ela non formula a súa queixa polo feito de superar o tempo marcado, ela trata de buscar unha solución acorde coas necesidades. Pola nosa parte entendemos que a tal fin o procedemento administrativo ten se que plasmar nun instrumento que promova as condicións para que os dereitos dos cidadáns, traballadores dunha institución de primeira necesidade, sexan reais e efectivos. O procedemento é o instrumento axeitado para dinamizar o seu avance e as súas regras fundamentais son peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa administración.

Estamos ante unha situación individual que afecta, pola súa situación a un continente considerábel de cidadáns que se ven afectados, por mor das dificultades de aparcamento, nas súas relacións laborais.

En circunstancias tamén especiais (minúsculos) a Administración acude a adopción de medidas que lles permita o aparcamento, a vista das súas dificultades. Tema semellante resulta o caso que nos ocupa. Quizá situacións como a que nos ocupa

veñen ocasionadas por mor de esquecementos da organización dedicada á atención cidadá, neste caso aos traballadores de actividades relacionados coa saúde pública, deste xeito os traballadores afectados vense condenados a un perpetuo abaneo entre a normalidade e o infortunio.

Situacións como a do suposto representan unha conducta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo. Estes comportamentos non deberían entenderse como antixurídicos, estase actuando nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas condicións especiais nun momento determinado, estamos nun suposto de estado de necesidade, que se pode regular arbitrando espazos, sensíbeis en función da actividade e do lugar en que se realizan.

Ante as dificultades que se podan presentar as reflexións anteriores, deberíase estudar e determinar a posibilidade do que nestas zonas denominadas da “hora” en aparcamentos como o deste suposto (Hospital), se establecese, mediante distintivo axeitado, un prezo especial e polo tempo necesario para os traballadores do servizo público.

RECOMENDACIÓNS

Estudo de medidas que poidan paliar situacións como a deste expediente.

EXPEDIENTE 86/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta por mor de non identificar o conductor, sen estar o vehículo en momento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/11/2008, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

EXPEDIENTE 87/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas necesidades dunha liña de Vitrasa os domingos de todo o ano.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/12/2008, coa mesma data solicitase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Do mesmo xeito que outros anos e con motivo das festas do Nadal se puxo en funcionamento unha nova liña os domingos (C-2), non adoptándose a mesma medida este ano, e nembargantes se reforzan outros, estímase preciso que o reforzo se faga todos os domingos do ano a vista de que o C-1, ten unha alta rentabilidade nas datas de domingo.

EXPEDIENTE 89/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa transmisibilidade das licenzas de autotaxis.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/12/2008, con data 18/12/2008, solicítase o preceptivo informe.

EXPEDIENTE 90/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/12/2008, con data 18/12/2008, solicitase o perceptivo informe.

REFLEXIÓNS

As fotografías achegadas pola interesada, mostran que o motivo da denuncia non se axusta á realidade. Daí que se insta a que pola autoridade sancionadora se achegue de momento fotografía que sirva de elemento probatoria dos feitos cualificados de sanción.

A dilixencia policial de emisión de informe concrétase a declarar que a “denuncia é correcta” é sabido que o procedemento administrativo supón, ou, polo menos, ten que supor unha garantía, cunha verdadeira protección xurídica simple para os dereitos do administrado.

O interesado ten a facultade de chegar e propor cantos medios de proba considerados necesarios para substanciar a súa versión dos feitos incluída unha declaración do axente denunciante no que este non se limita a reafirmarse na denuncia, tal declaración ten que ser suficientemente motivada, non simples afirmacións subxectivas coas que vai decidir órgano que resolve, que parece ser que dun modo mecánico.

Se non existe motivación é evidente que non se respecta o sentir da actividade administrativa que ten, por esencia, a finalidade de promover o interese público, a desestimación de solicitudes sen motivación suficiente produce un quebranto do dereito do cidadán.

EXPEDIENTE 92/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico.

SITUACIÓN

O vehículo foi sancionado por aparcamento en lugar prohibido, cando en realidade non existía ningún tipo de sinal ao respecto.

Queixa presentada o 17/12/2008, con data 23/12/2008, solicítase o informe.

REFLEXIÓN

Os datos que figuran na denuncia non se corresponden coa realidade, existe un erro demostrado.

Resulta evidente a desvirtuación dos elementos probatorios proposto polo cidadán no seu escrito de alegacións que, sen fundamento quedan esquecidos.

RECOMENDACIÓNS

Revisión urxente do expediente, e declaración de nulidade do mesmo.

CAPÍTULO VII. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EXPEDIENTE 10/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa ilegalidade que se está a cometer por mor do troco dos listaxes de revisión de material, que se pasaron do galego ao castelán, no parque de Bombeiros de Balaídos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/02/2008, con data 07/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 26/02/2008 no que se indica as listaxes xa están en galego estándose a proceder a corrección dos mesmos para evitar erros no galego, do que se deu cumprida información do interesado o 28/02/2008.

Con data 20/05/2008, recíbese novo escrito do interesado no que comunica que a anomalía non está remediada e que xa houbo tempo para facelo, do que damos conta a Concellería competente, instando a adopción das medidas oportunas solicitando información actualizada ao respecto (21/05/2008).

Con data 10/06/2008 recíbese escrito do Servizo de Normalización lingüística no que informa que a lentitude do proceso débese a dificultade por atopar algúns dos termos específicos, xa que moito do vocabulario que se recolle nestas listaxes pertence a ferramentas de uso exclusivo do corpo de bombeiros. O que se traslada ao interesado o 10/06/2008.

Con data 14/10/2008, recíbese escrito do interesado no que indica que a situación de irregularidade segue presente, polo que o 16/10/2008, instase unha axilización da regularización así como información actualizada, a que se recibe 07/11/2008, indicando que xa se fixo a corrección correspondente, o que se comunica ao interesado o 10/11/2008.

Con data 19/11/2008, recíbese escrito do interesado ao que achega fotocopia dos listaxes dos vehículos de Teis e Balaídos, solicitando unha vez máis que se tomen as medidas oportunas para solucionar as deficiencias que seguen a manterse e que se determina a responsabilidade sobre as mentiras e os atranques que se están a producir. Deste contido dáse traslado a Normalización lingüística quen o 02/12/2008, fainos chegar escrito no que indica que esta temática non é da súa competencia, e

que polo tanto nos dirixamos ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), ante esta resposta, totalmente improcedente, e tras dar cumprida información ao interesado, dirixímonos a Normalización Lingüística o 03/12/2008, indicándolles a obriga que se deriva do artigo 20 da Lei 30/1992. Con data 23/02/2008, recíbese escrito de Normalización Lingüística no que indica que se remite o expediente o SEIS.

REFLEXIÓN

Obviamente recóllense no exposto anteriormente, ou ben non se coñece a normativa de obrigado cumprimento, ou si se coñece non se cumpre.

CAPÍTULO VIII. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 12/2008:

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun local de hostalería en canto as licenzas concedidas que están sendo reclamadas desde maio de 2007. Ademais solicítase pescudas en relación coas denuncias verbais efectuadas a Policía Local polo uso indebido da terraza polo mesmo local, ademais polo xeito co que foi tratada pola propia Policía Local, citando o artigo 7 da Lei 4/2007, sobre o exercicio das actuacións dos axentes municipais, ademais dos artigos 80 e 81 da mesma norma legal.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08/02/2008, con data 11/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 14/03/2008, achegando a correspondente a Policía Local, no que se fai referencia ás actuacións levadas a cabo, con especial atención ás datas en que se actuou en relación coa terraza (permisos ou carencia dos mesmos), sen outras especificacións, quedando pendentes as actuacións por parte de X.M. de Urbanismo. Do que se dá cumprida información á interesada.

Con data 05/05/2008, solicítase información actualizada en relación coas competencias de Urbanismo, que se recibe o 16/05/2008 e no que se indica que tras diversas actuacións, a data de 14/05/2008 as deficiencias observadas (obras sen axustarse a licenza concedida) seguen sen subsanarse, do que se da cumprida información a interesada o 19/05/2008, indicándolle, que as datas vindeiras, instarase informa-

ción actualizada, o que se fai 03/06/2008, o 02/07/2008, o 31/07/2008, o 04/09/2008, o 03/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

REFLEXIÓNS

Denótase unha falta de eficiencia nas actuacións correspondentes a Xerencia Municipal de Urbanismo, quen durante un ano non se adoptan medidas de protección da legalidade urbanística.

En canto ás queixas por mor da forma de actuar a Policía Local, non se fai mención algunha no seu informe por moito recoñecemento que das mesmas se faga, no R.D. 208/1996, e na Lei 4/2007.

RECOMENDACIÓNS

Actuacións conforme a obriga de actuar de acordo cos principios legais de eficacia e coordinación.

EXPEDIENTE 45/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coas operacións realizadas na vía pública sen control de tráfico, non obstante o evidente risco para a circulación nun determinado sentido da calzada, e polos propios operarios das tarefas que están a realizar, segundo proba evidente das fotografías aportadas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/01/2008, con data 28/01/2008 solicítase o preceptivo informe que se tivo que reiterar o 22/04/2008, 15/07/2008, a o que se achega escrito do Parque Móbil, no que se indica que o vehículo da fotografía non pertence a frota municipal, e que polas características supoñen que se trata dun vehículo dedicado a desatascos e polo tanto debe actuar baixo directrices de Aqualia, polo que entendemos deben de enviar a dita empresa ou ao departamento municipal que manteña relacións con ela esta reclamación.

A resposta ao noso parecer, resulta sorprendente.

Coa mesma data dirixímonos a Participación Cidadá, indicando que existe un artigo na Lei 20/1992 (artigo 20) que establece o procedemento para os supostos de falta de competencia, e solicitando a información o tema formulado, pedimento que se reitera o 24/06/2008, 22/07/2008.

Con data 12/08/2008 recíbese escrito de Participación Cidadá a o que se achega informe de Aqualia no que se indica que nas fotografías non se deduce a identificación da rúa nin do vehículo actuante, e que no termo municipal de Vigo actúan, polo menos, catro empresas con vehículos de características similares.

Seguimos sorprendidos, do que damos cumprida información a Participación Cidadá que o que sucede e unha falta de coordinación incomprensíbel reiterando unha acción axustada o requirimento inicial que erradique situacións como a que nos ocupa e que quebrante as máis elementais normas de seguridade o prevención de riscos, solicitando información actualizada o 28/08/2008, e de novo o 01/10/2008.

REFLEXIÓN

Quedan expostas no apartado anterior.

RECOMENDACIÓN

Actuacións de acordo cos principios de eficacia e coordinación.

EXPEDIENTE 57/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación que está a pasar por las actuacións que se producen nun establecemento comercial que dispoñendo de licenza municipal para a venda de produtos dun país africano e locutorio telefónico realiza outras actividades non recoñecidas (venda de produtos alimenticios sen respectar as normas hixiénicas, actividades de cociña e restauración).

Os fins de semana e festivos pola tarde noite o local convértese en discoteca, cun elevado volume de contaminación acústica, até altas horas da madrugada.

Os festivos pola mañá na rúa en cuestión e zonas limítrofes organízanse competicións deportivas con molestias para a veciñanza, sendo respostados, en casos de reclamación, con groserías e ameazas.

Todas estas actividades teñen sido comprobadas pola Policía local, sen resultado positivo

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/01/2008, con data 27/08/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, facendo mención de dúas visitas da Policía Local nas que se comprobaron a actividade musical sen licenza dándose parte a Urbanismo e Medio Ambiente. Do que se deu cumprida información ao interesado o mesmo día. Con data 18/10/2008, recíbese informe de Seguridade no que se indica que as actividades deportivas, dependen de Deportes. O 31/10/2008, dirixímonos a Participación Cidadá indicándolle que non existe queixa sobre tales actividades, si non sobe os demandados que provocan os participantes e ocupantes, petición que se reitera o 29/11/2008

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que obviamente require a intervención de mais dunha Concellería, polo que se insta a Participación Cidadá a levar a cabo unha acción coordinada con efectividade por parte dos servicios afectados.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán

EXPEDIENTE 61/2008

ASUNTO

Queixa en relación co estado calamitoso en que se atopa uns xardíns, con gran cantidade de lixo acumulado o pé das papeleiras, con perigo de infección para o numeroso público infantil.

Por outra banda a práctica habitual de aparcamento de vehículos na praza do xardín e caótica, non obstante as sinais que o prohiben. Achéganse fotografías demostrativas do sinalado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/07/2008; con data 31/07/2008, solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 04/09/2008 .

Con data 17/09/2008, recíbese escrito de Participación Cidadá indicando que se achega informe de Montes, Parques e Xardíns, esperando o correspondente da Policía Local.

O informe de Montes, Parques e Xardíns, subliña que o mantemento e conservación da Praza corresponde a Entidade de Conservación, composta polos propietarios dos edificios da zona.

Do que se da cumprida información o interesado o 18/09/2008.

Con data 06/10/2008, solicítase de novo o informe relativo a Policía Local, que se recibe o 21/10/2008, e no que indica, a improcedencia das sinais informativas, e que pola Policía Local se ordena sinalizar de forma mais clara; pasándose comunicación e sinalización a urbanismo para que se regule e planifique a zona axeitadamente, que permita as actuacións policiais de forma conveniente sen máis actuacións.

REFLEXIÓN

Suposto que require unha actuación coordinada por parte dos servizos afectados.

EXPEDIENTE 64/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa normalización lingüística, que, en declaracións publicas dos membros do Goberno local, utilizan de xeito practicamente exclusivo o castelán. Entendendo o interesado que se incumpre a letra e o espírito da lexislación vixente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/09/2008; con data 03/09/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 06/10/2008, que se recibe o 08/10/2008 no que se informa que se está a promover e reforzándose diariamente o uso da nosa lingua atra-

vés de diversas actuacións administrativas. Do que se dá cumprida información á interesada o 08/10/2008.

REFLEXIÓNS

Tense que facer mención do artigo 5.3 da Lei de Normalización lingüística de Galicia, así como a Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, artigo I.1.

Por outra banda faise preciso reiterar, unha vez mais, o artigo 35 da Lei 30/1992.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento das normativas antes citadas, e do Regulamento Orgánico do Valor do Cidadán.

EXPEDIENTE 65/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha proposta aprobada polo Pleno do Concello de 25/10/119, a petición do grupo “O IMÁN”.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 09/09/2008, con data 10/09/2008 solicitouse preceptivo informe, que se reitera o 27/10/2008. con data 04/11/2008, recíbese escrito de Participación Cidadá, ao que achega informe da Secretaría Xeral do Concello no que se indica que o acordo foi remitido á Alcaldía o 18/11/1999 ao obxecto de que proceda a súa execución, é dicir, á súa remisión aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma non constando a remisión do mesmo. Facendo mención das novidades en relación co antigo cárcere da Avda. de Madrid transformada en Centro de Inserción. Do que se dá cumprida información ao interesado o 06/11/2008.

REFLEXIÓNS

As derivadas da motivación da proposta do grupo “O IMÁN” cales son a de que se realicen as xestións necesarias para que as Institucións do Estado acometan as competencias necesarias en materia de Institucións penitenciarias e que mentres ese

propósito non culmine, reclámase un maior esforzo orzamentario para pór en marcha políticas e actuacións en materias de adición, saúde mental e ofrecer os internos dos cárceres galegos atencións, e formación específica através de talleres especializados.

EXPEDIENTE 71/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de desatención de que está sendo tratado o interesado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/09/2008; solicitándose o perceptivo informe o 01/10/2008 o reiterándose o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS:

O interesado padece unha discapacidade do 39% precisando unha serie de actividades para a súa rehabilitación polo que acude a piscina municipal pública. O tempo que permanece nesas instalacións debe xustificarse ante a empresa á que está ligado laboralmente, sendo preciso que por parte do persoal competente de piscina municipal se lle espida o xustificante correspondente. Xustificaron que non se lle facilita.

Resulta evidente que a colaboración necesaria non se lle presta ao cidadán, denotándose, unha vez mais nesa falta de eficacia e de rendemento o que o cidadán ten dereito.

RECOMENDACIÓNS:

As derivadas da lexitimidade a que debe responder a administración pública.

CAPÍTULO IX. SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 23/2008:

ASUNTO

Queixa en relación coa limpeza duns campos de pancas a beira do campo de fútbol, onde se están a depositar bolsas de lixo que emporcan o lugar e desvirtúan a finalidade do campo dedicado á petanca.

SITUACIÓN

Con data 19/12/2007, Participación Cidadá comunícalle ao interesado que recibiu a súa queixa e que a mesma foi admitida a trámite e o departamento competente no prazo de quince días dará resposta á mesma.

Visto o anterior e dado que transcorreu case que noventa días sen resposta, presenta o 23/02/2008 a presente queixa na oficina do Valedor do Cidadán, desde a que o 05/03/2008, solicítase o preceptivo informe ante a Concellería competente.

O 02/04/2008, recíbese escrito desde o Servizo de Limpeza que nos indica que, con data 31/03/2008, trasládase a petición de informe co servizo competente que é Montes, Parques e Xardíns, do que se dá cumprida información ao interesado o 07/04/2008. Transcorrido máis dun mes sen noticia algunha, con data, 12/05/2008, reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 18/08/2008.

Con data 02/09/2008 (seis meses despois do inicio) recíbese escrito de Montes, Parques, e Xardíns no que informa que a limpeza en cuestión foi realizada por unha empresa concesionaria (non se menciona cando).

Do que se deu cumprida información ao interesado o 03/09/2008, dándose o expediente por pechado, salvo actuacións adicionais.

Con data 19/09/2008, o interesado fainos chegar comunicación na que indica que a citada empresa de servizos non fai e di que fai, hai meses que non pasa por alí, sen facer o traballo.

Con data 24/09/2008, dáse conta da información ao Servizo de Montes e Xardíns, achegando fotografías ao respecto, e solicitando unha acción efectiva e a corres-

pondente información actualizada ao respecto, pedimento que se reitera o 20/10/2008, 04/11/2008, 03/12/2008, con data 19/12/2008, recíbese resposta na que se subliña que a limpeza xa se realizou, achegando fotografías.

REFLEXIÓNS

Unha vez mais atopámonos cunha xestión lenta, ineficaz e falta dos principios legais que definen a actividade administrativa. Resulta pouco exemplarizante que un tema como o que nos ocupa leve dez meses pendente de solución. É ben coñecida a dinámica privatizadora de Servizos públicos, un procedemento que permite incrementar os ingresos e reducir os custos, aumentar a calidade, modernizar as infraestructuras e racionalizar a xestión duns recursos escasos. Algo que neste caso nin se albisca, estamos ante un suposto máis dunha chamada “mala administración” por retraso manifesto falta de atención, inacción, negligencia, etc., xa que pola contra considérase “Boa administración”, segundo o Código Europeo de Boa Conduta, cando se tratan os asuntos dentro do prazo razoábel e de forma imparcial e equitativa.

RECOMENDACIÓNS

Atención puntual as demandas dos cidadáns, e cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 28/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa incríbel situación na que atopa un tramo de acceso ao Hospital do Meixoeiro.

Existe un tramo de aproximadamente 15 m. de lonxitude e ancho do 3,5 ms., que non permite a circulación dun vehículo, formándose retencións que chegan até a ponte da subida o hospital o que impide o acceso dos autobuses urbanos obrigando os cidadáns necesitados das atencións do hospital a percorrer o último tramo a pé, carecendo de arcén e polo tanto o seu acceso tense que facer a pé e pola zona de vehículos.

Asemade o tramo citado atópase totalmente cuberto de maleza que endurece o desprazamento. Achegáronse fotografías da situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/03/2008, con data 21/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 20/05/2008, no que se indica que efectuadas as comprobacións e confirmada a súa viabilidade quedan pendentes da existencia da consignación orzamentaria. O que se informa á interesada o 21/05/2008.

Con data 17/06/2008, solicítase información actualizada encarecendo unha solución áxil e eficaz dada a identidade do problema que se reitera o 24/07/2008 e o 29/08/2008, recibíndose escrito de Vías e Obras o 17/09/2008 no que informa para a redacción dun proxecto ao respecto e posterior execución cando exista consignación orzamentaria, do que se deu cumprida información á interesada o 18/09/2008. Con data 31/10/2008 solicitouse información sobre o proxecto en cuestión, de novo o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñen constitucionalmente recoñecido o dereito a protección da saúde así como a que esa protección se basee en procedementos eficaces.

As entidades locais interveñen na actividade dos cidadáns mediante a presentación duns servizos públicos que tenden á consecución dos fins que se lle asignan como competencia de que o cidadán teña recoñecido o dereito a que se lle presten os correspondentes servizos públicos que se derivan daquela faceta competencial, entre a que figura a conservación de camiños e vías rurais, mais aínda nun caso como o que nos ocupa, cal é a mobilidade de cidadáns que se ven necesitados de protexer a súa saúde.

RECOMENDACIÓNS

Impulso a solución de peticións como a de esta queixa que, por mor, dos procedementos lentos habituais, está a ocasionar serias dificultades aos cidadáns necesitados do coidado da súa saúde.

EXPEDIENTE 34/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación da conexión de saneamento dunha vivenda. Dereito que non lle é actualizado por mor da oposición veciñal, que, non seu día,

alegou que o camiño era de titularidade privada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/04/2008, con data 24/04/2008 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 13/05/2008, no que se indica que o interesado debe instar perante a Xurisdicción Civil ordinaria a constitución dun gravame de servidume de colector através da ou das fincas privadas, por onde debe discorrer o colector para chegar á súa vivenda.

Non obstante, neste caso aínda que obtiveron o permiso xudicial correspondente, a Administración Municipal veríase na obriga de desestimar a solicitude o estar inmersos o propietario da vivenda nun expediente de protección da legalidade urbanística que impide legalmente o dotar a vivenda dos servizos públicos correspondentes. Así se expón no expediente aberto ao efecto (2004).

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 14/05/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 37/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de subministro de enerxía eléctrica desde un mes anterior a data da queixa, indica que Fenosa está tratando de pór en marcha os trámites oportunos, pero o Concello non actúa coa dilixencia debida, esta situación afecta o iluminado público.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/04/2008, con data 18/04/2008 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 13/05/2008, e no que se indica, segundo informe técnico, que a data de 25/04/2008 non se ten recibido ningunha solicitude de permiso para realizar obras, e que postos en contacto coa compañía subministradora non teñen terminados aínda os trámites pertinentes. Do que se deu cumprida información á interesada o 14/05/2008. Con data 23/06/2008, solicitouse información actualizada, se a houber, pedimento que se reitera o 27/07/2008, o 29/08/2008, con data 30/09/2008 recíbese escrito de Vías e Obras no que indica que, segundo informe técnico de 16/09/2008, aínda non se ten recibido ningunha solicitude para a execución da acometida, e que xirada visita ao lugar previsto detéctase a instalación

dun poste novo, que carece de licenza, instalación irregular tanto na súa execución como na disposición do tendido aéreo, requiríndose, 16/09/2008, a Compañía subministradora a retirada das instalacións por entender que debido o exposto non son legalizábeis.

Do que se dá cumprida información á interesada o 01/10/2008, indicándolle que de non recibir comunicación en contra pola súa parte darase o expediente por pechado.

Con data 03/11/2008, recíbese escrito do despacho de avogados da interesada dando o expediente por concluído.

EXPEDIENTE 44/2008

Queixa en relación co pagamento do Canon de saneamento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/04/2008, e con data 23/04/2008, dáselle ao interesado desde esta oficina, a información pertinente de acordo coa Lei 8/1993. Sen máis actuacións.

EXPEDIENTE 63/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa colocación de dous colectores de lixo na porta da vivenda. A interesada manifesta que no momento da colocación atopábase preto membros da Policía Local que lle indicaron aos encargados da colocación dos colectores que alí non os podían colocar, en canto a Policía Local non estaba presente, os colectores foron colocados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/08/2008, con data 02/09/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, 04/11/2008 e o 03/12/2008.

EXPEDIENTE 70/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa pasividade dos servizos de limpeza nunha veciñanza, situación que foi denunciada pola Asociación de Veciños xa en xullo de 2007 achegando fotografías que mostran o estado calamitoso da situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 31/10/2008 e o 29/11/2008

REFLEXIÓNS

Á vista das fotografías que obran no expediente, obsérvase a acumulación de lixo, maleza cubrindo as beirarrúas, excrementos de animais, roedores e cheiros.

A realidade social, cultural, tecnolóxica e económica rachou definitivamente coas situacións singulares de relativo illamento polo que viña pasando a sociedade municipal.

A veciñanza ten recoñecido legalmente o seu dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, esixindo a prestación dos mesmos.

Os concellos por vía legal teñen que asumir, entre outros, unha serie de servizos ou prestacións como a xestión e execución de parques e xardíns, protección do medio ambiente, servizo de limpeza, recollida e tratamento de residuos.

RECOMENDACIÓNS

Atención efectiva das obrigas antes citadas.

EXPEDIENTE 78/2008

ASUNTO

Queixa en relación co a existencia dun muro de pedra antigo que impide a circulación de actividades necesarias e relacionadas cos servizos públicos (ambulancias, bombeiros, subministro de butano etc).

Tratouse o asunto coa propietaria que non admite razoamento algún.

SITUACIÓN

Os interesados, comunidade de veciños xa puxeron de manifesto (04/03/2004) ante o Concello sen solución algunha.

Con data 15/10/2008, presentaron a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, desde a que o 20/10/2008 solicitouse o preceptivo informe, que se recibe o 14/11/2008 no que se indica que para que se faga un ensanche do camiño indicado con expropiacións, posibilidade que sería desestimada dado que o camiño en cuestión queda ubicado dentro dun ámbito S-16-R pendente desenvolvemento que non permite actuacións previas do Concello. Do que se deu cumprida información ao interesado o 17/11/2008.

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñen a súa identidade, como membros dunha comunidade e adquiren sentido através das relacións que manteñen cos demais, integrantes da sociedade, daí que a súa capacidade de relación na sociedade na que está mergullado sexa a que sexa, ten vínculos, obrigas e dereitos, adquirindo á vez responsabilidades e participa así na toma de decisións políticas, cidadán é aquel a quen se lle recoñecen e protexen non só os dereitos chamados civís e políticos, senón tamén os económicos, sociais e culturais, sendo pois neste ámbito onde se facilita a oportunidade de pactar con forza sobre as súas necesidades que requiren unha acción pública axeitada, o cidadán ademais de contribuínte e de elector ten unha alta consideración como beneficiario que ten que recibir a axuda da súa administración pública na prestación dos servizos públicos necesarios. Non véndose, como é o caso, esquecido e sufrindo unha carencia de atención indispensable.

EXPEDIENTE: 82/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación da empresa concesionaria de suministro de auga.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/11/2008, con data 18/11/2008 solicítase o preceptivo informe ante Administración de Tributos, que con data 25/11/2008, devolvemos o

expediente indicando que o mesmo non é da súa competencia que se debe dirixir a Vías e Obras.

Ante esta situación dirixímonos a Concellería de Xestión Municipal indicando a falta de calidade por parte de Administración de Tributos, quen acredita, cando menos, descoñecer as obrigas que se contemplan nos artigos 20 o 38 da Lei 30/1992.

Por todo con data 28/11/2008, damos traslado do expediente a Vías e Obras.

CAPÍTULO X. URBANISMO

EXPEDIENTE: 7/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación en que se atopa unha vía pública, a fronte dun cemiterio, sen cartel identificador algún con referencia as obras que se están a realizar obstruíndo constantemente a calzada con camións a tódalas horas sen permitir o acceso a veciñanza a súas vivendas.

SITUACIÓN

A interesada formulou unha queixa, recibindo desde Participación Cidadá un escrito de 12/12/2007 no que se indica que a súa queixa foi admitida a trámite e que no prazo de quince días recibirá resposta do departamento competente.

A vista de que tal resposta non chegaba formulou queixa ante esta oficina do Valedor do Cidadán o 16/01/2008, con data 18/01/2008 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen con data 14/02/2008, informa que se deu traslado da solicitude a Disciplina Urbanística por ser de súa competencia. Do que se deu cumprida información á interesada o 15/02/2008.

Con data 21/02/2008, solicitouse información a Disciplina Urbanística que se reitera o 31/03/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

As intervencións como a que nos ocupa, obviamente repercuten na vida dos cidadáns próximos. Pero non é menos certo que tales medidas deben ir precedidas dunhas manifestacións en canto ás molestias que se ocasionarán, así como da adecuación dos espazos para facer o menos penosas posibles as circunstancias da mobilidade dos afectados

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento do dereito do cidadán a ser informado consecuentemente.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Órgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 8/2008

ASUNTO:

Queixa en relación co novo PXOM, aducíndose as seguintes razóns.

Urbanísticas: Indícase que non existen razóns que xustifiquen a distribución da porcentaxe da vivenda protexida diferente a cada ámbito, soportando algúns propietarios porcentaxes altamente diferentes.

Sociais: impedimentos para a asistencia ao Pleno do 29/12/2007, indicando a vulneración do artigo 70 da Lei 7/1985.

Legais: os cambios substanciais no PXOM, esixen un novo período de exposición pública para que o pobo teña dereito a alegar.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/01/2008; con data 29/01/2008 solicitouse o preceptivo informe que o 13/02/2008, e no que se indica o seguinte:

Razóns urbanísticas:

-O PXOM aprobado provisionalmente o 29/12/2007, incorpora un novo estudio xustificativo sobre a posibilidade de introducción dunha maior reserva de vivendas

de protección nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable, cunha reserva variábel concretada en cada ámbito ou sector, sen alterar o seu equilibrio económico-financiero.

-O documento que se incorpora como ANEXO ao tomo "I" da Memoria Xustificativa foi redactado polos economistas Joaquín Clusa e Sara Mur, coa colaboración da estadística Magdalena Ferrán, profesora titular da UCM.

-Como justificación técnica considérase que a introducción dunha maior porcentaxe de vivenda protexida constitúe "un mecanismo de recuperación de plusvalías urbanísticas", e un mecanismo alternativo e complementario de intervención no mercado do solo par garantir o dereito constitucional á vivenda que se ben pode reducir as expectativas de plusvalías pode tamén, como neste caso, manter tanto a viabilidade económica como o equilibrio de beneficios e cargas esixido polos artigos 52.3 e 112.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA).

-Achégase con esta comunicación un exemplar, en formato informático (DVD), da integridade do proxecto do PXOM aprobado provisionalmente o 29/12/2007, no que pode consultarse dito estudio técnico con tódolos cálculos efectuados para garantir o equilibrio de beneficios e cargas entre tódalas áreas de reparto.

3) Razóns Legais.

A cuestión relativa á esixencia ou non da apertura dun novo período de exposición pública no expediente polos cambios realizados trala súa aprobación inicial trátase polo miúdo na parte expositiva do citado Acordo Plenario municipal do 29/12/2007, concluíndose a súa innecesariade. Áchegase copia do citado Acordo.

En canto ao aptdo. "2)" do seu escrito, denominado "razóns sociais" (acceso de público ao Pleno Municipal), trátase dunha cuestión allea a Xerencia Municipal de Urbanismo, debendo dirixir a súa "queixa" á oficina da Alcaldía do Concello."

A vista do anterior comunícolle o seguinte:

" a) no apartado 1) Razóns urbanísticas indicase que se achega un exemplar en formato informático (DVD), que non se recibiu, con esta data procédese a súa reclamación.

b) no apartado 3) Razóns legais, indícase que se achega copia do citado Acordo, que non se recibiu, con esta data procédese a súa reclamación.

c) no parágrafo final reflíctese que “En canto ao aptdo. “2)”, denominado “razóns sociais” (acceso de público ao Pleno Municipal trátase dunha cuestión allea a Xerencia Municipal de Urbanismo, debendo dirixir a súa “queixa” á oficina da Alcaldía do Concello. Con esta data procédese a instar a información o respecto ante o Gabinete da Alcaldía, do seu resultado daráselle a vostede cumprida información.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/02/2008.

Con data 15/02/2008, dirixímonos o Gabinete da Alcaldía facendo as seguintes reflexións.

De carácter normativo:

-A Constitución Española no artigo 53 declara que os dereitos e liberdades recoñecidos na mesma vinculan a tódolos poderes públicos.

Os dereitos dos cidadáns, ás veces sobárdanse ou se descoñecen cando quedan sometidos a limitacións que os fan impracticábeis, os dificultan máis aló do razoábel ou os despoخان da necesaria protección.

-A Lei de Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985, no artigo 70.1,

establece que as sesións do Pleno das Corporacións locais son públicas.

O artigo 72, declara que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, lle facilitan a máis ampla información sobre as súas actividades, e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do artigo 69, no que se indica que as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación dos cidadáns na vida local e que as formas, medios e procedementos de participación que se establezan no exercicio da súa potestade de autoorganización non poderán, en ningún caso, menoscar as facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados pola lei.

-O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, no artigo 88 establece que as sesións do Pleno serán públicas, e que para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións poderán instalarse sistemas megafónicos ou circuítos pechados de televisión, indicándose ademais que a Corporación pode establecer, unha

vez levantada a sesión unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

-A Lei de Medidas para a Modernización do Goberno Local, de 16 de decembro de 2003, formula, na súa exposición motivada, unha serie de motivacións de especial interese.

Así declara que existen dous ámbitos nos que a Lei 7/1985 (de Bases de Réxime local) antes citada, viuse rapidamente rebordada polas esixencias dunha vida local dinámica e rica, profundamente influída polas importantes transformacións sociais, económicas e culturais que viñeron experimentando os municipios españois durante as últimas décadas:

O modelo orgánico-funcional lastrado por unha percepción corporativista da política local e o ríxido uniformismo, por todo insístese na consecución de dous obxectivos simultaneamente:

-atender a necesidade dun liderado claro e diáfano ante a sociedade, o que esixe executivos con grande capacidade de xestión para actuar, rapidamente e eficazmente.

-Responder a esixencia dun debate político aberto e creativo sobre as principios políticas da cidade, así como profundar no control da acción dun executivo reforzado, o que implica que o Pleno desenvolva as súas potencialidades deliberantes e fiscalizadoras.

Deste xeito manifestouse como insuficiente polo seu carácter meramente declarativo, o tratamento que da participación cidadá se fai na Lei de Bases de Réxime Local. Existe unha clara tendencia continental a reforzar as posibilidades de participación e de incidencia dos cidadáns no goberno local para evitar ou corrixir o aloxamento dos cidadáns da vida pública, daí que se destaque a procedencia de incrementar a participación e a implicación dos cidadáns na vida pública local.

Esta lei no seu artigo 18, establece dentro dos dereitos dos cidadáns, o dereito a ser informado en relación aos expedientes municipais, así como participar na xestión municipal, no artigo 70 bis establece a obriga de regular a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

No artigo 70, reitérase que as sesións do Pleno son públicas.

-O Código Europeo de Boa Conduta (Resolución do Parlamento Europeo de 6 de setembro de 2001) que debe ser respectado por todas as Administracións Públicas, entre outras imposicións, indica:

- ausencia de discriminación, igualdade de trato para todo o público.
- as medidas que se adopten serán proporcionadas ao obxecto que se persigue.
- os poderes exerceranse coa finalidade para que foron outorgados. Non desviación de poder.
- imparcialidade e independencia, abstención por interese persoal.

Como remate a este apartado, e preciso no esquecer que a Administración municipal é a que máis próxima ten o cidadán, e que a lexitimidade por rendemento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

As versións mais modernas indican que a mellora das corporacións locais debe buscarse pola vía dos rendementos.

De carácter doutrinal:

A Constitución Española declara que os poderes públicos teñen que facilitar a participación dos cidadáns na vida política, económica, cultural e social, xa directamente xa por medio dos seus representantes (artigos 9.2, 23.1, 29, 105).

Esta participación convértese nun dereito fundamental, e consecuentemente pode protexerse ante os tribunais de xustiza, ante isto faise preciso recordar que no ámbito local é onde existen máis formas de participación cidadá, e, ademais, onde a participación pode ser máis ampla.

O propio comité de Ministros do Consello de Europa (16/12/2001), recomenda e convida ás autoridades locais a mellorar as regulamentacións locais respecto a participación cidadá, no proceso decisorio a nivel local e na xestión de asuntos locais, e en especial recomenda:

- descartar as solucións demasiado ríxidas.
- avaliación profunda na situación actual.
- intercambio de información sobre as mellores prácticas.

O artigo 9 da C. E. pon en poder das Administracións unhas atribucións que non se poden utilizar de xeito aleatorio ou incontrolado, senón que deben utilizarse en orde á consecución do ben público, en beneficio e satisfacción da colectividade política e social e someténdose a unha normas, uns medios de defensa e garantías as facultades da Administración e aos dereitos persoais, o que significa impor e esi-

xir a legalidade da actividade administrativa.

Caso de non proceder desta forma, a Administración desvíase, aportándose da súa misión e afastándose da rota marcada polo lexislador (Nuria Girón Román).

Cítase ademais a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de maio de 1959:

“A desviación de poder supón un ánimo predeterminado de utilizar a facultade de obrar con forza de obrigar, que os órganos da Administración ostentan orientando cara á consecución de obxectivos non previstos concretamente pola motivación legal que inspira a norma.”

Con data 14/03/2008 recíbese escrito do Gabinete de Alcaldía no que indica que ao seu parecer non existe vulneración dos dereitos fundamentais dos veciños pois, se ben é certo que se estableceron métodos de ordenación do acceso ao Salón de Plenos, estes estaban xustificadas nas razóns que se recollen no informe policial, aseguran a presenza das persoas que chegaron primeiro, e evitar así situacións de violencia. De calquera xeito, estes métodos non foron en ningún caso discriminatorios.

Do que se deu información á interesada o 01/04/2008, indicándolle que, dado que o tema que nos ocupa atópase cuestionado por distintas asociacións cidadáns e profesionais ante a xurisdicción contencioso administrativa e tamén ante a xurisdicción penal, esta institución do Valedor do Cidadán non pode seguir no seguimento do mesmo por estar excluído das súas competencias segundo dispón o artigo 10.32 do seu Regulamento Orgánico do 25/10/2004, o estar pendente de resolución xudicial.

Dándose o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 11/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun expediente de protección da legalidade urbanística iniciado xa hai anos que segue o edificio en cuestión sen se axustar á normativa vixente, sen que o Concello tome as medidas que proceden, e que máis ben parece que se está a espera de que se produza una prescrición.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05/02/2008, solicitándose o preceptivo informe o 06/02/2008, reiterándose o 31/03/2008, 07/05/2008, 12/06/2008, 15/07/2008, 18/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Nun expediente xa cualificado hai anos como de ilegal, e polo tanto suxeito a reposición da legalidade urbanística, segue estando “á espera”.

A realidade ven a contradicir o disposto no artigo 10.3 da Constitución española en canto ás actividades de toda administración pública que teñan que estar presididas polos principios de eficacia, e con sometemento plena á lei e ao dereito.

O artigo 3, da Lei 30/1992, repite o exposto na Constitución Española, e ademais indica que “igualmente deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e de confianza lexítima”.

O mesmo artigo explícita que ademais debe rexerse polos criterios de eficiencia o servizo dos cidadáns.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento dos principios legalmente establecidos, e anteriormente citados, así como co disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 16/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil que foi desestimada segundo expediente de urbanismo nº 33368/421 de 12/04/1999.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/02/2008, con data 25/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se reiterou o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Desde o 04/02/2008 en que segundo o documento 80013757, se fixo polo interesado un relatorio das actuacións ante o Concello, sen resposta algunha, e constando unicamente como actuación administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución de 12/07/1999 na que se desestima a solicitude de licenza (expediente 33368/421), non se coñece actividade administrativa ningunha, non obstante a solicitude do interesado na que se pon de manifesto o listado de saúde da súa dona que considera seriamente afectado polo funcionamento dunha antena que carece de licenza.

Por outra banda o interesado ten dereito a ser informado puntualmente das actuacións levadas a cabo en relación coa súa petición formulada, a última, o 04/02/2008, xa que ademais o cidadán ten dereito, a un medio ambiente saudábel, o que obriga á administración a que se teña en conta o respecto e a súa protección, prestándolle asistencia informativa, e garantindo o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambiental, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente á saúde dos cidadáns. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

RECOMENDACIÓNS

Prestar a debida atención ao caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito a ser informado o cidadán, e de que deriva o artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 17/2008

ASUNTO

Queixa en relación co escándalo continuo que teñen que padecer os veciños por mor das actuacións dos fin de semana que teñen lugar nun local sito no baixo do edificio que carece de licenza para música.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/02/2008, con data 25/02/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 18/04/2008, o 07/05/2008, 17/06/2008, o 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008. Con data 06/10/2008 recíbese escrito de Disciplina Urba-

nística no que informa das inspeccións efectuadas pola Policía Local en relación coa actividade que se realiza no local. Con data 08/10/2008, dáse cumprida información á interesada.

EXPEDIENTE 25/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras que limitan parte do uso dunha propiedade

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/03/2008, dado que a interesada solicitou de X.M. de Urbanismo o 14/03/2006, a realización de informe técnico que avalíe a situación proposta en relación coa licenza de obra e o ornato correspondente da fachada, pedimento que tivo que reiterar.

Con data 18/04/2008, recíbese escrito da X.M. de Urbanismo-Infraccións achegando copia do informe da inspección de 13/11/2007, no que se indica que os baixos pertencentes ao edificio teñen un pequeno patio diante da porta e debaixo do balcón corredor (o balcón funciona como corredor de acceso ás vivendas, e que o patio foi pechado con fiestras e porta de aluminio, na fronte e o peche fíxose, sen saír da aliñación dos patios.

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/04/2008. Sen actuacións posteriores

EXPEDIENTE 32/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras de acondicionamento e saneamento da vivenda en que habita o interesado. O Concello estimou que as obras eran de ampliación e non de mellora polo que se lle impuxo unha multa e a apertura de expediente de demolición. Tramitouse a solicitude de licenza sen éxito, xa que o Concello estimou as obras como ilegalizábeis por estar fóra da ordenación. Trátase de vivenda única xa que habita a familia cunha persoa, a nai, que se atopa incapacitada.

A interesada solicita a revisión do expediente, que se reconsidera a situación xa que, en ningún momento as obras acometidas non o foron co ánimo de ampliación, senón de saneamento e adecuación co fin de acadar unha habilitación da que se carecía.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/04/2008, solicitándose o preceptivo informe o 22/04/2008.

Con data 07/05/2008, recíbese escrito da X.M. Urbano-Disciplina Urbanística na que informa:

- Declara como realizadas sen licenza e incompatíbeis co planeamento vixente as obras obxecto de expediente.
- Requirir a derruba voluntaria das referidas obras.

Sen que a interesada presentara recurso algún ante a mesma.

Do que se deu cumprida información á interesada o 07/05/2008. Sen actuacións posteriores

EXPEDIENTE 33/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dunha placa con tella e formigón.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/04/2008, con data 24/04/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, o 24/06/2008, 24/07/2008, 29/08/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

Con data 29/09/2008, recíbese escrito da X.M. Urbanismo-Infraccións ao que se achega informe da Inspección municipal d e21/06/2008, no que indica que se puido comprobar a realización de obras consistentes na construción dun galpón de nova planta sobre soleira de formigón. Este galpón, construído a base de paredes de bloques de formigón, en foscados interior e exteriormente, con cubrición de tella de cerámica sobre planchas de fibrocemento ten unhas dimensións de 2,30x4,30 metros e atópase recuada de lindeiros lateral e posterior 2.40 e 3,90 metros respectivamente.

A vista da cartografía municipal púidose comprobar que este galpón foi realizado en substitución doutro anteriormente existente que se atopaba adosado a lindeiro lateral.

A propietaria destas obras manifesta ter unha licenza de obras menores, para arranxo de muro existente e solado de cemento. Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/09/2008.

Con data 20/10/2008, comparece o interesado e manifesta que o galpón que non está retranqueado está no plano na cuadrícula C0 (en roxo). O que se comunica a Urbanismo o 21/10/2008, achegando copia do plano e fotografía ao respecto, e instando unha acción eficaz así como información actualizada, que se reitera o 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

A visita efectuada polo inspector municipal e de 21/06/2005, e comunícase dous anos despois, e ao parecer a mesma non se corresponde coa obra obxecto de queixa. E de primeira necesidade actuacións axeitadas e puntuais, do contrario a eficacia non resulta fiábel.

EXPEDIENTE 35/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis alturas.

SITUACIÓN

O interesado ten denunciado no Concello, desde o 29/01/2007, tres veces que as alturas da citada construción non se cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teitado e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recibe escrito de Urbanismo no que se indica que se procede o arquivo das actuacións xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que subliña o seguinte:

1) Ter procedido a comprobación das alturas na fachada que da a rúa..... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:

-Cota a planta 21,9 mts., en vez de 21 mts., indicados no plano.

-Cota entre planta e cumio 5 mts., en vez dos 4 mts., indicados no plano.

2) Á vista da evidente contradicción entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.

3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo interesa, se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra de súa parte, e se procede a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recíbese a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

O cidadán ten dereito a recibir unha resposta a súa petición co ánimo de evitar posíbeis controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade informática a que ten dereito o cidadán. Así como do que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 39/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha obra ilegal, lindando coa súa propiedade que a deixa sepultada, achegando fotografías.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008 solicítase o preceptivo

informe que se reitera o 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Non resulta unha actividade realmente eficaz a efectuada por Urbanismo, xa que en data 17/20/2007 a Inspección Municipal informa sobre a construción dunha nova planta sobre unha edificación existente.

A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m², a altura no cumio da cuberta é de 2,50 mts. E no lateral é de 2 mts.

Construíuse un porche duns 2,5 m², cunha escaleira de acceso a vivenda de 2,70 x 1,15 mts.

Non localizándose ningunha referencia sobre a existencia de licenza para a dita obra.

E dicir, que un ano despois do informe oficial descoñecese a posta en marcha de medidas protectoras e restauradoras de legalidade urbanística, o que induce unha falta de eficacia e eficiencia.

RECOMENDACIÓNS

Axilidade nas tarefas de Protección da legalidade urbanística, e cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 46/2008

ASUNTO

Queixa en relación cun local de hostalería con servizo de cociña sen ter acondicionamento ao respecto, producindo cheiros, fumes e gases que se derivan pola saída da zona dos aseos e que inundan a súa vivenda.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/04/2008 trala denuncia presentada sen efecto, o 29/11/2007.

Con data 06/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, o 15/07/2008, ante Medio Ambiente a petición de Urbanismo, o 19/08/2008, 19/09/2008 e 21/10/2008 e o 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto de se move dunha a outra Concellería, téñase en conta que en Medio Ambiente lle dixeron á interesada, onde presentou a denuncia, que non estaban capacitados para atender as queixas, e en Urbanismo manifesta que pertence a Medio Ambiente.

Esperando que alguén asuma a competencia que lle é propia, a interesada segue a padecer, desde hai un ano, a situación.

RECOMENDACIÓNS

Aplíquese a debida coordinación e actúese conforme á realidade, fágase efectiva a obriga que deriva das competencias legais.

EXPEDIENTE: 72/2008

ASUNTO

Queixa en relación cun local de hostalería que carece da licenza preceptiva para a súa actividade e que está a causar ruído e cheiros que producen efectos nocivos a saúde da interesada.

SITUACIÓN

A Xerencia Municipal de Urbanismo ditou resolución (24/09/2007) resolvendo incoar expediente de protección de legalidade urbanística, e que un ano despois a situación segue a ser a mesma.

Con data 01/10/2008, presentada a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, quen con data 07/10/2008 solicita o preceptivo informe, que se reitera o 06/11/2008, 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

Resulta evidente que a axilidade nos trámites de protección de legalidade urbanís-

tica pódese pór en evidencia. Sen descoidar a legalidade a Administración ten que actuar conforme a criterios de eficacia, máxime cando se trata de actividades que resultan, non só molestas, senón tamén insalubres. A saúde dos cidadáns e finalidade primordial de toda administración responsábel.

RECOMENDACIONES

Cumprimento da legalidade recoñecida na C.E. e na Lei 30/1992.

EXPEDIENTE 75/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa colocación de obstáculos na beirarrúa (bolardos, bloques de granito con arestas cortantes) que produciron un accidente, segundo consta en informe médico.

SITUACIÓN

O interesado solicitou a información correspondente en relación co permiso oficial sobre estes obstáculos o 02/05/2008, e o 20/08/2008. Consta nun escrito de Vías e Obras que indica que tales obstáculos non están amparados pola licenza nº.....

Con data 14/10/2008 preséntase a queixa en cuestión e coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

EXPEDIENTE 77/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa licenza de obras concedidas para restaurar unha praza pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/10/2008, con data 20/10/2008, solicítase o preceptivo informe en base ás alegacións formuladas polos interesados, en novembro de 2007 referidas a:

- apertura da nova rúa
- titularidade de propiedade
- ampliación da edificación proxectada.

Pedimento que se reitera o 29/11/2008.

Con data 28/06/2007, os interesados xa formularon recurso de reposición coas seguintes puntualizacións:

- Caducidade de licenza de obras e ilegalidade das obras realizadas o seu abeiro.
- Aproveitando público interior. Planeamento que define os aproveitamentos. Condicións do espazo público interior.
- Incumprimento da normativa NRE-CPI/96, en canto ao acceso á ruela dos Canos.
- Incumprimento das dimensións dos patios.

O referido recurso non foi respostado

REFLEXIÓNS

O Urbanismo como función pública comprende, en síntese, a Ordenación (planificación e regulamentación) a execución dos planes (transformación e conservación da obra pública urbanizada) e o control do uso do só, do voo, subsolo e de edificación (B-Ripoll Carulla).

O carácter público e administrativo da actividade urbanística esixe a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do título co que aquelas comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notabelmente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, esixindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofre cambios substanciais na fase posterior, esta participación non se reduce á posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentación de suxestións.

Todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentarios, é dicir, que careceu de substantividade propia á marxe da resolución, os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario (J.R. Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.

En canto ao tema da falta de resposta do recurso interposto no seu día, faise preciso sinalar que o recurso é un elemento de control de garantía cuxa finalidade e revisar un acto administrativo, a súa existencia ten unha longa carga histórica, cunha función de defensa da legalidade.

O principio de legalidade e de eficacia indican a obriga de resolver os recursos dos cidadáns, tal feito ven dado polo artigo 42.7 da Lei 30/1992. A razón de non responder ante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, é una ficción legal, para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que a deixación é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo o que iso comporta, rachando co fundamento do recurso, que non é outro, repetimos, que o carácter de control e garantía que permite revisar os actos.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade en canto ás peticións informativas concretas dos cidadáns.

EXPEDIENTE 79/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas obras de peche dun espazo ao redor das torres de García Barbón, espazo cedido pola promotora á cidade de Vigo.

SITUACIÓN

A interesada fai mención de que as citadas torres están baixo unha sentenza que as declara ilegais, tendo solicitado información desde maio/2008, sen resposta.

Queixa presentada, o 03/11/2008, con data 03/11/2008, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 11/12/2008.

REFLEXIÓN

Máis unha vez faise preciso recordar o dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación cos expedientes e documentación Municipal

EXPEDIENTE 83/2008

ASUNTO

Queixa en relación sobre a falta de información solicitada en decembro/2007 con referencia a un expediente de protección da legalidade urbanística por mor dunhas obras non axustadas a licenza concedida.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/11/2008, solicitándose na mesma data o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008.

REFLEXIÓN

O cidadán ten dereito a acceder ao contido do expediente por ser parte interesada no mesmo, resultando que esta a recibir un trato discriminatorio, ser tratado con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade sobre o tema do dereito a información,

CAPÍTULO XI: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 24/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude de baixa dunha entrada de vehículos que foi desestimada, resolución recorrida en reposición.

SITUACIÓN

A desestimación de petición foi recorrida sen ter recibido resposta. O interesado insiste en que se lle está a reclamar algo que non disfruta nin utiliza o fin previsto, achegando as alegacións oportunas, facendo mención especial do artigo 7.7 da Ordenanza reguladora correspondente no que se indica que “entenderase utilizada a ocupación polo tempo que figura na licenza e no caso de aproveitamentos de

duración indeterminada, mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou non se presente baixa polo interesado “ trámite que o interesado presentou non sen momento por medio da súa esposa.

Queixa presentada o 12/03/2008, con data 31/03/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 07/05/2008. con data 27/05/2008, recíbese informe de Administración de Tributos no que informa das dificultades coas que se atoparon os Inspectores no intre de identificar os titulares ou ocupantes dos locais cos que comparte entrada de vehículos ao solicitante, sentido en maio de 2008 cando se emite o informe definitivo.

A resolución en cuestión determina que se desestima a solicitude do interesado xa que, unha vez recabados os informes correspondentes aos Departamentos de Inspección de Tributos e Seguridade e Tráfico non procede dar de baixa a dita entrada pola que consta no Padrón de Execución Verificadas Industriais – EVI, pois trátase dunha entrada compartida con outros contribuíntes que dá acceso a un patio común privado ao ar libre que a súa vez ten diferentes locais individuais.

Estes locais figuran de alta xa sexa como garaxes privados sen actividade ou con actividades económicas.

O local do solicitante segundo informe da Inspección de Tributos, de data 20/05/2008, atópase lóbreo e non se exerce como oficina na actualidade, descoñecendo se nalgún momento se solicitou licenza de Actividades e Instalacións ou se deu de alta no IAE algún contribuínte por dito inmóbel xa que o solicitante non identifica a ningún nos seus escritos.

De calquera modo, o feito de que non se poda acceder co vehículo ao interior do baixo, de darse o caso, non implica que o contribuínte non deba figurar de alta pola entrada común ao patio que é pola que figura de alta no Padrón e non por unha entrada individual ao seu local.

Do que se a cumprida información ao interesado o 30/05/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Non obstante a precisión e a rapidez da resposta, faise preciso repetir as reflexións que se expuxeron na solicitude de información preceptiva e que non son outros que os seguintes:

Os recursos administrativos configúranse como elementos de control e garantía cuxo obxecto é revisar un acto administrativo. A súa existencia posúe unha longa carga histórica, o recurso de reposición, suprimido e recuperado permite que o órgano administrativo poida revisar os seus propios actos.

As actuacións administrativas teñen que servir de garantía específica para o administrado o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

O procedemento administrativo ordénase con vistas á conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produza o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. A resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non alegadas polos interesados.

A igualdade de respostas tense que dar o mesmo tratamento xurídico, o principio de igualdade impide que sen poidan configurar supostos de feitos, da norma de tal xeito que se de trato distinto a situacións idénticas.

A C.E. consagra (artigos 9 e 10) os principios de legalidade e eficacia nas situacións públicas. Tense que resolver os recursos dos cidadáns, o feito de resolver ven dado polo artigo 42 da lei 30/1992.

Doutrinalmente conclúese que a razón de non responder ante unha solicitude e sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, é unha ficción legal para permitir ao cidadáns o acceso ao recurso. Pero no tema que nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que a deixación é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse a vía xudicial, con todo o que iso comporta, o que racha co fundamento de recurso que non é outro que o carácter de control e garantía que permite revisar os actos.

Actualmente, a doutrina moderna, nunha análise da actividade pública municipal, conclúe que a mellora da lexitimidade das Corporacións Locais tense que buscar, sobre todo, pola vía dos rendementos. Esta lexitimidade está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Toda medida que se adopte será proporcional ao obxecto que se persiga téndose en conta os factores relevantes, e as decisións deberán ser motivadas, tal como recoñece o Código Europeo de Boa Conduta.

Por todo esta Institución solicita unha revisión detida do obxecto da queixa formulada.

EXPEDIENTE 36/2008

ASUNTO

Queixa en relación cun embargo na súa conta bancaria por mor do imposto de circulación do seu vehículo correspondente ao ano 2006, cando dito vehículo foi vendido o 08/03/2006.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/04/2008, con data 05/05/2008, solicitouse o preceptivo informe, que se recibe o 16/05/2008 no que se indica que o citado vehículo foi transferido o 06/03/2007, e non no ano 2006, como alega o interesado, indicándose ademais que o imposto devéngase o 1º de xaneiro de cada ano.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/05/2008, sen actuacións posteriores.

RECOMENDACIÓNS

Exemplar información recibida desde o Servizo de Administración de Tributos, no só no contexto senón tamén no tempo de comunicación.

EXPEDIENTE 38/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude efectuada hai tres anos para que figure correctamente a dirección referente a subministración do servizo eléctrico.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/05/2008; con data 19/05/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 24/06/2008, o 24/07/2008 e o 29/08/2008.

Con data 07/10/2008, recíbese escrito de Tesourería-Recandación Executor, no que se recolle un minucioso detalle da situación, concluíndo coa devolución da cantidade de 74,16 €, correspondente aos anos 2001-2002.

Do que se deu cumprida información á interesada o 08/10/2008.

Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 50/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa tardanza en resolver un expediente de danos por caída na vía pública, indicando que aínda está necesitada de axuda rehabilitadora, e que desde outubro de 2007 non ten información ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/05/2008, coa mesma da solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 02/07/2008, o 28/07/2008, o 27/08/2008, o 01/10/2008, o 31/10/2008, o 05/11/2008. Con data 07/11/2008, recíbese informe de Responsabilidade Patrimonial, que indica que xa se pasou mandamento de pago á Tesourería para abonar a indemnización ao interesado, a que se lle deu cumprida información o 12/11/2008. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

As administracións públicas están obrigadas a realizar funcións sociais básicas para o benestar dos cidadáns. Nesa actividade debe servir aos intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia e coordinación, e con especial atención aos criterios de eficiencia e servizos aos cidadáns.

A administración pública ten evoluído e debe seguir facéndoo, pois o cambio xa se instalou, é o cotián, e de momento, pode cualificarse de permanente, aínda que sempre nela convivirán “algo novo e algo vello” (De Val Pardo).

No ámbito da responsabilidade patrimonial, esta esixencia dérívase como consecuencia do exercicio de calquera función administrativa que determina un dano non directamente procurado, así o auto do Tribunal Supremo (02/07/1984) explícita que a unidade de doutrina esixe que o principio de responsabilidade de Administración se estenda a todas as formas de acción administrativa que implique unha lesión individualizada dos contidos económicos. En tanto que o administrado sufra unha lesión patrimonial que non teñan a obriga de soportar (así a sentenza de T.S. de 13 de xaneiro de 1992) derivada do exercicio de calesquera función administrativa, nacerá a responsabilidade patrimonial da Administración a que lle sexa imputábel a acción (Betancor Rijo).

Estamos ante situacións de danos resarcíbeis e imputábeis á Administración por terse ocasionado no ámbito da súa organización e como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos seus servizos nunha relación de causa efecto directa, inmediatamente e exclusiva.

Estas reflexións, obviamente son aplicábeis aos casos semellantes a que nos ocupa.

RECOMENDACIÓNS

Prestar a debida atención aos criterios de eficacia e eficiencia, sen esquecer a axilidade na tramitación dos procedentes.

Así como dar a acollida debida ao artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valor do Cidadán.

EXPEDIENTE 51/2008

ASUNTO

Queixa en relación cos danos na vestimenta por mor dunha farola recén pintada non constando información algunha como prevención e aviso aos viandantes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2008, con data 27/05/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 02/07/2008. Con data 16/07/2008, recíbese informe de Patrimonio e Contratación no que pormenoriza a situación, concluíndo que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial declarando a responsabilidade dos danos por conta da empresa adxudicataria do Servizo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/07/2008. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 59/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude dun cobro indebido polo IBI, que se estima corresponde a outra entidade de copropietarios.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 03/09/2008, e o 08/10/2008. Con data 24/10/2008 recíbese escrito do Negociado do IBI, no que pormenoriza a situación, reclamada, concluíndo que, á vista da documentación que consta no expediente e de acordo coa lexislación aplicábel procederá a desestimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos, por non ser o solicitante da devolución o obrigado tributario.

Do que se deu cumprida información á interesada.

Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 60/2008

ASUNTO

Queixa en relación co abandono polo que están a pasar por mor da falta de atención que lle están a prestar ao Concello.

SITUACIÓN

O interesado, en maio de 2007, solicitou a actuación correspondente pola realización dunha obra sen licenza, que consistía no peche dunha servidume de paso sobre unhas parcelas. Achegando fotografías da situación anterior e da actual. Desde Urbanismo dirixíronse a Vías e Obras, desde onde o remitiron á Policía Local. Posteriormente desde Urbanismo remítieno a Patrimonio para que se adopten as medidas axeitadas, ao parecer a documentación, díselles, “dorme” por falta de efectivos.

A queixa preséntase o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, o 08/10/2008, o 06/11/2008 e o 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

É evidente que estamos ante un suposto no que, máis unha vez, a coordinación non se lle presta a atención debida, segundo a Constitución española e a Lei 30/1992, denominada Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

E necesario que na reorientación dunha Administración Pública, moderna e coherente se descentralicen os servizos, se coiden periodicamente os resultados e se contrasten, e se implante, dunha vez, unha dirección profesional.

O sector público baséase e céntrase na idea do interese público, tanto na orde descriptiva como na normativa, o concepto de interese público reclama racionalidade, imparcialidade e benevolencia.

O cidadán non poder ser tratado como mero receptor ou usuario dos servizos públicos cun sentimento dunha baixa calidade dos mesmos. O cidadán debe sentirse consumidor, usuario e beneficiario do Sector Público, que pode servirse da Administración e non ser o seu servente (de Val Pardo).

O sistema operativo está a fallar en canto á atención do cidadán se refire, daí a necesidade de que alguén supervise a actividade da administración municipal á vista das deficiencias contrastadas no funcionamento dos servizos públicos; actitudes como a que nos ocupa demostran unha faceta da mala administración, é dicir, cando non se obra de acordo cos principios ou normas ás que se debe ater obrigatoriamente.

RECOMENDACIÓNS

Respecto aos principios de eficacia, eficiencia e coordinación. O traslado dos expedientes, sen demora, ao órgano competente é fundamental.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 66/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha caída na rúa, a consecuencia dunha focha, sufrindo feridas e fractura dos anteollos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/09/2008, con data 10/09/2008, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 30/09/2008, e no que indica que o dano prodúcese no marco dun servizo público ao actividade da Administración, aínda que o mesmo é asumido por un concesionario polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar quen é responsábel do dano.

Resulta que o concesionario ten a obriga do mantemento e conservación da infraestructura, sendo preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento do Servizo Público polo que se debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación dos feitos.

O instructor dirixiuse aos servizos municipais por se tiveran constancia do accidente resultando que a Policía Local acudiu o lugar do presunto accidente a instancias do reclamante uns días despois de que tivese acaecido, polo tanto non foron testemuñas do mesmo e non poden dar fe nin da súa realidade nin da súa causa, limitándose a deixar constancia da existencia dun rexistro en mal estado no lugar dos presuntos feitos, e dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos, conclúese que o interesado non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, polo que non é posíbel determinar que a rotura das gafas se debese á existencia dunha arqueta destapada na beirarrúa.

REFLEXIÓNS

Resulta evidente que non é probado o nexo da causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público.

Pero si resulta evidente da existencia dun rexistro en mal estado nun lugar da beirarrúa.

Faise preciso preguntarse si esta acreditación feita polo Policía Local, serviu de pauta para o arranxo inmediato da avaría co obxecto de evitar posíbeis accidentes.

EXPEDIENTE 76/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación da execución da taxa pola recollida de lixo

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2008; con data 14/10/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

A interesada manifesta reunir os requisitos esixidos a tal fin; tras varias chamadas telefónicas feitas desde febreiro do ano 2008, informásele que está pendente, así leva oito meses.

É necesario que as actuacións administrativas sexan tratadas dentro de prazos razoábeis, de xeito equitativo, e que as medidas sexan proporcionais ao obxectivo que se presentan.

RECOMENDACIÓNS

Actuacións conforme os principios normativos de axilidade, eficacia e eficiencia.

CAPITULO XII: OUTROS

Neste capítulo rexístranse catro expedientes:

EXPEDIENTE 29/2008

Tema civil xudicializado. Devolto ao interesado.

EXPEDIENTE 67/2008

Tema relacionado con outras administracións alleas ao Concello de Vigo. Traslado ao Valedor do Pobo.

EXPEDIENTE 68/2008

Tema relacionado con outras administracións alleas o Concello de Vigo. Traslado ao Valedor do Pobo.

EXPEDIENTE 74/2008

Tema relacionado con outras administracións alleas o Concello de Vigo. Traslado ao Valedor do Pobo.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES DO ANO 2008**ÁREA DE GABINETE DE ALCALDÍA**

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
53/2008	Plano de Estudios Centro Universitario	24/06/2008	02/07/2008

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
15/2008	Solicitud de vivenda carácter social	06/03/2008	18/04/2008
88/2008	Estado de Albergue Municipal	05/12/2008	

ÁREA DE CULTURAL, ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
43/2008	Solicitud de sala para exposición	05/05/2008 12/06/2008 15/07/2008	29/07/2008

ÁREA DE EDUCACIÓN

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
9/2008	Inicio das clases na Escola de Artes e Oficios	06/02/2008 26/03/2008	08/04/2008

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
14/2008	Contaminación acústica local de hostalería	19/02/2008 31/03/2008 07/05/2008 24/06/2008 24/07/2008 29/08/2008 29/09/2008 27/10/2008 27/11/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
31/2008	Contaminación acústica provocada pola veciñanza da vivenda	22/04/2008 20/05/2008 24/06/2008 24/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 27/10/2008 27/11/2008	
42/2008	Contaminación acústica provocada pola permanente actividade dun animal de compañía da veciñanza	24/04/2008 24/06/2008 24/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 27/10/2008 27/11/2008	
49/2008	Contaminación acústica procedente da porta dun garaxe	21/05/2008 26/06/2008 24/07/2008 27/08/2008 01/10/2008 31/10/2008	
52/2008	Zona de Botellón	30/05/2008 02/07/2008 31/07/2008 04/09/2008 06/11/2008 03/12/2008	
56/2008	Humidades por mor dun edificio lindeiro	16/07/2008 27/08/2008 31/10/2008 29/11/2008	
81/2008	Contaminación acústica dunha terraza de hostalería	11/11/2008 10/12/2008	
84/2008	Contaminación acústica e polución	28/11/2008	

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2008	Sanción de tráfico		1401/2008 13/2/2008 14/03/2008
2/2008	Sanción de tráfico		14/01/2008 13/02/2008 14/03/2008
3/2008	Sanción de tráfico		11/01/2008 13/02/2008 14/03/2008
4/2008	Sanción de tráfico		14/01/2008 13/02/2008 27/03/2008 18/04/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 22/09/2008 21/10/2008 20/11/2008 25/03/2008
5/2008	Sanción de tráfico		15/01/2008 18/02/2008 24/04/2008 14/03/2008
6/2008	Sanción de tráfico		18/01/2008 18/02/2008 14/03/2008
13/2008	Sanción de tráfico		12/02/2008 31/02/2008 15/04/2008
18/2008	Sanción de tráfico		28/02/2008 04/04/2008
19/2008	Sanción de tráfico		28/02/2008 04/04/2008
20/2008	Sanción de tráfico		28/02/2008 04/04/2008
21/2008	Sanción de tráfico		28/02/2008 04/04/2008
22/2008	Sanción de tráfico		28/02/2008 04/04/2008
26/2008	Sanción de tráfico		14/04/2008 19/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 29/09/2008 21/10/2008 20/11/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
27/2008	Sanción de tráfico	18/04/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008	13/05/2008 29/08/2008
30/2008	Sanción de tráfico	14/04/2008 24/06/2008 24/07/2008 25/08/2008 29/09/2008 27/10/2008 27/11/2008	13/05/2008
40/2008	Sanción de tráfico	05/05/2008 24/06/2008 24/07/2008 27/08/2008	05/09/2008
41/2008	Sanción de tráfico	22/04/2008	13/05/2008
47/2008	Sanción de tráfico	05/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008	05/09/2008
54/2008	Actuación policía local	02/07/2008 28/07/2008 27/08/2008 01/10/2008 27/10/2008 29/11/2008	
55/2008	Erro no trámite dunha multa de tráfico	09/07/2008 27/08/2008 01/10/2008 27/10/2008	04/11/2008
58/2008	Incidente coa Policía Local	31/07/2008 04/09/2008 02/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	
62/2008	Incidente coa Policía Local	28/08/2008 02/10/2008	

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
69/2008	Sanción de Tráfico	29/09/2008 31/10/2008 20/11/2008	
73/2008	Sanción de Tráfico	08/10/2008 06/11/2008	
80/2008	Sanción de Tráfico	11/11/2008 10/12/2008	
85/2008	Sanción de Tráfico	28/11/2008	23/12/2008
86/2008	Sanción de Tráfico	28/11/2008	
87/2008	Reforzo liña Vitrasa	01/12/2008	
89/2008	Transmisión licenzas taxi	18/12/2008	
90/2008	Sanción de Tráfico	18/12/2008	
92/2008	Sanción de Tráfico	23/12/2008	

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
10/2008	Troco de listaxes de material, galego o castelán	07/02/2008 21/05/2008 16/10/2008 16/11/2008 03/12/2008	26/02/2008 10/06/2008 07/11/2008 02/12/2008 23/12/2008

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
12/2008	Situación e actuacións dun local de hostalería	11/02/2008 05/05/2008 03/06/2008 02/07/2008 31/07/2008 04/09/2008 03/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	14/03/2008 16/05/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
45/2008	Actuacións con risco para circulación	23/01/2008 22/04/2008 24/06/2008 22/07/2008 28/08/2008 01/10/2008	22/04/2008 12/08/2008
57/2008	Establecemento comercial que non se axuste as normativas de urbanismo, medio ambiente e orde público	27/08/2008 31/10/2008 29/11/2008 12/06/2007 11/07/2007 18/08/2007 17/09/2007	07/10/2008 28/10/2008
61/2008	Estado deficiente dunha praza pública (limpeza e tráfico)	31/07/2008 04/09/2008 06/10/2008	17/09/2008 21/10/2008
64/2008	Falta de resposta a unha reclamación admitida a trámite sobre Normalización Lingüística	03/09/2008 06/10/2008	
65/2008	Solicitude informativa sobre o acordo dun Pleno Municipal	10/09/2008 27/10/2008	04/11/2008
71/2008	Falta de atención no cumprimento dunha función social	01/10/2008 29/11/2008	

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
23/2008	Alto índice de suxidade nunha zona pública	05/03/2008 12/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 18/08/2008 24/09/2008 21/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	02/04/2008 02/09/2008 19/12/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
28/2008	Situación de acceso ao Hospital do Meixoeiro	21/04/2008 17/06/2008 24/07/2008 29/08/2008 31/10/2008 29/11/2008	20/05/2008 17/09/2008
34/2008	Instalación da conexión de saneamento dunha vivenda	24/04/2008 13/05/2008	
37/2008	Instalación tendido eléctrico	18/04/2008 23/06/2008 22/07/2008 29/08/2008	13/05/2008 30/09/2008
44/2008	Canon de saneamento. Sen necesidade de solicitudes informativas, nin requirimentos		
63/2008	Situación de colectores do lixo	02/09/2008 07/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	
70/2008	Estado calamitoso dunha veciñanza	29/09/2008 31/10/2008 29/11/2008	
78/2008	Dificultades para o subministro de Servizos fundamentais	20/10/2008 14/11/2008	
82/2008	Bonificación taxas empresa concesionaria de subministro de auga	28/11/2008	

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2008	Obras nunha vía urbana con serios problemas para veciñanza	18/01/2008 21/02/2008 31/03/2008 07/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 19/09/2008 21/10/2008 20/11/2008	14/02/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
8/2008	Consideración sobre ao PXOM	29/01/2008 15/02/2008	13/02/2008 14/03/2008
11/2008	Execución acordo expediente protección de legalidade urbanística	06/02/2008 31/03/2008 07/05/2008 12/06/2008 15/07/2008 18/08/2008 19/09/2008 21/10/2008 20/11/2008	
16/2008	Antena telefonía móbil sen licenza	25/02/2008 16/04/2008 07/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 19/09/2008	
17/2008	Local hostalería con música sen licenza	25/02/2008 18/04/2008 07/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 19/09/2008	06/10/2008
25/2008	Obras que limitan a usa dunha propiedade	14/03/2008	18/04/2008
32/2008	Obras inadecuadas	22/04/2008	07/05/2008
33/2008	Obras inadecuadas	24/04/2008 20/05/2008 24/06/2008 24/07/2008 29/08/2008 21/10/2008 20/11/2008	29/09/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
35/2008	Diferencias de medición nun edificio de seis alturas	24/04/2008 26/05/2008 24/06/2008 22/07/2008 29/08/2008 01/10/2008 27/10/2008 27/11/2008	
39/2008	Obras sen licenza	05/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 19/09/2008 21/10/2008 20/10/2008	
46/2008	Falta de acondicionamento a actividade dun local de hostalería	06/05/2008 17/06/2008 15/07/2008 19/08/2008 21/10/2008 20/11/2008	
72/2008	Actividade de hostalería, sen licenza previa	07/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	
75/2008	Obras en beirarrúa sen licenza	14/10/2008	
77/2008	Licenza de obras concedida para a reestructuración dunha praza pública	20/10/2008 29/11/2008	
79/2008	Obras de peche en zona cedida a cidade de Vigo	04/11/2008 10/12/2008	
83/2008	Obras sen axuste a licenza	18/11/2008 10/12/2008	

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
24/2008	Solicitude de baixa dunha entrada de vehículos	31/03/2008 07/05/2008	27/05/2008
36/2008	Reclamación imposto circulación de vehículos	05/05/2008	16/05/2008

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
38/2008	Erro na dirección no subministro eléctrico	05/05/2008 26/05/2008 23/06/2008 22/07/2008 26/08/2008 01/10/2008	20/10/2008
48/2008	Solicitude de devolución do canon polo abastecemento de auga	19/05/2008 24/06/2008 24/07/2008 29/08/2008	07/10/2008
50/2008	Danos por accidente na vía pública	26/05/2008 02/07/2008 28/07/2008 27/08/2008 01/10/2008 31/10/2008 05/11/2008	02/11/2008
51/2008	Danos por accidente na vía pública	27/05/2008 02/07/2008	16/07/2008
59/2008	Devolución dun cobro do IBI	31/07/2008 03/09/2008 03/10/2008	24/10/2008
60/2008	Obras sen licenza nunha servidume de paso	31/07/2008 04/09/2008 08/10/2008 06/11/2008 03/12/2008	
66/2008	Caída na vía pública con danos	10/09/2008	30/09/2008
76/2008	Exención taxas recollida do lixo	14/10/2008 29/11/2008	

PARTE VIII

A) ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

RESUMO ESTATÍSTICO

EXPEDIENTES ANALIZADOS E CONCLUÍDOS NO ANO 2008 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓNS INICIADAS EN ANOS ANTERIORES

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE						TOTAL
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	
MEDIO AMBIENTE				1		1	2
MOBILIDADE E SEGURIDADE			3		1	11	15
PARTICIPACIÓN CIDADÁ						2	2
URBANISMO	2	-	1	2	8	4	17
SERVIZOS XERAIS					1	2	3
XESTIÓN MUNICIPAL					1	3	4
TOTAL	2	-	4	3	11	23	43

EXPEDIENTES QUE PASAN A TRÁMITE NO ANO 2009

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE					TOTAL
	2004	2005	2006	2007	2008	
MOBILIDADE	-	-	7	5		12
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	-	1	-	2		3
URBANISMO	4	10	10	9		33
SERVIZOS XERAIS	-	-	-	-		-
XESTIÓN MUNICIPAL	-	-	-	-		-
TOTAL	4	16	21	21		62

ANO 2008

ENTREVISTAS

ÁREA	NÚM	%
1. ASUNTOS SOCIAIS	6	1,5
Benestar social	4	
Varios	2	
2. MEDIO AMBIENTE	57	14,0
Contaminación acústica	45	
Sanidade	7	
Varios	5	
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	60	14,7
Mobilidade	17	
Sancións	29	
Seguridade	11	
Outros	3	
4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	14	3,4
Varios	14	
5. SERVIZOS XERAIS	49	12,0
Electromecánicos	7	
Parques e xardíns	13	
Vías e obras	19	
6. URBANISMO	125	30,6
Infraccións	91	
PXOM	7	
Varios	27	
7. XESTIÓN MUNICIPAL	39	9,6
Estatística	4	
Responsabilidade patrimonial	21	
Tributos	14	
8. OUTROS	58	14,2
Consumo	26	
Outras administracións	32	
TOTAL	408	100,0

CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

ÁREA	NÚM	%
1. ASUNTOS SOCIAIS	3	3,8
Promoción do galego	2	
Outros	1	
2. MEDIO AMBIENTE	13	16,5
Contaminación acústica	8	
Outras contaminacións	2	
Sanidade	3	
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	27	34,2
Mobilidade	12	
Sancións	10	
Seguridade	5	
4. SERVIZOS XERAIS	10	12,7
Parques, xardíns-limpeza	3	
Vías e obras	7	
5. URBANISMO	6	7,6
Licenzas	4	
Varios	2	
6. XESTIÓN MUNICIPAL	8	10,1
Responsabilidade patrimonial	1	
Taxas	3	
Varios	4	
7. OUTROS	12	15,2
Consumo	1	
Outras administracións	5	
Varios	6	
TOTAL	79	100,0

EXPEDIENTES

ÁREA	NÚM	%
ASUNTOS SOCIAIS	6	6,5
Solicitude vivenda carácter social	1	
Situación albergue municipal	1	
Solicitude sala de exposicións	1	
Inicio curso escolar	1	
Plano de estudos centro universitario	1	
Troco listaxe material	1	
MEDIO AMBIENTE	8	8,7
Contaminación acústica	6	
Zona botellón	1	
Outras contaminacións	1	
MOBILIDADE E SEGURIDADE	31	33,7
Sancións tráfico	26	
Asociacións condutores	1	
Actuacións Policía Local	3	
Liñas Vitrasa	1	
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	7	7,6
Situacións e actuacións molestas	4	
Falta de resposta sobre reclamación admitida a trámite	2	
Información sobre acordo plenario	1	
SERVIZOS XERAIS	9	9,8
Suxidade en zona pública	2	
Situación acceso zona hospitalaria	1	
Instalación de saneamento	1	
Instalación de tendido electrónico	1	
Cánon saneamento	1	
Situación colectores lixo	1	
Dificultades para os subministros	1	
Taxas subministros	1	
URBANISMO	16	17,4
Obras con dificultades veciñanza	1	
Consideracións sobre o PXOM	1	

Execución acordo expediente	1	
Telefonía móbil sen licenza	1	
Local hostalaría-música sen licenza	1	
Obras que limitan o uso dunha propiedade	1	
Obras desaxeitadas	2	
Diferenzas de mediación obras	1	
Obras sen licenza	3	
Falta de acondicionamento	1	
Actividade sen licenza	1	
Obras en zona pública	2	
XESTIÓN MUNICIPAL	10	10,9
Entrada vehículos	1	
Reclamación imposto vehículos	1	
Erro en dirección		
subministro eléctrico	1	
Devolución cánon abastecemento auga	1	
Caída con danos na vía pública	3	
Devolución cobro IBI	1	
Servidume de paso	1	
Taxas de lixo	1	
OUTROS	5	5,4
Cuestión civil	1	
Outras administracións	4	
TOTAL	92	100,0

B) ACTUACIONES DE OFICIO

1. GESTIÓN DE LA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. ANÁLISIS DE LA LEGISLACIÓN ESTATAL Y PROPUESTAS DE APLICACIÓN PARA LA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

- **Texto en castelán.**
- **Obra remitida á totalidade de concellos galegos e concellos do Estado español con poboación superior aos 10.000 habitantes.**
- **Número de colaboradores: 11**
- **Número de páxinas da edición: 565**

O ruído é un dos contaminantes que máis conflitos sociais está a xerar nas sociedades modernas. Até hai catro anos o Estado español carecía dunha lei xeral que abordase esta problemática e marcase directrices. Este baleiro fixo que proliferasen normativas locais e autonómicas sobre contaminación acústica, encontrándose entre elas puntos en común, pero tamén diverxencias ou diferenzas.

Neste sentido, a aprobación da Lei estatal de Ruídos de 2003 e o seu posterior desenvolvemento regulamentario (RD 1513/2005 e RD 1367/2007) supuxo unha forma de actualización e harmonización da variada lexislación existente nesta materia, pois tanto as ordenanzas municipais como a lexislación autonómica han de adaptarse aos criterios estipulados na normativa estatal sobre o ruído.

Por todo o exposto, resulta preceptivo que cada concello deba actualizar a súa ordenanza municipal de protección contra a contaminación ou, se for o caso, proceder á elaboración dunha nova cuxo articulado se adapte á normativa estatal do ruído. Este é o caso de Vigo, proceso que finalmente conduciu á elaboración da Monografía que se presenta baixo o título *“Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local”* e que consta de quince capítulos temáticos, estruturados en catro partes: formulación xeral, análise normativa (normativa europea, estatal, autonómica e local), solución adoptada e xustificación da proposta.

Para argumentar mellor o proceso de debate do texto, cada capítulo dispón dunha ampla normativa que, nalgúns casos, esta é analizada pormenorizadamente, e que serve de soporte ao texto e que se presenta nun tamaño de letra máis reducido para diferenciala das outras partes. Para un mellor seguimento do texto convén aclarar

que, nalgunhas ocasións, en cada capítulo e dentro do apartado “Solución adoptada”, emprégase o termo Proposta de Ordenanza, que representa o texto correspondente á nova proposta de Ordenanza Municipal sobre a contaminación acústica aplicada ao Concello de Vigo. Por outra parte, a solución adoptada de todas e cada unha as temáticas abordadas está xustificada desde un punto de vista técnico e xurídico.

En definitiva, cremos que este libro será unha contribución da Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo, da Universidade de Vigo e do Concello de Vigo a todos aqueles concellos galegos que están elaborando ou desexan elaborar ordenanzas sobre o ruído.

2. “MEDIDAS DE ACTUACIÓNS MUNICIPAIS PARA A REDUCIÓN DAS EMISIÓNS DOS GASES DE EFECTO INVERNADOIRO EN VIGO/MUNICIPAL MEASURES TO REDUCE GREENHOUSE GAS EMISSIONS IN VIGO”

- **Texto bilíngüe galego-inglés.**
- **Obra remitida a 400 cidades, centros, organismos e institucións de 27 países europeos partícipes da programación de cidades sustentábeis.**
- **Número de colaboradores: 4**
- **Número de páxinas da edición: 94 (cada edición)**

Unha monografía publicada pola Oficina do Valedor do Cidadán no ano 2007 baixo o título “*Análise da contribución do municipio de Vigo ao cambio climático/A study of the city of Vigo’s contribution to climate change*” permitiu cuantificar algúns sectores que son os maiores responsábeis da emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) e, polo tanto, cales deben ser os principais obxectivos nos que centrar os esforzos para a redución dos seus efectos. Concluíase que, na cidade de Vigo, emítese 5,51Tn CO₂ equiv/hab-ano, sendo os principais sectores responsábeis: consumo eléctrico (36,3%), transporte (29,5%), agricultura e pesca (15,3%), institucional e doméstico derivado da queima de combustíbel fósil (7,9%), combustión en industrias manufacturadas e da construción (6,8%).

A partir destes datos, na Monografía “*Medidas de actuacións municipais para a redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro en Vigo/Municipal measures to reduce greenhouse gas emissions in Vigo*” realízase un cálculo aproximado da redución de GEI que se pode acadar ao aplicar dentro do ámbito municipal de Vigo as principais medidas de carácter europeo, estatal,... (p.e. novo Código Técnico da Edificación, Cualificación Enerxética de Edificios, a directiva sobre biocombustíbeis, Plan Nacional de Residuos,...) así como realizar un compendio das posibles medidas de actuación que a Administración local pode tomar para impulsar ou complementalas como:

- a) Consumidora, proveedora de servizos e modelo a seguir;
- b) Planificadora, promotora e reguladora;
- c) Motivadora e asesora;
- d) Produtora e proveedora de enerxía.

Tras a análise do impacto das diferentes medidas de redución de emisións no municipio de Vigo, conséntase que os principais sectores susceptíbeis de experimentar unha maior redución de emisións son o eléctrico, o transporte e a xestión de residuos. As actuacións do municipio deberíanse encamiñar a actividades concretas que fomentasen unha redución do consumo eléctrico, un aumento na utilización do transporte público e do uso compartido do coche así como unha maior partici-

pación dos cidadáns na separación de residuos para a súa posterior reciclaxe, medidas que dependen da participación cidadá. Por este motivo, o Concello debe centrar os seus esforzos en campañas de concienciación, ao tempo que proporcionar os medios para que a cidadanía poida participar.

3. PERCEPCIÓN SOCIAL DO FENÓMENO DO BOTELLÓN. APLICACIÓN AO MUNICIPIO DE VIGO/ PERCEPCIÓN SOCIAL DEL FENÓMENO DEL BOTELLÓN. APLICACIÓN AL MUNICIPIO DE VIGO.

- **Obra en dúas edicións: galego e castelán.**
- **Tamaño da mostra:**
- **Enquisa realizada a mozos comprendidos entre 14 e 26 anos: 660 individuos.**
- **Enquisa realizada aos maiores de 26 anos: 1321 individuos**
- **150 entrevistas persoais a asociacións cívicas e colectivos sociais.**
- **Procedemento de mostraxe: estratificado, aleatorio con distribución proporcional por distritos, xénero e grupos de idade.**
- **Data de realización: Xuño-Xullo 2008**
- **Número de colaboradores requeridos: 19**
- **Número de páxinas da monografía editada: 232 (cada edición)**
- **Obra remitida á totalidade de concellos galegos e concellos do Estado español con poboación superior aos 10.000 habitantes.**

Os estudos sobre o “botellón” ou “garrafeo” poñen de relevo o carácter conflictivo deste fenómeno social e a existencia de dúas dimensións contrapostas, aínda que relacionadas entre si, que o caracterizan: o dereito ao descanso e ao lecer. Os actores que aparecen nestas dúas dimensións do conflito (xuventude, veciños, administración, familias,...) son diferentes e o seu protagonismo tamén o é, de cara a arbitrar solucións viábeis ao problema.

Durante os últimos anos, arbitráronse desde as diferentes administracións medidas legais que tentaron solucionar o problema do botellón. Porén, a eficacia das distintas leis demostrouse desigual, amosándose como máis eficaces aquelas normativas que dispuxeron de información directa dos conflitos sobre os que se trataba de actuar e, moi especialmente, as que contaron coa participación e colaboración da poboación que sería obxecto da aplicación da norma.

Por todo isto, este proxecto, extrapolábel na súa metodoloxía a calquera outra cidade, está orientado a proporcionar unha serie de claves á Administración local para que poda abordar o conflito con medidas normativas que sexan efectivas, resolvan os problemas ocasionados pola práctica do botellón e consigan o maior consenso social posíbel.

Este estudo aborda este fenómeno dunha forma integral para coñecer as opinións e actitudes da cidadanía sobre as súas causas, consecuencias e solucións. Para isto, elaboráronse enquisas específicas dirixidas ao segmento da poboación comprendida entre os 14 e 26 anos e o situado entre os 27 e 80 anos, diferenciando os casos

de pais con fillos de idades entre os 14 e 26 anos e o da veciñanza afectada (ou non) polo fenómeno. A tal efecto, o cuestionario formulado nas enquisas realizadas abranxeu, entre outras, con preguntas interrelacionadas entre si, a opinión que sobre o botellón teñen tanto pais como mozos/as que asisten (ou non) ao mesmo, o grao de coñecemento duns e outros sobre as actividades de lecer nocturno, a súa aceptación social, a opinión xeral da cidadanía sobre este fenómeno así como tamén en función das zonas e distritos da cidade.

En definitiva, cremos que este estudo será unha achega, a modo de guía, da Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo para todos aqueles concellos galegos que precisasen este tipo de información.

A modo de resumo informativo, destácase o seguinte:

1. É o primeiro tratado que se fai en Galicia. Até agora, publicáranse poucos informes e artigos sobre temas concretos (alcoholismo, drogodependencia, actos vandálicos,...).

2. No Estado español só se atopan traballos similares como o levado a cabo polo Grupo de Investigación de Estudos Sociais e Territoriais da Universidade de Estremadura (2003) e a Enquisa Deliberativa realizada en Córdoba polo CSIC e o CIS (2006) que abordan a problemática do botellón de forma global, analizando todas as variábeis que inflúen no proceso.

3. A metodoloxía aplicada neste texto que se presenta é extrapolábel a calquera outra cidade que teña este conflito.

Esta metodoloxía consiste en analizar por separado, aínda que logo se interrelacionen entre si, as opinións que sobre o tema achegan os habitantes situados entre a faixa de 14 a 26 anos, acudan ou non ao botellón e aqueles cuxas idades se sitúan entre os 27 e 80 anos, identificando o grupo constituído por persoas con fillos en idades entre os 14-26 anos.

Por outra parte, leváronse a cabo entrevistas persoais a grupos ou asociacións cívicas, a modo de complemento das outras dúas actuacións referidas.

4. As preguntas comúns a todos os grupos foron 21, ás que hai que engadir 7 máis só para os pais con fillos en idades comprendidas entre 14 e 26 anos e outras 6 máis específicas para os mozos situados nesa mesma faixa de idade. Xa que logo, un total de 34 preguntas.

Desta forma, e en función da bibliografía consultada, é a cidade que maior número de enquisas se levaron a cabo en relación ao seu número de habitantes.

5. Dadas as peculiaridades de Vigo, a distribución das enquisas realizouse cun reparto proporcional por distrito, xénero e grupo de idade. Dos resultados obtidos nos diferentes grupos estudados, determinouse, através das probas chi-cadrado (cálculo do coeficiente de correlación de Pearson), a existencia de relacións de dependencia estatística significativa.

6. O número de persoas participantes neste traballo que durou oito meses (de Marzo a Novembro de 2008) foi de 20, intervindo sociólogos, estatísticos, informáticos e enquisadores.

7. Editáronse en galego 500 exemplares para a súa distribución dentro do ámbito de Galicia (Concellos, Deputacións e outras institucións públicas e privadas) e outros 2000 en castelán para o resto do Estado.

TOTAL DE ACTUACIÓNS

NÚMERO TOTAL DE ACTUACIÓNS: 622 ¹

A) ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE ²

ENTREVISTAS, CONSULTAS CORREO ELECTRÓNICO E EXPEDIENTES

ÁREAS	CONSULTAS			TOTAL	%
	ENTREVISTAS	E-MAIL	EXPEDIENTES		
ASUNTOS SOCIAIS	6	3	6	15	2,6
MEDIO AMBIENTE	57	13	8	78	13,5
MOBILIDADE					
E SEGURIDADE	60	27	31	118	20,4
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	14	-	7	21	3,6
SERVIZOS XERAIS	49	10	9	68	11,7
URBANISMO	125	6	16	147	25,4
XESTIÓN MUNICIPAL	39	8	10	57	9,8
OUTROS	58	12	5	75	13,0
TOTAL	408	79	92	579	100,0

1) 579 correspondentes ao ano 2008 e 43 expedientes de anos anteriores concluídos ao longo do presente exercicio.

2) Referidas ás actuacións levadas a cabo durante o ano 2008.

B) ACTUACIONES DE OFICIO

Monografías publicadas:

1. Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local.
2. Medidas de actuacións municipais para a redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro en Vigo / Municipal measures to reduce greenhouse gas emissions in Vigo.
3. Percepción social do fenómeno do botellón. Aplicación ao municipio de Vigo / Percepción social del fenómeno del botellón. Aplicación al municipio de Vigo.

Número de enquisas realizadas:

Monografía	Número
Nº 3	2141

Número de colaboradores
e enquisadores requeridos: 20